

PRESENTACIÓN

*É para min un motivo de satisfacción presentar o número doce da nosa revista **Cátedra**. Un novo volume que nos aporta un bo número de novos traballos, que ademais de ilustrarnos sobre o presente e pasado da nosa vila, terá moito que ver co noso futuro e levará o nome de Pontedeume ata xenté que vive en lugares moi distintos e distantes, como testemuña da nosa contribución á cultura universal.*

Despois de doce anos Cátedra xa non se detén, porque o Concello, da man de empresas e grazas tamén ao traballo incondicional do Consello de Redacción e duna serie de investigadores que defenden este tipo de plataformas no marco da liberdade de expresión e da pluralidade ideolóxica, manteñen firme a aposta a favor das nosas raíces culturais, patrimoniais ... etc.

A responsabilidade do éxito alcanzado por Cátedra é de moitos: os autores das publicacións que abordaron os temas con farramentas científicas e positivas investigacións, os políticos locais comenzando por Antonio Freijomil Piñeiro, concelleiro de cultura no ano 94, ano do nacemento da nosa revista, que dende o primeiro momento creu no proxecto de Cátedra e que frecuentemente impulsou con decisións correctas, a súa posta en marcha e a súa consolidación e como non, á labor infatigable dos responsables da nosa Biblioteca.

Nesta presentación quero facer unha homenaxe garimosa e moi sentida aos colaboradores dos doce volumes, non podo deixar de recoñecerlles e agradecerlles o seu enorme esforzo.

Pola miña parte como Alcalde e eumés, estou moi satisfeito e agradecido polo que ata este momento se leva feito.

Belarmino Freire Bujia
Alcalde de Pontedeume

ILLAS DA RÍA DE ARES E AS SÚAS COLONIAS DE AVES MARIÑAS

Estanislao F. de la Cigoña Núñez

INTRODUCCIÓN

Poucos eumeses son coñecedores de que nese concello hai varias illas e menos, aínda, serán, sen dúbida, os que puxeron os seus pés nelas nalgunha ocasión da súa vida. Dende a estrema con Miño ata o límite con Ares, atopamos ó longo do litoral dúas illas auténticas, chamadas do Carbón e Carboeira e un grupiño de pseudo-illas (illas-penínsulas) na beiramar que se abre entre o extremo norte da praia de Perbes e punta Roiba que se converten en auténticos illotes durante as mareas altas ou en simples penínsulas ó baixa-lo nivel das augas cando mediante istmos quedan unidos ó continente.

Tanto unhas coma outros xa foron visitadas por nós en varias ocasións durante a época de reprodución das aves mariñas. A primeira vez da que temos constancia escrita data do ano 1992, o que nos permite ter, agora, unha visión certamente histórica da evolución das colonias das aves mariñas que nelas se asentan durante a primavera-verán. Ademais, tamén foron obxecto de varios

Illas do Carbón vistas dende a praia de Perbes.

Rocha espida cun grupiño de malvaísco *Lavatera arborea* destacando na parte máis alta.



traballos específicos nosos, como se pode comprobar na bibliografía que iremos citando no lugar oportuno ó longo deste artigo, ó que engadirémo-las illas situadas fronte ó litoral de Ares para conseguir así unha visión máis completa de todo o conxunto.


TOPONIMIA AXEITADA

Alguns dos seus nomes: Carbón, Carboeira e Mourón (esta última xunto a Redes, na costa de Ares) proveñen da súa cor escura, case negra, que lle proporcionan os xistos que constitúen a base da maior parte dos afloramentos rochosos da costa e que lembra a cor moura daquel combustible orgánico que tanto se prodiga na natureza, aínda que nada teñan que ver con el.

MORFOLOXÍA ACORDE COA COSTA Á QUE PERTENCERON

En canto á súa constitución, as illas desta zona áchanse na chamada superficie de erosión de Galicia, que data do período terciario. Falamos da unidade Betanzos-Arzúa, integrada no chamado complexo de Ordes, que se caracteriza por presentar unha estrutura de pregamentos deitados que presentan verxencia cara oriente cunha litoloxía na que predominan os xistos e gravacas, afectados dun metamorfismo de grao medio.

Coa marea baixa atópase un bo lugar de desembarco na zona máis meridional da illa de Máis á Terra, no arquipélago do Carbón. Dende o alto, vémo-la nosa fráxil embarcación varada entre as pedras.



Estes xistos, ás veces cuarcíticos, soen presentar cintas ou veas de exsudación de cuarzo que se fan moi patentes en illas como A Miranda e A Mirandiña, sobre todo, e que destacan axiña na superficie e abas daqueles farallóns pola súa cor enteiramente branca que se albisca no cinza clariño que domina na color daquelas illas e dos cantís costeiros que as rodean polo norte. A súa maior dureza respecto ó xisto no que se achan inxeridas fan resaltar estas concrecións alongadas que en forma de longos cordóns sobresaen ata un par de centímetros da superficie, onde se fan moi conspicuos e chaman axiña a atención do visitante curioso. O desmoronamento de parte das illas pola acción continuada das ondas e augas pluviais atacando o xisto que termina por se derrubar, xa que se trata dunha rocha bastante branda, acaba igualmente por deita-la parte alta destes filamentos que se amon-

toan ó pé dos illotes, mesturándose con grandes bloques de xisto, onde os podemos ver e clasificar facilmente dunha simple ollada.

Tódalas illas atópanse a pouca distancia da costa, xeralmente cabos ou puntas das que aparecen desprendidas, deixando case sempre un regueiro de pedras, arrecife de rochas que no caso das Mirandas faise moi conspicuo e que certifican que en outros tempos formaban parte do relevo costeiro ata que a acción erosiva do mar, cencenando o istmo de unión, rompeu para sempre o cordón umbilical, illando o núcleo máis forte que resistiu os embates dos elementos.

AS ILLAS DO CARBÓN

Estes illotes áchanse fronte a praia de Perbes, na estrema mesma con Miño, de xeito que uns mariñeiros os consideran miñotos e outros eumeses. En realidade, como non teñen interese ningún, pois a súa superficie é mínima e sen proveito, ninguén os reivindica como propios e verdadeiramente pertencen con enteira propiedade ó mar que os arrodea case sempre cun anel de escumas que impide o seu doado achegamento.

Áchase constituído este arquipélago en miniatura por dúas illas principais, practicamente xemelgas, afastadas por unha canle estreitiña, que o baixa-la marea desaparece, quedando, entón, completamente unidas. Ambas semellan na súa forma a dous barcos abarloados, fondeados ou varados paralelamente á praia. Ademais, hai tamén algúns rochedos moi próximos que ó subi-las augas fican afastados dos dous principais, polo que podemos falar con propiedade dun pequeno arquipélago no canto dunha soa illa. Atópanse separadas do continente uns 500 m, adquirindo, as dúas maiores, uns 10 metros de altura sobre o nivel das augas.

Cumio superior da illa Máis á Terra e matas de malvaíscos *Lavatera arbórea*. Ó fondo vese a illa Carboeira.



O "Derroteiro", libro que describe a costa e que vai sinalando ós mariños os riscos que entraña a navegación nas súa proximidades ó falar das illas do Carbón, di moi sucintamente: "Frente a la playa de San Pedro -(de Perbes)- se encuentran las pequeñas isletas del Carbón, que son dos, muy juntas y rodeadas de arrecifes" e máis nada.

DESCRINCIÓN DAS ILLAS DO CARBÓN

A máis próxima á praia de Perbes é un pouco máis alta ca outra e presenta, tamén, unha maior superficie, amosando tanto no cumio, composto de terra e pedras, como na ladeira oriental, a máis protexida, algunha escasa vexetación herbácea entre as que destacan contadas matas de bo porte de malvaíscos *Lavatera arborea*. Diferentes plantas rupícolas, entre as que vémo-la espergularia *Spergularia marina*, a armola *Atriplex laciniata*, o perexil de mar *Chrithmum maritimum* e a herba de namorar *Armeria maritima* colonizan as fendas do rochedo, completamente espido, sen embargo, nunha grande parte da súa enrugada superficie salpicada pola ondada. Esta illa ten uns 50 m de longo na dirección norte-sur e uns 20 m de anchura no senso leste-oeste, pero na parte alta non se superan os 18 m de largo por 5 m de ancho.



Aínda fomos quen de ver, agochados, temerosos, entre as fendas un par de políños de gaivota patiamarela.

A segunda das illas, a que queda un pouquiño máis mar a dentro, ó outro lado da canle, vese, aínda, bastante máis batida pola ondada, pois fai, en verdade, de auténtico dique que frea a furia do océano que entra libremente pola boca da ría sen atopar outros obstáculos no seu avance. Coma consecuencia, soamente achamos contadas matías de perexil de mar e de herba de namorar que crecen nos lugares máis abrigados do interior das fendas e que resisten moi ben os ambientes salinos ós que se ven expostas case sempre, pois nos grandes temporais as ondas ruben pola súa

encostada superficie chegando case a cubrila. A lonxitude desta segunda illa é un pouco maior ca outra: uns 65 m, sendo a base de iguais proporcións, pero o cumio é, sen embargo, apenas unha crista de 11 m de longo, afiada mesmamente coma un coitelo.

EVOLUCIÓN DA COLONIA DE AVES MARIÑAS NAS ILLAS DO CARBÓN

A colonia reproductora asentada nestes illotes foi indo a menos, segundo as nosas anotacións, nestes últimos tempos. Poderíamos achaca-los malos resultados do ano 2004 ó afundimento do petroleiro "*Prestige*", acaecido o 16 de novembro de 2003, e que emporcou de fuel a case totalidade das costas galegas, pero pensamos que esa sería unha xustificación demasiado fácil, tendo en conta que, en 1993, inmediatamente despois da traxedia do tamén petroleiro "*Aegean Sea*", nas inmediacións da cidade da Coruña, ó carón mesmo da torre de Hércules, que afectou directa e gravemente ás rías de Ares e Betanzos, dada a súa proximidade ó foco contaminante, a colonia non se viu afectada para nada. Máis, aínda, aquel ano, como poderemos comprobar no cadro que proporcionamos un pouco máis adiante, contabilizamos un maior número de niños que en épocas pasadas (Fernández de la Cigña & Morales, 1992-1993).



Filigranas sobre o xisto que a erosión fai na cara interior da canle da illa de Máis á Terra, no arquipélago do Carbón.

No ano 2004, o 20 de xuño, pola mañá cedo, case á saída mesma do sol, visitamos novamente estes illotes cun resultado pouco satisfactorio, pois na illa máis occidental ou de Mar, había soamente dous niños e na oriental ou de Terra, media ducia, todos eles absolutamente baleiros, xa que a temporada de cría estaba mesmamente a concluír. Tan só conseguimos atopar dous poliños sobreviventes, agochados, temerosos, entre as fendas das rochas da illa máis próxima á praia de Perbes.

EVOLUCION DO NÚMERO DE NIÑOS DE GAIVOTA NAS ILLAS CARBÓN			
Anos	1992	1993	2004
Illa Carbón de Terra ou de Dentro	14 niños	19 niños	6 niños
Illa Carbón de Mar ou de Fóra	6 niños	12 niños	2 niños
TOTAIS	20 niños	31 niños	8 niños

Polo tanto, entre o ano 1993, primeira das nosas visitas, e o 2004, última vez que alí estivemos, o descenso experimentado no número de niños de gaivota patiamarela, a única ave mariña que cría nestas illas, acadou case un 75%. Tampouco fomos quen de descubrir ningún exemplar de gaivota escura *Larus fuscus* que sen embargo atopamos na illa durante a reprodución, cando nos achegamos a elas na primavera do ano 1992 (Fernández de la Cigña Núñez & Morales López, 1993).

A ILLA CARBOEIRA

Esta illa, a maior de cantas atopamos nesta costa da parte oriental da ría de Betanzos, marca a fronteira entre esta última ría e a de Ares. Debido a súa exposición directa ás grandes ondas do noroeste que entran sen obstáculo ningún dende o océano, aparece moi batida e rodeada de escumas nunha grande parte, de maneira que toda a zona norte e occidental vese sumamente acantillada como consecuencia da erosión mariña, presentando un entrante cara a metade da illa, quizais unha antiga furna derrubada, que seguramente acabará por dividila completamente en dúas porcións co lento pasar dos anos.

Cristovo Ramírez (1980) no xornal "*La Voz de Galicia*", recolle que escoitou falar ás persoas maiores de que houbo un tempo no que se pasaba andando dende o continente sen se molla-

Illa Carboeira vista dende terra: superficie cha, cuberta de vexetación herbácea, lixeiramente encostada cara ó sur.



los pés, pero a nós parécenos imposible que tal cousa sucedese en época recente, pois a canle supe-
ra ben os cento cincuenta metros de anchura con profundidades entre tres e catro metros nas mare-
as baixas. Se realmente houberse algunha vez un istmo natural entre a illa e o cabo, cousa que se
nos antolla evidente, debeu desaparecer hai moitísimo tempo e unha pontella en épocas recentes
que permitira o paso das persoas, sería incapaz de resisti-la forza da ondada que é de tal virulencia
que a punto está de converte-lo cabo do que a illa Carboeira parece mesmamente como desprendi-
da, noutra nova illa. O autor xa citado recolle sen nomear fonte bibliográfica ningunha que noutros
tempos a illa foi cemiterio e que sobre a meseta na que remata levantaron os veciños a igrexa
parroquial de Santiago de Boebre.

Sobre estas manifestacións de Cristovo Ramírez xa démo-la nosa opinión no seu momen-
to, cando manifestamos no noso libro: "*Galicia: flora, fauna, terra e mar*" (Fernández de la Cigoña
& Morales, 1992) no capítulo titulado: "*Censando colonias de aves mariñas nas rías de A Coruña,
Betanzos e Ares*", os seguintes pareceres:

1º. Que os restos de pedras que aparecen na superficie da illa son moi pobres, compostos
na súa maior parte de laxes pequenas, recollidas no mesmo lugar. Unha igrexa por humilde que
sexa ten sempre algunhas pedras traballadas e de máis envergadura, sobre todo na fachada prin-
cipal, marcos de portas e xanelas, as chamadas pedras cantoneiras, que alí non vemos por nin-
gunha parte.

2º. Situa-lo cemiterio nunha illa só trae complicacións e problemas sen conto, pois cando
se precisa del pode haber grandes ondas, caso frecuentísimo na zona da que estamos a falar, que
impidan o paso e o desembarco durante longo tempo e polo tanto a inhumación oportuna dos cadá-
veres. Por iso descartamos esta segunda posibilidade apuntada polo xornalista, que, ademais, non
ten equivalencia en ningún outro lugar de Galicia.

3º. O mesmo poderíamos dicir se fose a igrexa parroquial a que estivese sobre o seu lombo,
pois, nese caso, os veciños quedarían sen oficios relixiosos a maior parte das veces, sobre todo no
inverno, cando máis bate o mar.

Tamén é certo que precisamos dar unha resposta razoable que xustifique dalgunha manei-
ra os amoreamentos de pedras que alí achamos, polo menos en catro lugares distintos da parte cen-
tral e alta do lombo do illote e que nós cremos que deberon pertencer, outrora, a unha pequena
ermida, pois estas son moitas veces cativas de máis e utilizan a miúdo materiais líticos recollidos
in situ para a súa construción. Os diversos amoreamentos que fomos descubriendo entre a alta e
mesta vexetación poderían pertencer igualmente ós muros do adro e a algunha pequena edificación
anexa ó edificio relixioso.

Ademais, unha vez derrubadas, ninguén se preocupa delas, pois a súa función e interese por
parte da comunidade sempre é relativa respecto á igrexa parroquial que é a que lles ofrece os ser-
vizos cotiás. Por outra banda, ermidas illeiras hai en Galicia exemplos dabondo, pois basta con
botar unha ollada ó interesante libro de Lino Pazos (1999) titulado: "*Guía das ermidas illeiras nas*

Rías Baixas" para nós decatar axiña de que foron unha cousa común no noso litoral. Mesmamente, non moi lonxe da ría de Ares, atopámonos coa ermida illeira de Santa Comba, ó carón mesmo da praia de Covas (Ferrol), que ben nos podería servir de exemplo ilustrativo da nosa hipótese.

DESCRICIÓN DA ILLA CARBOEIRA

Trátase, como xa dixemos, da maior das illas que atopamos no conxunto das rías de Ares e Betanzos. Vese deitada no sentido leste-oeste, presentando as paredes absolutamente acantiladas, máis pola cara norte (uns 15 m de altura) que pola sur (7 ou 8 m). Aмосa superficie cha, lixeiramente inclinada cara ó sur. A cor do xisto que configura as súas paredes é moura, de aí venlle o nome de Carboeira.

Cando sube a marea unha parte da illa situada cara á banda occidental, baixa, rochosa e espida de vexetación, fica illada da principal, polo que, como pasaba nas illas do Carbón, o bravura do mar conseguiu esnaquizar un anaco dividindo o conxunto en dous.

Toda a parte alta da illa está cuberta de vexetación herbácea, principalmente fentos. Carece de árbores e de fontes. Tan só na parte sur, preto do cantil hai unha matogueira mesta, pero de pouca altura, formada por diversos arbustos entre os que descubrimos varias sambucas *Sambucus nigra* de certo porte, que apenas destacan entre a vexetación circundante.

Cando a visitamos pola primeira vez, en 1992, xa nos decataramos de que presenta ata tres ambientes vexetais bastante diferentes e notables. Así na parte oriental (a máis próxima a terra) domina o fento *Pteridium aquilinum*, na parte sur, a máis protexida dos ventos e mares vense moi tísimos cardos *Cirsium lanceolatum*, mentres que ó norte e na parte occidental, batidas polo vento cargado de salitre, predominan diferentes gramíneas que forman un prado de certa extensión.

A illa carece de camiños e faise difícil andar por ela, sobre todo na parte oriental e sur, pois a vexetación é extraordinariamente mesta e alta.



Amoreamentos de pedras na illa Carboeira, supostamente pertencentes a unha antiga ermida, da que non conseguimos ningunha información.

A COLONIA DE GAIVOTAS NA ILLA CARBOEIRA NO 2004

Ás 8 horas e 10 minutos da mañá do día 20 de xuño de 2004, desembarcamos na parte sur da illa Carboeira, a máis protexida das ondas, coa intención de conta-los niños de gaivota que nela criaban. En total censamos 26 niños. Había algúns niños con ovos, pero outros tiñan xa os poliños grandes espallados polos arredores.

EVOLUCION DO NÚMERO DE NIÑOS DE GAIVOTA NA ILLA CARBOEIRA		
Anos	1992	2004
Número de niños	102	26

A perda de niños nestes 12 anos, os que van de 1992 a 2004, foi, polo tanto, do 75%, proporción que é absolutamente coincidente coa experimentada nas illas do Carbón, como xa antes explicamos. Ademais, nesta última visita tampouco fomos quen de ver ningún exemplar de gaivota escura *Larus fuscus* que, sen embargo, tiñamos detectado criando no ano 1992 (Fernández de la Cigüeña & Morales, 1993).



Illotes de Punta Carboeira, longos e estreitos. O máis próximo a terra con algún perexil de mar *Crithmum maritimum* nas partes máis elevadas.

AS RAZÓNS QUE PODAN EXPLICAR ESTE DESCENSO

Cremos que son varias as causas que motivaron este acusado descenso no número de niños existentes nas illas do litoral de Pontedeume nestes últimos anos e barallámo-las seguintes posibles hipóteses:

1º. O aumento esaxerado de visitantes durante a época de reprodución como consecuencia da creación de peiraos deportivos en Sada e outros lugares do litoral. A maior cantidade de embarcacións, maior número de excursionistas ás illas. Os visitantes levan ovos, destrúen niños, causan interferencias entre os territorios de cría das parellas, o que se traduce en liortas entre adultos, morte de poliños e un grao de estrés moi elevado en toda a colonia. De ser continua a intromisión durante a época de cría debe crear graves inconvenientes a xulgar polos resultados.

2º. A supresión de numerosos depósitos de lixo en toda a franxa litoral, o que minguou a cantidade de comida dispoñible para os pitos como consecuencia da execución do Plan Sogama e outros sistemas de eliminación. Loxicamente, a menor comida dispoñible maior mortandade e diminución da poboación nidificante.

3º. Aínda que en épocas anteriores as desfeitas ecolóxicas a consecuencia de vertidos non afectaron á reprodución da especie na zona, cando se parte xa de cantidades deficitarias si pode agora afectarlles. Lembramos que no ano 2002, o 13 de novembro, iniciábase a tristeira historia do "*Prestige*" e as súas nefastas consecuencias para a maior parte do litoral galego.

Anterior a estes censos foi o que realizamos no ano 1981 (Bárcena *et al.*, 1987) no que para o conxunto das illas Carboeira e Roiba demos un total de 19 parellas reproductoras, pero o sistema ou método de censado foi moi diferente ós agora realizados, pois contáronse parellas nas illas e non niños. Tampouco se desembarcou nas mesmas, xa que se albiscaron con prismáticos dende terra, contando os diferentes territorios de nidificación.

ILLOTES DE PUNTA ROIBA

A restinga de rochas que desprende a chamada punta Roiba forma un pequeno grupiño de pseudo-illas que quedan convertidas en península ó baixa-la marea, pois se pode acceder ás mesmas sen molla-los pés. Outra cousa ben diferente é acada-lo cumio, pois estes presentan unha boa

Illotes de punta Roiba , que coa marea baixa quedan unidos a terra.



altura e as súas paredes son absolutamente verticais e inaccesibles sen medios adicionais de escalada que proporcionen unha certa seguridade na subida.

O tipo de vexetación é a mesma que podemos atopar en terra firme, pois dela foron desprendidas pola erosión do mar. A maior, a máis próxima a terra, é tamén a mais alta e ten todo o cumio achairado e cuberto de vexetación herbácea moi mesta e verde todo o ano. Chamóuno-la atención a presenza abundante tanto na punta coma na illa maior da verza do país *Brassica oleracea* na súa variación *Sylvestris* enteiramente ceibe e da que xa falamos cando visitamos este lugar o 2 de maio de 1992 (Fernández de la Cigüña & Morales, 1992: 105).

Na década dos noventa había nestas illas contados niños de gaivota patiamarela, pero na visita que lles fixemos no ano 2004 non fomos quen de certifica-la súa presenza, pois aínda que había un par de parellas acougando nelas, non estaban nin chocando nin atendendo a polos, polo que pensamos que non criaron.

Nun primeiro traballo (Bárcena *et al.*, 1987), demos para o conxunto das illas de punta Roiba e a Carboeira un total de 19 parellas no ano 1981, que censamos dende a costa. Isto é: sen desembarcar nelas. Posteriormente (Fernández de la Cigüña & Morales, 1993) concretaron as parellas existentes tanto na illa Carboeira, como xa explicamos anteriormente, como nos illotes desprendidos de punta Roiba. Para estes últimos rochedos demos tan só tres parellas no ano 1992: dous na maior e unha na pequena. A desaparición da especie como nidificante encadrámola dentro da evolución negativa que está a segui-la gaivota patiamarela na totalidade das illas existentes nas rías de Ares e Betanzos obxecto deste traballo.

ILLAS DA RÍA DE ARES

Nesta ría as illas atópanse exclusivamente na costa norte, onde destacan O Mourón e o arquipélago das Mirandas, composto á súa vez pola Mirandiña, Miranda Pequena ou de Terra e a Miranda Grande ou Miranda de Mar, por estar máis afastada do continente. Na beira sur, atopamos tan só o pseudo-illote da Virxe do Carme, situado a unha carreiriña de can do espigón do peirao de Pontedeume.

ILLOTE DA RABALEIRA, AGORA CHAMADO DA VIRXE DO CARME

Máis que illa trátase dun penedo de pouca altura que ó baixa-la marea queda unido a terra firme, formando unha especie de península, atopándose a uns 50 m ó norte da ponte do ferrocarril que atravesa a ría de Ares. Ten uns 20 m de longo e entre 5 e 6 m de ancho. A parte que mira cara á ría prolóngase nunha restinga de pedras, moitas das cales afloran ó baixa-la marea, mentres que a parte que mira á terra, por detrás da imaxe da Virxe, é abrupta, cuns 2 m de altura sobre a praia.

No cumio do penedo, de forma achairada, colocaron unha figura da Virxe do Carme de feitura moderna, cunha altura 1,90 m. Álzase sobre un cubo de pedra que soamente ofrece pulida a

parte dianteira que mantén o epígrafe en letras vermellas, xa que os outros lados do cubo ofrecen as caras picadas e bastas. A imaxe foi doada por Juan Suances Mercader e leva a sinatura do artista "G. Feal" nun dos laterais. O epígrafe di:

**"JUAN ANTONIO
SUANCES
A OS MARIÑEIRO DA
RÍA DE ARES
AÑO 1988"**

A Juan Antonio Suances Mercader puxéronlle unha placa de honra na fachada principal da *"Casa del Mar/Confraría de Pescadores"* de Pontedeume, non moi afastada do rochedo que contén a imaxe da Virxe que el xentilmente doara, na que se pode ler:

**"EN LEMBRANZA
DE
DON JUAN
SUANCES MERCADER
POLO AFECTO AMOSADO
Á CONFRARÍA DE PESCADORES
DE PONTEDEUME
PONTEDEUME XULLO DE 2003"**

Esta illa, debido ó seu pequeno tamaño e á moita accesibilidade que presenta, carece de fauna nidificante, sendo visitada tan só por gaivotas, corvos mariños e diversas aves limícolas que acougan ou buscan alimento no seus arrecifes, sobre todo cando estes se amplían enormemente durante as baixamares.

O MOURÓN

Trátase dun illote moi próximo á costa, afastado de punta Caamouco, en Redes (San Vicente de Caamouco - Ares) por unha canle moi estreitiña, duns 5 m de anchura e uns 4 de profundidade. O illote recibe este nome pola súa cor moura que lle proporcionan os xistos das súas escarpadas paredes que acadan uns 18 m de altura. Vese cuberto de mesta vexetación, incluso arbórea. Esta é tan mesta que impide por completo o ascenso ó cumio. Trátase das mesmas plantas que vemos en punta Caamouco, entre as que destaca o toxo, as silvas e fentos. Entre as árbores que cobren o cumio por enteiro, aparecen algúns carballos de non moito porte.



Imaxe moderna da Virxe do Carme nun pseudo-illote á entrada do peirao de Pontedeume e que Juan Antonio Suances dedicou ós mariñeiros da ría de Ares no ano 1988.



O illote Mourón, na costa de Redes (Ares) coa cimeira cuberta de vexetación. As súas verticais paredes impedíronnos gabea-la cima como era a nosa intención.

Cristovo Ramírez ó falar del no seu artigo sobre "O Mourón", di que o topónimo *"fai referencia a un lugar habitado por mouros"*, polo que suxire a posibilidade dun castro no seu cumio, cousa que non parece en absoluto doada, posto que o illote resulta por completo inabordable. O nome, como dixemos, débelle vir pola cor moura da pedra.

No ano 1992, desembarcamos pola parte norte, no estreito carreiro que afasta a illa de punta Caamouco e intentamos acada-lo cumio, pero non o conseguimos dado que as paredes eran moi verticais e atopábanse absolutamente cheas de mesta vexetación que nos impediu o paso, polo que embarcamos novamente e démoslle a volta, para continuar, despois, cara ás illas da Miranda que se achan como a uns tres quilómetros cara á bocana da ría.

Non criaba en 2004 ningunha parella de gaivota e o mesmo acontecía o 2 de maio de 2002, cando desembarcamos nel durante algúns minutos.

ARQUIPÉLAGO DAS MIRANDAS

A última vez que visitámo-las dúas illas que constitúen o arquipélago deste nome foi o día 25 de xuño de 2004, aproveitando a marea baixa, o que nos permitiu pasar andando dende punta Miranda, o extremo continental máis próximo, primeiramente, á menor das illas, a Mirandiña e, despois, á maior delas, A Miranda.

Sobre as colonias de gaivotas que aniñan nos seus cumios xa falamos por cumprido hai trece anos no capítulo titulado: *"Censando colonias de aves mariñas nas rías da Coruña, Betanzos e Ares"*, que saíu publicado no noso libro: *"Galicia: flora, fauna, terra e mar"*

(Fernández de la Cigüña & Morales, 1992), o que nos permite, agora, ter datos precisos sobre a súa posterior evolución.

O ACCESO ÁS MIRANDAS

De dúas maneiras podemos acceder a estas illas, ben mediante embarcación, o que nos reporta unha maior comodidade e seguridade, ou simplemente a pé, dende a costa, aproveitando as mareas baixas que permiten vadea-las canles que as afastan de terra. Mellor se as baixamares son algo vivas, pois os curtos tramos que temos que facer a nado, desaparecen por completo.

O cantil costeiro que dá ás Mirandas protexe as illas de curiosos, pois impide, en grande maneira, a visita, o que garante ás gaivotas criar dunha maneira bastante máis sosegada e tranquila que noutros illotes da ría de Betanzos dos que xa falamos neste artigo: referímonos por exemplo as illas do Carbón e da Carboeira que por ficar preto de praias concorridas favorecen excursións que en nada benefician ás aves mariñas que as escolleron para a crianza.

Para acceder á beiramar dende o alto do cantil existe tan só un pequeno vieiro que descende dende un letreiro en ferro fundido que se atopa na meseta superior e que anuncia mediante unha frecha a situación das Mirandas. Tanto o carreiro coma o cartel áchanse moi próximos á torre-baliza que se atopa máis preto da beiramar das dúas que sinalan a "*milla corrida*" ós navegantes e que se divisan sen ningunha dificultade dada a súa altura dende calquera lugar próximo á costa.

O acceso a pé á Mirandiña faise sen maiores complicacións dende dúas horas antes da baixamar. Cómpre, sen embargo, levar calzado, pois as rochas están cubertas de moitos bálanos e ouri-

Vemos, á dereita, o letreiro en ferro que sinala na costa directamente cara á Miranda Grande. Ó carón do cartel atópase a entrada ó único carreiriño que baixa cara á beiramar e que precisamos seguir se queremos aborda-la s illas a pé durante a marea baixa.



zos, que ferirían os nosos pés, xa que moitas veces non vemos onde os poñemos, por crecer entre as pedras moita alga xaponesa *Sargassum muticum* que cobre por enteiro grandes porcións das canles. O mesmo acontece cando intentamos vadea-lo paso entre a Mirandiña e A Miranda, bastante máis longo e complicado, como logo explicaremos.


A ILLA CHAMADA MIRANDIÑA, MIRANDA PEQUENA OU MIRANDA DE TERRA


Trátase dun illote rochoso situado ó sur de punta Miranda e afastado da costa uns 150 m aproximadamente, que presenta a cor grisalla, aínda que moi pálida. A canle que a separa do continente vese interrompida por multitude de penedos afastados por brazos de auga, o que permite ir pasando dun ó outro, mollándonos máis ou menos, dependendo da altura da baixamar, pero sen precisar de nadar en ningún momento. A auga, cando vadeámo-la canle, chegounos ata algo máis arriba da cintura.

Trátase dun illote piramidal, de ampla base rochosa que acada uns 15 m de alto. Parte do seu cumio resulta accesible pola banda que dá á illa Miranda. Está composto de xisto brando que se desmorona facilmente dende o alto, sucado por diferentes riscas de granito enteiramente branco que destacan conspicuamente na súa superficie, como xa adiantamos. A parte máis elevada amosa tres picos agudos que resultan practicamente inaccesibles.

A vexetación crece na parte alta e nos laterais protexidos. Abunda, sobre todo o perexil de mar *Crithmum maritimum*, o malvaíscio *Lavatera arbórea* e a herba de namorar *Armeria maritima*. Vese tamén algunha manzanilla de mar *Chamaemelum maritimum*, así como espergularia marina *Spergularia marina*. En fin, as plantas rupícolas por excelencia dos rochedos litorais do noso país.

O arquipélago das Mirandas está composto pola Mirandiña, á esquerda, en forma de pirámide, e a Miranda Grande, á dereita, de figura amogotada.





Primeiro plano da Mirandiña cos seus tres vértices inexpugnables para nós.

EVOLUCION DO NÚMERO DE NIÑOS DE GAIVOTA NA MIRANDIÑA		
Anos	1992	2004
Número de niños	6	5

A MIRANDA GRANDE OU MIRANDA DE MAR

Afastada da Mirandiña uns 200 m cara ó oeste, atopamos este illote de figura por completo cha e paredes absolutamente verticais, tanto que resulta bastante difícil chegar ó seu cumio que se eleva uns 20 m sobre o nivel das augas, acadando unha lonxitude duns 60 m e unha anchura de 10 m na parte alta da illa, pois a base é bastante máis ampla.

O material base é o mesmo que atopamos na Mirandiña, polo tanto, presenta a cor grisalla pálida daquela. O mar abre en el profundas furnas que se atopan principalmente nas cabeceiras norte e sur do rochedo. Toda a canle que a afasta da Mirandiña atópase obstruída por multitude de rochedos que emerxen nas baixamares e que permiten pasar dende unha illa a outra, unhas veces nadando, pero outras moitas facendo pé sobre o fondo de pedra, polo que con mar calmado e marea adecuada este avance faise sen moita dificultade. Tamén é certo que dada a súa posición na ría de Ares, nun espazo aberto directamente a influencia do océano, soe haber sempre ondada dabondo e bastante vento que a ergue, polo que non sempre resulta doada esta forma de acceso.

Presenta forma amogotada cunha altura que calculamos nuns 20 m que se fan moi difíciles de gabear por amosa-las caras absolutamente verticais. Soamente pola parte occidental, fomos quen de acada-lo seu cumio cando nos achegamos a el o día 2 de maio de 1992, pois en xuño de 2004, renunciámos a subilo, debido o risco que entrañaba e a que íamos sós e tiñámoslle moito respecto, xa que de ter un posible accidente veriámonos en situación moi comprometida.



Visión da Miranda Grande dende a Mirandiña

Xa adiantamos que con mareas vivas pásase andando, mollando os pés, loxicamente, dende a Mirandiña. Con mareas máis normais cómpre cubrir algúns tramos nadando pequenos percorridos entre os moitos rochedos que obstrúen a canle.

Nas partes altas e protexidas aparece o mesmo tipo de plantas que na Mirandiña, aínda que algo máis abundantemente, sendo as que máis destacan o malvaíscio *Lavatera arborea* e manzanilla de mar *Chamaemelum maritimum* no costado que mira cara á terra, mentres que o cumio atópase cuberto pola espergularia *Spergularia marina* e mailo trevo branco *Trifolium repens*. Vista de lonxe dá a sensación de que carece por enteiro de vexetación. Presenta sobre a cara norte unha serie de riscas claras, que semellan vereas, e non son outra cousa que os couces das augas pluviais que descenden do alto durante as invernías.

Aínda que por precaución renunciamos á escalada do seu cumio na nosa última visita, contabilizámo-los territorios de cría que estaban ocupados, dando un total de 26, que deberían coincidir, máis ou menos, co número de niños asentados nas súas abas.

EVOLUCION DO NÚMERO DE NIÑOS DE GAIVOTA NA MIRANDA		
Anos	1992	2004
Número de niños	31	26

COMENTARIO

O descenso experimentado nestas illas foi moito menor que nas do Carbón e Carboeira, precisamente por se-lo seu acceso moito máis restrinxido, pois carecen de praias aptas para os bañistas nas proximidades da súa costa. Por outra banda, ó presenta-lo perímetro rodeado de arre-



Dende a Miranda Grande vémo-la canle salpicada de rochas que a afasta da Mirandiña e que vadeamos ás máis das veces a pé.

cife rochoso, case sempre batido pola ondada, impide en grande maneira que os barcos deportivos se poidan achegar ás mesmas. Esta soidade fai que na Mirandiña, en 13 anos, soamente perdese un niño, o que representa tan só un 18%, mentres que na Miranda estas perdas achéganse a 6 unidades, que a sitúan na mesma proporción. Lembrar que nas illas do Carbón e Carboeira estas cantidades situábase no 75 % do total censado noutras ocasións.

Anterior a estes dous censos foi o que efectuamos no ano 1981 (Bárcena *et al.*, 1987), no que para o conxunto das Mirandas demos un total de 70 parellas reproductoras. Tampouco se desembarcou nas illas, se non que estas censáronse con prismáticos dende terra o que fai que a precisión no recuento non sexa a mellor.

OUTRAS AVES

Ata media ducia de gabitas *Haematopus ostralegus* pastaban nos rochedos próximos á maior das Mirandas, que despois se pasaron á Mirandiña. Non parece, e polo menos nós nunca atopamos indicios serios de que estas aves puidesen criar naqueles illotes dende que iniciamos as nosas visitas, aínda que sempre nos pareceu un sitio ideal para situa-los niños debido o seu illamento, da mesma categoría da Insua da Cal ou dos Farallóns de San Ciprián, ambos na costa de Lugo, últimos lugares onde as atopamos criando no ano 1993 (Fernández de la Cigoña & Morales, 1994).



Cumio da Miranda Grande: afloramentos de pedras e diferente vexetación herbácea onde aniñan as gaivotas patiamarelas *Larus cachinnans*. Vese ó autor censando os niños de gaivota que criaban na curota durante a visita que lle fixo no ano 1992.

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

- BÁRCENA, F.; DE SOUZA, J. A.; FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E. & J. DOMÍNGUEZ. 1987. Las colonias de aves marinas de la costa occidental de Galicia. Características, censo y evolución de sus poblaciones. *Ecología*, 1: 187-209. ICONA, Madrid.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. & J. MORALES LÓPEZ. 1992. Buscando nas illas do Carbón. En: *Galicia: flora fauna, terra e mar*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE). 175 pp. Vigo.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. & J. MORALES LÓPEZ. 1992. Censando colonias de aves mariñas nas rías de A Coruña, Betanzos e Ares. En: *Galicia: flora fauna, terra e mar*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE). 175 pp. Vigo.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E. & J. MORALES. Agosto 1992-enero 1993. Evolución de la colonia de gaviota patiamarilla *Larus cachinnans* en las islas del Carbón (Ría de Ares, La Coruña) tras la marea negra del buque "Aegean Sea". *GIAM* (Boletín del Grupo Ibérico de Aves Marinas de la Sociedad Española de Ornitología), nº, 17: 5.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. & J. MORALES LÓPEZ. 1993. Expansión e hibridación de la gaviota sombría (*Larus fuscus*) en la costa atlántica peninsular. *Actas del IV Congreso del Grupo Ibérico de Aves Marinas- Aves Marinas Ibéricas -1992*: 71-77. Hondarribia.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. & J. MORALES LÓPEZ. 1994. Noticiario Ornitológico: Ostrero *Haematopus ostralegus*. *Ardeola*, 41(1): 97.

- PAZOS PÉREZ, L. 1999. *Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas*. Servicio de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. 206 pp. Pontevedra.
- RAMÍREZ, C. Islas: A Fesa. *La Voz de Galicia*.
- TISNER FERNÁNDEZ, B. 1966. *Derrotero de la costa NW de España desde la Estaca de Bares al río Miño*. Instituto Hidrográfico de la Marina. Cádiz.

ANTONIO COUCEIRO FREIJOMIL (1888-1955) NA ESTELA DOS PATRIARCAS DAS LETRAS GALEGAS

Xesús Andrés López Calvo



INTRODUCCIÓN

O pasado 28 de novembro de 2002, o Ilmo. Concello de Pontedeume por pedimento da **Sociedade Filatélica, de Arte e Humanidades "Eume"**, aprobou promover a candidatura de Antonio Couceiro Freijomil para que sexa recoñecido pola Real Academia Galega como o protagonista dun dos vindeiros *Días das Letras Galegas*¹. Esta declaración institucional, xunto coa coincidencia de que o 9 de maio de 2005 se cumpriran 50 anos do pasamento deste autor, motiva a realización deste traballo para que, non só os homes e mulleres da comarca eumesa, senón de toda Galicia, poidan chegar a coñecer mellor a vida, a obra e o pensamento deste fillo predilecto de Pontedeume, que viviu entre 1888 e 1955 e que, cos seus traballos de creación e investigación, de amor pola lingua, pola historia e tradicións galegas, contribuíu a engrandecer a nosa Galicia e a crear unha conciencia de orgullo por ser eumés e galego.

Dividiremos o noso estudo en tres partes. Nunha primeira parte ofreceremos datos e informacións que permitan describir e, xa dalgún xeito, interpretar e valorar a situación histórica, socio-política, e cultural na que se desenvolve a historia persoal de Antonio Couceiro Freijomil. Non podíamos comezar doutro xeito: coa necesaria referencia ao contexto. Por iso describiremos, moi sumariamente, os trazos que definen o momento histórico, político e pedagóxico que lle tocou vivir a Couceiro Freijomil. Nun segundo momento enumeraremos algúns datos e noticias da súa biografía e da súa actividade editorial, así como unha completa descrición da obra que deixou inédita, conservada, maiormente, no Arquivo do Instituto Padre Sarmiento de Santiago de Compostela para, nunha terceira e última parte, ofrecer unhas posíbeis claves interpretativas para comprensión das intuicións que moveron a súa vida e a súa produción escrita.

1. A sesión do pleno municipal levouse ao cabo o 28 de novembro de 2002. Por proposta da Alcaldía sometida a votación foi aprobada por unanimidade de votos. O texto do acordo municipal foi o seguinte: *"Amosar o apoio do Concello Pleno de Pontedeume, ao escrito presentado polo Circulo Filatélico "Eume" de Pontedeume, e na súa consecuencia, promover a candidatura do polígrafo eumés don Antonio Couceiro Freijomil, para que sexa recoñecido pola Real Academia Galega, como o protagonista dun dos vindeiros Día das Letras Galegas"*.

PANORÁMICA XERAL DOS INICIOS DO SÉCULO XX

Os primeiros anos do século XX supoñen unha encrucillada para o mundo occidental. Por un lado, o proceso de expansión iniciado no século XIX alcanza o seu máximo desenvolvemento e, polo outro, empezan a agromar os conflitos que, no futuro, han modificar o equilibrio de forzas mundiais.

En **economía** fálase da segunda revolución industrial polo emprego de novas fontes de enerxía, como son o petróleo e a electricidade. Socialmente, a burguesía vive unha etapa de grande esplendor e as masas obreiras agrúpanse en sindicatos que loitan por mellorar as súas condicións de vida e por un cambio de estruturas sociais². En **política**, xorden as grandes tensións que orixinan a Primeira Guerra Mundial da que sairá unha Europa co seu mapa transformado e co seu poder debilitado a prol de Estados Unidos e de Xapón. A todo isto, en 1917, triúfa a revolución comunista en Rusia.

1. O progreso científico e a filosofía

A expansión económica vai acompañada dun gran progreso técnico e científico. Tras os inventos do telégrafo e do teléfono, aparece a telegrafía sen fíos, o automóbil, o desenvolvemento da aviación, o cine e os raios X. Todos estes progresos da investigación conducen a unha profunda reconsideración das teorías científicas, abandonando na súa práctica totalidade, os métodos establecidos polos positivistas do século XIX. Así, por exemplo, destacan os avances no campo das matemáticas e da lóxica e, sobre todo, no da física coa teoría da relatividade de Einstein, dada a coñecer entre 1905 e 1915.

En **filosofía** supérase o positivismo e mais o racionalismo do século anterior e esténdese a preocupación por establecer novos métodos de análise da realidade: progresa a epistemoloxía e xorde a fenomenoloxía. Ademais collen forza as novas correntes racionalistas e vitalistas e conseguen un forte eco as doutrinas psicanalistas de Sigmund Freud que transformaron o xeito de concibir a dimensión do comportamento humano.

2. A renovación artística

A **expresión artística** racha cos presupostos da época anterior e desbótanse nocións e enfoques antes solidamente establecidos. Foi na pintura onde as novidades resultaron máis rechamantes. Despois do impresionismo (1875), sucédense con ritmo acelerado as diversas vangardas: expresionismo, cubismo, futurismo, surrealismo, etc., que, en xeral, senten preferencia pola abstracción, entrando en crise a dimensión figurativa. En arquitectura séntanse as bases do funcionalismo, pasando a utilizarse como materiais preferentes o cemento armado e mais o ferro, por mor das novas necesidades de tipo público e privado.

En canto á **literatura**, na novela supérase o Realismo e o Naturalismo do século anterior. Na poesía e no teatro van aparecendo as novas e ousadas experiencias vangardistas. O Modernismo

2. Cf. B. CORES TRASMONTE, *Sociología política de Galicia. Orígenes y desarrollo (1846-1936)*, A Coruña, Librigal 1976.

non chegou a callar plenamente na literatura galega, porque, segundo a opinión do profesor Carballo Calero, a calquera poeta de Galicia, que pretendese seguir a liña estética, éralle máis doado ir a Madrid aos faladoiros e participar nos mesmos desde a lingua do seu creador, o nicaraguanense Rubén Darío, que adaptalo a unha lingua nova como era, neste caso, a galega. Máis influencia exerceu, sen embargo o Saudosismo portugués. Esta dirección poética que non tivo unha marcada incidencia na corrente vangardista portuguesa, si conseguiu a súa difusión en Galicia, debido á intensa relación da súa máxima figura, **Teixeira de Pascoaes** cos integrantes do grupo Nós e ás súas colaboracións na revista destes³.

3. A chegada do século XX en Galicia

Case todos os males que afectaban a Galicia no século XIX mantéñense nos comezos do XX. A emigración segue sendo habitual, continúa o atraso e non se leva ao cabo a reforma agraria que (con maior ou menor éxito) se iniciara noutros puntos do Estado. Aquí, por exemplo, aínda permanece o sistema foral ata máis alá de 1926.

Os principais cambios que se producen na sociedade galega do primeiro tercio do século XX foron os seguintes:

- a) A derruba da fidalguía consecuencia da eliminación progresiva dos foros, que eran a súa fonte principal de ingresos.
- b) A consolidación dunha mínima burguesía industrial e financeira nacida ao redor das industrias conserveiras, do comercio do gando ou ben, relacionada co diñeiro procedente da emigración, que propiciou a creación de bancos galegos para captar o aforro dos emigrantes.
- c) O desprazamento da poboación do campo cara ás cidades ou para vilas da cabeceira das comarcas.

3.1 Os movementos agrarios

En Galicia, coa Lei de desamortización (1835), en moi poucos casos as fincas rústicas pasaron a ser propiedade dos campesiños que as traballaban, senón que quedaron nas mans da nova burguesía comercial, dos profesionais liberais e da fidalguía rica, dando lugar a unha desamortización de rendas e non de terras. Isto trouxo consigo a continuidade do estancamento económico, o baixo desenvolvemento técnico na agricultura, e as grandes cargas impositivas, chegando por veces a se aproximar ao 60 % do total producido.

Ante tal cantidade de atrancos van aparecer os distintos movementos agrarios nos que o campesiñado participaría moi activamente a través das sociedades agrarias e dos sindicatos agrícolas. Estas sociedades tiñan carácter reivindicativo, pero tamén serviron para a formación cultu-

3. Cf. C. HERMIDA GULÍAS, "O despertar da conciencia idiomática na segunda metade do século XIX", en: *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago, Xunta de Galicia 1992, 341-346.

ral e ideolóxica dos seus afiliados. Os anos de máis intensa actividade dos movementos agrarios foron os comprendidos entre 1907 e 1912, período no que aparecen importantes organizacións campeñiñas, como Acción Gallega ou *Solidaridad Gallega*⁴.

Entre 1927 e 1923 radicalízanse os seus postulados, sendo a súa reivindicación principal a redención dos foros. Na etapa da Ditadura (1923-1930) proliferan os sindicatos de inspiración católica que fixeron grandes progresos na organización das vendas de gando, na formación técnica do campeñado e na experimentación de novos cultivos⁵.

A partir de 1930, o poder das asociacións campeñiñas irá indo a menos e, co estalido da guerra civil, o asociacionismo agrario, ao igual ca outras moitas iniciativas, quedaría totalmente varrido.

Literariamente están intimamente relacionados con este movemento, entre outros, o poeta **Ramón Ca-banillas** e o **Noriega Varela** da primeira etapa⁶.

3.2 As Irmandades da Fala

O ideario galeguista recólleno as Irmandades da Fala coas que principia o decorrer do nacionalismo galego. A súa concepción política distínguese da precedente fase rexionalista pola ampliación do seu radio de acción social, pola maior uniformación do movemento e pola formulación de alternativas políticas concretas que, na preguerra, tomarán corpo na fundación, en 1931, do Partido Galeguista⁷.



Portada de *A Nosa Terra*, órgano das Irmandades da Fala.

A primeira Irmandade foi fundada na Coruña (1916) e, entre os seus fundadores, hai que destacar a presenza dos irmáns **Vilar Ponte** (Antonio e Ramón). A esta primeira Irmandade seguen as creadas nas principais vilas e cidades galegas: Santiago, Betanzos, Vilalba, Monforte..., ata chegar a un total de 28 irmandades censadas no ano 1923. O voceiro do seu ideario foi a revista *A Nosa Terra*. Axudadas e asesoradas polos catalanistas, as Irmandades adquiriron en 1917 o xornal coruñés *El Noroeste*, que en 1918 chegou a ser dirixido polo mesmo Antón Vilar Ponte.

4. Cf. M. CABO VILLASVERDE, *O Agrarismo, Vigo, A Nosa Terra* 1998. Tamén A. BERNÁRDEZ SOBREIRA, *Gran propiedad y movilización socio política del campesinado: la Asociación de Ganaderos del Reino en Galicia durante el primer tercio del siglo XX*, en "Cuadernos de Estudios Gallegos" 47 (2000) 113, 177-204. Tamén: S. VILARIÑO GÓMEZ, *A Asociación Rexionalista de Galicia en Pontedeume*, en "Cátedra" 10 (2003) 147-159.

5. Cf. J. C. BERMEJO-M. C. PALLARES- J. M. PÉREZ- E. PORTELA- J. M. VÁZQUEZ- R. VILLARES, *Historia de Galicia*, Madrid, Alhambra 1981, 284-286.

6. Cf. R. CARBALLO CALERO, *Historia da Literatura Galega contemporánea (1808-1936)*, Vigo, Galaxia 1981, 633-665.

7. Cf. L. FERNÁNDEZ PRIETO - M. BARREIRO, *A prosa política no tempo das Irmandades da Fala*, Vigo, A Nosa Terra - Asociación Socio-Pedagóxica Galega 1996.

A liña política das Irmandades quedou máis ou menos definida na primeira Asemblea Nacionalista, celebrada en Lugo en 1918, na que destacou a presenza do grupo ourensán (V. **Martínez-Risco Agüero**, A. **Losada Diéguez**, R. **Otero Pedrayo**), que tanta incidencia vai ter no posterior desenvolvemento da cultura e do nacionalismo galego. Entre os puntos fundamentais do ideario das Irmandades hai que sinalar:

- a) A necesidade dunha autonomía integral para Galicia como paso necesario para a súa integración federal .
- b) A dignificación e oficialización da lingua natural de Galicia e o fomento da súa cultura.
- c) A consecución dunha autonomía económica que permitise resolver a problemática social desde unha óptica eminentemente galega.

Logo da asemblea de 1922 (Monforte de Lemos) deuse unha viraxe táctica no ideario das Irmandades cara a unha postura máis culturalista⁸. De feito as primeiras actuacións das Irmandades cinguíanse ao ámbito cultural: conferencias, excursións, cursos de idioma galego, exposicións artísticas, etc. Porén moi pronto comezou a polémica, os enfrontamentos verbais cualificándoas de separatistas⁹.

3.3 A revista Nós e o Seminario de Estudios Galegos

Aínda que antes de ser revista xa fora unha das páxinas e seccións do xornal coruñés *El Noroeste*¹⁰, en 1920 saíu en Ourense a revista *Nós* (boletín mensual da cultura galega). Baixo o maxisterio indiscutíbel de Vicente Risco, un grupo de escritores ourensáns (Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Antón Losada Diéguez), pertencentes ás Irmandades da Fala, creou esta revista cultura da que logo se tomaría o nome do propio grupo¹¹.

Estes intelectuais, lectores de escritores estranxeiros, amigos do exotismo e inconformistas, chegaron ao galeguismo despois dunha singular evolución do seu pensamento. Arredados ini-



8. Cf. X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, *Historia de Galicia. IV Edade Contemporánea*, Vigo, Galaxia 1991, 345-350. Tamén, J. DE JUANA, *Aproximación al pensamiento e ideología de Vicente Risco 1884-1963*, Ourense, Deputación Provincial 1985, 17-22.

9. Cf. F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *Pensamento galeguista do século XX*, Vigo, Galaxia 1983, 8-9.

10. Cf. X. FILGUEIRA VALVERDE, "Nós naceu na Cruña", en: AA.VV., *Cincuentenario de Nós. Boletín mensual da cultura galega (1920-1970)*, Real Academia Galega, A Coruña 1970, 33-36.

11. Cf. C. BALIÑAS FERNÁNDEZ, *A ideoloxía da xeneración Nós*, en "Cuadernos de Estudios Gallegos" 47 (2000) 112, 303-324. Tamén: A. TARRÍO, "Lembranza da Xeración Nós", en: *Actas das I Xornadas da Lingua Galega no Ensino*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Cultura 1984, 105-106.

cialmente de toda actividade nacionalista e conversos a esta causa tras a visita a Galicia do político catalán **Francés Cambó**, a súa achega ao desenvolvemento da cultura e da literatura galegas contemporáneas sería definitiva¹².

En 1923 fundouse en Santiago o Seminario de Estudios Galegos co propósito de estudar con profundidade e de xeito interdisciplinar a realidade galega. Durante a súa vida desenvólvese un importante labor nos distintos eidos do saber. Na súa creación interviñeron un grupo de estudantes universitarios (**Fermín Bouza-Brey Trillo** e **Xosé Filgueira Valverde**, entre outros) ao que uniron algúns profesores da Universidade. **Armando Cotarelo Valledor** foi o seu primeiro presidente. Máis tarde integráranse nas súas filas os homes do grupo Nós, os das Irmandades e os da xeración do 25, de xeito que o Seminario foi lugar de encontro de todos os investigadores da época nas súas diferentes seccións.

A maior parte dos primeiros promotores do Seminario eran estudantes das facultades humanísticas. A Universidade galega tradicionalmente incluía unha gama de estudos bastante limitada e, de feito, os interesados por cursar bastantes especialidades tiñan que matricularse en centros de fóra do país. Esta limitación nótase no desenvolvemento inicial. De feito, parece que os membros do Seminario se integraron nas distintas seccións (polo menos en bastantes casos) por razón de afinidade pasando por riba de titulacións e doutras consideracións académicas, e este foi posibelmente un dos factores máis importantes do progreso desta institución: ese conxunto de interese (en casos, se cadra, paixón) e dedicación de polo menos unha parte importante dos seus membros e que levou a afeccionados a se converter en especialistas en materias e en áreas distintas das que cursaran nas aulas.

A difusión dos traballos do Seminario realizouse, sobre todo, a través dun medio propio, os Arquivos do Seminario de Estudios Galegos, órgano que se pretendía anual, e do que saíron, entre 1927 e 1934, seis volumes. Paralelamente, a revista *Nós* e mailo *Boletín de la Real Academia Gallega* tamén publicaron parte das realizacións dos membros do Seminario.

4. Pedagogía e educación no inicio de século

Os comezos do século XX, todos cantos interveñen na ensinanza transmiten un dato importante: o estado lamentábel de abandono e baixa calidade da educación. Reflexo disto é o alto índice de analfabetismo (72% segundo o censo de 1877), a escasa dotación económica (tan só o 1,5% do presuposto nacional dedicábase a ensinanza), pedagogía atrasada, falta de material axeitado e a desorde lexislativa de leis e contra leis.

A Universidade española vivía en condicións bastantes limitadas. Só quince mil estudantes frecuentaban as súas aulas. A maioría cursaban estudos de Dereito e Medicina sen ningunha incidencia e interese polos estudos técnicos. A Universidade de Santiago contaba ao inicio de século con aproximadamente 1.500 alumnos e unha ausencia total de mulleres (haberá que esperar ao curso 1913-14 para encontrar a tres mulleres inscritas). Nada estraño se por aquel entón se admi-

12. Cf. J. GARCÍA BERAMENDI-X. M. NÚÑEZ SEIXAS, *O nacionalismo galego*, Vigo, Edicións A Nosa Terra 1995, 97-98.

tía que a ciencia era nociva para as mulleres e a súa función e actividade debía quedar limitada á vida doméstica. Á reducida matrícula de alumnos únese o escaso número de facultades: tres maiores (Medicina, Dereito e Farmacia) e dúas menores (Ciencias e Filosofía e Letras). Esta escaseza é consecuencia de dous efectos: os baixos orzamentos e a tendencia centralista que facía xirar a vida universitaria en torno a Madrid (a Universidade central). O resto non deixaban de ser universidades de provincias.

Os cambios facíanse, por tanto, necesarios. En 1900 créase o Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes. Por primeira vez conservadores e liberais están de acordo en que cumpría comezar unha gran reforma da educación e sobre todo realizar unha gran defensa da ensinanza oficial. O ministro **García Alix** retoma o soño de **Montero Ríos** dun maxisterio custeado e sostido polo Estado.

O que non puido realizar polo tempo escaso que estivo como ministro, é en parte continuado polo **Conde de Romanones**. A súa Ley de Descentralización non puido levarse ao cabo polo escaso entusiasmo que amosaron algunhas universidades como a de Santiago de Compostela.

Malia esta situación, **Joaquín Costa** e outros rexeneracionistas a quen lles causa pesar a situación da educación pública e para os que a metade do problema español está na escola, traballarán para un cambio na educación multiplicando os centros dos distintos niveis educativos, desenvolvendo novas titulacións e ampliando o número de facultades. Unha reivindicación que se impulsará a partir de 1912 en plena auxe da reivindicación rexional galega¹³. Toda reforma requiría bos mestres para levala ao cabo.

COUCEIRO FREIJOMIL: UNS APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS

Entendemos que un bo coñecemento do espazo vital e familiar de Couceiro Freijomil axudaranos a interpretar mellor os trazos fundamentais da súa ideoloxía e da súa produción editorial. Faremos esta enumeración seguindo o xa aportado por anteriores estudos ampliándoos no posible con novas informacións conservadas en puntuais arquivos.

1. Nacemento e familia

Ás sete da tarde do 2 de xuño de 1888 nace na casa número 9 da rúa de San Agostiño, que tamén daba á rúa do Chafarís, da vila de Pontedeume. Bautízase ao día seguinte na igrexa parroquial de Santiago cos nomes de Antonio Marcelino Xosé. Era o segundo fillo dun humilde matrimonio composto por Xosé María Couceiro Rodríguez e Dominga Freijomil Carballeira naturais de Centroña e Pontedeume, respectivamente. Era neto por parte de pai de Xosé Couceiro e Xoaquina Rodríguez, ambos naturais de Santa María de Centroña, e por parte de nai era neto de Antonio

13. Cf. A. REQUEJO, *La educación en el inicio de siglo, carencias y reformas*, en "El Correo Gallego" (13-Febrero-2000), 9. Tamén, A. COSTA RICO, *A Historia da Educación en Galicia. Notas para unha revisión historiográfica*, en "Cuadernos de Estudios Gallegos" 41 (1993-1994) 106, 221-246. Tamén ID., *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX)*, Vigo, Xwraís 2004, 827-843.

Freijomil e Isabel Carballeira, naturais aquel de San Pedro de Grandal (Vilarmaior) e esta de Santa María de Ombre (Pontedeume)¹⁴. O matrimonio tivo outros seis fillos máis: Elena¹⁵; Concepción¹⁶; Eduardo¹⁷; Isabel¹⁸; María Dolores¹⁹; María del Carmen²⁰; e María²¹.

Cando Antonio Couceiro conta con 32 anos de idade, un 16 de xullo de 1920, casa na igrexa parroquial da Santísima Trindade de Ourense con Elisa Pavón Rodríguez²², unha moza de familia distinguida da capital das Burgas a quen Couceiro coñece nunha librería e que no momento de presentarse, alí mesmo -na propia librería- Couceiro Freijomil improvisalle unha poesía que lle escribe no seu abano²³. Deste matrimonio nacerán cinco fillos: Eduardo Antonio (1921-1967)²⁴; Isabel e Elisa (irmás xemelgas nadas en 1922, esta última falecida en 1980)²⁵; Laura (catro anos menor que as anteriores)²⁶ e Concepción (sete anos máis nova que Laura)²⁷. No momento de redactar este traballo só queda con vida Laura, que reside en Barcelona.

14. Cf. ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO (A partir de agora AHDS), *Fondo parroquial de Pontedeume, Serie Libros Sacramentais*, 13, folio 357 vto.

15. Nadsa en 1887. Cf. AHDS, *Ibid.*, Libro 13, folio 304 vto. Non consta que contraera matrimonio.

16. Cf. AHDS, *Ibid.*, Libro 14, Folio 116 vto. Nacida o 28 de xullo de 1892 finou solteira. Tamén fixo os seus piniños na arte dos versos. Na revista relixiosa "El promotor de la Devoción a la Sagrada Familia", que se editaba en Palencia, publicou no número correspondente á primeira quincena de Abril de 1919 os versíños: *A Jesús en la Sagrada Eucaristía*.

17. Nado en Pontedeume o 8 de xaneiro de 1896 estudou no Seminario Conciliar de Santiago, e ordenouse de presbítero na Catedral de Tui (estaba a diocese compostelá en sede vacante) o 26 de maio de 1923, tendo por primeiro destino o de coadjutor da parroquia de San Cristobo de Muniferral (Aranga-A Coruña). En xullo de 1929 tomou posesión como párroco de Santiago de Toubes (A Peroxa-Ourense). Tamén foi ecónomo de Santa María de Mezonzo e do seu anexo Vilasantar na provincia de A Coruña.

18. Naceu en 1898. Cf. ARQUIVO PARROQUIAL DE PONTEDEUME, *Libro de Bautizados* 15, folio 76.

19. Naceu en 1899. Cf. *Ibid.*, folio 143.

20. Naceu en 1901. Cf. *Ibid.*, folio 225.

21. Naceu en 1905. Cf. *Ibid.*, *Libro de Bautizados* 16, folio 46.

22. "En la iglesia parroquial de la Santísima Trinidad Diócesis y Provincia de Ourense, a 16 de julio de mil novecientos veinte D. Isaac Salgado, cura propio de la misma, previos los requisitos necesarios y la dispensa de las amonestaciones que manda el Sto. Concilio de Trento no resultando impedimento alguno, asistió y autorizó el matrimonio que celebraron en ella por palabras de presente de una parte D. Antonio Couceiro Freijomil, natural de Puente deume, de estado soltero, de treinta y dos años de edad y de oficio Inspector de 1ª enseñanza, hijo de D. José, natural de Centroña y de Dª Dominga, natural de Puente deume y de la otra parte Dª Elisa Pavón Rodríguez, natural de Orense de estado soltera, de 24 años de edad, hija de D. Modesto, natural de Sejalvo y de Dª Pilar, natural de Orense siendo testigos y padrinos D. Modesto Pavón y Dª Manuela Sas vecinos de Orense, recibieron la bendición de la misa nupcial. Firmado Lic. Isaac Salgado Suárez. Rubricado." Cf. ARQUIVO DA PARROQUIA DA SANTÍSIMA TRINDADE DE OURENSE, *Libro de Matrimonios* 15, folio 287.

23. Cf. J. M. BASANTA BARRO, "Al hilo de un centenario", en: AA.VV., *Homenaje al polígrafo eumés Don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento (1888-1998)*, A Coruña, Deputación Provincial 1990, 172.

24. Iniciou o bacharelato en Ourense e rematouno en Santiago. Cursou estudos de Filosofía e Letras e Dereito. Segundo o seu expediente conservado no arquivo da curia diocesá de Madrid (expediente letra C, número 115), ingresou como vocación tardía no seminario diocesano de Madrid e, logo de ser ordenado sacerdote o 22 de maio de 1948, tivo o primeiro destino na parroquia serrana de Gandullas, e o último como coadjutor da parroquia de San Cristina situada no Paseo de Extremadura da capital do Estado, traendo a vivir consigo á súa nai e irmáns pequenas. Faleceu o 6 de novembro de 1967. Cf. J. M. BASANTA BARRO, A. c., 176.

25. As irmás estudaron as primeiras letras no colexio das Carmelitas de Ourense e o bacharelato no instituto Rosalía de Castro en Santiago. As dúas eran licenciadas en química. Isabel opositou ao corpo de mestres nacionais e obtivo en propiedade a escola de Mañón (Ortigueira-A Coruña). Posteriormente traballou como química na Institución Jamer en Madrid. Elisa non exerceu a súa profesión pois dedicouse ao coidado da súa nai. Cf. *Ibid.*, 176-177.

26. Tamén estudou a primeira ensinanza nas Carmelitas de Ourense, mentres que o bacharelato cursouno no colexio das Orfas de Santiago (Nosa Señora dos Remedios). Licenciada en Pedagogía casou en 1961 co médico Agustín Prada, falecido en accidente en 1979. Cf. *Ibid.*, 177.

27. Estudou Filosofía e Letras na Universidade Compostela. Casou en 1959 co industrial Xosé Pérez. Cf. *Ibid.*, 177.

2. Estudos e actividade profesional

O autodidactismo²⁸, a lectura constante e o exercicio da docencia dende moi novo, foron ingredientes básicos da formación de Couceiro que, segundo algún autor, xa dende moi novo, mantivo contacto coa práctica de ensinante²⁹. De feito en datas non moi determinadas, puidera ser entre 1904 e 1906, parece que chegou a rexentar algún tipo de aula ou colexio:

*"Terminada la enseñanza primaria adquirida al lado de competente e inolvidable maestro, sintió nuestro amigo Couceiro el entusiasmo del saber en toda su magnitud y lo tenemos ya dedicado de lleno a la impropia tarea de la enseñanza, montando en su villa natal un Colegio donde, al par que se hacía a su vez un práctico y verdadero profesor, contribuía a la difusión de una enseñanza racional y lógica entre los numerosos alumnos que no veían en él al niño como ellos, sino al hombre madurado científicamente"*³⁰.

Entre 1906 e 1909 realiza, como alumno libre, os estudos de maxisterio coas máximas cualificacións. Non segue, polo tanto, a vía da Escuela de Estudios Superiores de Magisterio, que fora creada precisamente para a formación de Inspectores de profesores das *Normales*³¹. A formación do maxisterio a inicios do século XX debería atender á súa formación científica, pedagóxica e práctica pero non é ata 1909, cando se crea a Escola Superior de Maxisterio que cifraba os seus obxectivos na preparación didáctica e pedagóxica, teórica e práctica dos docentes ata perfilar a súa personalidade de educadores³².

No Arquivo Histórico Universitario de Santiago, consérvase un interesante documento sobre Couceiro Freijomil. Trátase da súa folla de servizos dentro da carreira no maxisterio³³. Por el sabemos que o 3 de setembro de 1911 acadou o título de Mestre Superior coa cualificación de sobresáinte, quedando rexistrado na sección de Mestres de Escolas Provisionais no folio 20, número 722.

28. Na introdución do ensaio pedagóxico *Los factores del desenvolvimiento humano*, Couceiro fai esta confesión verbo do seu auto-didactismo: "Téngase, pues en cuenta que se trata de la obra de un Maestro joven en una época que, desde el punto de vista del adelanto pedagógico, no admite comparación con la actual: era muy otra la formación del Profesorado primario, era grande la carencia de libros bien orientados, eran muy inferiores las disponibilidades económicas del Magisterio para adquirirlos, y eran también -y acaso aquí estribe lo más grave- muy pocos los años del que esto escribía, condenado, por añadidura, a haber sido siempre un autodidacto". En: A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Los factores del desenvolvimiento humano*, Ourense, Magisterio Orensano 1935, 2.

29. Cf. BRAIS DA BOUZA, "Couceiro Freijomil", en: S. CAÑADA (ED.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago 1974, Tomo 7, 271.

30. Cf. Antonio Couceiro Freijomil, "Ecos del Eume" (Edición única, 1 de Enero de 1911), número 48, 1. Trátase da primeira biografía escrita de Couceiro Freijomil. Respecto ao mencionado "competente e inolvidable maestro", ¿poidera tratarse de **Galo Salinas Rodríguez**?, cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores*, Vol. III, Santiago de Compostela, Editorial de los Bibliófilos Gallegos 1953, 284-285. Tamén G. PLACER LÓPEZ, *Crónicas de mi rincón natal*, A Coruña, Deputación Provincial 1977, 147-149.

31. *Ibid.* Esta Escola é, precisamente, onde estuda V. Risco.

32. Cf. A. CAPITÁN DÍAZ, *Tendencias xerais da pedagogía española no século XX*, en "Revista Galega da Educación" 24 (1999) 48.

33. Cf. ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO, Fondo da Universidade, Sección *Ensino Primario*, Atado 270.

O 17 de xaneiro de 1912 chégalle o nomeamento como profesor na Escola Nacional Graduada de Lugo, agregada ao Instituto Xeral e Técnico da mesma cidade. É precisamente en 1912 cando a semente da Institución Libre de Ensinanza empezaba a fructificar tendo a **Manuel Bartolomé Cossío** como a referencia de autoridade pedagóxica en España³⁴. O 28 dese mesmo mes toma posesión da mesma. A súa valía como docente queda reflectida no seu expediente. Xa no curso académico seguinte, concretamente o 25 de outubro de 1912, recibe un voto de agradecemento da Xunta Local de Primeira Ensinanza de Lugo en vista dos resultados acadados polos seus alumnos nos exames finais. Na sesión da Xunta Provincial de Instrucción Pública de Lugo, celebrada o 16 de xullo de 1913, recibe dous novos nomeamentos de agradecemento pola celebración da festa da árbore celebrada na cidade amurallada o 18 de maio de 1913.

A Gaceta de Madrid de data 19 de marzo de 1915 recolle a convocatoria das oposicións para Inspector de Ensinanza Primaria. No mesmo boletín, no número correspondente ao 13 de xullo de 1915, aparece Couceiro Freijomil na lista de admitidos e preséntase ás mesmas na súa quenda libre. Segundo esixía para estes casos o artigo 43 da lei 21 de xullo de 1878, cumpríalle atopar un substituto, presentando para tal fin ao lucense **Xoán Rei Santamaría**. Aprobada a devandita oposición en 1917 é nomeado Inspector de Primeira Ensinanza con residencia en Ourense.

Discorre por entón en Galicia un período nada doado para a tarefa educativa. Un período de grandes confusións políticas e sociais que inciden fortemente na educación, xa que os problemas sociais e políticos presentábanse en termos pedagóxicos. De feito polo anos en que Couceiro inicia o seu traballo de Inspector había un xerme de actividade sociopolítica no maxisterio, en contacto con sectores nacionalistas, republicanos, socialistas e mesmo anarquistas. **Hipólito Sinfórano Luengo** director da *Escuela Laica Neutral* fora detido logo de participar nunha manifestación. Toda esta actividade recuperará forza nos inicios dos anos trinta coa formación da ORGA e, posteriormente, do Partido Galeguista e a *Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense* (ATEO), que, grazas aos seus órganos de expresión (*Heraldo Orensano*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Heraldo de Galicia*, *La Lucha*, *Escuela del Trabajo*), acadaron grande difusión³⁵.

A súa moderación no sentimento galeguista, a popularidade gañada pola actividade literaria e a súa actuación acertada no exercicio da Inspección conflúen para que o nomeen inspector xefe no tempo da ditadura de Primo de Rivera, compartindo esta actividade coas súas investigacións no *Seminario de Estudios Gallegos* e na *Real Academia Gallega*. Couceiro parece que se mantén fiel ás teses da liña política dominante de que educación e política non teñen relación. Na liña dun reformismo idealista, Couceiro tentaba acadar a emancipación social e cultural de Galicia pero desconfiando dos movementos vangardistas e do nacionalismo organizado que, aínda que como individuos lles tiña aprezo, como colectivo foron branco das súas críticas³⁶.

34. En 1905 creouse a primeira cátedra de Pedagogía na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid e tivo a Cossío como primeiro titular. Cf. H. BARREIRO RODRÍGUEZ, *A renovación educativa en España durante o século XX*, en "Revista Galega do Ensino" 24 (1999) 81-96.

35. Cf. X. M. CID FERNÁNDEZ, *Postura controvertida de A. Couceiro Freijomil ante o rexurdimento e extensión da conciencia nacionalista (1916-1936)*, en "Boletín Auriense" 12 (1982) 275-297.

36. *Ibid.*, 278.

Entre 1931 e 1939 reconécese o feito diferencial rexional na organización do Estado integral da República, o que provocará a aparición de xermolos de descentralización no sistema educativo, por exemplo a posibilidade de organizar o ensino nas linguas das respectivas rexións³⁷, posibilidade que será sempre defendida por Couceiro. Malia que algún autor faino notar³⁸ non nos consta que ao longo da súa actividade profesional nestes anos obtivese ningunha bolsa de estudos ou pensión para ampliación de estudos en pedagogía³⁹.

No trienio 1936-1939, é destinado como asesor adscrito aos servizos do Reitorado da Universidade de Santiago. Logo da contenda civil retoma a súa actividade de inspector de Ensinanza en Ourense, declinando formar parte da Oficina Técnica Administrativa de Depuración do Persoal de Educación Nacional.

A proposta de M. Casás Fernández, Ángel del Castillo López e Alejandro Barreiro Noya, en 1941 é nomeado numerario da Real Academia Galega. En 1942 obtén o traslado para Santiago de Compostela ocupando a casa número 5 na rúa do Camiño Novo (Rosalía de Castro). En 1949 entra a formar parte da sección de Paleografía e Diplomática do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

3. Actividade editorial e xornalística

Os comezos da actividade editorial e publicista de Couceiro Freijomil vai parella aos inicios da historia do periódico local El Eco de Puentedeume. Segundo o seu subtítulo tratábase dunha revista científico literaria de frecuencia quincenal (publicábase os primeiros e terceiros domingos de mes). As súas oficinas estaban situadas na propia casa de Couceiro (rúa San Agostiño 9). Nun editorial correspondente ao segundo numero deste quincenal recóllese a seguinte afirmación que pode situarnos no seu ideario de carácter conservador e ultra-católico:

"Defensor de toda causa justa del progreso, cultura y moralidad del pueblo (...) No aspiramos a obtener aplausos por nuestros trabajos científicos y literarios, no; pero tampoco hemos de merecer la censura inicua y cobarde de los ignorantes, sabios a la moderna, enemigos de la civilización, de Cristo y de su Iglesia"⁴⁰.

Esta revista imprimíase nos obradoiros da Imprenta César García Seco situada no número 39 da rúa Bispo Sarmiento de Mondoñedo e tivo a Couceiro como primeiro redactor ata marzo de 1906, que pasou a ter como novo director a Edmundo Roberes aínda que sen variacións respecto do ideario e formato orixinais.

37. Cf. R. MEDINA RUBIO, *As reformas administrativas da educación na España contemporánea*, en "Revista Galega do Ensino" 24 (1999) 100.

38. Cf. BRAIS DA BOUZA, A.c., 271.

39. Cf. T. MARÍN ECED, *La renovación pedagógica en España (1907-1936). Los pensionados en Pedagogía por la Junta para ampliación de Estudios*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1990, 359-386.

40. "El Eco de Puentedeume", (Edición única, 18-Febrero-1906), 1. Cf. R. VILLARES PAZ, *Notas sobre a prensa local galega no primeiro tercio do século XX*, en "Cuadernos de Estudios Gallegos", 35 (1984-1985) 100, 267-284.

O primeiro número de *El Eco de Puentedeume* saíu o 4 de febreiro de 1906 e as súas paxinas acollen dúas composicións poéticas de Couceiro, uns pequenos poemas que se titulan "A Puentedeume" e "Pobrecitos", respectivamente⁴¹. Cremos que se tratan da primeira publicación de Couceiro. Transcribimos a composición dedicada a Pontedeume⁴²:

*Puentedeume, tierra hermosa
bella perla de Galicia
edén de encantadas flores
y de embalsamadas brisas,
pueblo el más bello del mundo,
mi patria dulce y querida,
permite que a pulsar vuelva
las cuerdas de esta mi lira
aunque solo notas vagas
de muy poca melodía
pueda arrancarle, inspirado
por tus risueñas campiñas,
por tus pájaros, por tus auras,
tu sol, tu cielo, tus días,
y tus poéticas noches
llenas de melancolía.*

*Puentedeume, tierra hermosa
cual del cielo descendida
que haces soñar con la eterna
mansión de inefable dicha;
pueblo con razón llamado
bello vergel de Galicia,
ramo de vistosas flores,
mansión de la poesía,
cuando llegue mi última hora
quiera Dios, tierra bendita,
que en ti encuentre sepultura
arrullada por tus brisas,
que eres tu mi patria amada,
que eres mi patria querida.*

En 1910 sae á luz un novo periódico en Pontedeume. Trátase do semanario independente *Ecos del Eume*. Tiña o domicilio social no número 33 da rúa da Atafona, de tendencias agraristas, o seu director era Rosendo Vilarinho Tenreiro. O seu primeiro número publicouse un 5 de febreiro de 1910. Na súa primeira páxina describísenos o ideario do semanario:

*"Más que censores, trataremos de ser propulsores del mejoramiento de Puentedeume, encaminando hacia ese lado nuestra actividad de periodistas y acogiendo gustosísimos en nuestras columnas cuantas ideas e iniciativas puedan enervar un germen útil para el progreso de la vida de nuestra amada villa"*⁴³.

Xa dende este primeiro número, Couceiro aparece na nómina de colaboradores co artigo *Palabras de amigo*. Nesta colaboración reflíctese unha actitude que será permanente na traxectoria ideolóxica de Couceiro: o apoliticismo.

*"Valientes y abnegados, sin reparar en los grandes sacrificios que su empresa exige, se disponen a lanzar hoy a la publicidad estas hojas, ajenas en todo a las mezquindades de una falsa política y a los rastreros egoísmos de partido"*⁴⁴.

41. "El Eco de Puentedeume", (Edición única, 4-Febrero-1906), 3-4.

42. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *A Puentedeume*, "El Eco de Puentedeume" (Edición única, 4-Febrero-1906) 3.

43. *Saludo y propaganda*, "Ecos del Eume" (Edición única, 5-Febrero-1910) 1. Cf. S. VILARIÑO GÓMEZ, *Agrarismo, Rexionalismo e prensa local a comezos do século XX. Notas históricas*, en "Cátedra" 1 (1994) 25-34; H. SANFIZ, *Apuntes verbo da federación agrícola Ferrol-Pontedeume. O agrarismo na comarca*, en "Cátedra" 6 (1999) 33-38.

44. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Palabras de amigo*, "Ecos del Eume" (Edición única, 5-Febrero-1910) 2.

En 1911, ao tomar posesión da súa praza como mestre na Escola Práctica Graduada de Lugo, colabora como redactor xefe do xornal *El Norte de Galicia* que, naquel tempo, dirixía **Francisco Álvarez de Nóvoa**. Mentres o novo mestre Antonio Couceiro inicia a súa actividade docente, xorden as mobilizacións agraristas en toda Galicia.

En 1917 ao chegar a Ourense logo de acadar a praza de Inspector de Ensinanza Primaria comeza a súa colaboración en varios periódicos. Primeiramente en *El Diario de Orense*, unha publicación dirixida por **Hermegildo Calvelo**, Francisco Álvarez Nóvoa e **Ramón Vilariño de Súa**. Editado entre 1914 e 1928 foi un xornal de carácter conservador, bugallalista e crítico cos agrarios e os rexionalistas e moi local como indica o seu propio subtítulo *Periódico de intereses generales y locales*. Tamén colaborou noutra publicación conservadora: Galicia, xornal vencellado a Calvo Sotelo e a Unión Patriótica. Publicouse en Ourense entre 1930 e 1937 e foi fundada e dirixida por Marcial Ginzo Soto que antes dirixira *La Región*⁴⁵. E tamén en *La Zarpa* (a revista fundada en 1920 polo crego e líder agrarista **Basilio Álvarez Rodríguez**) cunha sección moi axeitada para Couceiro *Nuestra página pedagógica* e *Galicia Ilustrada*, unha publicación de periodicidade semanal; simultaneando este labor coas colaboracións na prensa local eumesa e na revista viguesa *Vida Gallega* que deixou de editarse por mor da Guerra Civil⁴⁶. Reiteramos que, polo tempo que se instala en Ourense, atrávesase no Estado español un período de disturbios, de confusión política e social, que incide fortemente na educación.

En 1942 obtén o traslado para Santiago de Compostela, pero xa anos antes colaborará cos xornais desa capital *El Compostelano* -herdeiro do periódico santiagués *El Correo de Galicia*- unha publicación de marcada ideoloxía cristiá como se establecía no editorial do seu primeiro número: "*el acatamiento incondicional a la autoridad de la Iglesia Católica, la aplicación de los principios cristianos a la vida social y el mantenimiento basado en el principio de autoridad*"⁴⁷.

El Compostelano inclúe unha abondosa produción de Couceiro: os poemas *Canto a Galicia*, *Galicia*, as series *Novos Cantares*; *Do meu feixe*; *Lóstregos*, *Contiños*; *Na cas do pica-preitos*, *Xa pasou*; *Do que oín contar*; e *Os dous ladrós*. Entre 1928 e 1935 van chegando paseiramente a este xornal versións de poemas de autores franceses, alemáns e casteláns. A Dirección do xornal permite esta práctica crendo na súa utilidade e necesidade. Este labor de tradutor principia no diario a finais de 1927 e dura ata 1935. Tras a guerra retómase no 1938 coas achegas de Couceiro Freijomil, participando nesta actividade os mozos **Álvaro Cunqueiro**, **Ángel Sevillano**, e **Roberto Blanco Torres**, e tamén os xa consagrados: **Francisca Herrera** e **Losada Diéguez**⁴⁸. Aínda que daquela a bandeira do idioma a enarboran outros medios de comu-

45. Cf. M. VALCÁRCEL LÓPEZ, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense, Deputación Provincial 1987, 56-57.

46. Cf. M. J. PRECEDO LAFUENTE, "Antonio Couceiro Freijomil, periodista", en: AA.VV., *Homenaje al polígrafo eumés...*, o. c., 150-151. Aquí coincidirá con Ignacio Herrero Fuentes, un dos mestres principios dinamizadores da ATEO que publicará, baixo o pseudónimo de Dr. Iñigo, sobre a erudición dos debates intelectuais entre Risco e Couceiro Freijomil. Cf. M. VALCÁRCEL, *Os mestres republicanos*, "Galicia Hoxe" (Edición única, 18-Xaneiro-2004) Suplemento "Lecer".

47. *Ibid.*, 151.

48. Cf. X. MARQUÉS VALEA, *A literatura galega no xornal El Compostelano (1920-1946)*, Santiago de Compostela, O Correo Galego 1999, 26-27. Grazas a este magnífico estudo podemos catalogar as datas de publicación dos poemas de Couceiro Freijomil.

nicación, o seu empeño por difundir a creación literaria galega entre 1925 e 1941 faino acreedor dun xusto recoñecemento.

A este periódico substituírao en febreiro de 1946 *La Noche*, único diario vespertino en Galicia onde Couceiro asinaba dúas colaboracións fixas: unha semanal -denominada *Artes y Letras-*, e outra diaria titulada *Calendario*, coa efeméride galega do día na que Couceiro envorcabas a súa inmensa erudición, e *El Correo Gallego* que co tempo acabarán fusionados. Home modesto e nada aparatoso, con respecto de mestre rural e posuidor dunha memoria proverbial, ensinou a ler e escribir desinteresadamente aos vendedores da prensa compostelá⁴⁹.

En 1946 o xornal *La Noche* de Santiago comeza a publicación de *Plumas e letras galegas*, páxina semanal literaria dirixida por Couceiro Freijomil que máis adiante será continuado por **Xosé Landeira Yrago**.

4. O seu paso pola Real Academia Galega

Logo do alzamento de 1936 a Real Academia Galega pasaba por momentos de deriva. A última sesión databa de marzo de 1936, estaban vacantes gran número de medallas, mortos e ausentes varios académicos e coa presidencia accidental de **David Fernández Diéguez**. Sen embargo, o patrimonio da corporación queda a salvo das consecuencias represoras da guerra quizais por estar aloxado no edificio do Pazo Municipal da Coruña. A biblioteca, composta naquel momento por máis de 16.000 volumes sálvese da queima, práctica levada con outras institucións polos falanxistas e polas comisións depuradoras de bibliotecas nadas como consecuencia da Orde da Xunta Técnica de Estado de 16 de setembro de 1937.

Ós dous meses de iniciada a Guerra Civil, o 15 de decembro de 1936, o presidente da República, Manuel Azaña, sanciona un decreto, asinado polo ministro de Instrucción Pública, **Jesús Hernández Tomás**, polo que quedaban suprimidas as academias dependentes do Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, confiscados os seus bens e cesantes todos os seus membros. Ademais creábase o Instituto Nacional de Cultura que había dividirse en tantas seccións como academias disoltas⁵⁰.

O 23 de decembro de 1936 falece o presidente accidental **David Fernández Diéguez**, e o cargo pasa regulamentariamente a **Manuel Casás Fernández**. En setembro de 1937, **Fernando Martínez Morás**, secretario da Academia, morre nun accidente de circulación en León, onde estaba a traballar como correspondente de guerra do xornal *La Voz de Galicia*. O presidente Casás Fernández convoca a **Alejandro Barreiro Noya** a quen corresponde asumir a secretaría de xeito interino e toma posesión da mesma en outubro de 1937. Con estes cambios de persoal a Academia vai sobrevivindo, aínda que a súa existencia é puramente nominal.

49. Cf. BRAIS DA BOUZA, a. c., 271.

50. Cf. *La Gaceta de Madrid* (16-Setembro-1936) 1835. Ao estar A Coruña en zona nacional, esta vive allea ás disposicións legais da República.

O 8 de decembro de 1937, a *Xunta Técnica de Estado*, órgano supremo do goberno nacional con sede en Burgos, promulga un decreto convocando ás Reais Academias a unha sesión plenaria para o 6 de xaneiro de 1938 na Universidade de Salamanca co obxectivo de formaren un corpo total coa denominación de Instituto de España⁵¹. O decreto en cuestión dispón que haberá que reorganizar cada Academia por un comité e que, logo da xuntanza de Salamanca, cada unha volverá a dedicarse ás súas tarefas.

Ao se institucionalizar o réxime franquista a partir de 1938 coa formación do seu primeiro gabinete de goberno, Manuel Casás colle as rendas da Academia e, secundado por Alejandro Barreiro, dá os primeiros pasos para a súa reorganización. Convoca a primeiros de marzo os numerarios da Coruña a unha reunión informal. Ademais de Casás e Barreiro, asisten Eladio Rodríguez, Ángel del Castillo e César Vaamonde Lores, arquiveiro e bibliotecario da Academia, este comunica que está perdido todo o arquivo da academia correspondente aos últimos anos coincidentes coa xestión como secretario corporativo de Fernando Martínez Morás. Na sesión tamén se intercambiaron impresións respecto á necesidade de cubrir as vacantes de numerarios e de xestionar o cobro das subvencións pendentes. O propio Casás pon diñeiro do seu peculio a conta para pagar algún soldo, dos moitos atrasados, ao persoal da Academia, reducido a dúas persoas, o bibliotecario, **César Vaamonde Lores**, e o auxiliar, **Juan Naya Pérez**⁵².

En febreiro de 1939, o subsecretario de Educación Nacional, García Valdecasas, autoriza á Academia para eximir da lectura do discurso aos numerarios electos antes da guerra, os cales recibirán un oficio equivalente á toma de posesión, son: **Juan Domínguez Fontenla, Narciso Correal Freire de Andrade, Ramón de Artaza, Lisardo Barreiro, Jaime Solá e Antonio Noriega Varela**.

A primeira reunión despois da guerra ten lugar o domingo 3 de decembro de 1939. Asisten Manuel Casás, Alejandro Barreiro, Ramón Otero Pedrayo, Lisardo Barreiro, Ramón de Artaza, Julio Dávila e Ángel de Castillo ademais dun delegado do Gobernado Civil da provincia. Ángel del Castillo é nomeado tesoureiro e son declaradas as vacantes de numerarios pois das corenta prazas, había pouco máis de vinte cubertas.

A Academia ocupa o ano seguinte en se prover de candidatos que deberían ser votados na xuntanza ordinaria do 8 de decembro de 1940. Nesta, son elixidos dezanove numerarios: **Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brey Trillo, Xesús Carro García, Salustiano Portela Pazos, Atanasio López, Ramón María Aller, Samuel Eiján Lorenzo, Aureliano Pardo Villar, Paulino Pedret Casado, Gonzalo Brañas Fernández, Gonzalo López Abente, Florentino López Cuevillas, Celestino Sánchez Rivera, José Baldomir, Francisco Vales Villamarín, Manuel Vázquez Seijas, Fernando Cortés Bugía, Rafael González Villar e Antonio Couceiro Freijomil**.

51. Cf. V. ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, *Eladio Rodríguez González na Academia*, en "Boletín da Real Academia Galega" 362 (2001) 9-67.

52. *Ibid.*, 42.

O Director Xeral de Belas Artes, Marqués de Lozoya, libera aos electos da lectura do discurso e autoriza a toma de posesión conxunta. Esta cerimonia terá lugar, en sesión extraordinaria pública, o día 27 de xullo de 1941, no paraninfo da Universidade de Santiago. Previamente, na igrexa conventual de San Domingos de Bonaval, ante os sartegos de Rosalía e Alfredo Brañas, celébrase unha misa presidida por Samuel Eiján, neo-académico e relixioso franciscano. Traslada a comitiva á Universidade, presiden o acto o reitor, **Carlos Ruiz del Castillo**, o arcebispo de Compostela, **Tomás Muniz Pablos**, e o presidente da Academia, Manuel Casás Fernández. Tamén asisten o alcalde da cidade, **Juán Armada Losada**, Marqués de Figueroa; o Delegado Comarcal de F.E.T e das JONS e secretario da Universidade, **Luis Legaz Lacambra**; o comandante militar da praza, **Francisco Judel Peón**; o abade mitrado de Samos, xuíces de primeira instancia e municipal, deputados provinciais, cóengos, catedráticos, concelleiros, membros dos corpos da gobernación e outras delegacións civís, militares e relixiosas. O secretario da Academia, Alejandro Barreiro, dá lectura á Memoria e seguidamente entran ao estrado dezaioito novos académicos (Rafael González Villar falecera antes desta data). Fala, en representación de todos, Fermín Bouza-Brey lendo o discurso titulado *La mitología del agua en el Noroeste hispánico*⁵³. Contesta, en nome da corporación, o Presidente Casás Fernández e ao remate da súa intervención procede á imposición simbólica das medallas na persoa de Fermín Bouza Brey. Clausura o acto o reitor da Universidade.

Toda esta descrición está contida no completo traballo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda que citamos anteriormente. É neste mesmo estudo onde se reproduce fragmentos da carta que a penas dez días antes deste acto escribelle César Vaamonde Lores, mentor de Couceiro para a súa entrada na Academia, a Fermín Bouza-Brey na que fai unha serie de confidencias sobre o que será o futuro da Academia na que Couceiro se atopa:

"Como no sé si se lo dije alguna vez, me pasé casi toda mi vida escribiendo. Poco para mí, y mucho para los demás. Desde que tenía 17 o 18 años (no lo recuerdo bien) que fundé en La Coruña la revista Murmullos Literarios, hasta el año pasado que creo cerré el ciclo con un trabajo (...), que fue el último, y que trata de nuestra divisa municipal, ¡cuántos trabajos no hice!, y todos perdidos, porque yo casi nunca guardé mis trabajos publicados en periódicos y revistas encuadernables, y así, ni memoria tengo de ellos ni sé de qué trataban. Ni tampoco solía firmarlos. Más de 56 años de labor. Tengo empezadas veintitantas obras, algunas hace más de 40 años y así se quedarán (...) También lamento no haber podido terminar de escribir el Diccionario que editaba la Academia, que me costó tres o cuatro años de trabajos preparatorios y muchos más para lo que se publicó. Queriendo asegurar la vida de los manuscritos, regalé algunos muy valiosos a la Academia de la Historia, de Madrid, y el mismo día de su entrega, desaparecieron. Después regalé a la Universidad de Santiago el Diario de campaña del Batallón Literario, y a los tres días había volado. Cedió a otros Centros otras cosas y nadie sabe qué fue de ellas. Visto esto, renuncié a hacer más donativos a corporaciones, y los hice a

53. Cf. F. BOUZA-BREY TRILLO, *La mitología del agua en el Noroeste hispánico*, en "Boletín de la Real Academia Gallega" 23 (1942) 265-268.

algunos amigos: peor resultado. Respecto a los libros, no hablemos. Si los conservara todos, tendría una biblioteca de más de 10.000 volúmenes, todos referentes a Galicia. Di a la Academia varios centenares. También a la Sociedad "Amigos del Paisaje Gallego", y a una Biblioteca de Portugal. Hasta a una sociedad de trabajadores de La Coruña titulada "La Emancipación" regalé una buena colección cartográfica (...) Pero mi pensamiento fue siempre el de entregar en otro lugar; al que con mayor entusiasmo y devoción sacrificué la mejor y mayor parte de mi vida, todo lo que respecto a esto poseía y aún me resta, mas visto cómo se pusieron las cosas, no hay que soñar en ellos, pues dentro de poco solo de dicho lugar quedará el recuerdo o la inutilidad de su existencia"⁵⁴.

A vida da Academia tardaría aínda en normalizarse. En xaneiro de 1942 reaparece o Boletín de la Real Academia Gallega. O 13 de decembro de 1942 celébrase a xuntanza anual, de novo en Santiago de Compostela, debido ás dificultades nas comunicacións, que impiden aos numerarios acudir en á Coruña. Na sesión, son elixidos por aclamación presidente, secretario e tesoureiro os mesmo académicos que viñeran interinando estes cargos: Manuel Casás, Alejandro Barreiro e Ángel del Castillo.

Esta decisión foi impugnada por Narciso Correal Freire de Andrade, apoiado por Baldomir e Carro, para poder colocar a Eladio Rodríguez de novo na presidencia. O Ministerio tarda en reaccionar. Mentres, inmerso nun programa de reorganización, en 1943 Casás crea varias seccións na Academia deste xeito: Ciencias físico-naturais, Ciencias histórico-xeográficas, Arqueoloxía e Belas Artes; estudos económicos, sociais e políticos; Lingua e Literatura; estudos Pedagóxicos e Comisión do Dicionario. Couceiro Freijomil quedará adscrito ás comisións de: Lingua e Literatura, estudos Pedagóxicos, Ciencias Históricas e Comisión do Dicionario⁵⁵. A maioría destas comisións foron puramente nominais⁵⁶.

Por fin chega a resolución do Ministerio o 16 de maio de 1944 cesando a xunta de goberno elixida en 1942, deixando en suspenso todos os acordos adoptados a partir desa data e nomeando un delegado especial na persoa do Reitor da Universidade, Luis Legaz Lacambra. A vida da Academia parálizase novamente. O Goberno Civil da Coruña procede a unha investigación de todos os académicos nomeados antes e despois da citada data. Prohibense as informacións á prensa e o proceso lévase en absoluto segredo. O 19 de xuño, por requirimento de Luis Legaz Lacambra, constitúese a xunta de idade, integrada por Emilio Rodríguez, Ramón de Artaza Malvárez e Manuel Banet Fontenla como presidente, secretario e tesoureiro respectivamente. Convócase sesión xeral extraordinaria para o 15 de outubro de 1944, con dous únicos puntos na orde do día: elección de cargos directivos e revalidación da posesión dos numerarios ultimamente nomeados. Asisten doce académicos que levan a representación doutros tantos. Couceiro leva a representación de Paulino Pedret, Samuel Eiján e Ramón María Aller, Correar, Baldomir e Carro

54. V. ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, a. c., 44. César Vaamonde Lores falece en A Coruña o 1 de xuño de 1942.

55. Cf. A. BARREIRO, *Memoria de la actuación de la Real Academia Gallega en el año 1943, presentada por la Junta de gobierno*, en "Boletín de la Real Academia Gallega" 24 (1944) 277-280, 155-156.

56. V. ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, a. c., 45.

non están presentes nin representados. Efectuadas as votacións, resultan elixidos por unanimidade para os cargos de presidente, secretario e tesoureiro os mesmos que foran elixidos pola Academia e cesados polo Ministerio, é dicir Casás, Barreiro e Ángel del Castillo. A acta da sesión é enviada a Madrid, con informe e fichas policiais dos elixidos⁵⁷. A elección é novamente impugnada e con data 15 de febreiro de 1946, o Ministerio de Educación Nacional comunica a resolución definitiva desestimando o recurso presentado.

Hai quen considera que a Academia que iniciaba unha nova etapa o 27 de xullo de 1941 estaba abertamente entregada ao franquismo⁵⁸. Na xunta de 13 de decembro de 1942 propúxose que fose nomeado Presidente de Honor da Real Academia a Francisco Franco, nomeamento que este aceptou o 24 de decembro seguinte⁵⁹. O número do Boletín da Academia correspondente a xuño de 1942 ábrese cunha fotografía de Franco con uniforme militar na que ao seu pé figura a seguinte declaración de adhesión:

*"¡Viva España!(...) La Real Academia Gallega, fiel a su devoción por cuantos enaltecieron y exaltan el nombre y prestigios de nuestra raza, se asocia con todo fervor a los homenajes del ilustre Caudillo, que alienta y fortalece el espíritu de su Patria, en su afanoso anhelo por conquistar las rutas de sus inmortales destinos"*⁶⁰.

De todos os xeitos non seríamos obxectivos se non valorásemos esta adhesión, e a acusación de academia franquista, dentro do seu propio contexto. Coidamos que faltan actas e documentos que permitan avaliar o grao exacto de implicación explícita asumida co réxime franquista.

Outro episodio singular da estadia de Couceiro na Academia foi o relativo ao nomeamento e toma de posesión como académica de **Francisca Herrera Garrido**. O 4 de marzo de 1945 a sesión ordinaria da Real Academia Galega, elixea membro numerario para ocupar a vacante de **Lisardo R. Barreiro** cando esta contaba con 76 anos de idade. Escribe o discurso de ingreso que envía o 11 de abril ao presidente Manuel Casás. Este, á súa vez, tarda dous anos en pasarlle o discurso a Antonio Couceiro Freijomil, para que escriba o discurso de resposta, enviándollo o 17 de xaneiro de 1947. O 28 de febreiro de 1949, máis de dous anos despois de recibilo e catro desde a admisión de Francisca Herrera, Couceiro Freijomil entrega na Academia o seu discurso de resposta e envía unha carta á autora, esta xa con 80 anos e enferma non chegou a ler a carta e morreu sen acadar ser a primeira académica galega por razóns aínda hoxe descoñecidas.

5. Deceso e homenaxes

O 9 de maio de 1955, a piques de cumprir os 67 anos de idade, Couceiro fina na súa casa de Santiago. Os seus funerais celébranse na igrexa compostelá do Pilar presididos polo seu fillo e o seu irmán sacerdotes. O seu cadáver é soterrado no cemiterio municipal de San Domingos de Bonaval. Este é o texto da súa acta de defunción:

57. *Ibid.*, 46.

58. Cf. R. MARIÑO PAZ, *Eladio Rodríguez e a cultura galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco 2001, 49.

59. *Boletín de la Real Academia Gallega* (Decembro de 1942) 269-270.

60. *Ibid.*, (Xuño de 1942) 3.

*"Se inscribe la defunción de D. Antonio Couceiro Freijomil, natural de Puentedeume (La Coruña), nacido el dos de Junio de mil ochocientos ochenta y ocho, domiciliado en la calle de Rosalía de Castro, número cinco-A, segundo. Profesión Inspector Enseñanza, hijo de José Couceiro Rodríguez, y de Dominga Freijomil Carballeira, de estado casado con Doña Elisa Pavón Rodríguez, de quien deja cinco hijos llamados: Eduardo Antonio, Isabel, Elisa, Laura y María de la Concepción, ignorándose si otorgó testamento. Falleció en su domicilio el día nueve de Mayo de mil novecientos cincuenta y cinco a las cero horas quince minutos, a consecuencia de colapso periférico y su cadáver habrá de recibir sepultura en el cementerio de Santo Domingo. Se practica el asiento en virtud de manifestación escrita del autorizado Manuel Fernández Mejuto, mayor de edad y de esta vecindad y certificación de defunción expedida por el Médico Don Ramón Domínguez Sánchez que quedan archivados en el legajo correspondiente. Testigos del mismo: Don José Sande Leis, domiciliado en la calle de Hospitalillo, número doce de estado casado, y Don Pastor Méndez Rey, domiciliado en la Avenida de Rajoy, número dos, de estado casado, ambos mayores de edad. Autorizan la inscripción: el Juez D. Germán Martínez y Oliver y Secretario Don Félix Álvarez-Santullano y Salgado y se efectúa siendo las doce y quince horas del día nueve de Mayo de mil novecientos cincuenta y cinco. Y leído el asiento se sella con el del Juzgado, y lo firma el señor Juez con los testigos, el compareciente, y el Secretario que certifico. Sellado y Rubricado."*⁶¹

O Boletín da Real Academia Galega deu noticia á comunidade intelectual do seu pasamento con esta necrolóxica:

*"Nuestra Real Academia ha sufrido una nueva y dolorosa baja con el fallecimiento de don Antonio Couceiro Freijomil, acaecido en Santiago de Compostela en día 9 de mayo último. Siempre es sensible la pérdida de un compañero; pero cuando se trata de alguien que contribuye al enriquecimiento de nuestra literatura regional, o al mejor conocimiento y valoración de Galicia por medio de sus estudios y trabajos sobre la historia, la cultura y la lengua de nuestro país, aquella pérdida es más sensible y dolorosa si hemos de atenernos al espíritu y fines de nuestra Corporación, y este es el caso lamentable del señor Couceiro Freijomil"*⁶².

O 6 de xuño de 1997, organizado polo Círculo Filatélico e a Sociedade de Arte e Investigación "Eume", e patrocinado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, celebrouse en Puentedeume un festival literario para exaltar a dous fillos notábeis da vila: A. Couceiro e Gumersindo Placer. Como prólogo daquel festival, o conselleiro de Cultura, naquel intre Celso Currás Fernández, descubriu na fachada da casa natal de Couceiro unha placa de bronce conmemorativa.

61. REXISTRO CIVIL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, *Libros de Defuncions*, Tomo 179, Sección 3, número 371. Ao ser clausurado o camposanto de San Domingos, os restos de Couceiro Freijomil trasladáronse a un panteón propiedade da familia Pérez Couceiro no cemiterio compostelán de Boisaca.

62. Cf. L. CARRÉ ALVARELLOS, *Necrológica de Antonio Couceiro Freijomil*, en "Boletín de la Real Academia Gallega" 49 (1955) 26, 6-8.

A Corporación Municipal de Pontedeume, en sesión de 28 de xullo de 1988, adoptou o acordo unánime de nomealo Fillo Predilecto da Vila a título póstumo, ao se cumprir aquel ano o centenario do seu nacemento⁶³.

Por dúas veces, tamén en Pontedeume, a figura de A. Couceiro Freijomil foi protagonista de senlleiras mostras filatélicas. A primeira en agosto de 1974, con motivo da I Exposición Filatélica adicada á xuventude a á infancia. A segunda en agosto de 1988, conmemorativa do I Centenario do nacemento do autor. En ambas as dúas funcionou un carimbo especial de correos, reproducindo a efíxie deste escritor eumés.

ESCRITOS E PUBLICACIÓNS DE COUCEIRO FREIJOMIL

Procedemos a enumerar a produción escrita de Couceiro Freijomil. Farémolo seguindo dous criterios metodolóxicos: a división por temas e, dentro desta, a súa secuencia cronolóxica. Tamén incluiremos unha relación de manuscritos e textos inéditos depositados no arquivo do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos.

1. Literatura e Filoloxía

A obra literaria de Couceiro Freijomil é curta, pero detrás dela hai, non obstante, un gran substrato, un gran fondo cultural.

• *A Puente deume, Pobrecitos, Invernal, Angelitos del cielo, Versos libres...* son títulos das primeiras composicións poéticas de Couceiro. Estas apareceron nos dous anos de vida (1906-1907) do periódico local *El Eco de Puente deume* do que Couceiro foi co-director. Trátanse de composicións en castelán cun forte tinte alegórico. Tamén no número 7 do mesmo periódico recóllese a composición "Buscando otra patria..." que xa aparecera publicada na revista *De todo un poco* que se editaba en Mondoñedo. Cando contaba con 18 anos de idade Couceiro compón uns versos de marcado trazo saudosista:

*¡Qué triste, qué pobre
Galicia se queda!...
Buscando otra patria mejor que la suya
los pobres labriegos se van á la América
y dejan ¡quien sabe! Tal vez para siempre
su plácida tierra,*

63. O acordo literal é o seguinte: "Honores: Nombramiento de hijo predilecto de Pontedeume, a título póstumo, a D. Antonio Couceiro Freijomil: Cumpliéndose en el presente año el primer centenario del nacimiento en esta Villa del ilustre eumés D. Antonio Couceiro Freijomil, cuya vida y obra es conocida por todos, la Corporación, por unanimidad, acuerda: 1º. Nombrar a título póstumo Hijo Predilecto de la Villa de Pontedeume a D. Antonio Couceiro Freijomil en reconocimiento de sus cualidades humanas, así como a su labor histórica y literaria, intentando el pago de la deuda de gratitud que Pontedeume tiene contraída con el más ilustre de sus hijos. 2º Unirse a los actos programados con motivo del I Centenario de su nacimiento. Cf. *Libro de Actas de la Corporación Municipal de Pontedeume*. Sesión de 28 de xullo de 1988.

*de fértiles campos, de bosques amenos
 de hermosas florestas;
 y van cabizbajos, y van muy llorosos,
 porque es honda y grande su justa trsitez...*
*Dejan para siempre aquellas casitas,
 sus nidos de amores y dulces ternezas,
 sus esposas é hijos, sus padres y hermanos,
 y á verlos ¡quien sabe! No es fácil que vuelvan.
 ¡Ver como abandonan sus tierras queridas
 nos causa honda pena,
 pues si ellos se marchan, ¡qué desierta y sola,
 qué triste y qué pobre
 Galicia se queda!...*
*No se oye armoniosa
 la dulce cadencia
 del canto sentido que antes resonaba
 del valle á la sierra.
 La gaita parece
 que canta tristezas,
 que canta nostalgias de los que se fueron,
 que canta dolores de los que se quedan.
 Los campos incultos
 á verse comienzan;
 ya no hay quien trabaje, ya no hay quien alegre
 la olvidada tierra,
 que, cual cementerio, sola, abandonada,
 parece que llora de honda tristeza.
 Los pobres labriegos se fueron llorosos
 no es fácil que vuelvan;
 no es fácil que cesen las penas y angustias
 de quienes esperan...
 ¡Sin ellos qué inculta, qué desierta y sóla,
 qué triste y qué pobre
 Galicia se queda!...⁶⁴.*

Como consecuencia da toma de consciencia do nacionalismo, os estudosos do rexurdimento procuraron unha definición da identidade galega. Un dos trazos característicos máis defendidos e asumidos como propios é o da saudade que provén da estreita relación entre o home e a paisaxe natal; este sentimento emerxe sobre todo coa emigración⁶⁵. Parécenos que esta idea típica do rexionalismo aparece clara nesta poesía no mozo Couceiro (contaba con dezaioito anos de idade).

64. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Buscando otra patria...*, "El Eco de Puente deume" (Edición única, 6-Mayo-1906) 3.

65. Cf. M. MANDIANES CASTRO, *O río do esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia*, Vigo, Xerais 2003, 80-81.

• Colección de poemas Lóstregos con prólogo en verso de **Francisco Álvarez de Nóvoa**. Prémíase esta obra co galardón "Cantares Gallegos", na Festa da Poesía celebrada en Lugo polo San Froilán de 1925⁶⁶. Apareceron publicados tamén no xornal *El Compostelano* en 1931 engadindo o subtítulo de Cantares Gallegos.

• *Cantares*. Doce cantigas que aparecen no número 23 da revista Nós, correspondente ao 15 de novembro de 1925. Despois do título entre paréntese di: "Da colección de 230 que axiña se publicará, premiada no Certame celebrado derradeiramente en Lugo", aínda que verdadeiramente son 229. Segundo Ramiro Fonte "*trátase dunha pequena colección de cantigas populares ou popularizantes -habería que estudialo- (...) en forma de refrán monoestrófico*"⁶⁷. Reproducímola a continuación:

*Negocio feito entre moitos
mais que negocio é ruína;
compañías, c'a muller,
y-as veces, aínda, aínda...*

*A rapaza n'está mal
si non fora pol-o andado;
aquele que lle fixo o cesto
que tamén lle poña o aro*

*Teño no peto un buraco
E perdín unha cadela:
jalí onde perdas non hai
todo se volve miseria!*

*N'hai sardiña sin espiña,
nin besta sin unha amata,
nin cadelo que non ladre,
nin moza abondo gardada.*

*Estou ceguiño por ti,
y-asi non te ha de admirar
que o que non vexa cos ollos
trate de botarlle a mau.*

*Por moito que un se aproveite,
sempre algo deixa pra os outros:
ben galiñas dormen fora,
y-a todas n'as ve o raposo.*

66. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Lóstregos*, Ourense, Imprenta de El Diario 1925.

67. R. FONTE CRESPO, "Couceiro Freijomil na revista Nós", en: AA.VV., *Homenaje al polígrafo eumés...*, o. c., 116.

*Nin toda festa ha de ser gaita,
nin calquer día domingo,
nin sempre a muller casada
ha de de estar: ¡Meu maridiño!*

*Sei de bastantes mociñas
que andan pensando de cote
que os negocios rixen mal,
si de eles non terma un home.*

*Ti non faga-la primeira,
porque despois, miña filla,
xa se sabe: sobre un ovo
ha de poñel-a galiña.*

*Ó novo que moito reza
y-o vello que moito auna,
lévaos pra casa, que a min
nen me fan falla ningunha.
Sempre con espiñas nace
o cardo que ha de picar;
tamén o fillo do lobo
sempre ha nacer lobicán.*

*Morreu de parto unha amiga
de unha solteirona fea,
y-ésta, o instante de sabelo,
sospirou: -¡Dichosa de ela!*

• *Novos Cantares*. Dúas novas colaboracións poéticas aparecidas na revista Nós. Unha primeira no número 48 correspondente ao 15 de nadal de 1927, e unha segunda no número 50 correspondente ao 15 de febreiro de 1928. Tamén segundo Ramiro Fonte "*neles encontrase ese senso do moral que ten o pobo, a famosa retranca, a ironía, e todo posto ao servizo dun galego áxil, rebuldeiro e espontáneo*"⁶⁸. Esta vai ser a última colaboración de Couceiro en Nós. Pronto rifou Couceiro con Risco e **Ben-Cho-Shey** (X. R. Fernández Oxea), certas discrepancias políticas e literarias os separaban tallantemente. Tamén baixo ese mesmo título apareceron once novas composicións no xornal El Compostelano entre maio e xullo de 1929⁶⁹.

• No Ourense da súa mocidade, Couceiro veneraba ao gran patriarca das letras

68. *Ibid.*

69. Cf. X. MARQUÉS VALEA, O.c., 161.

ourensáns, **Marcelo Macías García**⁷⁰, quen o animou a participar no certame literario celebrado en Ourense o 13 de outubro de 1926 para conmemorar o segundo centenario da publicación do Teatro Crítico Universal do P. **Benito Feijoo**. Presenta o poema Galicia que acada premio. Co mesmo título publicanse novas composicións en *El Compostelano* o 22 e o 23 de abril de 1931 e o 22 e o 24 de outubro de 1938.

- *Do meu feixe*. Preto dun milleiro de composicións poéticas que viron a luz en sucesivas colaboracións no xornal *Galicia* de Ourense. O seu orixinal mecanografado consérvase no arquivo do Instituto *Padre Sarmiento* de Estudos Galegos de Santiago⁷¹. Parte desta serie viu a luz nas páxinas de *El Compostelano* entre abril e novembro de 1932⁷².

- *Contiños*. Nova serie de 35 composicións populares que aparecen no xornal *El Compostelano* entre Outubro de 1938 e abril de 1939⁷³.

- En 1926 publicase no Tomo de Generalidades da *Geografía General del Reino de Galicia* a primeira edición de *El idioma gallego*.

- *Canto a Galicia; Na cas do picapreitos; Xa pasou; Do que vin contar; Os dous ladrós*: Colaboracións literarias que saen publicadas en *El Compostelano*, o 7 de xuño de 1927, o 5 de xuño de 1933, o 15 de setembro de 1938, o 24 de setembro de 1938, e o 18 de outubro de 1938 respectivamente⁷⁴.

- A nosa ortografía foi unha sección da revista *Nós*. Nela Couceiro achegou dos artigos: Sobre o emprego do apóstrofo 24 (1925) 5-8 e *De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras* en 7 (1926) 25, 7-9.

- En 1929 publica na imprenta *La Popular de Ourense o estudo de investigación Ortografía gallega*. Bases para su unificación, cun apéndice do profesor **Abelardo Moralejo Lasso**. Trátase das notas lidas aos membros do Seminario de Estudos Galegos con motivo da súa Asemblea Xeral celebrada en Pontevedra entre os días 7 ao 9 de abril de 1928⁷⁵. Desde os comezos do Rexurdimento, os escritores gale-

70. Marcelo Macías García naceu en Astorga en 1843 e chegou á cidade das Burgas como catedrático de literatura no Instituto de Ourense. Autor de numerosos artigos de crítica literaria e traducións de obras clásicas e epigráficas mantivo un meritório labor á fronte da Comisión de monumentos históricos e artísticos de Ourense, que editaba un boletín no que Couceiro colaboraba. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *El idioma gallego...*, o. c., 392-393.

71. Esta obra aínda que non achega nada novo de importancia ao coñecemento de Couceiro, si encerra perfís de singular interese para os estudosos. De aí o empeño que se debería facer para a edición da mesma.

72. Cf. X. MARQUÉS VALEA, O.c., 161.

73. *Ibid.*, 162.

74. Cf. *Ibid.*, 161-162.

75. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Ortografía gallega. Bases para su unificación por Antonio Couceiro Freijomil con un apéndice del profesor Abelardo Moralejo, de la Facultad de Filosofía y Letras de Santiago, Ourense, Imprenta Papelería Relieves "La Popular", 1929.*

gos botaron en falta unha norma ortográfica que unificase os textos e resolverse moitas das dúbidas que aparecían cando intentaban poñer por escrito a fala. Foi Couceiro Freijomil, xunto con outros intentos de homes da época Nós, un dos primeiros en artellar de forma precisa o problema lingüístico de Galicia⁷⁶.

- En 1935 publícase a versión definitiva de *El idioma gallego. Historia. Gramática. Literatura*, (Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín). Esta nova edición respondía á necesidade de poñer ao día a primeira edición que aparecera en 1926 dentro das xeneralidades do volume I da Geografía General del Reino de Galicia, dirixida por **F. Carreras Candi**. Divide a actividade dos galegos en períodos cronolóxicos e menciona unha extensa nómina de escritores escasamente coñecidos. Pode dicirse que anuncia aquí o *Diccionario Biobibliográfico de Escritores*.

- *Cousiñas*. Obra que Couceiro deixou inédita e disposta para o prelo. Como el indica no seu manuscrito se trata de. "Trabajo presentado al primero de los Premios Castelao correspondientes al año 1951 a la mejor obra inédita en verso, para libro de formato corriente o mayor, escrita en idioma gallego. Tema libre". Composta por unha colección dun milleiro de cantares e contiños⁷⁷. A introducción de Couceiro para este libro reproducímolos no apéndice documental. Nela desvelámos a motivación para súa composición:

"Escritas a lo largo de muchos años, puesta la atención cuidadosamente en la manera de ser de las gentes rústicas de Galicia, proponiéndonos imitar los modos de manifestarse nuestro pueblo en sus canciones, en sus dichos y sentencias, en toda la rica gama, en fin, de su peculiar sentimentalismo, hemos ido elaborando este no breve conjunto de coplillas de índole varia, del que nosotros, intencionalmente, nos inhibimos, para dejar libre el campo en absoluto al alma colectiva, a la emotiva palpitation espiritual de la Tierra".

- *Un menudo pleito literario*. Colección de 11 artigos de polémica, que apareceron no xornal Galicia de Ourense entre o 26 de outubro ata o 30 de novembro de 1930.

- Entre 1951 e 1953, froito dun inxente e persoal traballo de anos, publica os tres tomos do Diccionario Bio-Bibliográfico de Autores (Santiago, Ed. Bibliófilos Gallegos). Como o seu nome indica é un repertorio sobre a vida e as obras dos escritores galegos, entendendo galegos en senso moi amplo. Inclúe un total de 4.169 biografías, resultado dun paciente labor de recompilación levado a cabo

76. Cf. C. NOIA, *Usos e actitudes lingüísticas na Época Nós*, en "Grial" 26 (1988) 100, 174-182.

77. Cf. F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada, Edicións do Castro 1990, 86.

durante anos, ata constituír unha das fontes de referencia máis utilizadas polos investigadores da cultura galega⁷⁸.

2. Pedagogía e ciencias da educación

- *El Eco de Puente deume* (1906-1907) albergou puntuais colaboracións do mozo Couceiro ás veces firmadas con acrósticos ou pseudónimos, sobre temas de instrución pública nalgunha ocasión cunha forte carga de denuncia social⁷⁹. O mesmo aconteceu coas súas colaboracións en *Ecos del Eume*, destacando o artigo *Las Bellas Artes. Inmediata aplicación*⁸⁰, onde realiza unha defensa xustificada da necesidade da ensinanza do debuxo na escola primaria.

- Ensaio pedagóxico *Los factores del desenvolvimiento humano*, memoria preceptiva para as oposicións a Inspectores de Ensinanza Primaria que escribe en 1917 pero que se publica posteriormente en Ourense (Magisterio Orensano)⁸¹ en 1935. Trátase dunha obra xuvenil de Couceiro pero con marcado compromiso social, sobre todo polo uso do galego como lingua vehicular para a docencia⁸².

- *Los idiomas regionales en las escuelas*. Artigo para o xornal *Ecos del Eume* no exemplar correspondente ao 31 de marzo de 1918. Aparecerá incluído como anexo no ensaio *Los factores del desenvolvimiento humano*.

"¿No es condición primordial de toda enseñanza que el maestro se haga entender de sus discípulos? ¿Y no constituye precisamente lo contrario el comenzar por dirigirse a ellos en una lengua que les es extraña? ¿No ha de ser la escuela una continuación de la familia? ¿Y no pierde la escuela ese carácter desde el momento en que adopta otro idioma que no es la lengua familiar? ¿No se ha pregonado hasta la saciedad que es preciso no violentar al niño, que debe hacerse agradable la escuela, que hay que echar mano de todos los medios conducentes a despertar en él un interés múltiple por todo cuanto se le enseña? ¿Y cómo lograrlo proscribiendo el idioma en que el niño recibió de sus padres y de las personas con quienes convive las primeras ideas y nociones de las cosas? ¿No

78. Cf. X. V. FREIRE LESTÓN, *Aproximacións a unha historia da bibliografía en Galicia (1900-1975)*, en "Cuadernos de Estudios Gallegos" 47 (2000) 113, 421-454.

79. Cf. "El Eco de Puente deume", (Edición única, 15-Abril-1907) 4.

80. Cf. "Ecos del Eume", (Edición única, 8 de setembro de 1910) 9.

81. **El Magisterio Orensano** era un periódico provincial do Maxisterio que existiu entre 1932 e 1935, dirixido por **Salvador Álvarez Pereira**. Cf. M. VALCÁRCEL LÓPEZ, *A prensa en Ourense...*, o. c., 46.

82. Cf. "El presente ensayo fue escrito va para veinte años -allá por las vacaciones estivales de 1915- para ser presentado, cumpliendo un precepto reglamentario, en las oposiciones a Inspectores de Primera Enseñanza convocadas a la sazón en los años 1916 y 1917". A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Los factores del desenvolvimiento humano...*, o. c., 2.

*está obligado el maestro a encadenar la enseñanza en el conjunto de los primeros conocimientos del niño? ¿Y no es el mayor estorbo para ese encadenamiento el empleo privilegiado de un habla distinta de la que fue vehículo para la adquisición de aquellas primeras nociones?*⁸³.

- *Programa escolar*. Santiago 1955. Na súa introducción lemos: "*pretende ser el índice ordenado del mínimo de conocimientos que debe poseer el alumno al terminar los estudios primarios*"⁸⁴. Ofrece ademais unha ideal distribución curricular de tempo e traballo e organización escolar.

- Traducións do francés de ensaios sobre hixiene escolar. Concretamente unha gran parte da *Hygiene Scolaire*, dos doutores Méry y Génévrier⁸⁵. Traballo realizado entre 1915 e 1916 cando Couceiro se estaba a preparar para a materia de Pedagogía de anormais preceptiva para o exercicio das oposicións a Inspector de Primeira Ensinanza. Como a bibliografía sobre este tema, logo de vinte anos, seguía a ser escasa Couceiro decide achegala á imprenta.

- *La aceptación del dolor*. Conferencia pronunciada na Escola de Obreiros de Lugo o 25 de marzo de 1914 e publicada na Tipografía de *El Norte de Galicia* de Lugo⁸⁶.

3. Historiografía e Arte

- Desde 1927 a 1945 o Boletín da Real Academia Galega, publicará pequenas colaboracións e apuntes sobre a historia local de Pontedeume dos que, posteriormente, sairá a Historia de Puente deume y su comarca.

- En 1930 ve a luz a obra *La bandera de Galicia* que aglutina unha colección de artigos publicados en xornais ourensáns sobre o que Couceiro Freijomil consideraba como o verdadeiro deseño da bandeira galega⁸⁷.

- *Monumentos de la provincia de Ourense*. Entre 1937 y 1938 publicou varias colaboracións no Boletín da Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos.

83. *Ibid.*, 62.

84. Manexamos o texto orixinal que se conserva no fondo de documentos que sobre Couceiro custodia o arquivo do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos en Santiago de Compostela.

85. Cf. ID, *Los niños anormales y su educación especial. Versión castellana de la parte dedicada a esta materia en la "Hygiene Scolaire" de los Doctores Méry et Génévrier*, Magisterio Orensano 1935-1936.

86. Cf. ID., *La aceptación del dolor. Conferencia de la serie organizada por la Juventud Antoniana de Lugo, dada en la Escuela de Obreros, bajo la presidencia del Ilmo. Sr. Obispo de la Diócesis, el día 25 de marzo de 1914*, Lugo, Tipografía de "El Norte de Galicia" 1914.

87. Cf. ID., *La Bandera de Galicia. Colección de artículos que editan varios amigos y admiradores del autor*, Ourense, Imprenta y Papelería Galicia, 1930.

Fundada por Marcelo Macías e exemplo de publicación erudita comeza en 1898 e chega ata os nosos días vinculada ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

- En 1944 sae a primeira edición da *Historia de Puentedeume y su comarca* (Santiago, Imprenta Porto) que terá posteriores reimpresións en 1971, 1980 e 1994 -esta última na súa versión galega-.

- Por encargo do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas, elaborou para a Biblioteca daquel Centro, o Catálogo de Impresores compostelanos, dos séculos XVII ata o XIX, ambos inclusive e que comprende máis de tres milleiros de fichas.

4. Manuscritos e outros textos inéditos

Xa indicamos que en 1956, logo do falecemento de Couceiro, parte da súa biblioteca -setecentos volumes- e dos cadernos e papeis persoais foron adquiridos por Pedret Casado e Cordero Carrete para doalos á súa vez ao Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Pois ben, estes papeis atópanse conservados no arquivo desta institución que se aloxa no edificio do antigo Hospital de San Roque de Santiago (reconstruído por outro ilustre eumés, Bartolomé Rajoy y Losada en 1764). Organízanse estes documentos en vinte e un atados dos que faremos unha breve descrición. Adiantamos que se trata dun verdadeiro tesouro bibliográfico e documental que agarda ser re-descuberto e merecedor de novos estudos -sen dúbida- moito mellores que os nosos. Como criterio metodolóxico, e a falta dunha catalogación máis precisa destes fondos, describiremos o contido de cada un dos vinte e un atados:

Atado número 1:

- Recompilación manuscrita dunha escolma de poesía galega de precursores do Rexurdimento; do propio Rexurdimento e de autores de comezos do século XX. Os autores escolmados son os seguintes: **Benito Losada; Dr. López de la Vega; E. Núñez Sarmiento; Eduardo Álvarez Perterra; Xesús Rodríguez López; Ricardo Frade Giráldez; Manuel Comellas; Maximino Fernández; Francisco Añón; Camilo Placer Bouzo; Xosé García Mosquera; Antonio Álvarez Novoa; Eduardo Pondal; Xosé Salgado Rodríguez; Luís Rodríguez Seoane; Avelina Valladares; Andrés Muruais; Domingo Camino; Benito Vicetto; Urbano González Varela; Heliodoro Fernández Gastañaduy; Clara Corral; Enrique Labarta; Heraclio Pérez Placer; Adolfo Mosquera; Filomena Dato Muruais; Manuel Amor Meilán; Alfredo Brañas; Antonio de la Iglesia González; Manuel Martínez González; Xosé Pérez Ballesteros; Roxelio Cibeira; Xavier Valcarce Ocampo; Luís González López; Xosé María Posada; Francisco María de la Iglesia; Marcial Valladares; Alberto Camino; Aureliano J. Pereira; Xoan Varcia Caballero; Avelino Rodríguez Elías; Pío Lino Cuíñas; Francisco A. de Nóvoa; Amador Villar Amor; Xosé Iglesias Roura; Alfredo**

Tella; Antonio Rei Soto; Uxío Carre; Celestino García Romero; Emilio Mosteiro; Antonio Losada Diéguez; Roberto Blanco Torres; Luís Amado Carballo; Xulio Sigüenza; Otero Espasandín; Vicente Risco; Antonio Villar Ponte; Xavier Bóveda; Ramón del Valle Inclán; R. Otero Pedraio; Fermín Bouza Brey; Augusto María Casas; Álvaro María de las Casas.

- Manuscrito de 195 cuartillas cuadriculadas coas poesías de **Domingo Ubiña** que saíran publicadas nun folletín de Vigo titulado *La Oliva* a partir do 2 de febreiro de 1896.

- Colección de cadernos manuscritos con recompilación de bibliografía relativa ás vilas e entidades de poboación da provincia de Ourense organizadas por partidos xudiciais.

- Mecanografado anónimo titulado *Cuaderno de Bitácora*. Fragmentos de un poema de mar. Lema: espacio y tiempo. Trátanse duns sonetos con estes títulos: I. Lastre; II. Éstrella polar; III. Marinero en tierra; IV. Voces amigas; V. Cuerpo al. Mar; VI. Viaje último.

- Mecanografado con poesías do impresor eumés **Miguel López Torre**: *Un escolante* (marzo de 1950); *O neno descalzo* (Marzo de 1950); *Coidado rapaza* (marzo de 1946); *Un trato* (Xuño de 1946); *O tear*; *Un peixe caro* (Xuño de 1947); *Foliadas* (San Xoán de 1950); *Homes de ciencia*; *Salaios po-la sardiña ausente* (Abril de 1951); *Puentedeume estrena un siglo*; *Tarde de Casino* (Marzo de 1950); *Ave que vuela* (Novembro de 1947); *Al Torreón que fue torre del homenaje del Alcázar de los Andrade* (Maio de 1951)⁸⁸.

- Correspondencia varia da que reproducimos parte dunha carta data en Santiago o 18 de outubro de 1949 dirixida ao Dr. Rabanal, un estudoso da semántica do castelán que lle demandaba información a Couceiro Freijomil verbo do uso que no galego ten a palabra “piropo”. Parte da contestación do noso polígrafo foi esta: *"Desde luego, tal vocablo no tiene pito ni flauta que tocar en nuestro peculiar lenguaje. Yo he conocido por aquí una familia a la que apodaban los piropos, pero esto no significa nada. El piropo o requiebro no encaja en la psicología gallega, y de ahí, sin duda, el no haber surgido una palabra indígena para designarlo"*.

- 28 cuartillas manuscritas con refráns de todos os temas.

- Cuartillas soltas con apuntes (probabelmente anotacións para unha conferencia) sobre o proceso de fabricación dos derivados do leite.

88. Interesante esta relación pois aparecen títulos aínda non publicados e a datación da composición doutros que non figuran nas dúas obras deste autor. Cf. M. LÓPEZ TORRE, *Romancero del Eume*, Pontedeume 1958; e ID., *Do tear esquecido*, Pontedeume 1976.

Atado número 2: Interesantísima colección de anotacións manuscritas e esquemas, posiblemente para dedicalas ao estudo ou mesmo á docencia, das ciencias da educación. Son catro grupos de papeis organizados deste xeito: Pedagogía; Historia da Pedagogía; Didáctica da pedagogía e Contestacións da pedagogía para poboacións de máis de dez mil habitantes.

Atado número 3: Fichas con datos de escritores galegos. Escritos dunha maneira impoluta serviron, con toda seguridade, para a redacción de El idioma gallego e do Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores Gallegos.

Atado número 4: Contén preto de medio cento de cadernos manuscritos contendo datos e informacións dos máis variados temas. Entre outros: *Escritores da comarca de Verín* (caderno 40); *Noticias dos Discursos inaugurais dos cursos académicos da Universidade de Santiago e do Seminario Conciliar Compostelano* (caderno 38); *Os historiadores da diocese de Tui* (caderno 39); Notas bibliográficas aparecidas en diversos xornais *El Eco de Galicia de La Habana* (caderno 34); *El Eco de Galicia de Buenos Aires* (caderno 33); *El Correo Gallego* (caderno 32).

Atado número 5: Na maior parte trátanse de papeis soltos gardados en follas do ABC co obxectivo de facer de secante e conservante dos orixinais autógrafos.

- Poema do Tempo, autógrafo de **João de Castro Nunes** de 3 de decembro de 1946.
- Versos dos alumnos do curso de primeiro de filosofía dirixidos en homenaxe a **Dionisio Gamallo Fierros** por mor da súa xubilación como docente da universidade compostelá.
- Alegación de defensa de tese de *Xosé Rúa Figueroa*.
- *Ansia de primaveras*. Poema autógrafo de Gamallo Fierros de 18 de decembro de 1946, composto nunha viaxe de Madrid Asturias, cunha consigna para Couceiro: "Dígame lo que le parece".
- *Oda a Compostela*. Composta no verán de 1946 por **Xosé Miguel de Araola**.
- *A lágrima*. Versos galegos de **Guerra Xunqueiro** datados en 25 de marzo de 1888.
- Autógrafo do poema *Dos tempos idos (Saudades)* de **M. García Barros**, datado en 1901.
- Autógrafos dos poemas *Quietud* e *Mi mesa de Simes*, compostos por **Herminia Fariña** para un suplemento especial do xornal compostelán *La Noche*.

- *Canto a Betanzos*, poema datado en agosto de 1946, que ten por autor a Manuel Mandiás Sánchez.
- Feixe de papeis e cuartillas con copias de escolmas de poesía aparecidas en publicacións como *El Álbum de la Caridad*⁸⁹; *Revista de Galicia* (1880); *La Aurora de Galicia* (1879); *Almanaque Gallego* (1866-1869); *El Iris Gallego* (1883).
- Correspondencia variada, pero a maior parte datos recibidos de persoas e institucións achegando datos pedidos por Couceiro sobre escritores galegos. Especialmente abundan os que proveñen do Arquivo Xenealóxico Galego con sé en Melide.
- *Ofrenda*, poema autógrafo anónimo dedicado a Couceiro para -segundo o propio manuscrito- "*un libro inédito que ao mellor sae*" e que pola súa significación reproducimos completo no apéndice documental deste estudo.
- Orixinal mecanografado do opúsculo de temática pedagóxica de Couceiro titulado *Programa escolar* do que xa fixemos anteriormente referencia.

Atado número 6:

- Dous tomos de apuntes manuscritos divididos como Agricultura 1 e Agricultura 2, contendo resúmenes de leccións do programa da materia *Técnica agrícola, industrial y económica*. Á parte do valor didáctico destes apuntes, todos estes manuscritos teñen un valor engadido. Os apuntes e anotacións están escritas en soporte de papel reutilizado. É dicir, que o reverso de moitos oficios, saúdas, circulares e formularios de correspondencia recibidos eran de novo reutilizados por Couceiro para as súas compilacións. Deste xeito ata os reversos destes papeis se amosan como unha prezada fonte de información para coleccionistas de selos coñaxes e timbres; para obter datos estatísticos do exercicio do ensino en Galicia naquel tempo e de todo o relacionado coa organización escolar e a instrución pública no momento en que Couceiro exerceu de inspector en Ourense e Santiago.
- Fichas manuscritas, en formato cuartilla, con datos e informacións de autores galegos catalogados por orde alfabética abranguendo este atado os corresponden-

89. Obra de importancia para Couceiro pois considérasea como proba da existencia dun verdadeiro e auténtico rexurdimento literario previo ás achegas de Nós e das Irmandades da Fala. O 2 de xullo de 1861, celebráronse no teatro San Xurxo da Coruña, os primeiros Xogos Florais de Galicia. Polo mecenado de Xosé Pascual López Cortón editase *Álbum de la Caridad: Juegos Florais de La Coruña de 1861, seguidos de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos* (Coruña, 1862). Un volume de 482 páxinas que en palabras de Couceiro: "*constituyen un exacto reflejo de la situación a que entonces había llegado nuestro renacimiento poético y prueban que este se hallaba ya en pleno desarrollo. Ciertamente que en el Álbum de la Caridad hay bueno y malo; pero esta misma circunstancia presta más valor a aquel extenso repertorio si se le considera históricamente, y ni aun lo malo o lo mediano resultan desprovistos de mérito al juzgarlos, como así debe ser, atendiendo a que se trataba de un despertar de la poesía indígena y de su encauzamiento por nuevos derroteros*", A. COUCEIRO FREIJOMIL, *El idioma gallego...*, o. c., 312-313.

tes ás letras A ao D. Algunhas das fichas están con recortes de prensa relativos aos propios autores catalogados.

Atado número 7:

- Apuntes manuscritos de diversas cuestións e materias. Por exemplo 280 cuartillas de economía, 138 de fisioloxía, 58 de química do carbono e outras tantas (medio cento) de exercicios matemáticos. Todas escritas no reverso de oficios, saúdas e impresos xa cursados que Couceiro reutiliza e aproveita.

- Orixinal manuscrito da obra *Programa Escolar*⁹⁰.
- Cuartillas soltas con anotacións bio-bibliográficas clasificados por orde alfabética.

Atado número 8:

- Orixinal mecanografado de *Do meu feixe*. Colección de mil cantares e contiños compostos por Antonio Couceiro Freijomil.

- Fichas e recortes de xornais con informacións para o Dicionario Bio-Bibliográfico de Escritores, correspondentes ás letras C e E.

- Manuscrito en cuartillas cuadrículadas e cosidas, que leva por título *Vocabulario de palabras comunes contenidas en la Crónica Troiana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid, publicado por Don Andrés Martínez Salazar (A Coruña, 1900)*.

- Recortes do xornal compostelán La Noche, correspondentes ás columnas de Anacos de **Borobó**, e Nebulosa de **Rabanal**.

- Manuscrito reproducindo a peza de teatro Camiño da Vida, de **S. Cabeza de León** de 1915.

- Selección de textos poéticos galegos e casteláns aparecidos na revista Vida Gallega, entre 1909 e 1936. Compilación recollida en 464 cuartillas numeradas e outras 87 cuartillas que conteñen textos en galego e castelán de poemas aparecidos en Almanaque Gallego de Bos Aires entre 1899 e 1927.

- Cuartillas manuscritas compilando poemas de **Ana María Castro Neira**.

90. O orixinal mecanografado atópase, como xa indicamos, no atado número 5.

Atado número 9:

- Novas compilacións manuscritas, algunhas contendo seleccións da Revista Gallega da Coruña, entre 1895 e 1903: composicións galegas e casteláns, índices, estatísticas bibliográficas, listaxes bibliográficas e anotacións varias entre as que destaca a referida "A nuestra bandera" (Revista Gallega, A Coruña 17 de marzo de 1895).

- Colección de octavillas manuscritas con seleccións de composicións literarias e poéticas en galego e en castelán aparecidas en Galicia. *Revista Universal de este Reino*, entre 1844 e 1864. Entre estas destacarmos as de: **Benigno de la Iglesia González** *Dos flores y un amor* e *El Voto de Chanteiro*, datada esta en Ferrol o 3 de xuño de 1863; ou tamén *El mugardés*, firmada por **Domingo Díaz de Robles**, datada en San Martiño de Porto a 18 de outubro de 1857. E mesmo tamén a *Improvisación: a Puente deume tras diez y siete años de ausencia*, obra de **Aurelio Maleta y Oña**, datada en 15 de xullo de 1864, aínda que na revista se publicou no número 24 correspondente ao 15 de Nadal de 1864.

- 468 cuartillas cosidas e mecanografadas que teñen por título: Referencias Bibliográficas. Suplemento al. Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores del Sr. Couceiro Freijomil, cunha anotación manuscrita que di: recompiladas por **Pablo Pereira Rodríguez**.

- Novo feixe de cuartillas manuscritas con datos de escritores catalogados polas letras V ao Z.

Atado número 10. Ademais de un novo feixe de cuartillas manuscritas con seleccións de escritos e artigos de *A nosa Terra e das Bibliografías Gallegas* de **Amor Meilán** e outras con notas de escritores -neste atado os catalogados coas letras R e S- contén tamén un orixinal manuscrito en 70 cuartillas cuadriculadas e cosidas titulado: *Inspección de 1ª enseñanza de Orense. Zona Tercera. Año 1921. Memoria que el Inspector Don Antonio Couceiro Freijomil tiene el honor de someter a la consideración de la Superioridad en cumplimiento de lo ordenado en la R.O de 5 de septiembre último*". Trátase dun interesante traballo pedagóxico que trata de resolver os que Couceiro considera os tres problemas fundamentais da primeira ensinanza: O local das clases; a asistencia escolar, e o persoal docente. Cada un destes problemas vén tratado con este método: exposición do estado real do problema partindo do observado nas visitas ás escolas; estudo das solucións que cómpre adoptar; síntese do labor realizado por Couceiro dentro das posibilidades. O traballo está datado en 11 de outubro de 1921.

Atado número 11:

- Orixinal manuscrito do borrador, escrito en 19 cuartillas reutilizadas, do prólogo ao *Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores*.

- Borrador da carta de Couceiro dirixida ao Director de Edicións de Labor (Alcalá 144, de Madrid), dando noticia de que achegaba 10 biografías para o *Diccionario Biográfico Hispano Americano*.
- Feixes de cuartillas manuscritas compilando informacións de escritores correspondentes á letra A⁹¹.

Atado número 12: Nova colección de cadernos (dezaseis en total) manuscritas con datos, informacións e compilacións dos máis variados temas. Destacamos os referidos á compilación e catálogo de: Folletos e novenas impresas en Santiago; Escritores franciscanos da provincia de Santiago entre 1890 e 1934; A imprenta en Galicia; Notas históricas sobre varóns ilustres de Pontevedra sacadas do libro de **Xosé Millán**; Extractos de traballos de **Atanasio López**; Fillos ilustres da Universidade de Santiago; Un programa para un curso de Literatura Galega a cargo do profesor **Filgueira Valverde**; Biografía de escritores mercedarios, etc.

Atado número 13: Contén preto de tres milleiros de fichiñas manuscritas con refráns catalogados deste xeito: mitolóxicos de Álvarez García; recollidos en Calvos de Randín; da Terra de Melide; Refráns P (posibelmente querendo dicir Prado); Refráns V.E; Parga Sanjurjo; Sarmiento Gil; Refráns de Noriega; Refráns S; de Álvarez Giménez, Rey González; agrícolas. Tamén se atopa neste atado as cuartillas manuscritas coas informacións de escritores correspondentes á letra M.

Atado número 14: Cuartillas manuscritas e recortes de xornais con informacións de escritores catalogados polas letras E, F e G.

Atado número 15: Nova colección de cadernos manuscritos. Tres conteñen o *Catálogo Xeral da Librería Española*; Dous conteñen anotacións de fillos notábeis de Vigo; Outras dúas conteñen copias dos poemas da *Lirica Medieval Galega e Portuguesa*; e outros dous máis con voces soltas do Diccionario de Bibliografía Agronómica. Tamén hai cadernos que conteñen os índices das publicacións *Recreo Compostelano* e *Album del Miño*, e o inventario da Biblioteca Gallega de **Salvador Cabeza de León**.

Atado número 16: Papeis e cuartillas manuscritas con referencias para o Diccionario de Escritores correspondentes ás letras N - Q.

Atado número 17:

- Caderno manuscrito en follas cuadriculadas e cosidas titulado: *Florilegio de poetas gallegos. Recompilación y notas de Eugenio Carré Aldao. Trabajo publicado en el número extraordinario del diario coruñés El Ideal Gallego correspondiente a 25 de julio de 1926.*

91. É curioso como na primeira cuartilla, aparece o título seguinte: *Aportaciones para un índice bio-bibliográfico de escritores gallegos*. Se cadra non resulta desacadelado pensar que esta era a inicial e modesta pretensión de Couceiro do que logo resultou ser un diccionario de tres tomos.

- Compilacións en cuartillas cuadriculadas sen coser e manuscritas de poesías casteláns de autores galegos publicadas en *El Heraldo Gallego*.
- Cuartillas manuscritas agrupadas baixo o título: *La buena prensa, la mala prensa y la prensa peor: artículos inéditos escritos en 1916*.
- Copia dunha carta de Alarcón referida ao suicidio de **Victorino Torres**.
- Un programa escolar manuscrito de Historia Sagrada.
- Recortes de prensa de artigos e colaboracións de **Antonio Rey Soto**.
- Manuscrito coa copia de: *La aportación de Pontevedra y su provincia a la literatura galaico castellana. Brillante disertación de Gamallo Fierros en Pontevedra. Segunda conferencia del ciclo de charlas culturales de la Vicesecretaría de Educación popular. El acto tuvo lugar en el salón de actos de la Diputación provincial y fue publicado el 14- ? - 1945 en Faro de Vigo*.
- Cuartillas manuscritas con anotacións e referencias de escritores galegos que publicaron nas seguintes revistas e dicionarios: *El eco franciscano*; *Almanaque de Castro López*; *Vida Gallega*, *Diccionario de Murguía*.

Atado número 18: Nova colección de cadernos manuscritos. 21 desta vez. Conteñen anotacións sobre: catálogo de folletos conservados nos fondos do Instituto Padre Sarmiento; copia do traballo titulado *Dos mil nombres gallegos*, obra de **Francisco Lanza Alvarez**, publicado en Edicións Galicia de Bos Aires en 1953; Historia da Universidade de Valladolid; Bibliografía hispánica correspondente aos anos 1949 a 1955; e o índice histórico español.

Atado número 19: O contido deste atado ben podería ser resumido así: curiosidades clasificadas. Pois atopamos os seguintes papeis, algúns mecanografados, outros impresos e os máis manuscritos: urbanidade en verso para señoritas; Sentenza de **Angel Amor Ruibal**, gobernador eclesiástico de Santiago respecto a un preito pola provisión da parroquia de San Martiño de Porto, a favor de Eduardo Couceiro Freijomil, feita polo Duque de Alba recorrida pola Coroa e o propio Arcebispado de Santiago; Recortes de xornais sobre temas de administración; biografías de escritores sacadas da Enciclopedia Espasa; Correspondencia con varias persoas e institucións con novas achegas para a redacción dos apéndices do *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores*.

Atado número 20: Novo manuscrito en cuartillas cuadriculadas e cosidas, cunha escolma de artigos doutras publicacións e diversos autores sobre temas históricos de Pontedeume e a comarca:

- *Pontedeume: Algo de su historia. Antiguo esplendor y decadencia. Estado actual. El porvenir de la Villa*, por **Valeriano Villanueva**. Del número 9.613 de La Voz de Galicia, correspondiente al 14 de mayo de 1911, (11 cuartillas).

● *Puentedeume. Apuntes históricos*. Notas insertadas sin firma en La Verdad, semanario de Puentedeume. Aparecieron con el solo epígrafe de Apuntes históricos. Lo comprendido hasta el apartado que lleva por título "Orígen de la palabra Eume" se insertó en el número 1, correspondiente al 5 de Octubre de 1902, sin ninguno de los sub-epígrafes que se han añadido. Lo siguiente, con el mismo epígrafe que lleva, se publicó en el número 4, cuya fecha es el día 26 del mismo mes y año. (13 cuartillas).

● *Monumentos de Puentedeume*, por Manuel Murguía. Del libro Galicia, capítulo VIII, número I del artículo titulado Ferrol (Barcelona 1888). (18 cuartillas).

● *Fortalezas de Galicia. La Torre del Castillo Señorial de Puentedeume*. Por Ángel del Castillo. Artículo publicado en el número 21 del semanario de Puentedeume, Breamo, correspondiente al 18 de octubre de 1914. (14 cuartillas).

● *Pontumienses ilustres: Vasco de Aponte*, por Benito Vicetto. Historia de Galicia, Tomo VI, V. Fernando V, Ferrol 1872. Establecimiento lito-tipográfico de Taxonera. (4 cuartillas).

● *Pontumienses ilustres: Don Bartolomé de Rajoy y Losada*, por Nicolás Badía Álvarez. De un artículo publicado en La Verdad, semanario de Puentedeume, número 10, correspondiente al 7 de diciembre de 1902. (8 cuartillas).

● *Betanzos y la Casa de Andrade*, por Manuel Murguía. Del libro Galicia por el mismo autor, capítulo VIII, artículo titulado, Betanzos y sus marañas, párrafo II. Barcelona 1888. (27 cuartillas).

● *La protesta de Pedro Padrón y la primera sublevación de los hermandinos*, por Benito Vicetto. Historia de Galicia. Tomo VI, I. Juan II. Ferrol, 1872. Establecimientos tipográficos de Taxonera. (37 cuartillas).

● *Vindicación de Andrade "O Boo"*, por Victorino Novo y García. Del Album histórico, científico y literario de Galicia, publicado por El Correo Gallego. El Ferrol 1883. Tomado para dicho Album de la Historia de Ferrol, entonces en publicación. (22 cuartillas).

● *El Conde de Andrade en las cortes que se reunieron en Santiago y en el convento de San Francisco, el 31 de marzo de 1520*, por Benito Vicetto. Historia de Galicia. Tomo VI. Dinastía austríaca. Carlos I. Ferrol 1872. Establecimiento lito-tipográfico de Taxonera. (9 cuartillas).

● *Toma de la ciudad italiana de Arimiro por el conde de Andrade y Batalla de Pavia y prisión de Francisco I por Alonso Pita da Veiga*, por Benito Vicetto.

Historia de Galicia, Tomo VI, Dinastía austríaca, Carlos I, Ferrol 1872. Establecimiento lito-tipográfico de Taxonera. (17 cuartillas).

• *Iglesias antiguas de Galicia. Un monumento importante: El Priorato de San Miguel de Bremao*, por Ángel del Castillo. De los números 23 y 24 del Semanario de Puente deume, Bremao, correspondiente a los días 1º y 8 de Noviembre de 1914. (31 cuartillas).

• *Iglesias antiguas de Galicia. Santa María de Doroña*, por Ángel del Castillo. Del número 12 del semanario de Puente deume "Bremao", correspondiente al 16 de Agosto de 1914. (6 cuartillas).

• *"Andrade, Villanueva y las Nieves"*, por Ángel del Castillo. De un artículo publicado en el número 17 del semanario de Puente deume "Bremao", correspondiente al 20 de Septiembre de 1914. (6 cuartillas).

• *"Santa María del Azogue y San Francisco de Betanzos"* por Manuel Murguía. Del libro *Galicia* por el mismo autor, capítulo VIII, artículo titulado "Bretanzos y sus mariñas", párrafo III. Barcelona 1888. (18 cuartillas).

• *La Colegiata de Caaveiro*. Artículos históricos publicados sin firma en los números 2 y 3 de "La Verdad", semanario de Puente deume, correspondiente a los días 12 y 19 de octubre de 1902. (11 cuartillas).

• *Una visita a Caveiro*, por **Francisco Camba**. Fragmentos de una crónica publicada en El Diario Español de Buenos Aires, y reproducida en el semanario de Puente deume "Bremao", número 42, correspondiente al 14 de marzo de 1915. (13 cuartillas).

• Cuartillas manuscritas con anotacións sobre a pedagogía da Institución Libre de Ensinanza de **Francisco Giner de los Ríos**.

• *A Jesús en la Sagrada Eucaristía*, versos de Concha Couceiro Freijomil publicados en *El Promotor de la devoción a la Sagrada Familia*, revista editada en Palencia, e no número correspondente á primeira quincena de abril de 1919, ano 24, número 555.

• Correspondencia entre Couceiro Freijomil e Noriega Varela, por aquel entón mestre este último na escola da Graña no concello de Abadín (Lugo).

• Correspondencia entre Couceiro e Constantino Amado, médico en Pontedeume sobre datos históricos da vila.

• Versos de **Alfonso García Rojo**.

• *Romance del emigrante que vuelve*. Poema anónimo dedicado a Couceiro Freijomil "en su día" e que reproducimos no apéndice documental.

Atado número 21: Cuartillas manuscritas con leccións e temas de Zooloxía; Botánica; Bioloxía; Cristalografía xeométrica; e Química Biolóxica. Aínda que estes papeis ben puideran ser anotacións das clases de Isabel Couceiro Pavón, filla de Antonio Couceiro Freijomil.

CARACTERIZACIÓN E TEMÁTICA DE COUCEIRO FREIJOMIL

No pensamento e na praxe de Couceiro hai moitas facetas: xornalista, poeta, historiador, bibliógrafo, filólogo, pedagogo, debuxante... que se traducen nunha produción científica, periodística, historiográfica, formativa e artística que se reflicte en libros, artigos, conferencias, debuxos... que non fan doada a tarefa de caracterizar homoxeneamente unhas pautas de referencia. De feito, o propio Couceiro non foi moi dado a sistematizar as súas ideas nin a debatelas. Escribía dun xeito claro, sobrio, e soamente fixo teoría con ocasión dalgún tema concreto. De todos os xeitos chegados a este momento da nosa achega, atrevémonos a desenvolver de xeito sincrónico os trazos temáticos da súa produción editorial e das ideas que o sustentaron.

1. "Galleguista sin jefes": Encadramento no galeguismo

O nacemento do galeguismo contemporáneo ten dúas compoñentes: o rexurdimento literario e a reconstrución da historia de Galicia.

Un fito inaugural do rexurdimento literario foron os primeiros *Xogos Florais de Galicia*, celebrados o 2 de xullo de 1861 na Coruña. Con eles sucédense unha serie de convocatorias e celebracións que constitúen o rexistro dun verdadeiro renacemento poético que amosará o seu cumio en 1863 coa publicación dos **Cantares Galegos de Rosalía de Castro**.

Paralelamente o galeguismo asumirá unha segunda liña de actuación: a reconstrución da historia de Galicia. Nun primeiro momento para superar aquelas concepcións historicistas que relegaban a nacionalidade galega ao pasado e vacilaban cando había que afirmala no presente. Estas dúbidas irán desaparecendo gradualmente coa segunda xeración provincialista, que manterá o celtismo e usará a Historia como arma ao servizo da súa ideoloxía. Un enfoque romántico que acada a súa cota máis extrema coa *Historia de Galicia* (1865-1873) de **Benito Vicetto**. Malia que o seu valor historiográfico é case nulo, o seu éxito de público contribuíu a aviver un interese polas raíces propias que motivou a publicación e edición, nas revistas galegas, de numerosos artigos históricos, lendas e folclore, fixo nacer a historia local e espallou a embrionaria configuración da identidade galega mesmo entre os que non serán rexionalistas.

Pero o cume e a superación desta historiografía romántica débese a **Manuel Murguía**, especialmente á súa *Historia de Galicia* (1865-1913), que o sitúa na transición do romanticismo ao

positivismo historiográfico. Do primeiro conserva aínda o gusto por unha historia literaria e a consideración das lendas e tradicións populares como fontes históricas; do segundo, adquire o principio de escribir a historia baseándose principalmente en documentos orixinais.

No derradeiro cuarto de século XIX e comezos do XX vanse dar dúas liñas de desenvolvemento historiográfico, non totalmente desconnectadas entre si. Unha é continuación da herdanza murguiniana, representada por autores tamén comprometidos politicamente co galeguismo como **Andrés Martínez Salazar**, **Florencio Vaamonde Lores**, **Eugenio Carré Aldao** e **Francisco Tettamancy** que, a partir de 1906 vai dominar nas páxinas do *Boletín de la Real Academia Gallega*. A outra, cun carácter máis estritamente positivista e menos dependente do galeguismo político, ten como representante sobranceiro ao cóengo compostelán **Antonio López Ferreiro**, promotor da revista *Galicia Histórica* (1901-1903) e autor da monumental *Historia de La SAMI de Santiago* (1898-1909). Nesta segunda liña tamén se encadran autores como **Bernardo Barreiro de Vázquez Varela**, quen dirixe en Santiago a revista *Galicia Diplomática*, **Xosé Villaamil y Castro** e o grupo ourensán encabezado por **Marcelo Macías García** que enceta en 1898 a publicación do *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense*, do que será colaborador Antonio Couceiro Freijomil.

Sen embargo, esta localización cronolóxica, e mesmo xeracional, non resolve o problema do encadramento no galeguismo de Couceiro Freijomil, sobre todo por mor das controversias con certos sectores canalizadores do nacionalismo, en torno ao problema da significatividade histórica do que algúns autores cualifican como politización do ideal galeguista⁹². Pódese dicir, sen que supoña demérito para o autor, que Couceiro foi un galeguista extremadamente moderado. El mesmo cualifícase diante dos seus contemporáneos de Nós e das Irmandades da Fala como "*galeguista sin jefes*"⁹³.

Respecto das Irmandades pronúnciase moi cáustico verbo da polémica da insignia nacional:

"La literatura gallega y el auge alcanzado hoy por las demás manifestaciones de la vitalidad regional son cosa ajena al "nazionalismo". Días pasados dábamos una no corta relación de escritores que al presente cultivan, o han venido cultivando, la lengua gallega, y es conveniente recordar que, fuera de una media docena no pertenecen al sector galleguista de reciente promoción. Las "Hirmandades da fala" jamás se han preocupado de estudiar el idioma regional. Ni una sola prueba cabe aducir en contrario. Son meras agrupaciones políticas de escasa importancia y de fondo antiespañol y separatista, so capa de fomentar el cultivo de la lengua vernácula, cuando no han hecho más que corromperla. Es de lamentar que

92. Cf. X. M. CID FERNÁNDEZ, *Postura controvertida de Antonio Couceiro Freijomil...*, a. c., 275-297. A xeito de exemplo:

"No sobra advertir que existe en Orense, con ramificaciones por Galicia entera, una especie de caciquismo literario de los más divertidos: tres o cuatro señores que se imaginan ejercer la dictadura intelectual en todo lo que a Galicia concierne. La consigna es ésta en ellos y sólo en ellos reside la quintaesencia de la cultura gallega", en: A. COUCEIRO FREIJOMIL, *La bandera de Galicia...*, o. c., 28.

93. *Ibid.*

algunos miembros de la Academia Gallega hayan secundado en esta ocasión los planes absorbentes de los galleguistas extremados"⁹⁴.

No mesmo estilo asume para referirse aos seus coetáneos de Ourense:

"En tanto Villar Ponte lanzaba en 1916 su llamamiento a favor de la lengua regional, los magnates del galleguismo orensano no pensaban ni en el idioma nativo, ni en Galicia, ni en nada parecido. En 1917 nace la revista La Centuria, fundada por Vicente Risco y escrita, desde luego, en castellano. Allí Risco nos daba unos Preludios a toda estética futura muy extravagantes, pero bien escrito; Florentino L. Cuevillas trataba de la Revolución rusa, sin dejarnos sospechar que poco más tarde se revelaría prehistoriador de repente; Arturo Noguerol, hoy ausente, se marchaba por el campo de la sociología; Primitivo Sanjurjo, perteneciente a la última quinta nacionalista, hacía horóscopos y alguna mitológica composición poética; Otero Pedrayo, ahora de tan abundante producción, asoma solo una vez; Álvaro de las Casas ni eso, por estar todavía en mantillas, literariamente hablando. El galleguismo a la sazón constituía una vaga nebulosa para estos señores"⁹⁵.

En definitiva, Couceiro racha coas sensibilidade das persoas e autores do que el denominaba como a ficción do *segundo renacemento*, pois considerábaos como adventicios da causa galeguista e negadores dunha herdanza anterior que, para maior dolor do noso autor, usaba como errado sinal de identidade a bandeira coa franxa azul en diagonal, e como órganos de expresión as revistas *Nós* e *La Centuria*⁹⁶. Sirvanos, coma exemplo, estas valoracións que fai de Vicente Martínez-Risco:

"Se da en Vicente Risco el extraño caso de que aun siendo una importante figura del galleguismo, no le ha interesado éste sino tardíamente. En vano Antonio Villar Ponte lanzara, en 1916, el grito de apelación con su folleto Nuestra afirmación regional, Risco permanecía sordo y aun escéptico, tanto que todavía un año después se combatía desde La Centuria el uso literario de la lengua vernácula. La incorporación de Risco al galleguismo data de 1918, fecha de una propaganda política que catalanes y gallegos realizaron juntamente por la región. Y no cabe negar que el galleguismo ganó mucho con tal ingreso"⁹⁷.

94. *Ibid.*, 62.

95. *Ibid.*, 49.

96. Segundo o noso autor o auténtico renacemento galego que subsiste logo de extinguida a voz de Curros é o de Pérez Ballesteros, Martínez González, García Acuña, García Ferreiro, Pérez Placer, Labarta, Rodríguez López, Aureliano J. Pereira, Florencio Vaamonde Lores, Núñez González, García Caballero, Tettamancy, Leiras Pulpeiro e Filomena Dato. Para Couceiro "en Galicia no hubo más renacimiento que ese", Cf. *Ibid.*, 46.

97. A referencia de "combatir el uso literario de la lengua vernácula" por parte de *La Centuria* vén xustificada -segundo Couceiro- pola afirmación que na mesma revista fai Juan Armada Losada, o Marqués de Figueroa, sobre que "el que quiere ser leído que escriba en castellano". A. COUCEIRO FREIJOMIL, *El idioma gallego*, Barcelona, Alberto Martín 1935, 455, nota 540.

Agora ben, non esquezamos que a discrepancia é unha virtude profundamente democrática e que a verdadeira conciencia galeguista sostense dende o sentimento. Este sentimento, e polo tanto este ideal, son evidentes en moitos dos escritos de Couceiro.

A propia declaración de principios do grupo Nós que se recolle no primeiro editorial fai posible esta sintonía:

*"Temos unha fe cega, absoluta e inquebrantable na vitalidade e no xenio da nosa Raza (...) Os colaboradores de Nós poden se-lo que lles pete (...) con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza (...), a orgullosa satisfacción de seren galegos. Nós ha de ser un estudio (...) de tódolos valores galegos (...) a afirmación para sempre do verdadeiro ser de Galicia, do Enxebrismo (...), a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidade de creación, o noso autóctono dinamismo mental"*⁹⁸.

De feito o efecto educador da diferencialidade é recoñecido polo propio Couceiro cando manifesta que a súa campaña sostida a través da prensa en relación con certas cuestións relativas á historia de Galicia, ten por finalidade: *"evitar que entre el gran público se siembren, propalen y mantengan opiniones faltas en absoluto de fundamento (...) No abrigamos la pretensión de lograr que se muestren convencidos los obstinados en rechazar la verdad; pero sí esperamos que el gran público sabrá a que atenerse"*⁹⁹.

Certamente, o galeguismo precisaba duns axentes educadores encargados de transmitir dunhas xeracións a outras o conxunto de valores e normas polas que se rexe unha sociedade determinada, e que a adquisición e reprodución destes valores e normas van facilitar a súa preservación de cara ao futuro. Con este fin emprenderase un importante labor pedagóxico, dentro e fóra do ámbito escolar, que terá como principal obxectivo que os habitantes de Galicia se recoñezan a si mesmos como tales, tomando conciencia da singularidade da súa terra¹⁰⁰.

2. Dende unha concepción positivista da historiografía

É a época na que desenvolve Couceiro o seu traballo, a época do historicismo ou historia da cultura e ao difusiónismo. É unha época na que se asentan as bases do estudo da Galicia castrexa e onde se preparan as grandes historias de Galicia¹⁰¹, e fanse múltiples recompilacións de refráns, ditos e outros textos orais de literatura popular. Coa creación do Seminario de Estudos Galegos fai acto de presenza na escena galega toda unha cohorte de investigadores. Trátase dunha brillante escola etnográfica que, dadas as orientacións de cada autor é moi difícil de aglutinar. Con

98. "Nós" 1, (1920) 1-2.

99. *Ibid.*, 18.

100. Cf. S. RIVAS BARRÓS, *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico* (1900-1936), Vigo, Xerais 2001, 69-71.

101. Por exemplo: R. OTERO PEDRAYO (DIR.), *Historia de Galiza, I-III*, Buenos Aires, Nós 1962; F. CARRERAS CANDÍ, *Geografía del reino de Galicia*, Barcelona, Alberto Martín, s/d.

todo podemos resumir de maneira xeral as características que se observan presentes na produción historiográfica de Couceiro Freijomil certamente tamén influído polas correntes intelectuais da época: o historicismo, o difusionismo e o empirismo histórico:


a) Afán recompilador de datos antes que desaparezan, dando lugar a escritos nos que a análise dos fenómenos deixa paso a unha simple enumeración descritiva de datos e documentos que son arquivados e divulgados como medio de liberais de esquecemento. Abonda con catalogar os seus manuscritos conservados no Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos para percibir o esmero recompilador de Couceiro: Poemas autógrafos; noticias bibliográficas; discursos, coleccións de refráns e ditos populares, escolmas de diversos poetas... Todos estes materiais supoñen a súa comprometida, rica e variada entrega a esta causa.

b) Visión interdisciplinaria nos estudos das comarcas, elaborando traballos nos que se chama a capítulo a máis dunha das ciencias do home. O exemplo contemporáneo máis acabado desta arela é o titulado *Terra de Melide*, e o exemplo en Couceiro é *Historia de Puente deume y su comarca*¹⁰², aínda que tamén dentro dos seus papeis consérvanse puntuais estudos bibliográficos sobre a historia local de Ourense organizada polos seus partidos xudiciais. Deste xeito a historia, a arqueoloxía e a tradición popular converteranse nas disciplinas científicas que máis luz poderían aportar para o coñecemento da identidade.

c) En relación anterior Couceiro asume a tendencia de complementar os informes indirectos coa recompilación dos datos in situ. Na medida das súas posibilidades revisou arquivos e organizou unha cantidade importantísima de datos que hoxe son imprescindíbeis para o coñecemento da nosa cultura. Un rastrexo feito, en moitas ocasións, a través dunha fecunda correspondencia epistolar con moitas das persoas significativas da cultura local entre as que se destaca pola súa frecuencia a do Arquivo Xenealóxico Galego de Melide.

En definitiva, a investigación cultivada por Couceiro, como acontece con moitos dos estudosos contemporáneos seus, trataba de demostrar con datos a peculiaridade de Galicia, e lograr, ademais, probas para xustificar o europeísmo ou atlantismo da nosa cultura tradicional. Un esforzo centrado en construír unha identidade galega baseada na historia, na tradición popular e na lingua. Non cabe dúbida que Couceiro -e a estela de todos aqueles investigadores- contribuíron de maneira voluntaria ou involuntaria, a nos ensinaren a ser galegos. Nesta dimensión o seu traballo é dobremente meritório, pois adquire un bo nivel científico e está feito dende un amor á terra, e aos homes e mulleres que viven nela que resulta propicio para imaxinar paraísos e construír nacións.

102. Cf. D. VILAVEDRA, *Historia da Literatura Galega*, Vigo, Galaxia 1999, 174. Tamén X. M. GONZÁLEZ REBOREDO, "A construción da identidade galega entre o século XIX e o XX. O papel do folklóre e da etnografía", en: M. GONDAR PORTASANY (COORD.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego III Antropoloxía*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego 1999, Vol. 1, 61-62.



Portada da *Historia de Pontedeume* na súa versión galega de 1995.

3. Cunha cultura literaria e humanística de calidade

Couceiro fixo unha cuádruple división da literatura galega do primeiro terzo do século XX: poetas continuadores dos últimos do século XIX (**Tettamancy y Gastón, Samuel Eiján, Nan de Allariz, Leiras Pulpeiro, Marqués de Figueroa, Plá Zubiri, Antonio Valcárcel, Avelino Gómez Ledo, Herminia Fariña e Xerardo Álvarez Limeses** entre outros); Poetas novos pero en quen subsisten as influencias dos grandes mestres do renacemento galaico (**Noriega, Cabanillas, Victoriano Taibo, Iglesia Albariño, Gonzalo López Abente e Xosé Crecente Vega**); Poetas novísimos ou de vangarda (**Xoán Vidal Martínez, Emilio Mosteiro, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio, Evaristo Correa Calderón, Eduardo Blanco Amor, Xulio Sigüenza, Roberto Blanco Torres, Uxío Montes Domínguez, Ricardo Carballo Calero, Augusto María Casas, Álvaro Cunqueiro, Manuel Luís Acuña, Fermín Bouza Brey, e Florencio Manuel Delgado Gurriarán**) e prosistas, que á súa vez subdivídeos en autores dramáticos, contistas e novelistas (**Antonio Villar Ponte, Leandro Carré Albarellos, Armando Cotarelo, Rafael Dieste, Francisca Herrera Garrido, Vicente Martínez Risco, Castelao, Otero Pedraio, e Álvaro de las Casas** son os de máis sona)¹⁰³.

¿Onde colocar a Couceiro Freijomil nesta división? ¿É posíbel encadrarlo nalgún tipo de listado? Por se puideramos axudar a resolver estas cuestións enumeramos as claves interpretativas - sempre segundo a nosa opinión- da produción literaria e humanística de A. Couceiro:

a) A súa erudición e a súa polivalencia (detectábel no carácter interdisciplinario de moitas das súas obras), úsaa para a asunción dun compromiso por conservar as tradicións, senón político si público, manifestado na presenza constante na prensa do seu tempo e no cultivo da oratoria. Non esquezamos que estamos a falar dun notable xornalista e conferenciante. Esta veneración pola tradición se reflectirá na faceta de recolector de refráns e ditos populares, que el logo converterá en poemas a xeito de cantares. Poida ser que como xa fixeran outros autores contemporáneos, Couceiro quixera salvagardar dos beizos dos propios labregos ou dos alumnos mesmos a literatura oral, ditos e cantigas que el incorpora á súa obra de creación. Ao igual que **Aquilino Iglesia Alvariño, Antonio Noriega Varela e Xosé Crecente Vega**¹⁰⁴, Couceiro envolve os seus cantares nunha técnica enxebrista con reflexións morais, recolle con realismo as rexoubas da picaresca aldeá, as troulas e rebuldas da mocidade, e convérteos en espontáneas coplas populares de versos curtos e inspiración popular, moi próximas ás cantigas de **Leiras Pulpeiro e Lamas Carvajal**. Analizadas desde a perspectiva actual e coa diferenza de máis de cincuenta anos, as ideas lingüísticas de Couceiro non poden menos de sorprenden pola súa modernidade. Amosou ter un bo coñecemento da gramática histórica do galego. As súa

103. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *El idioma gallego...*, o. c., 410-463.

104. Cf. R. POLÍN, (ED.), *Xosé Crecente Vega. Folla Bricia. Poesía galega completa. Edición crítica e estudio*, A Coruña, Xunta de Galicia 2002, 102-103. Con Noriega Varela, Couceiro mantivo relación epistolar, primeiro sobre cuestións do maxisterio, pois Noriega era mestre de profesión, e que axiña derivaron a inquietudes lingüísticas e literarias. Os orixinais das cartas conservadas desta relación están no arquivo do Instituto Padre Sarmiento de Santiago.



Santiago. Hotel Compostela. 23 de Diciembre de 1954. Miembros del Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento" reunidos para un homenaje a Jesús Carro. De izquierda a derecha y de abajo arriba: Paulino Pedret; F. Javier Sánchez Cantón; Jesús Carro; José Filgueira Valverde; Joaquín Lorenzo Fernández; Abelardo Moralejo Lasso; Ramón Otero Túñez; Fermín Bouza Brey; Alfonso Vázquez Martínez; Francisco Esmorís; Jesús Ferro Couselo; Marqués de Figueroa; Benito Varela Jácome; Vicente Lorient; José María Azcárate; Antonio Vilarelle; Antonio Couceiro Freijomil; Felipe Cordero Carrete; Aquilino Iglesia Alvariño; Francisco Cerviño; Luis Iglesias; Sebastián González; Antonio Fraguas; Florentino López Cuevillas; y Casimiro Torres Rodríguez.

solucións para o uso do galego, coinciden, en liñas xerais, cos criterios que animaron a maior parte das propostas normativas para a unificación do galego actual¹⁰⁵.

b) A preocupación constante polo problema da identidade, aparece reiteradamente tratada nos seus propios textos. Nos seus escritos e investigacións de historia local relata a súa descuberta de Galicia. Para Couceiro cultura, historia e lingua van unidas. A preferencia polas composicións populares como Cantares, Lóstregos e Do meu feixe, non fai máis que emular o inicio dunha fala que se fai lingua e unha tradición que se fai historia. En palabras de **Xaquín Lorenzo "Xocas"**:

*"O galego nace entre cantigas, vive cantando e despois do seu pasamento, a súa lembranza mantense entre cantigas; as súas dores teñen cantigas como lenitivo e as súas horas ledas tamén con cantigas se fan patentes. O traballo, o amor, a morte, son así, non soamente ocasións de cantar, senón tamén a fonte viva onde xorde espontánea e fecunda a musa popular. Esta musa é anónima case sempre; alguén fai unha cantiga que comeza a ir duns a outros e que, pouco a pouco, vaise perfilando, arrendando, mellorando, completando, deica o intre da súa fixación nunha ou máis variantes. Así o autor non é un senón moitos (...) O pobo non fai poesía sen motivo; a cantiga xorde cando algo xustifica e iste algo son os traballos do campo, os labores do liño, as esfolladas, as ruadas e mil intres máis que se prestan para luci-lo enxeño e para facer máis levadeiras as angurias cotiás. Tódolos labores son fontes do cancionero"*¹⁰⁶.

Consonte ao anterior, Couceiro vai facer da rexeneración espiritual e material de Galicia unha angueira común con moitos intelectuais da época -mesmo aos do círculo ourensán do grupo Nós polos que non sente moito aprecio- que o fará evolucionar cara un galeguismo culturalista que terá como factor diferencial o enxebrismo: linguaxe popular, carácter simbolista, temática esencialmente rural e allea á literatura mundial¹⁰⁷. Das súas calidades como poeta Vicente Risco deixou escrito: *"É un poeta feito e dereito. É poeta coa espontaneidade con que o é o Pobo galego. As súas cántigas están pensadas e sentidas en labrego, como estiveran as de Leiras Pulpeiro"*¹⁰⁸.

c) Protagonismo do ensaio que, no contexto cultural da época, aparecía como un xénero tematicamente relacionado coa cuestión nacional e polo mesmo, foi empre-

105. Cf. R. ÁLVAREZ, "As ideas lingüísticas de Couceiro Freijomil", en AA.VV., *Homenaje al polígrafo eumés...*, o. c., 89.

106. X. LORENZO FERNÁNDEZ, *Cantigueiro popular da Limia baixa*, Vigo, Galaxia 1973, 10-11.

107. Cf. A. TARRÍO, "El enxebrismo en la literatura gallega de los siglos XIX y XX", en: *Actas del Seminario La Literatura del casticismo*, Cádiz 1991.

108. V. RISCO, "Nós" 25 (1926) .

gado por Couceiro Freijomil para procurar os trazos diferenciais de Galicia co obxectivo de lexitimar a idea de diferenciación que xa estableceran os fundadores do nacionalismo galego. A maioría dos homes máis significativos do momento sentiron a necesidade de equilibrar a balanza literaria, excesivamente inclinada a favor da poesía e crear prosa non só artística senón tamén con discursos científicos e ensaios. Explicase así o predomínio, dentro do xénero ensaístico, dos chamados temas nacionais que el aborda en ensaios e artigos como *El idoma gallego ou Ortografía Gallega*. Parece evidente que unha cultura non pode cualificarse de normalizada, se non ofrece ao observador un patrimonio de literatura de reflexión, de opinión e investigación científica. Pois ben, estes aspectos culturais víronse asistidos grazas aos entusiastas ensaios de Couceiro.

CONCLUSIÓNS

Estamos no último momento do noso traballo: enumerar unhas afirmacións conclusivas. O obxectivo inicial deste estudo estaba en situar a Couceiro Freijomil na estela dos patriarcas das letras galegas. En varios momentos constatamos, malia a súa coincidencia cronolóxica, a súa relación de problematicidade cos membros daquela época de segundo rexurdimento galeguista da que foi contemporáneo, pero parécenos que se tivéssemos que precisar a estela concreta na que se moveu Couceiro, incluso malia as súas diferenzas con aqueles membros do significativo galeguismo, ben poderíamos descubrir en Couceiro a maior parte dos grandes eixes que tamén describen aos membros daquela xeración. Mesmo o catedrático de literatura galega Anxo Tarrío afirma ao referirse á Época Nós que estamos a falar dunha lista de homes e mulleres que nin moito menos está pechada:

*"En definitiva, foi a Época Nós unha etapa de lanzamento da cultura galega, en tódalas súas manifestacións, ata tal punto que, en moitos aspectos, aínda segue sendo fonte de exemplos a seguir e de bo quefacer editorial, publicitario, estético e mesmo político. De momento, a investigación científica sobre aqueles anos, asolagados baixo a lama da ditadura franquista, aínda está sen completar, e cando nos achegamos a eles co escalpelo de historiadores ou de críticos descubrimos sempre algún diamante esquecido"*¹⁰⁹.

A articulación do artigo de Carlos Balañas Fernández sobre a ideoloxía da xeración Nós citado ao inicio deste estudio, axudaranos a enumerar, sempre segundo a nosa opinión, as achegas de Couceiro ao feito diferencial galego e ao desenvolvemento das nosas letras:

a) *Primeira achega: axudar a facer da fala unha lingua*. A identidade galega é, como moitas identidades, un proceso de construción da súa diferenza. A lingua é o factor diferencial máis forte dun pobo. O uso popular da lingua impón, aos distintos sectores sociais, procesos de reflexión sobre a identidade. Couceiro era cons-

109. A. TARRÍO VARELA, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais 1998, 299.

ciente de que neste proceso de reflexión as formas da fala rural cumprian un papel decisivo. As súas composicións poéticas de *Lóstregos e Cantares* amósanse como acertados exemplos, pero incluso na súa reflexión teórica sobre o idioma galego e o seu uso na escola Couceiro amósase moi claro:

*"Adoptan algunos el convencionalismo infundado de reservar el nombre de lenguas o idiomas para las hablas oficiales, dejando reducidas todas las demás a la categoría de dialectos, como si las fortuitas circunstancias políticas que llevan a la imposición de un habla restasen energía y vida a las otras, hasta el punto de mermar su condición. Ciertamente que la lengua oficial, por serlo, debido a causas externas, que no íntimas, se coloca en una situación de privilegio, para alcanzar una vida pujante; pero ello no implica que haya de ahogar a los demás idiomas ni hacerles perder nada de su honda y esencial virtualidad"*¹¹⁰.

*"Todos los maestros que ejercen en Galicia pueden observar en sus escuelas el curioso fenómeno de que el niño del campo o el de la familia obrera de los pueblos y ciudades progresa en la enseñanza bastante menos que los hijos de familias en que se habla castellano. Desde luego, a nadie se le ocurrirá sostener la disparatada teoría de que el niño gallego, y con especialidad el niño campesino, se halla de por sí en una situación de inferioridad mental con respecto a los niños gallegos castellanizados o de individuos de fuera de la región (...) ¿Habrá que condenar las hablas regionales por temor a que su cultivo nos conduzca a mantener una perjudicial diversificación de lenguas, contraria a un unitarismo progresivo? (...) He aquí, pues, como al proclamar la exaltación de las lenguas populares no predicamos otra cosa que el puro imperio del verbo creador, la infinita conversión de la tierra al cielo, que es el más profundo anhelo del progreso humano"*¹¹¹.

A identidade afirma as súas diferencias, e a recuperación das formas da tradición recompón a reflexión sobre a identidade. No caso do galego a recuperación das formas da fala rural é hoxe imprescindible para a construción simbólica da identidade¹¹².

b) Segunda achega: axudar a facer dun territorio unha Terra. Logo do problema do ser sempre se pasa ao problema do estar. O espazo é algo previo, un don que se

110. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *El idioma gallego...*, o. c., 9.

111. ID., *Los factores del desenvolvimiento humano...*, o. c., 62-64.

112. Cf. X. RODRÍGUEZ CAMPOS, "A lingua e a identidade no campesiñado galego", en: M. GONDAR PORTASANY (COORD.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. Antropoloxía III*, Vol I..., o. c., 109-110.

nos ofrece, unha matriz que nos envolve¹¹³. Para Couceiro estaba moi claro que idioma e o territorio inflúen na personalidade colectiva dos galegos e no xeito de comportarnos:

*"Nuestro pensamiento fundamental es que en la magna obra de exaltación y engrandecimiento de la Tierra nativa necesitamos estar todos mirando a Galicia muy en alto y como punto esencial de los más puros anhelos, sean cualesquiera las diferencias particulares que nos separen"*¹¹⁴.

c) Terceira achega: axudar a facer do pasado unha historia. Nós herdamos unha cultura, os restos dun pasado do que somos espectadores, e un presente do que somos actores. A tradición condiciona a nosa formación cultural. Fronte aos dominios da natureza están as propiedades dos homes e mulleres que nos precederon e nolos deixaron en herdanza. Entre esas grandes creacións do pasado están as cidades con todo o que nelas existe¹¹⁵. Por iso amais dunha historia da transformación do territorio galego, hoxe consideramos imprescindíbeis unhas documentadas historias de vilas e cidades de Galicia que, aínda que carecemos de moitas, Couceiro axudou a valorar e aumentar:

*"En la escala de las necesidades culturales ningún peldaño se puede considerar previo al que fundamentan la vida y las obras de nuestros escritores. No hay modo de andar con desembarazo por las sendas literarias, artísticas o científicas si se desconoce la bibliografía de cada una; y no cabe llamar conocimiento a la simple noticia de títulos y nombres sin su justiprecio, obtenible mediante el saber; cuando menos, de las circunstancias de lugar y tiempo. El descuido existente acerca de los libros gallegos es comparable a la ignorancia que padecemos de la biografía de sus autores"*¹¹⁶.

Esta intención como tamén apunta A. Tarrío non se viu libre dun certo didactismo, pero cumpría decantarse por influír nos lectores e espertar neles a autoestima, tan deteriorada no paso dos séculos, e o amor ao propio, en definitiva ensinar a ver os valores do propio contorno para consideralos como superiores aos foráneos¹¹⁷.

113. Cf. X. CHAO REGO, "Ser galego hoxe", en: *Ibid.*, Volumen 2, 28-29. Tamén X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, "Terra e etnia nos historiadores galegos", en: *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía. Identidade e territorio*, Santiago, Consello da Cultura Galega 1990.

114. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *La bandera de Galicia...*, o. c., 6.

115. Cf. X. M. RODRÍGUEZ-ABELLA GÓMEZ - M. A. SEIXAS SEOANE, "Identidade local e política cultural nos concellos urbanos: Santiago de Compostela", en: M. GONDAR PORTASANY (COORD.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego III. Antropoloxía...*, o. c., Volumen II, 227.

116. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores...*, o. c., Vol. I, XI.

117. Cf. A. TARRÍO VARELA, *Literatura galega...*, o. c., 208-209.

d) *Cuarta achega: axudar a facer do enxebre e do popular unha tradición.* Na construción continua das identidades, o papel da memoria colectiva constitúese como o cemento. Para Couceiro a Galicia xenuína é a tradicional. Na tradición popular, que se expresa por medio da transmisión oral, non existe a noción de historia no senso xenético de busca das orixes, pero o que si existe é un discurso do pasado que dá orixe a unha cultura. A recompilación de datos puntuais da identidade local (lembreiros por exemplo os manuscritos de Couceiro sobre a historia das vilas de Ourense organizadas polas fronteiras dos seus partidos xudiciais) supuxo, nalgúns caso, a posibilidade de resistencia diante das culturas dominantes¹¹⁸. En palabras de Fernández del Riego, tratábase dun escritor erudito e dun galego meritório, a quen a nosa terra lle debe gratitude (...), traballou sen acougo, recollendo e revisando canto tiña relación coa cultura autóctona¹¹⁹.

Un estudo que poida aspirar a ser cualificado como científico ten que se artellar procurando a obxectividade. Por iso, se vimos de enumerar as achegas de Couceiro ao conxunto das nosas letras, cómprenos tamén sinalar -sempre dende a valoración feita no seu contexto orixinal- os aspectos máis escuros e mesmo problemáticos desas mesmas achegas.

Mentres que nos homes do grupo Nós tamén se percibe como trazo característico o facer dunha comunidade unha nación, isto non aparece en Couceiro, e mesmo é rexeitado categoricamente por el:

"En el corazón de todos los gallegos arde el amor a la Tierra. Enhorabuena que al calor de esa hoguera se hubiera constituido aquí un partido nacionalista, y hasta separatista si se quiere. Si en el fondo de las almas de los a él afiliados alentase un puro ideal reivindicador, nosotros, aunque no participásemos de sus exageraciones, le tributáramos la obligada pleitesía de nuestra admiración. Por desgracia las corrientes no van por ahí. Al abrigo del encendido afecto, se incubó y brotó una planta parásita, que fue desarrollándose y extendiéndose merced a tolerancias de la que nosotros no participamos. Pobló la atmósfera de la intelectualidad gallega de miasmas emanados de asquerosas dolencias del espíritu: vanidad, presunción, egolatría... Esas enfermedades se expresan todas en un grito que se ha lanzado más de una vez: -Galicia somos nós!"¹²⁰.

Pero de feito esta mesma crítica sería expresada polo novo nacionalismo da década dos setenta verbo dos guieiros da xeración Nós e do Partido Galeguista atilados de culturalistas, esto é de seren mornos, elitistas, pouco arriscados nas demandas de autogoberno.

118. Cf. M. LLINARES GARCÍA, "Xogos de identidades na cultura popular galega", en: M. GONDAR PORTASANY, (COORD.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego III. Antropoloxía...*, o. c., Volumen II, 112.

119. F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, "A obra dun escritor de Pontedeume", en AA.VV., *Homenaje al polígrafo eumés...*, o. c., 67.

120. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *La bandera de Galicia...*, o. c., 39.

En historiografía percíbense facilmente dous tipos de erros: os de detalle e os de enfoque que botan a perder esforzos de investigación moi laboriosos. Chegados a este punto moitos lectores poderán pensar xustificadamente que neste traballo abundan ambos os dous tipos de erros. Para curármolos en saúde aceptaremos non saber dicir se Couceiro Freijomil era así como o describimos, pero o que si podemos afirmar -sen ambaxes- que así é como nós o vemos. E calquera caso o que si quixemos foi dar testemuño da nosa devoción intelectual por aquel que preside e orienta as nosas inquietudes investigadoras polas cousas de Pontedeume e de Galicia. Rematamos cunha autoavaliación que Couceiro fai nunha das súas obras, se cadra resulta ser a mellor das conclusións posíbeis: *"No pretendemos haber acertado siempre, ni siquiera con frecuencia; pero nadie nos disputará las excelencias del propósito, lo empeñado del esfuerzo y, sobre todo, el aliento romántico que nos ha impulsado"*.

APÉNDICE DOCUMENTAL

I

s/d

"Ofrenda" Poema autógrafa anónimo dedicado a Couceiro Freijomil.

ARQUIVO DO INSTITUTO PADRE SARMIENTO DE ESTUDIOS GALEGOS.

Fondo Couceiro Freijomil. Atado 5.

Couceiro Freixomil (Antón) - Un d'os cronistas
 millores - De qu'a Galiza dispón - Ten sua obra
 os resplandores - D'a lámpara d'abnegación.-
 D'o seu gran talento ó son - Ganan fama os escritores-
 que lle dan brillo a rexión.

D'o "Resurrexit" Couceiro - Fai lema D'Historiador-
 Il non consinte qu'o Olvido - Vaya o sepulcro d'os bós-
 A pousarse fora qu'as sombras - Esfumen o renome
 D'os qu'a Galiza en alma e vida - Brindáronll'o
 seu amor...

Antonio Couceiro, Salve! - Cantos teñen un valor-
 N'a Terra qu'os ha gardar - De luz debenche unha
 frol - Que ti, co-a tua man devota - N-o Altar d'a
 Groria lles pós - A pruma esgallada que teño - Ríndeches
 paviás por bó... - Ti cultiva sempre vivas - Patriota
 froriculor - Pra colocal-as n-as mamoadas - D'os qu'a
 Terra fan loor. - Maña por ser abnegado - Nombrarante
 Comendador - D'a Orden D'as Belas Letras - Que ti fas
 Lexión d'Honor.

II

s/d

"Romance del emigrante que vuelve". Poema anónimo dedicado a Antonio Couceiro Freijomil.

ARQUIVO DO INSTITUTO PADRE SARMIENTO DE ESTUDIOS GALEGOS.
Fondo Couceiro Freijomil, Atado 20.

Llegó cuando se esfumaba
la tarde malva y grosella.
Como al marcharse, en la fuente;
brincaba el agua en la piedra;
e igual que al irse, sediento,
clavó su rodilla en tierra...

Llegaba a su hogar sin nadie,
llegaba a su dulce aldea,
llegaba sin que las alas
de otros brazos le trajeran.

III

Santiago de Compostela, 14 de febrero de 1952

Introducción do orixinal inédito "Cousiñas. Colección de cantares e contiños"
compostos por Antonio Couceiro Freijomil.

Para optar al primero de los tres premios "CASTELAO" correspondientes al año 1951, instituidos por el Centro Gallego de Buenos Aires, enviamos el presente millar de composiciones de cuatro versos, bajo el rótulo de COUSIÑAS.

Escritas a lo largo de muchos años, puesta la atención cuidadosamente en la manera de ser de las gentes rústicas de Galicia, proponiéndonos imitar los modos de manifestarse nuestro pueblo en sus canciones, en sus dichos y sentencias, en toda la rica gama, en fin, de su peculiar sentimentalismo, hemos ido elaborando este no breve conjunto de coplillas de índole varia, del que nosotros, intencionadamente, nos inhibimos, para dejar libre el campo en absoluto al alma colectiva, a la emotiva palpitación espiritual de la Tierra. Cuanto aquí ofrecemos es más bien del pueblo que nuestro: al pueblo hemos acudido en busca de la materia, del fondo o esencia, de lo que constituye su individualidad más preciada; y todo ello, amorosamente labrado y pulido y revestido con las galas de un lenguaje que hemos querido depurar de frecuentes contaminaciones y artificios, para conservarle su exquisito aroma de florecilla silvestre, es lo que, poco a poco, ha venido a formar el acervo que ahora trasladamos a estas páginas.

Tarea difícil la nuestra, que hasta pudiera tacharse de osadía, si no la hubiéramos emprendido como callado recreo de horas íntimas consagradas al fervoroso culto de la Tierra madre, bien ajenos, de momento, a toda tentativa publicitaria; tarea difícil como hartó lo corroboran unas palabras de Emilia Pardo Bazán, no de seguro inoportunas aquí: "Quisiera ver a los que hacen ascos a las coplas populares en el compromiso de escribir una docena de cantares sencillos, pero donde rebosase el sentimiento. Comprenderían entonces cuánto más fácil es rimar hinchadas silvas y empalagosas décimas, que imitar la rapidez, la concisión, la energía, la espontaneidad de la copla popular, su belleza característica y propia, cuando la posea, que es hartó a menudo". No pretendemos haber acertado siempre, ni siquiera con frecuencia; pero nadie nos disputará las excelencias del propósito, lo empeñado del esfuerzo y, sobre todo, el aliento romántico que nos ha impulsado. ¿Quién sería capaz de vanagloriarse de acierto en el remedo de la copla popular? La eximia escritora citada escribe seguidamente al párrafo reproducido: "Esa gracia maliciosa, picaresca, tan ingenua que tiene de sagrado conmueve como la frase articulada por el niño; esa libertad de lenguaje que a fuerza de ser franca no lastima nunca nuestro gusto, por refinado y exigente que nos lo haya dado Dios; esa inconsutilidad del pensamiento que brota de una vez, como impetuoso chorro de agua viva, y parece remontarse hasta tocar el cielo o descender a herir las más delicadas fibras del corazón, sin estudio, sin cálculo, con sublimidad y ternuras no aprendidas, son cualidades (vaya con paz de los rimadores de oficio) comunes al pueblo y a los verdaderos poetas, pero que quizás posee aquél en grado más eminente todavía". Dejemos, pues, al pueblo con el pleno disfrute de su excelsa supremacía...

"COUSAS" denominó el egregio Castelao algunas de sus maravillosas producciones destinadas a reflejar aspectos de la psicología gallega; nosotros, que por distinta vía hemos pretendido realizar algo análogo, si bien quedándonos en un plano muy inferior, designamos "COUSIÑAS" los entretenimientos que el lector tiene a la vista. Al lado de las grandes "COUSAS" colocamos estas pequeñas "COUSIÑAS", sin irreverencia, conscientes del valor de unas y otras. Ciertamente, no era menester establecer el contraste para que resaltase la excelencia de aquéllas.

En Castelao la pluma o el lápiz del dibujante ha ido trazando ágilmente, con acierto inimitable, rasgos y motivos de Galicia que también a nosotros nos han preocupado. En lo temático, ya que no coincidencia, hay muchas veces semejanza, parecido, contacto, parentesco... Bastantes caricaturas del incomparable artista podrían nutrir los cuatro versos de nuestras composiciones o viceversa. Ambos hemos auscultado la Tierra con idéntico amor y acaso ambos hayamos experimentado idénticas impresiones. Permítasenos creerlo así, sin jactancia. Lo que nos separa es la proyección al exterior, no por la diversidad de instrumento o procedimiento empleado, sino por el logro artístico, insuperable en el llorado maestro. Aun así y todo, y puesto que de otra cosa mejor no disponemos, rindámosle la ofrenda de nuestra pobreza, que tal vez el insigne muerto, generosamente comprensivo, no hubiera desdeñado.

LUCIEN ROISIN EN PONTEDEUME

Carolina Macedo Cordal

Hace poco tiempo tuve la ocasión de observar una pequeña colección de tarjetas postales de Pontedeume realizadas por el fotógrafo francés Lucien Roisin. Eran dos grupos dispuestos en forma de bloc acordeón, este formato de presentación fue creado por el mismo Roisin y actualmente se puede encontrar en tiendas de recuerdos de cualquier ciudad del mundo. Este hecho me llevó a indagar acerca de la vida de este fotógrafo y sobre la propia historia de la tarjeta postal.

Lucien Roisin, viajero incansable, visitó Pontedeume y su comarca en la década de los años 20-30. En aquellos años una cámara fotográfica era un artículo de lujo, y probablemente fue esa circunstancia lo que indujo a generalizar el uso de tarjetas postales ilustradas como recuerdo de viajes.

Estas estampas han cobrado un gran valor documental, por su carácter artístico, etnográfico, social, etc., muestran imágenes del pasado de las ciudades, parajes irreconocibles en muchos casos para los ciudadanos de hoy en día y constituyen una aportación muy útil para la posible recuperación y rehabilitación de edificios, ciudades e incluso paisajes. No cabe la menor duda que Lucien Roisin nos aproxima a un mejor conocimiento de nuestra historia.

Recientemente se han realizado exposiciones de este artista en Madrid, Jaén, Barcelona... sirva este artículo para recordar que aquí también estuvo.

LA TARJETA POSTAL

Antes de introducirnos en la figura de Lucien Roisin me parece interesante recordar el origen de la tarjeta postal. Surge en Austria en 1869, después de un intento de circulación fallido en Prusia. Se inicia como un medio de correspondencia más económico que las cartas y sin necesidad de sobre. Las primeras tarjetas se fabricaron bajo el sistema de *entero postal*, editada por la administración y con el sello de franqueo impreso. Cuando se autoriza a empresas privadas a editar tarjetas postales, es cuando nace la *tarjeta postal ilustrada* y con ella su carácter artístico y documental. Surge el coleccionismo. A diferencia de las tarjetas oficiales, las ilustradas precisan un sello para poder circular.

En España, en 1783 la Fábrica de moneda y Timbre imprime la primera tarjeta oficial en forma de entero postal y en 1886 se autoriza la circulación de las ilustradas; la "Fototipia Hauser y Menet" será la pionera en la edición de las mismas en España y la más antigua será una de esta empresa titulada "Recuerdo de Madrid", matasellada en esta ciudad el 1 de Noviembre de 1892.

Entre 1900-1914 transcurre el período más brillante, la llamada "Edad de Oro" de la tarjeta postal, convirtiéndose en el medio de comunicación más popular. Después de sufrir distintas transformaciones, en el año 1905 adoptan su forma actual. Se divide el anverso en dos partes, reservando el lado izquierdo para la escritura y el derecho para la dirección. A partir de este mismo año se popularizarán también las impresiones fotográficas.

Durante estos años las empresas de artes gráficas eran a la vez impresoras y editoras, en España destacan: Hauser y Menet, Fototipia Lacoste, Fototipia Escolá, Ángel Toldrá Vinazo y Lucien Roisin, siendo la mayoría de las tarjetas anónimas. En las mismas no aparece el nombre de los fotógrafos, salvo excepciones, como sucede con los fotógrafos y editores Antonio Cánovas o Lucien Roisin.

A lo largo del siglo XX la tarjeta se irá adaptando a las circunstancias del momento; así en la 1ª y 2ª Guerra Mundial y en la Guerra Civil Española serán utilizadas como medio propagandístico. En la segunda mitad del siglo XX la aparición de otros medios de comunicación hará que disminuya su uso, aunque no el coleccionismo; se publicarán gran número de libros y catálogos sobre el tema.

VIDA DE LUCIEN ROISIN

Lucien Roisin Besnard llegó a España hace casi 90 años, a finales de la 1ª Guerra Mundial, antes de su llegada a Barcelona tenía ya una larga experiencia profesional como fotógrafo artístico

en París. En los primeros años del siglo XX tuvo un estudio fotográfico en el barrio parisino de Montmartre y entre su círculo de amistades se encontraban los famosos hermanos Lumière, inventores del cine, a los que compró su máquina fotográfica. Más tarde decide abandonar la fotografía artística y dedicarse a las postales turísticas, que en ese momento estaban en auge.



Lucien Roisin en Cabanas, con la cámara comprada a los hermanos Lumière.

Finalizando la 1ª Guerra Mundial, recibe la oferta de un industrial llamado Toldrá, para editar una colección de postales turísticas que tendría al fotógrafo francés como autor de las mismas. Este contrato lo traería a España por tres años. No se conoce la fecha exacta de su llegada a nuestro país; pero sus primeras postales españolas son aproximadamente de 1918.

Lucien no llegó solo a Barcelona, durante la guerra había muerto gran parte de su familia y nuestro fotógrafo se hizo cargo de dos sobrinos, que cumplirían una importante función en el negocio familiar y en el destino último de su archivo.

Finalizado el contrato con Toldrá, decide quedarse en España, alquila un local en la Rambla de Santa Mónica en Barcelona, funda "La Casa de la Postal" y se especializa en las postales geográficas. Acompañado de su sobrino viaja por toda la península, él fotografiaba las ciudades y su sobrino los lugares cercanos a estas. Su sobrina Luciana vendería posteriormente las tarjetas en el negocio familiar.

Pronto se convirtió esta tienda en un gran archivo, no en vano un cartel anunciaba que allí se encontraba *la colección más completa de block de vistas de España*.

A principios de los años 40 Lucien Roisin cae enfermo y regresa a Francia en donde fallece en 1943.



El negocio familiar siguió en manos de Luciana Roisin y de su cuñada, que continuaron explotando la enorme colección fotográfica de su tío. En 1962 cometen un error y deciden dedicarse también a la venta de recuerdos turísticos, circunstancia que aprovecha el dueño del local para rescindir el contrato de alquiler. Así, las dos mujeres pierden su negocio, aunque se quedan con un archivo fotográfico de unas 40.000 fotografías.

Luciana Roisin intenta sin éxito que alguna entidad pública se haga cargo del legado de su tío, pero su cuñada vende, sin su consentimiento, toda la colección a un trapero por 11.000 Ptas.


Gracias a un cliente habitual de la tienda que la pone en contacto con el propietario de la Editorial Labor, Luciana consigue salvar todo el archivo abonando al trapero 25.000 Ptas., llevándose Labor todo el material. Desaparecida la editorial, la dirección depositó el archivo en el Instituto Fotográfico de Cataluña, para que se procediese a su catalogación. Una pequeña parte del mismo se encuentra en el Archivo Nacional de Cataluña. Los técnicos de ambos organismos están identificando y catalogando la obra de Lucien Roisin recogida por toda la Península hace casi 90 años.

LAS TARJETAS POSTALES DE ROISIN SOBRE PONTEDEUME Y COMARCA

Dimas Tenreiro del Río fue, a través de su estanco, el editor y distribuidor de las imágenes que este artista realizó en este pueblo y alrededores. En ellas no faltan las construcciones más emblemáticas, plazas e iglesias pasan por su objetivo. El mismo Roisin se plasmó ante la iglesia de San Miguel de Bremao y en la playa de Cabanas, rodeado de un buen número de paseantes. Es cierto que Pontedeume posee un importante archivo fotográfico de los últimos cien años, pero no es menos importante el Patrimonio desaparecido en ese período de tiempo. Por este motivo todas las aportaciones fotográficas tienen su interés, los diferentes enfoques y las diferentes perspectivas nos pueden ayudar a recrear en la actualidad, con más detalle, todo aquello que hemos perdido y por supuesto a valorar con más entusiasmo lo que todavía poseemos.









































BIBLIOGRAFÍA

HIDALGO / J.R. URBANO: *Luciano Roisin, el primer fotógrafo de Cerdanyola*. El Diari de Cerdanyola, num.12. Marzo/Abril 2000

INTERNET: Tarjetaspostales.net (<http://perso.wanadoo.es/laura.val/historia.html>)

100

CÁTEDRA *Revista eumesa de estudios*

SOBRE OS NOMES DAS RÚAS, PRAZAS E XARDÍNS DE PONTEDEUME

Carlos de Castro Álvarez

INTRODUCCIÓN

Non cabe ningunha dúbida de que as construcións populares (muíños, hórreos, fontes, lavadoiros, etc.) poden ser incluídos dentro do campo de estudio da etnografía. E se isto é así, ¿por que non tamén as rúas e prazas?, espacios onde se desenvolve unha parte moi importante da actividade pública dos habitantes dunha vila, desde as actividades económicas (mercados, fielatos, concentración dun actividade económica), as lúdicas (xogos, música, deportes, día da árbore, etc.) e relixiosas (procesións, cruceiros), pasando polas sociais ou políticas (rolos, manifestacións, mitins, propaganda electoral, publicidade, sinalización, etc.). Evidentemente, como hai diferencias entre construción popular e arquitectura, tamén hai que distinguir entre rúas e rúas: entre as modernas avenidas froito dos grandes planes urbanísticos, elaborados nos estudos de arquitectura, e as rúas das nosas vilas, cunha orixe remota e descoñecida, verdadeiras veas polas que circoulou o alento que marcou a súa existencia vital. Entre as distintas ópticas, intimamente relacionadas, desde as que pode ser abordado o seu estudio, función ou actividade, morfoloxía e denominación, interésanos, de momento, a última citada. O nome dunha rúa moitas veces recolle a pegada da actividade e da morfoloxía e tamén é o resultado da historia da vila, do sentir e das inquietudes dos seus habitantes.

O presente traballo, co título xenérico *Sobre os nomes das rúas prazas e xardíns de Pontedeume*, é un segundo avance do libro: *Rúas, prazas e xardíns de Pontedeume: denominación, actividade e morfoloxía do espacio público*.

O punto de partida, non obstante, era ben sinxelo: crear un instrumento que permitira, con pouco esforzo, ós veciños de Pontedeume ou a calquera persoa interesada no tema, coñecerlo porque unha rúa, praza ou xardín chegou a ter o nome que se lle dá, en particular cando se trataba dun nome de persoa; así como recuperar aqueles nomes que no fragor da historia foron quedando no esquecemento.

— Agradezco a **Miguel Fernández Videla**, promotor da Asociación Cultural “Río Eume” a súa colaboración na realización deste traballo.

A medida que fomos aprofundando no tema aproveitando a abundante información que nos proporciona o Arquivo Municipal de Pontedeume, que exploramos ata o 1981, fímonos dando conta de que o estudio non se podía quedar nun simple inventario e clasificación de rúas, prazas e xardíns, e de biografías de persoas ilustres que mereceron que o seu nome figurase no ruero; obxectivo, por outra parte, moi loable, que é o que perseguen a inmensa maioría dos estudos deste tipo; senón que deberíamos ser capaces de abordar-lo tema en toda a súa complexidade. Tal punto de vista supoña preguntarse polos mecanismos e as etapas do proceso de denominación, é dicir, preguntarse polos pais e padriños, polos nomes non oficiais, alcumes e sobrenomes ou polos factores de supervivencia e os susceptibles de producir mudanzas na nomenclatura. E que dúbida cabe de que, entre estes factores, o espectacular proceso de expansión da vila ocupa un lugar destacado. E isto tanto polo feito de que orixina, coas súas fases e ritmos, a creación de novas rúas, prazas e xardíns, as cales débense proceder a nomear, como porque a expansión produce importantes cambios na toponimia primitiva. Así, por exemplo, co topónimo Aguabar os habitantes de Pontedeume nos séculos pasados facían alusión a un amplo espazo situado entre o camiño de Esteiro e a Corredeira de Frías, e entre a Ría e Chapizo. Coa expansión da vila nesta área, Aguabar pasa a denomina-la estrada de Esteiro, para desaparecer da toponimia e ser adoptado por un bar e unha asociación de pais de alumnos. E máis, coa expansión na zona do Aguabar, nomes coma as Gabarras desapareceron totalmente, ó igual que desapareceron outros como Rollo, Cátedra, Trabanca, Trepadizo, Ribera, Azogue, etc.

O traballo, en fin, debería recuperar e tratar de data-los planos e a fotografía antiga, fonte e historia visual de capital importancia dende mediados do século XIX, e a tal obxectivo e ó estudio das fontes en xeral, dedicamos, no traballo definitivo, un cuarto apartado.

O inventario que segue ó apartado no que describimo-lo proceso de transformación e xeración do chan urbano é algo máis que unha sucesión de nomes e das moitas mudanzas que sufriron. Nel, partindo da denominación actual, intentamos, na medida do posible, describi-la peripezia vital de cada categoría estudada, incluíndo pinceladas referentes á actividade, á morfoloxía e á etimoloxía.

De todo isto deberíamos ser capaces de sacar algunha lección. A Corporación Municipal debería ter impulsado un traballo deste tipo cando, ó chegar a Transición, propúxose a meritória tarefa de recupera-los nomes antigos. E deberíamos ser capaces de avalia-lo actual sistema de denominación do espazo urbano, sistema decimonónico de grandes deficiencias e, paradóxicamente, no mundo actual, de espectacular desenvolvemento dos medios de comunicación, a diferenza do que aconteceu na Idade Media, tremendamente antidemocrático.

1. EXPANSIÓN URBANA E PROCESO DE DENOMINACIÓN

1.1 OS PRIMEIROS NOMES DOCUMENTADOS

Non é abundante a documentación que podemos empregar coma fonte para intentar aproximarnos ós primeiros nomes das rúas de Pontedeume. O inventario redúcese a sete diplomas

(documentos de cesión, venta, doazón ou foros de casas na vila), procedentes dos tombos monásticas. Da súa consideración, dedúcese que ós poucos anos de fundarse a Póboa, existe xa unha estrutura de rúas e rúas, incluso un perímetro valado, pero que o proceso de denominación das mesmas é, coma non podía ser doutra maneira, impreciso e vacilante. O feito de sinalarse a situación das casas mencionando o nome dos propietarios que a delimitan, privánnos dunha maior información. Pese a todo, non se deixan de mencionar algunhas rúas. En efecto, coa data do 25 de abril do 1284, Juan Salido e a súa muller doan ó mosteiro de santa María de Monfero unha casa na **rúa que viene de Andrade**. No documento dise ademais *"que ven pella puerta grande da villa e como esta en un comun con a de Maior Baranda e se departe della per fondo e per sima da de Fernan Iaaes e en frente do vallado"*¹. Sen dúbida parece tratarse da que co tempo se chamará rúa **Maior** o **Real**. No 1306 o mesmo mosteiro afora a María Domínguez unha praza para unha casa en Pontedeume, situada na **Ribera dereita**. **A Ribera**² atopámola tamén mencionada nunha doazón³, coa data do 26 de xaneiro do 1434, dunha casa de Catalina Domínguez ó mosteiro de Caaveiro; no citado documento menciónase ademais unha denominada **rúa Antigua** que, a diferenza da rúa de **A Ribera**, non temos forma de identificar.

1.2 AS RÚAS E PRAZAS DO CASCO ANTIGO

Cofecemos os primeiros pasos de vila fundada ex novo: a cuadrícula artículase en cinco rúas paralelas de norte a sur, e cinco travesas de poñente a levante, os seus nomes, (algúns moi comúns, que atopamos en moitas vilas nos séculos XIII e XV) débéronse fixar cedo. Son as rúas⁴ da **Pescadería**, **Santiago**, **Real**, **Herreros** e **Azogue**; e as travesas⁵ de **Cantón**, **Travesía que va desde la Real a la Plaza del Conde**, **Travesía Real** ou a mencionada da **Ribera**.

Sen embargo non deixan de existir certos problemas, tanto polo que respecta á denominación das rúas, como á situación e características das prazas, entendidas estas coma espazo público non edificable.

Deste modo, si parece lóxico pensar que a denominación de **Mayor** é anterior á de **Real** e que a rúa do **Azogue** é a que co tempo pasará a chamarse rúa do **convento de S. Agustín**, o problema que se nos plantexa é se a última rúa mencionada denominábase tamén rúa da **Carnicería** ou **Cortaduría**, e é máis, onde estaba situada a **porta da Carnicería**. O termo carnicería aparece ó menos dez veces mencionado no *Libro Rexistrador de Propiedades del Concello*⁶, pero aínda así atopámonos con serias dificultades á hora de localizala tendo só en conta dita fonte, aínda que

1. ARG, Colección documental en Pergamiño, nº 146. LÓPEZ SANGIL, J. L. *Relación de la documentación del monasterio de Santa María de Monfero*, Estudios Mindonienses, nº 18, doc. Nº 500.

2. LOPÉZ SANGIL, J. L., op. cit, nº 635.

3. FERNÁNDEZ DE VIANA y GONZÁLEZ BALASCH, *Pergamiños soltos do Mosteiro de Caaveiro*, Cátedra nº 9, nº 52.

4. Véxase, por exemplo, os casos de Betanzos: ERIAS MARTÍNEZ, *Evolución das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos*; ou A Coruña: BARRAL RIVADULLA, *La Coruña en los siglos XIII al. XV*, A Coruña, 1998.

5. Nun expediente de amaños de rúas de 1762 (AMP, C. 4) menciónanse unha **Travesía de Santiago** que debe referirse á do **Trepadizo** ou á que denominamos **Travesía que va de la Real a la Plaza del Conde**, é dicir, a que hoxe se denomina Couceiro Freijomil.

6. LÓPEZ CALVO, J. A. *O Libro Registrador de Propiedades do Concello...*, Cátedra nº 4.

non cabe dúbida de que daba á ribeira do mar. Da existencia dunha rúa da **Carnicería** non existe dúbida: no ano 1690 o rexedor Miguel Rodríguez permuta unha casa por outra, da cal se di que está na rúa da **Carnicería**, e por lóxica a porta da Carnicería debería estar ó final desta rúa. Sen embargo, no folio 427v do Rexistro de Propiedades dise que *"tiene esta Villa una Casa junto a la Carnicería en que bive Nicolás de Lago, porque paga de renta en cada año once reales, dize a la puerta principal de la Villa, nombrada de la Carnicería"*. ¿Chamábase á rúa *Mayor* tamén rúa da *Carnicería*?, o que explicaría que non conservara o nome.

As dúbidas quedan aclaradas con dúas novas fontes. Na descrición anónima de Pontedeume, do século XIX, publicada por Santiago Daviña no número 5 de Cátedra, dise que ó norte existen tres portas: a chamada do Torreón, na praza do Conde; a chamada do Ponte e a da *Carnicería* por estar esta pegada a ela, antigamente chamada porta da *Travanca*⁷. Que a rúa da *Carnicería* ou *Cortaduría* non é a rúa dos *Herreros* queda ben ás claras no Catastro do Marqués de la Ensenada, posto que entre as casas que posúe don Joaquín Maldonado existe unha situada *"en la calle Trabesa, que ba desde la Carnicería a la de los Herreros"*⁸.

O exposto, pois, lévanos a manter que a rúa da Carnicería é en realidade a rúa do **Azogue**, logo do **Convento** ou de **S. Agustín** e non a **rúa Real**, nin moito menos, coma sinala Couceiro, a rúa dos **Herreros**, pois esta rúa, ademais, coma veremos, non tivo saída á ribeiramar ata o século XX.

Con respecto as prazas, sinalárase⁹ que, a diferenza do que acontece nas vilas castelás, nunha cuadra se concibira coma un lugar baleiro ou praza, necesaria para o desenvolvemento da actividade mercantil. Tal interpretación fundamentábase na consideración de que dito espacio podía existir entre a cuadrícula e a muralla, pero, sobre todo, nunha interpretación precipitada e torpe dun documento do 1617. O que fai o concello en dito ano, ou pouco despois, é, aproveitando o incendio do 1607, ampliar unha praza excesivamente pequena, chamada **Mayor**, **Principal** ou **Pública**, mercando as casas da parte de abaixo a Juan López Ameneiro e a Juan Álvarez. As razóns desta ampliación están ben claras:

*"En el Año de 1617 el Procurador General de esta Villa acude ante el Alcalde maior della haciendo relación qe la plaza pral era pequeña y tenia necesidad de ensancharse por hacerse doce Mercados y doce ferias en el año, y ademas todo el mes de Diciembre feria franca donde concurrían Mecaderes de todo el Rno , Portugal y Castilla, por lo qe era necesario una plaza de cassa cahida, que se quemara en el yncendio General de la Villa, que era de Juan Lopez de Ameneyro"*¹⁰.

7. Trabanca significa, segundo o Dicionario da Real Academia, mesa formada por unha táboa sobre dous cabaletes, de que usan os *papelistas* e outros operarios.

8. DAVIÑA SÁINZ, S., *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada*, Cátedra nº 8, p. 145.

9. DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *A póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica*, Cátedra nº 4, p. 17.

10. AMP, C. 111.

Ó marxe das razóns, isto lévanos a plantexa-la orixe da denominada praza do Conde. E a conclusión non pode ser outra que o nome deriva do feito de que, efectivamente, foi propiedade de Fernán Pérez de Andrade, propiedade onde construíría o seu palacio. A esta circunstancia os descendentes dos Andrades non eran indiferentes. En efecto, cando a Corporación Municipal constrúe en dita praza un denominado mercado de peixe, o apoderado do duque de Alba manda á Corporación Municipal unha instancia coa que pretende facer vale-los dereitos do duque de Alba. En sesión ordinaria do 18 de xuño do 1857 dáse puntual informe de a devandita instancia:

*"Dado cuenta de una Ynstancia presentada por D. Francisco de la Paz, apoderado del Excmo. Sr. Duque de Berbich y Alba, conde de Lemos, en que con motivo de la construcción de un cobertizo ó tinglado en esta villa y Plaza llamada del Conde, solicita que se declare de propiedad de S. E. dicha Plaza y terreno que ocupa el referido Tinglado, a evitar que en el transcurso del tiempo se considere este como bienes de propios y pueda enagenarse como en tal concepto y de que se originaría un conflicto por no ser este el animo del Sr Duque al cederla con destino al servicio común del vecindario; acordó la Corporación, **que hallándose este en plena posesión desde inmemorial tiempo de usar y disponer del manifestado terreno con destino a Plaza pública**, no dudó que ejercitando esta misma posesión estaba y está en derecho el disponer cubrir parte de ella, como en efecto lo está, con objeto de vender en este local toda clase de pescado, sacándolo de la intemperie en que se hallaba; y de consiguiente si trata de edificar o cerrar parte del manifestado terreno cuando llegue el caso, podrá el apoderado del Sr. Duque usar de la acción que entienda competirle en reclamación del derecho con que considere asistido á S. E.; sobre que la corporación hará también sus gobierno" ¹¹.*

¿Un primeiro recinto amurallado non comprendía os terreos da praza e palacio do Conde? Ou si comprendía e foron adquiridos pola familia Andrade. Ó facerse con propiedades extramuros (non esquezamos a construción da capela das Virtudes e o Convento en terreos da propiedade da familia) foi o primeiro asalto para facerse coa vila. Pero se coñecemos as circunstancias e cronoloxía do proceso de expropiación do pazo, non pasa o mesmo polo que respecta á praza, tamén chamada **de su Excelencia**, que, coma xa vimos, os membros do concello consideraban cedida á vila desde tempo inmemorial.

Por último, xunto á **praza Maior** existen, dentro do casco antigo, outras dúas prazas: a denominada do **Pan**, creación, na súa configuración actual, do século XX; e o espacio, *cuadrilongo*, coma o denomina a documentación de mediados do século XVIII, situado diante da Cátedra de Latinidade; espacio do que descoñecemos a súa peripecia morfolóxica, e que pasará a denominarse **plazuela de la Cátedra** moito despois de que Beltrán de Anido cedera a súa casa para tal uso, en contra do que se puidera pensar.

11. AMP, C. 396.

Xunto ós nomes que designan o espacio da cuadrícula, deberon fixarse cedo outros nomes, ben referidos ás portas: **da Ponte, da Vila, Porto, da Salga**; ó espacio situado entre a cuadrícula e a muralla: **Alcacer, Angustia, calle de la Iglesia, calle de Porto, Atahona**; posiblemente **Chafaris**; ou fóra do recinto murado: **Peirao, Corredera a Esteiro, Aguabar o Soto de la Villa**.

1.3 OS NOMES DO PRIMEIRO DESENVOLVEMENTO MORFOLÓXICO

Si parece razoable pensar que a mediados do século XIV (lemremos que o Póboa fundouse no 1270), os nomes sinalados no epígrafe anterior estaban xa fixados, o proceso de configuración morfolóxica non estaba aínda consolidado. En efecto, a finais do século XIV, ou quizais, a principios do XV, fundábase a capela da nosa Señora del Souto ou das Virtudes, facendo necesario ós habitantes da vila dar nome ó acceso a dita capela: **camino que va a Nuestra señora de las Virtudes**¹², futura rúa das **Virtudes**.

Do 1606 é a primeira referencia documental que temos da ermida de S. Roque, aínda que tendo en conta que nos estatutos do 1624 da cofradía do Santo dise que *"se creó por beneficio que esta villa recibió por intercesión del santo, cuando la peste general que a la sazón hubo en estos reinos"*¹³, fundouse na centuria anterior, ben con motivo da peste do 1517 ou do 1557. A súa construción vai dar nome á porta que ata entón viña denominándose da Vila e a unha praza, o nome¹⁴ da cal é anterior á demolición da capela, feito que ten lugar no 1840.

Pouco coñecemos, como xa adiantamos, da construción do Pazo (a súa primeira referencia documental é do 1431), da **praza del Conde** e da capela de S. Miguel, que da nome a unha rúa, ás veces denominada travesía¹⁵, aínda que non é inconcibible pensar que a paternidade de todo o conxunto debeuse ó primeiro señor da vila, é dicir, a Fernán Pérez de Andrade o Bo.

Fronte á pobreza documental do conxunto palaciano, a documentación da que dispoñemos sobre o convento de S. Agostiño é suficiente para articular os pasos do seu nacemento e desaparición coma convento. Fúndao don Fernando de Andrade por escritura do 24 de setembro do 1538 e confirmación eclesiástica do 5 de decembro do mesmo ano. Non existe dúbida algunha de que se funda extramuros e tampouco de que a muralla pasaba preto á fonte. En efecto, no 11 de marzo do 1630 cae un torreón que estaba xunto a ela, derribándoa e matando a un neno e eivando a unha muller¹⁶. É lóxica a pretensión dos habitantes do convento por buscar unha comunicación rápida coa vila abrindo algún tipo de porta, pretensión que nos primeiros momentos contou coa oposición do concello, coma sucede no 1616¹⁷, pero que culminou coa completa desaparición daquela, feito

12. LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 64.

13. PÉREZ COSTANTI, P., *Notas Viejas Galicianas*, Tomo III, Vigo, 1927, pp. 41-45.

14. Na folla 339v do Libro Rexistrador se nomea unha *"Thorre de la muralla que dice a la plaza de san Roque"* (LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 91). O nome de S. Roque atopámolo nos primeiros censos de poboación que coñecemos, datados en 1812 (AMP, C. 83).

15. Véxase co esta denominación en LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 82.

16. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Pontedeume*. Ed 1981, p. 276.

17. LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 61.

que xa se debía producir no 1678¹⁸, aínda que, coma veremos, a praza pertencía nun principio ó convento. O que non podemos saber é se, antes da desaparición da muralla, á do **Azogue** ou da **Carnicería** xa se chamaba tamén de **S. Agustín**.

No 1563 habilítase xunto ó convento o cemiterio de **Nuestra Señora de Gracia**, nome que deron os agostiños ó convento en contra dos desexos de don Fernando, quen pretendía poñelo baixo a advocación de S. Miguel Arcángel. A pesar de que chegou ata nós a acta de consagración, non coñecemos nin a súa exacta situación nin a súa posterior evolución con respecto á muralla, aínda que, ó parecer, pertencía ós relixiosos. Tiña 131 pés de longo e 46 de ancho, "*salía de la puerta de la iglesia y portería e iba a dar a la calle, y por otra parte llegaba al paredón de la fuente, y conforme al paredón iba a dar derecho a la calle y por la otra parte huerta de Pedro López Peinero, y con dicha calle de la villa*"¹⁹. ¿É o paredón a muralla?, ¿por qué non se menciona expresamente a muralla e si as rúas, coma se entre o cemiterio e elas non houbera muralla?

Quizais neste epígrafe teñamos que meter outros nomes como **porta do Postigo**, cunha rúa do mesmo nome, ou **Empedrado**, da cal a súa cita máis antiga data do 1595.

No 1618 se empedra a rúa do Trepadizo, daquela chamada rúa **nova de xunto á igrexa**.

1.4 AS RÚAS DO PROCESO DE EXPANSIÓN

Dende mediados do século XVII ata a primeira metade do século XIX, a vila vive un longo proceso de hibernación con respecto ó tema que nos ocupa. Certamente neste período producíronse cambios morfolóxicos, algúns tan importantes como a paulatina desaparición da muralla, a aparición dos arrabaldes de Porto, S. Roque, Virtudes ou a construción do peirao, pero a vila, coma nos di don Juan Valentín no 1789, ten seis rúas e dúas prazas, e ningún dos cambios foi susceptible de aumenta-la nómina dos nomes do espacio urbano, aínda que é indubidable que neste longo período fixouse definitivamente o nome dalgunha rúa ou praza que presentaba unha dobre denominación. E así, a dualidade **Azogue-S. Agustín**²⁰ decántase en favor desta última, ó igual que a de **Mayor-Real**, ou a de praza do **Rollo-Consistorio-Real**.

A expansión que da comezo na segunda metade do século XIX, condicionada pola presenza da ría e o monte Bremao, vaise producir cara o este (avenida Rajoy), o oeste (dirección estación de Ferrocarril) ou gañando terreos ó mar (peirao e Aguabar), impulsada sen dúbida polo crecemento económico e demográfico, pero nela van xogar un papel decisivo primeiro o proceso de desamortización, segundo a capacidade do concello para expropiar terreos que considere necesarios para o ben común, ou gañalos ó mar; e por último, o apoio da administración a través do Ministerio de Fomento e Obras públicas ou a Deputación, apoio que se canaliza polos deputados de tanda, que non van deixar de ser recompensados co nome dalgunha rúa.

18. Este ano, os señores xustiza e rexemento da vila aforan unha casa que se dise está na praza de S. Agostiño nº 4 (véxase LÓPEZ CAIVO, op. cit. p. 96).

19. FLORENCIO VAAMONDE, *El cementerio de Nuestra Señora de Gracia*, Ecos del Eume, nº 291, 1915.

20. Aínda se mantén esta dobre denominación en 1769 (véxase AMP, C. 4, Reconocimiento y regulación de Tasas...)

1.4.1 A expansión anterior á desamortización

En numerosas ocasións escribiuse sobre as murallas de Pontedeume²¹, das que coñecemos o seu emprazamento, portas, ou, máis ou menos, o seu aspecto físico; axudados polo recente descubrimento do debuxo de Pedro Texeira, realizado a principios do século XVII. Corresponde este debuxo ó Pontedeume que puido ver Jerónimo del Hoyo na súa visita. Un Pontedeume pechado nunha muralla cos primeiros signos de decadencia. A expansión da vila vai comezar precisamente a costa da súa demolición e aforamento, e antes, ou, ó mesmo tempo, coa aparición dos arrabaldes de Porto e S. Roque, con prolongacións cara as Virtudes e Empedrado. Dita expansión terá a súa continuidade na Idade Contemporánea, levada a cabo ó longo das vías de comunicación, e, a diferenza das expansións cara o este e oeste, non dará lugar a novas vías, aínda que si a dúas novas rúas sobre vías xa existentes: rúa **Virtudes** e **Fuentenueva** e quizais se fixe neste momento o nome de **Carreiros de S. Isidro**, Santo canonizado no 1622.

O proceso de minado da muralla está xa en marcha na década dos trinta do século XVII, aínda que, de momento, o consello móstrase abertamente partidario da súa reparación. Sabemos que en marzo do 1625 mándanse repara-la costa dos propios da vila, mandato que se concreta en agosto do citado ano:

*"En la puertas , barreallas las que fueran menester, que se dé escala por la puerta de Porto, otra a la puerta de la Carnicería, reedificar el pedazo de muralla que está a la puerta de San Roque y otro sobre la puerta pequeña del Postigo, y la piedra que fuese menester para esto se saque del torrión que está junto al señor San Agustín, para que quede en defensa y pueda servirles a los de fuera de la muralla si se ofreciera ocasión; y que se aderece un pedazo de muralla que está junto a la cerca del convento, asimismo se han de hacer cuatro troneras, dos en la puerta de Porto, que salen de palacio, que caen a las secretas, dos en el torreón de los hereberos de... Maldonado; se haga un andamio sobre la primera torre de la puente"*²².

O 11 de maio do 1630 infórmase de que *"se había caído un torreón de la muralla de esta villa contigua al convento de San Agustín y que cay sobre la fuente de la dicha villa, y al tiempo que cayera había derribado la dicha fuente, muerto una criatura y lisiado una mujer; y no se podía ir a la fuente, y se esperaba que lo que había quedado del dicho torreón y muralla había de volver a caer y hacer daño"*²³. O anterior derrumbe mándase reparar, pero o desánimo do concello ó respecto é evidente. Na sesión de xullo dise que *"por cuanto en este ayuntamiento se ha tratado que las murallas de la villa, como se echa de ver, se van cayendo y arruinando y están para caerse, y la causa de esto es que algunos vecinos de la villa y fuera sacan y cavan el barro al pie de la muralla, llegando hasta el cimiento de ella, haciendo muchos hoyos y cuevas, de manera que, si*

21. Véxase DE CASTRO ÁLVAREZ, A Póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación, Cátedra nº 4, 1997, *Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia*, Cátedra nº 8, 2001, ou *La muralla de Pontedeume*, O Comarcal, nº 58, 2003.

22. COUCEIRO FREIJOMIL, A, *Historia de Pontedeume*, p.276.

23. Ídem.

*no se remedia, vendrá a suceder mayor daño y causará muy gran costa*²⁴. A esta causa únese, na parte que limita co convento, o interese dos frades por buscar unha comunicación máis directa coa vila, interese que os levou á pretensión, xa no 1616, de abrir unha porta xunto á fonte e de buscala desaparición total da muralla, proceso que se debeu producir, como xa adiantamos, na segunda metade do século XVII.

Á altura do 1670 o concello reconece abertamente que parte das murallas estaban caídas:

*"Dixeron que por quanto parte de las murallas della estan caidas y las que estan levantadas mal trazadas y lo mismo las calles y calzadas desta villa estan desechas e inutilizadas de modo que no se puede andar por ellas, por tanto sus mercedes acordaron se levanten y reparen"*²⁵.

Nunha das sesións do 1702 vólvese repetir que as murallas están arruinadas e as portas vellas. Pero o que non din as actas municipais e que dende o primeiro tercio do século XVII é o concello, seguramente buscando ingresos adicionais, quen está contribuíndo a súa desaparición mediante a política de permitir arrima-las casas á muralla e o aforamento de torres e anacos dunha muralla que pouco a pouco substituiríanse por casas. *O Libro Rexistrador de Propiedades* ofrece numerosos exemplos deste proceso²⁶. O fenómeno, comezado cedo para a torre (do 1635 data o foro da torre que estaba sobre a porta da Carnicería), debeuse acelerar ó longo do período de crecemento do século XVIII²⁷. Cando no 1830 o concello ten que arbitrar medidas de defensa, nin sequera se fai alusión ás murallas, de tal forma que as portas que se mandan construír son para pechar rúas, tendo o concello que dar instrucións sobre a súa situación²⁸.

Pero antes que o proceso ó que acabamos de referirnos, ten lugar a aparición dos arrabaldes de S. Roque, Virtudes, Empedrado e Porto, todos eles nomes fixados en etapas anteriores. O plano do 1869 proporcionanos unha fotografía do punto de chegada: formouse un **barrio de S. Roque** a ambos lados do camiño Real, a rúa das **Virtudes** (nun principio, un simple camiño); intermitentemente, ó igual que na rúa **Fuentenueva**, atopamos edificacións en o **Empedrado**, arracimándose no **Soto de la Villa** e **Porto de Arriba**, ámbito no cal a presenza da horta do Conde impide a construción no lado sur da rúa de Porto, onde tamén aparecera un rueiro. Sen embargo, o comezo do proceso é máis difícil de precisar. Para o caso do **Empedrado** e **S. Roque** o fenómeno é anterior ó século XVII e, en todo caso, é un feito finalizado á altura do 1680, momento no que os alcaldes Maior e Menor dispútanse a xurisdicción de **Porto** e **Empedrado**.

24. Ídem.

25. AMP, C. 2, 1559-1677.

26. Véxase os nº 56, 57, 60, 66, 69 y 84.

27. Véxase DE CASTRO ÁLVAREZ, *Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia*, Cátedra nº 8, 2001.

28. Véxase VEIGA FERREIRA, X. Mª, *Aspectos de la defensa de Pontedeume na Primeira Guerra Carlista*, Anuario Brigantino, n 12, 1980,é

Da rúa das **Virtudes** temos pouca información: a noticia dun único foro dunha casa anterior ó 1708. Para entón, seguramente, o camiño extramuros convertérase nunha rúa. Unha rúa que gaña en notoriedade coa construción do cemiterio municipal. O acordo de construír un cemiterio no distrito de Vilar, coma alternativa ós enterramentos no interior da igrexa, tomouse no 1814, pero, ó parecer, non se materializa ata 1835 de forma provisional, e no 1838 de forma definitiva²⁹. Reformado no 1842 e 1861, ampliárase no 1867, coincidindo co derribo da igrexa de S. Agostiño. A súa vida prolóngase ata 1888. Non existe dúbida de que foi un freo á expansión da vila polo marxe dereito da estrada de Xubia a Betanzos, onde as características orográficas tampouco son moi óptimas. No mesmo lugar construírse ó redor do 1902 o asilo Agustín Tenreiro, que dende 1919 albergará un grupo escolar ata desaparecer sendo substituído por un Centro de Saúde.

1.4.2 A expansión cara o este: Estrada de Xubia a Betanzos e a rúa e Alameda de Raxoi

1.4.2.1 Estrada de Xubia a Betanzos

A denominada estrada de Xubia a Betanzos, tamén chamada de Ferrol a Betanzos e logo de Ferrol a A Coruña, foi declarada provincial pola Real Orde do 30 de setembro do 1846. Esta estrada atravesaba a vila pola rúa Real, praziña da Angustia, Empedrado e Souto da Vila. Sen embargo todo apunta a pensar que con anterioridade á construción da nova estrada a rúa de S. Agostiño convertérase no camiño alternativo. Digamos, no obstante, que o paso da estrada atravesando a vila tiña os días contados. Aínda que na data do 18 de decembro do 1850, o Director Xeral de obras públicas fai saber á Corporación Municipal de Pontedeume que por agora non era posible destinar un enxeñeiro de camiños que se ocupe exclusivamente da formación dos proxectos da estrada de Ferrol a Betanzos, ó certo é que por Real Orde do 26 de agosto do 1851 sacábase a licitación o primeiro anaco comprendido entre Betanzos e a Ponte do Porco³⁰. Pero aínda temos que esperar outro ano máis para plantexa-la cuestión do trazado o seu paso pola vila. O 16 de abril do 1852 preséntanse no pobo os enxeñeiros de camiños encargados de traza-la estrada. A Corporación reúne-se dous días despois e manifesta a súa preocupación polo feito de que a estrada non cruce a vila, o que causaría a súa despoboación, polo que era preciso inclinalos enxeñeiros a que non fose así. Nin que dicir ten que os representantes municipais non conseguiron os seus propósitos. E en sesión extraordinaria do 23 de decembro do 1852, danse conta dun oficio do señor Gobernador da Provincia do 11 do devandito mes, no que se inserta unha comunicación do señor Director Xeral de Obras pola que se manifesta que "*SM. ha tenido a bien aprobar el proyecto para los trozos 2º, 3º, 4º, 5º y 6º de la carretera de Betanzos á Ferrol según la línea marcada*"³¹.

Os traballos comezaron rapidamente. En abril do 1853, ante o inminente comezo das tarefas de explanado no lugar onde se atopaba o cruceiro de Campolongo, a Corporación acorda tras-

29. Véxase, CAÍNZOS CORBEIRA, A., *A creación dos cemiterios de Pontedeume, catro exemplos de arquitectura funeraria*, Cátedra, nº 1, p. 101.

30. A intención de mellorar esta estrada comeza coas Reais Ordes de 28 de xullo e 14 de decembro de 1806, que non foron aplicadas por mor da invasión francesa. Tampouco se aplicaron outras disposicións anteriores (Véxase COUCEIRO FREIJOMIL, *op. cit.* p. 320).

31. AMP, C. 396, L. 1852.

ladalo *"á las inmediaciones del mismo sitio que hoy ocupa y ángulo que forma dicha vereda con el camino vecinal que se dirige á Monfero"*³².

Tampouco tivo éxito a Corporación á hora de impoñer un trazado polo Aguabar. En sesión do 6 de xaneiro do 1855, ademais de mostrar a vontade de instar á Deputación a que os terreos ocupados pola estrada provincial sexan indemnizados, pensa comunicarlle o seu desacordo co trazado da mesma polo Aguabar, dende a horta de don Agustín Alonso á ponte da vila, por estar o seu xuízo cheo de curvas irregulares innecesarias e por ser o espacio por onde terá que estenderse a vila. Polo demais, mostra o seu desánimo por ser o tramo máis atrasado, ata o punto de desconfiar da súa realización. O desacougo prolóngase ata xullo do 1855, mes no que chega don José Bellón, enxeñeiro da provincia, co obxecto de recoñece-la liña a seguir pola estrada, dende o seu paso polo Aguabar ata o principio da ponte, e de satisfacer dentro do posible os desexos da Corporación, anteriormente elevados á Deputación. O enxeñeiro recoñece sobre o terreo o trazado e manifesta *"que si bien era posible y hermosa dicha línea, era también muy costosa"*³³. As explicacións dadas polo enxeñeiro Bellón fixeron que a Corporación recortase a solicitude feita á Deputación, limitándose *"á proponer partiera dicha línea desde el centro de la esplanada hecha ya junto a la huerta de la viuda de don José Guntüriz y siguiese recta al medio del primer ojo del Puente, como de menor costo y hermosa, según manifestó el mismo Sr. Yngeniero"*³⁴.

Anque, segundo Couceiro, no 1856 xa finalizaran as obras, aínda no 1859 o Concello vese na necesidade de nomear unha comisión para que informe dos terreos que ocupou a estrada nacional pertencente ás capelas de Noguerido, Mancebo e Cátedra de Latinidade e do que se debe percibir por eles.

Por último, debemos dicir que a construción da estrada obriga a remodela-la parte baixa da rúa de S. Agostiño, suprimindo os soportais que nela existían³⁵, así coma a conexión das outras rúas que desembocan nela.

1.4.2.2 Rúa e Alameda de Raxoi

O proceso de expansión da vila por esta parte arranca da desamortización do convento de S. Agostiño, pechado o 13 de setembro do 1835. O complexo desamortizado comprendía o que era propiamente o convento, a horta e a igrexa, que non van correr a mesma sorte.

O convento foi cedido ó concello gratuitamente pola Real Orde do 10 de xaneiro do 1842 para escola de nenas, cárcere e cuartel, como o tiña solicitado; cesión que quedaría sen efecto se no prazo de seis meses non se ocupa cos establecementos pedidos. Ó mes seguinte, a Corporación manifesta que o convento está *"aplicado oy a las referidas objetivos pues que ya sirve de cuartel*

32. AMP, C. 397, L. 1853.

33. AMP, C. 397, L. 1855.

34. Ídem.

35. Véxase S. Agustín, rúa de.

un tramo del edificio y otro de escuela de niñas y que con respecto a Cárcel se formará inmediatamente el presupuesto de las obras que son indispensables"³⁶. Por oficio do señor xuíz de primeira instancia, do 18 de decembro do 1844, pídesse á Corporación que informe se o convento ten suficiente espazo para instalar nel a cárcere pública e sala de audiencias, ó que se contesta afirmativamente. Sen embargo este intento de instala-lo cárcere non terá éxito. E máis, o 18 de decembro do 1848 (Boletín Oficial número 146) é declarado en venta, da que se exclúe a igrexa (Suplemento do Boletín Oficial do 18 de decembro), sendo adquirido por Pedro Manuel Atocha, veciño de Ferrol, de quen pasa a mans de don José Benito Guntúriz, feito que seguramente marca a súa etapa como edificio empregado para o uso público.

No 1865 don Benito Guntúriz manda un escrito ó concello manifestando que lle pertencía a saída do ex convento, considerada coma atrio do mesmo. A Corporación responde que o que se considera coma atrio non é tal, senón unha praza pública que a vila disfrutaba dende tempo inmemorial para a venta de encaixe, madeiras, froitas e outras cousas, e para mazar froitos algúns veciños, e que o único que recoñece a don Benito é o dereito da libre entrada e saída. Pero os dereitos que asisten á Corporación, xustificados con outros argumentos³⁷, non estaban tan claros. De feito, ó parecer, a Corporación cedera, por escritura pública do 24 de febreiro do 1777, ó convento todo o terreo que tiña a vila fronte ás celas novas "*que son las que entonces existían hasta la calle, para que el Cobento perfeccionase el atrio o hiciese lo que mejor le pareciese*"³⁸, a cambio duns terreos que o citado convento tiña na rúa das Virtudes. Tal e así que, co consentimento do Gobernador Provincial, procédese ó amolloamento e peche do atrio, o que provoca que a Corporación presente a conseguente demanda³⁹. Por orde da Dirección de Propiedades e Dereitos do Estado do 18 de setembro do 1865, segundo a cal a Xunta Superior de vendas declara que na poxa do convento non se incluía o espazo do atrio, instase a don Benito Guntúriz a derriba-lo edificado deixando as cousas coma estaban. O 26 de outubro o concello incáutase o atrio e o 16 de xaneiro elabórase un presuposto para a súa remodelación.

Con respecto á igrexa, a Corporación solicita que non entre na puxa, argumentando que servía como depósito de finados e se á parroquial lle sucedese algunha desgracia, o pobo non tería lugar sagrado onde celebrar a misa. Este último argumento, no que sen dúbida actuaba o recordo dos terribles incendios que sufrira a vila, era esaxerada, posto que contaba coas Virtudes e San Roque; aínda así, consegue unha providencia do señor Intendente de Renda da Provincia, do 12 de xaneiro do 1849, pola que "*la iglesia y atrio del convento que fue de Agustinos de esta villa se excluye de la subasta para venta anunciada en el suplemento al Boletín Oficial de diez y ocho de Diciembre próximo pasado N° 146, como lo había solicitado el ayuntamiento*"⁴⁰. Sen embargo, o concello non estaba tan disposto a facer fronte ás contrapartidas que tal decisión conlevaba, é dicir, a correr cos gastos da súa reparación cando fose necesario. No 1865 arruínase a parede da capela

36. AMP, C. 396, sesión do 1 de Janeiro.

37. Como que o Concello estivera ó coidado da fonte, do seu amaño cando foi necesario ou que as procesións de Semana Santa pasaban tódolos anos pola praza.

38. AMP, C.7, sesión de 25 de febreiro do 1865.

39. AMP, C. 111 1865, expediente sobre a praza do Convento.

40. AMP, C. 396, sesión do 15 de Janeiro do 1849.

que daba ó convento. A Corporación manda realizar un informe ó mestre canteiro José Basteiro, quen xira a visita acompañado do cura da parroquia, que ten a igrexa coma sufragánea. Nel dise que a capela en cuestión é a da Concepción, que sufrira danos coas obras realizadas por Guntúriz e que é necesario apuntalala. A Corporación limitábase a mandar comunicación á Diocese preguntando a quen compete o arranxo, se ó pobo ou ás instancias eclesiásticas. E, a liña seguida, pídelles permiso ó Arcebispado para demolela e emprega-los materiais para ensanchar-lo cemiterio das Virtudes. O 10 de outubro do 1866, o Arcebispado da o visto bo para a súa demolición coa condición de que se constrúa unha capela coa advocación do Santísimo Cristo. Cando xa comezou a demolición, o cardeal Arcebispo da Diocese comunica á Corporación que deben suspender-los traballos ata que se resolvan as reclamacións presentadas e, aínda máis, desmentindo ó dito, móstrase partidario da súa reparación, ó que a Corporación contesta que xa non era posible. Sabemos que un dos reclamantes é don Manuel Azpilcueta, quen pretendía facer valer-los seus dereitos sobre a capela do Perpetuo Socorro, que os relixiosos agostiños cederan a don Andrés Mosquera no 1712 por 13.803 reais, coa condición de coidala e reparala. As pretensións de Azpilcueta, traducidas en 60.000 reais de indemnización, foron facilmente sorteadas pola Corporación alegando que don Andrés Mosquera non dixerá nada no seu testamento e que dende facía moito tempo ninguén se ocupaba da capela. É así coma os traballos de demolición da igrexa, a cargo de don Francisco Fernández, proseguiron sen dilación ata finalizar en xuño do 1867. Á vez, a Corporación decidira levar-los retablos, que se encontraban na sancristía da igrexa derribada, á igrexa das Virtudes, e unha vez alí foron vendidos a petición do cura, destinando o diñeiro obtido para reparar dita igrexa. Pero, polo que parece, don Manuel Azpilcueta Ulloa consegue que non se demolera a capela, que, posteriormente, doará gratuitamente para ser situada no cemiterio da estrada de Centroña, o que supuxo a necesidade, no 1889, de realizar un novo proxecto de ensanche da nova rúa de Rajoy.

O 16 de decembro do 1866 e 8 de xaneiro do 1867 elevárase ó Gobernador Provincial permiso para realiza-lo proxecto dunha nova rúa que conectase a de san Agostiño coa estrada de Betanzos a Xubia, e na sesión do 12 de xaneiro do 1867 plantéxase o problema da aliñación. Na sesión de xuño do ano 1867 o concello *"acordó que tan luego como se pueda se determine regularmente y terraplene, demarque, habrá caja, rellene y empedre la via publica que de la carretera provincial viene al centro del Pueblo por encima de lo que fue huerta del Convento de Agustinos de esta propia villa á fin de evitar á tiempo los pantanos que pueda aparecer en el ynvierño"*⁴¹. O proxecto encárgase a don Faustino Domínguez, aproveitando o feito de que estaba ocupado nas obras de ampliación do cemiterio e tiña que recoñecer-las obras de demolición. En setembro, o arquitecto fixou o eixe da rúa e o Procurador síndico considera que é oportuno *"nombrar una comisión que formule un proyecto completo de venta de solares. Lo cual estimó así el Ayuntamiento"*⁴². Na mesma sesión do 28 de setembro do 1867 propúxose e acordouse da-lo nome de Rajoi á rúa.

Unha vez aberto o espacio da nova rúa, plantéxase a construción da rúa Corredra das Virtudes e a unión de ámbalas dúas mediante unha escalinata⁴³. Sen embargo, os acontecementos políticos van demorar-las obras e introducir modificacións.

41. AMP, C. 7, L. 1867, f. 28v.

42. AMP, C. 7, L. 1867, f. 54v.

43. AMP, C. 7, L. 1867, sesión do 28 de decembro.

En outubro do 1868, o presidente da Xunta Revolucionaria do partido comunica á Corporación que se levarán a cabo as obras seguindo o plan establecido. No obstante, en novembro do mesmo ano noméase unha comisión para determina-lo eixe da rúa. Dita comisión expón o proxecto no pleno do 14 de novembro do 1868:

"Primero. Que se apruebe como eje de la calle de Rajoy la línea negra marcada en el dicho plano con las e, f.

Segundo. Que la calle comprenda únicamente desde el punto o, frente al ángulo saliente de la citada casa de Dn. José Guntúriz hasta el empalme con la carretera de Betanzos: entendiendo que dicho eje forma una recta que pasa a cuatro metros de distancia del vértice de dicho ángulo, y á igual distancia así mismo del vértice del ángulo saliente de la muralla del atrio de las Virtudes.

Tercero. Que el ancho de la calle sea de ocho metros, comprendido en él las aceras; cuyo ancho será de un metro veinte centímetros cada una.

Cuarto. Que el espacio comprendido desde la esquina referida de la casa de Dn. José Guntúriz, o sea desde el punto o. hasta empalmar con la calle de Sn. Agustín, se forme una plazuela horizontal, separada del atrio del exconvento con un muro seco desde el punto g al h, en cuyo centro se forme una escalinata de sillería de dos metros noventa cm. de largo que una ambas plazuelas"⁴⁴.

O 28 de novembro a Corporación acorda levar a efecto a escalinata que debe uni-la Corredeira das Virtudes e a Rúa Rajoy e a escaleira fronte á fonte das Virtudes que baixa á Corredeira, segundo ó aprobara no 28 de decembro do 1867.

Ambas obras, Rúa de Rajoy e Corredeira das Virtudes, levaráanse a cabo por Bernardino Iglesias e Andrés Frago e prolongaránse ata setembro do 1869. O proxecto sería modificado no 1889⁴⁵.

No 1910 pódase o terreo público sobrance entre a rúa de Rajoy e a Corredeira das Virtudes. Foi adquirido por don José Manuel Martínez García por 2.000 pesetas e non debeu afectar a todo o terreo público porque no 1913 e 1924 vólvense propoñer novas ventás.

Polo que respecta á horta, esta era un amplo espazo que, pola parte norte, chegaba ata a rúa. Tra-la desamortización, pasará a mans de don Anselmo Varela, natural do Ferrol. No 1864 a Corporación municipal plantéxase adquirila. Alégase para isto a necesidade da vila dun celeiro público, *alhóndiga* e praza para mercado de porcos, legumes e outra serie de artigos, actividades que se levaban a cabo na rúa do Empedrado con graves prexuízos ó tránsito de persoas. Realizadas as medicións e taxacións polo perito agrimensor don Tomás Lorenzo e contando coa aprobación do Gobernador da provincia, a horta pasou a ser terreo público. Dende entón, a denominada *Huerta de los Frailes* pasará a chamarse Alameda de Rajoy ou vulgarmente Campo da Feria.

44. AMP, C. 8, L. 1868, sesión do 14 de novembro.

45. Véxase Rajoy, Avenida de.

1.4.3 A expansión cara á ría

Fundada a vila entre o monte Breamo e a ría de Ares, a expansión da mesma cara o norte só foi posible gañando terreo a aquela. O proceso é tardío, pero chega a ser de tanta magnitude que incluso algunha corporación municipal concibe o proxecto dunha total colmatación e unión de Cabanas e Pontedeume baixo un mesmo goberno. O proceso afecta tanto ó lado esquerdo da ponte, mirando cara Cabanas, o peirao, que sufrirá distintas ampliacións ou remodelacións, como ó lado dereito ou Aguabar, onde o terreo gañado ó mar será certamente notable e culminará cun amplo proxecto de urbanización.

1.4.3.1 O peirao

En estudos anteriores xa tratouse o tema da fundación da vila, do antes e do inmediato despois. Non cabe ningunha dúbida de que antes da fundación existía unha ponte de madeira. A cuestión é se tamén existía un embarcadoiro ou un pequeno porto pesqueiro, do que non temos ningunha noticia documental. A lóxica indúcenos a pensar que si, aínda que só fose pola necesidade de arbitrar medidas para mante-la ponte en bo estado, paso terrestre obrigado.

Fundada a Póboa, rapidamente, en concreto no documento do 1296, atopámo-la primeira mención ó porto⁴⁶, no que xa se carga e descarga sal. A Póboa esténdese ata a mesma beira do mar, do que lle separa a muralla, e o peirao, situado entre a ponte e o torreón. No 1602 o peirao atopábase en tal mal estado polo efecto do desgaste do mar que non se podía transitar por el, o que motivou unha concienciada reparación que non supuxo ampliación, senón unha volta o seu estado primixenio. A reparación foi costeada polos pescadores. Polo contrato⁴⁷ de execución da obra sabemos da existencia dunha porta denominada da Salga e que o peirao lindaba co torreón, ata tal punto que fixo falta intervir nel e o mordomo do Conde tivo que contribuír ó custe total.

Pouco coñecemos da intervención subvencionada polo arcebispo Rajoy, da que nos da conta Couceiro. Aínda que é posible que se realizase no momento da construción das lonxas, é dicir, dende 1763, e que afectase á liña de costa fronte ás mesmas.

Tamén descoñecemos cómo se desenvolveu o proceso de destrución da muralla que limitaba co peirao. Na sesión do 21 de agosto do 1852 se establece que debe demolerse *"la parte de la muralla comenzada para el muelle del Torreón, ya por no construirse con la precisa solidez y ya por haberse dado mal la línea que debía seguir para enlazar con la muralla antigua"*⁴⁸. Na mesma sesión acórdase axusta-la corga co canteiro García que debiera construírse no peirao que estaba comezando no Torreón. Sexa como fora, a obra supoñía un proceso de recheo con materiais sacados da rúa situada entre a praza da Angustia e a igrexa parroquial, tarefa encargada a Barro e Ruiz.

En sesión extraordinaria do 7 de abril do 1862 o alcalde manifesta á Corporación a conve-niencia de elevar ó goberno de S. M. unha solicitude para que se faga por conta do Estado un pei-

46. MARTÍNEZ SALAZAR, *Documentos Gallegos de los siglos XIII al XVI*, n° XLVII, p. 97.

47. Véxase unha copia en COUCEIRO FREIJOMIL, *op. cit.*, p. 395.

48. AMP, C. 396, L. 1852.

rao na ribeira da vila, posto que carece de *"embarcadero y punto o local deposito de maderas, leños y otros efectos fundamentales"*⁴⁹.

O proxecto sairá adiante co apoio do deputado a cortes Frutos Saavedra Meneses. O 24 de febreiro do 1863 informa por telegrama das xestións realizadas a tal fin, xestións que culminarán satisfacendo as pretensións da vila.

A ampliación realízase dende a ponte ata detrás do cárcere. Se comparamos dous dos planos do século XIX que posúemos da vila, o de 1869 e o de 1882, idénticos polo que se refire ó peirao, chegamos á conclusión de que as obras realizáronse antes do 1869 e incluíron as dúas ramplas e unhas escadas.

Na primeira década do século XX dous feitos van incidir directamente no peirao: o primeiro, a construción da ponte metálica do ferrocarril; o segundo, a construción da estrada da Estación.

Polo que respecta ó primeiro, en xaneiro do 1907 estaba a punto de concluí-la denominada ponte do Estreito. Isto supoñía un obstáculo infranqueable para o acceso ó porto de paquebotes, bergantíns, galeóns e demais buques de cabotaxe, facendo ver á Corporación a necesidade de solicitar do Ministerio de Fomento a construción dun peirao exterior, cerca da Estación, en concreto, na denominada Punta de Fungadoiro, Caldagueiro ou Macuca, idea que tiña poucas posibilidades de saír adiante.

En canto ó segundo, a construción da chamada estrada da Estación, que partía da ponte, non sen a oposición do concello, que pretendeu que partira da praza do Conde, ocupou a maior parte do peirao, facendo necesario nel unha nova intervención, concretada nunha ampliación ou, máis ben, no seu traslado cara á rúa co conseguinte recheo que isto supoñía.

En sesión extraordinaria do 21 de xuño do 1911, celebrada para dar coñecemento da Real Orde de concesión de ampliación do peirao, o alcalde presidente explicou detida e minuciosamente *"las dificultades con que se ha tropezado y las gestiones y esfuerzos hechas por el Diputado a Cortes por este Distrito Ylm. Sr. José Lombardero Franco, para obviarlas y obtener dicha R. O."*⁵⁰. Esforzos que a Corporación recompensou dando o seu nome á rúa da Estación, ó mesmo tempo que á do peirao nomeábase de Saavedra Meneses.

As obras comezan rapidamente. En setembro concédeselle ó contratista Juan Luis a terra existente na horta do pazo para o recheo do peirao. Pero o 22 de febreiro do 1913 aínda continuaban. E en virtude do indicado polo enxeñeiro don Enrique Plaglieny, quen falecera pouco antes, o concello acorda adquirir materiais de lousa e cuarzo para afianza-lo recheo que se estaba executando.

49. AMP, C. 7, L. 1822, F 14.

50. AMP, C. 501, L. 1911, f. 11.

O 31 de xaneiro do 1914 o alcalde informa á Corporación que dispuxo a demolición do petril do peirao dende a segunda rampla á escada inmediata ó cárcere, para facilita-la carga e descarga de mercancias.

Pero o concello non vai contentarse coa ampliación en marcha e volve sacar do caixón a reivindicación do 1907. No 1913, aproveitando as eleccións a Cortes, plantexan a necesidade de *"ampliar el malecón de esta villa desde la segunda rampa hasta el puente del ferrocarril con un muelle para embarque y desembarque en la parte Oeste del mismo, toda vez que dicho puente impide el atraque de vapores y barcos veleros"*⁵¹. Esta pretensión tardará en materializarse e ó único que se consegue é que a Dirección de Obras Públicas faga entrega ó municipio da zona ampliada do peirao. Dita entrega efectúase segundo R. O. do 19 de xullo do 1914, na cal se dispón *"se entregue al Ayuntamiento la zona de ampliación del muelle de esta villa construido como compensación de la parte ocupada del primitivo muelle por la carretera denominada de la estación de Puenteume a la Plaza del Conde y muelle de esta dicha villa, cuya zona deberá ser considerada por el municipio como perteneciente a un puerto de interés local, pero reservando al Estado una faja de un metro para servicio y aislamiento de la carretera por el lado de la estación del ferrocarril y de dos metros del lado de la general de Betanzos a Jubia"*⁵².

Temos que agardar á década dos trinta para unha nova ampliación. En febreiro do 1934 os deputados don Santiago Casares e don Manuel Iglesias fan saber ó alcalde que o proxecto de ampliación do peirao atópase en trámite previo para licitarse, segundo lles comunicaron o ministro e subsecretario de obras públicas.

En sesión do 22 de abril do 1935 facúltase ó alcalde para que arbitre os mecanismos necesarios para a ampliación das obras do peirao, en concreto no espacio comprendido entre a fonte do cárcere do partido e o que se atopa en execución dende a Punta do Estreito ata a fábrica de curtidos "La América". O proxecto ía incluír tamén a prolongación do sumidoiro que desaugaba na ría.

Na sesión do 14 de novembro do ano que nos ocupa, concretouse un pouco máis o que se está facendo e o que se quere facer:

*"Necesidad de construir un muelle que una los dos actualmente en construcción, el que termina frente a la prisión del partido con el que se construye desde terrenos que ocupa la fábrica de curtidos de R. Pardo y Compañía, hasta la punta del Estrecho, así como también de la no menor necesidad de prolongar unos veinte metros mar a dentro los desagües de las alcantarillas que en la actualidad lo están a nivel de los muros del muelle"*⁵³.

Para sacar adiante o proxecto, solicítase ó enxeñeiro xefe da Dirección Facultativa da Xunta do Mar do peirao de Ferrol o estudio das obras. O enxeñeiro contesta o 28 de novembro que

51. AMP, C. 502, L. 1913, sesión supletoria do 6 de setembro.

52. AMP, C. 502, L. 1915-16, sesión supletoria do 2 de agosto.

53. AMP, C. 504, 3º L., 1935.

as obras, tanto de ampliación coma de sumidoiro, que se queren levar a cabo son de utilidade, pero para proceder á ampliación considera necesario obter con anterioridade a conformidade de R. Pardo e Cía.

Non temos constancia da conformidade do propietario da fábrica A América, pero con ela ou sen ela os traballos continúan. Así o 14 de abril do 1936 apróbase unha proposta do alcalde na que se concretan as condicións para o recheo, por conta do municipio, dos terreos gañados ó mar, nas obras de construción do peirao, obras que realizará o contratista don José Pérez Cascallar có rebo do antigo pazo dos condes de Andrade e das rúas adxuntas, segundo o proxecto de urbanización da praza que estaba en marcha. O buraco de recheo calcúlase en 7.314 metros cúbicos. O contrato apróbase o 1 de maio e, entre as condicións, estipúlase que o señor Cascallar percibiría unha peseta vintecinco céntimos por cada metro cúbico de recheo, que o recheo levaríase a cabo no prazo máximo de seis meses e que unha vez sacadas as terras e o rebo que o concello necesitaba sacar, mediríase novamente para coñecelo que queda de recheo, que completaría pola súa conta o señor Cascallar. En xaneiro do 1937 as obras de ampliación están rematadas e plantéxase a pavimentación con pedra dunha franxa de seis metros de ancho de todo o peirao ampliado, o que non se acomete ata maio, mes no que o enxeñeiro director da xunta de obras do peirao de Ferrol da a necesaria orde.

Por último, esta campaña péchase volvendo colocar, por iniciativa dos mariñeiros, a fonte que estaba situada no *petril* inmediato ó edificio que ocupa o xulgado de primeira instancia.

É evidente que a devandita campaña non supón a unión dos dous peiraos, pois en sesión do 13 de agosto do 1945 a Corporación aproba solicita-la realización das obras necesarias para unilos distintos tramos do peirao, por entón desarticulado, e facer unha prolongación do mesmo ata o punto denominado "El Pino". Pero o que está realmente sobre a mesa é un proxecto de urbanización de toda-la zona marítima terrestre, dende o porto do ferrocarril á estrada de Betanzos a Xubia, zona que se considera vital para o ensanche da poboación. O proxecto, que distará moito de levarse á práctica, encargado ó enxeñeiro de camiños don Alfonso Molvia Brandao, debía concentrarse no seguinte:

*"1º Relleno y canalización de parte de la ría al objeto de conseguir muro de atraque para servicio de las embarcaciones del puerto, 2º Poblado de pescadores, 3º Una zona dedicada a industrias derivadas de la pesca, 4º Reserva de una zona industrial en las proximidades de la línea del ferrocarril, 5º Campo de deporte en los terrenos próximos al apeadero de Cabañas y 5º Organización del futuro pueblo"*⁵⁴.

A perda do libro de actas para 1947 impídenos o seguimento puntual das transformacións polas que pasa o proxecto. Cando volvemos ter información, advertimos que non só se pretende o saneamento das marismas entre a liña do ferrocarril e a estrada xeral e a construción dun grupo de vivendas segundo o proxecto do que agora se di arquitecto Molvia Brandao, senón que ademais preténdese uni-los municipios de Pontedeume e Cabanas.

54. AMP, C. 506, sesión extraordinaria do 31 de marzo do 1946.

Ó marxe de proxectos fóra da realidade, debemos rematar dicindo que a unión dos dous tramos do peirao non se realizará, á altura dos almacéns, ata a década dos sesenta do século XX, e que as faces da fachada marítima vanse tamén ver modificadas na devandita segunda metade do século XX coa construción da Casa dos pescadores e do Colexio Público Antonio Couceiro Freijomil.

Polo que respecta á primeira, houbo un intento non consumado no 1945. En xaneiro dese ano, o Presidente do Pósito de Pescadores eleva un escrito á Corporación pedindo a cesión gratuíta dun solar no peirao situado entre as dúas ramplas, con destino a levanta-la "Casa de Pescadores", edificación que pensa levar a cabo a Obra Sindical do Fogar. Coa instancia presentada, axúntase o proxecto realizado polo perito don José Faraldo Basoa, que inclúe unha Escola Pública de Orientación Marítima. A Corporación accede á cesión gratuíta, pero resultou que os terreos cedidos non tiñan ancho suficiente, debendo o edificio prolongarse cara o mar. Non sabemos se foi este o único motivo polo que o proxecto non seguiu adiante. Ó certo é que, ó non materializarse en dous anos, o acordo do 23 de xaneiro do 1945 quedou sen validez.

O proxecto retómase no 1952 promovido agora polo Instituto Social da Mariña, á que se cede, en sesión extraordinaria do 10 de decembro do 1952, os terreos no que se atopa na actualidade.

Na década dos sesenta do século XX inicianse os trámites para poñer en marcha un proxecto que xa se plantexara antes da Guerra Civil⁵⁵: a construción dun Colexio Nacional que agrupase ós nenos en idade escolar, dispersos en tres edificios distintos. En 1969 decidese emprazalo na denominada finca "Tenería la América", ocupando ademais outras dúas parcelas: unha propiedade de Carmen López Lourido e outra do concello. No 1971 chégase a un acordo con Carmen Lourido, pero para a finca "Tenería la América", propiedade da entidade Rodrigo Pardo e Compañía, é necesario poñer en marcha os mecanismos de expropiación forzosa dun proxecto que non se materializa ata o 1973.

4.3.2 O Aguabar

No século XIX denomínase Aguabar a un amplo espacio sen urbanizar comprendido, do este a oeste, entre S. Isidro e a corredoira de Frías-fábrica de curtidos de don Joaquín Corral; e de norte a sur entre a ría e o camiño Chapizo- Empedrado. Entre a ría e o camiño de Esteiro a Pontedeume recibía o nome de Aguabar de Abaixo.

Trátase dun ámbito onde a vila atopará grandes posibilidades de estenderse; sobre todo, na súa parte baixa, co conseguente proceso recheo da ría. Así ó percibían os seus habitantes, que viron, xa a mediados do século XIX, á Estrada Nacional coma un freo a dita expansión.

O proceso de colmataxe da ría vai ser tardío. Así, construída a estrada de Xubia a Betanzos, a Corporación Municipal vaise preocupar, polo momento, de mellorar a comunicación

55. En efecto, concédese á vila a construción dun grupo escolar por decreto do 21 de agosto do 1934. Para a súa situación barallase a praza do Conde e despois o Aguabar, pero o proxecto fracasa pola falta de orzamento.

coas parroquias de Ombre e Nogueirosa mediante o Camiño de Esteiro, que a finais do século XIX chámase tamén rúa do Aguabar.

Unha primeira reparación de urxencia realizase no 1865⁵⁶, nada máis rematada a estrada, pero aínda temos que esperar ó 1906 para acometer unha reforma de maior calado, o que supón o ensanche do camiño. En sesión ordinaria do 24 de febreiro dese ano, a petición do concelleiro Sr. Cisneros, apróbase que, *"el Sr. Presidente eleve instancia al Excmo. Sr. Ministro de Fomento en solicitud de la construcción de una carretera que partiendo del principio de la calle del Aguabar de este pueblo en la carretera de Betanzos a Jubia, pase por las parroquias de Nogueirosa, Hombre, de este término, y por la de Taboada y Monfero, a enlazar con las de Villar a Curtis"*⁵⁷. A iniciativa da Corporación non comeza a materializarse ata 1909, ano no que se aproba un prego de condicións económicas dos 280 primeiros metros.

No 1934 o alcalde solicita ó ministro de obras públicas *"se prevea el estudio definitivo de la carretera denominada de Pontedeume a la de Villar a Curtis; la necesidad de cuya construcción es evidente y muy especialmente beneficiosa en las parroquias de Villar y Nogueirosa"*⁵⁸.

Descoñecemos o desenvolvemento deste último proxecto truncado pola guerra, e en que consistía exactamente, pero do que non hai dúbida é de que a Corporación xa contemplaba a urbanización do Aguabar, onde se pensaba situa-lo grupo escolar concedido á vila.

Os dous proxectos, comunicación e urbanización, unidos ó de saneamento das marismas, serán obras levadas a cabo baixo o mandato de don Juan Sarmiento, alcalde dende 1940 ata 1970, ano no que é substituído por don Celestino Sardiña.

Polo que respecta ó primeiro dos proxectos, entre 1947 e 1948 realízase a Estrada de Pontedeume ó Km. 10 da de Vilar-Curtis. Seguida da construción da variante, consistente en unila anterior coa vila á altura da Grande Obra de Atocha, en terreos gañados ó mar, operación que comezara co recheo na zona das marismas, xa concedida ó concello, que os mariñeiros chaman as Gabarras e que viña sendo utilizada coma depósito de rebo. Seguidamente aspirase á concesión *"de la marisma comprendida entre la carretera de Betanzos a Jubia y una línea paralela a ella que partiendo del primer arco del puente de piedra vaya a morir a la carrera de Monfero"*⁵⁹.

No 1940 don Álvaro Vázquez Penedo funda, ó borde da estrada, o "Colegio Academia Cervantes", que don Robustiano de Castro converte no colexio Luis Vives.

No 1951 encárgase ó arquitecto don Antonio Tenreiro Brochón un proxecto do parque municipal nas Gabarras, que a Corporación aproba cunha insuficiente financiación de 75.000 pesetas.

56. Na sesión ordinaria de 11 de febreiro do 1856, a Corporación aproba *"componer el camino llamado del aguabar, que de esta villa va al camino de Esteyro, parroquia de Nogueirosa, por hallarse intransitable"* (AMP, C. 397).

57. AMP, C. 401, 1º L, 1906, f.15v.

58. AMP, C. 504, sesión do 31 de decembro do 1934.

59. AMP, C. 506, sesión do 25 de maio do 1951.

O proxecto foi exposto ó público no Boletín Oficial da provincia, número 47, coa data do 25 de febreiro do 1952, pero a súa construción prolongábase excesivamente⁶⁰: no 1958 a Deputación comprométese abonar para a construción do parque 311.052 pesetas e no 1959 adxudícase a obra a don José Fraga Couceiro. Remátase nese ano, quedando pendente o problema da súa denominación.

A necesaria urbanización non se expón oficialmente ata 1951. Na sesión ordinaria do 25 de maio, a Comisión de Ornato e Obras *"hizo ver a la Corporación la necesidad de que se proceda a redactar un plan de alineación y rasantes de la zona del Aguabar, dado que se ha empezado a construir en dicha zona y en ella se piensan emplazar las viviendas protegidas que en número de 50 va a construir la Organización Sindical, todo ello para evitar la anarquía y obtener un mejor aprovechamiento del terreno"*⁶¹. Despois dun intento de que sexa o persoal técnico da Deputación o encargado de realizalo, instase ó aparellador señor Guerra a que proceda a levanta-lo plano topográfico da zona afectada pola urbanización. O plan, que inclúe aliñacións, rasantes, accesos, zonas edificables e non edificables, non estará listo ata 1959, ano no que é exhibido, sendo aprobado na sesión do 26 de xullo do 1960.

No 1961, á vez que se pensa en ampliar-la solicitude de concesión das marismas *"a la parte conocida por el Estuario de la Ría de Esteiro y del Río Eume, para completar así un verdadero plan de ensanche y urbanización"*⁶², plantéxase a necesidade de que a Deputación financie o proxecto de urbanización do Aguabar e de que a Comisión de Obras e Planificación redacte as ordenanzas que rexerán unha vez aprobado o proxecto. Ditas ordenanzas serán aprobadas no 1964 da seguinte maneira:

*"Formadas las Ordenanzas y ordenamientos de la urbanización de la zona del Aguabar en esta villa, las cuales comprenden todas las normas para el mejor ordenamiento de aquella zona; y encontrándolas ordenadas de acuerdo con disposiciones vigentes a las normas urbanísticas, esta corporación por unanimidad acuerda aprobarlas y que se expongan al público por el término reglamentario, dándoles la demás tramitación que la corresponda"*⁶³.

Na sesión do 15 de outubro do 1962 autorízase a construción dunha estación de servizo segundo o proxecto presentado por don Luis Fernández Fernández, engádese que se considere o anaco onde se vai emprarzar desafecto do acordo da Comisión permanente do 29 de agosto do 1958, e que no plan de urbanización da zona do Aguabar se determine convenientemente o seu emprazamento. Ó ano seguinte, apróbase a solicitude de construción dun restaurante-café, que deba situarse entre o transformador e a estación de servizo xa autorizada, fixándose o límite de edificación da obra polo oeste na liña coa que garda a casa propiedade de dona Manuela Rico Varela, a cal fai esquina coa rúa de san Agostiño, e acórdase destina-la marisma existente entre a

60. Descoñecemos os avatares polos que atravesou o proxecto porque nos faltan as actas do concello desde agosto do 1954 a novembro do 1958.

61. AMP, C. 506, sesión do 25 de maio do 1951.

62. AMP, C. 507, 1954-71.

63. AMP, C. 507, 1954-71, L. 1964-6, sesión do 7 de abril do 1964.

estación de servizo e a carpintería de don Gumersindo Pérez Rosende á edificación de moteis, hoteis, restaurantes ou afíns. Este mesmo ano do 1963 derribase a caseta do *fielato* situada á entrada da ponte, ó lado esquerdo, e colócase o oso e o xabaril na ponte.

Na sesión do 31 de xullo do 1963 danse conta de dúas instancias presentadas por don José Trillo Fernández. Na primeira, en representación de Promocións Turísticas Galegas S. A., "PRO-TUGASA", *"manifiesta el firme propósito de establecer un hotel en esta villa en terrenos que resultan del relleno que se viene efectuando por el ayuntamiento en la carretera que va bordeando la vía frente al Parque Municipal"*⁶⁴. Na segunda, continuación da anterior, presenta o anteproxecto do motel de estrada "La Ría", coa súa correspondente memoria e presuposto para aprobar polo concello. O motel chegouse a construír onde hoxe está o Instituto Fraga do Eume.

No 1967 concédese licencia a Constantino Regueira Vázquez para construír un hotel restaurante en terreos situados na marxe dereita.

No 1969 don José Trillo Fernández ofrece o motel "La Ría" ó concello para unha escola-fogar. Para isto son necesarias unhas reformas que as posibilidades económicas do concello non permiten levar a cabo, polo que pídese axuda ó Ministerio de Educación. No 1970 o Ministerio de Educación e Ciencia concede ó concello 12 millóns de pesetas para adquirilo motel "La Ría", co obxecto de establecer nel unha escola-fogar, adquisición que foi aprobada en sesión do 27 de xullo do 1970, acordándose, ó ano seguinte, chamala escola-fogar "Princesa Sofía".

Posteriormente construírse o Instituto de Formación Profesional, o Instituto de Bacharelato e, en relación coa nova autoestrada, o paseo Marítimo.

1.4.4 A expansión cara o oeste: A urbanización da horta do Conde, a apertura da avenida de Lombardero e a desaparición do Pazo

O corpiño que apertaba polo oeste á vila era a denominada Casa-Palacio da señora Duquesa de Alba, edificio que estaba unido en historia e propiedade á horta contigua, denominada do Conde, a cal estendíase entre a muralla do mesmo e a corredoira da Galera, e entre Porto e os almacéns de Raxoi. Non é estraño pois que a Corporación Municipal vira este complexo non só coma unha barreira que tiñase que perforar para acceder á futura estación de ferrocarril, senón coma un serio obstáculo para unha expansión da vila por esa zona. Dita pretensión xa aparecía timidamente nas ordenanzas do 1893, que avogaban por unha rúa que comunicase a estrada de Xubia a Betanzos coa rúa de Porto e pola ampliación da praza do Conde.

A desaparición⁶⁵ da denominada Casa-Palacio da señora Duquesa de Alba comprende dous procesos: o primeiro, precedido da decisión de adquirila, vai ligado á urbanización da horta e á apertura do que se chamará a avenida de Lombardero; e o segundo, á desaparición total do men-

64. AMP, C. 507, 1954-71, L. 1964-6, sesión do 15 de maio do 1963.

65. O tema xa foi tratado por CAROLA MACEDO y MOARES ARES nun artigo de Cátedra, nº 4, titulado *Cronoloxía dunha desaparición: O pazo dos condes de Andrade*.

cionado palacio, a excepción do Torreón, que supón a ampliación da praza do Conde e a urbanización de toda ela. Vexamos os dous procesos.

1.4.4.1 A urbanización da horta do Conde e a apertura da avenida de Lombardero

O 5 de setembro do 1903, ante a imposibilidade de chegar a un acordo amigable, que a Corporación viña buscando dende facía anos, procédese a iniciar o expediente da expropiación da horta e dependencias da denominada casa-palacio; expropiación calculada en 60.000 pesetas conforme ós planos elaborados polo mestre de arquitectura don Gabriel Vitini. Pola Real Orde do 9 de novembro do 1904 apróbase o acordo adoptado pola Corporación. E na sesión do 26 de decembro infórmase que non se presentou reclamación dentro do prazo que establece a lei, polo que se aproba por unanimidade que o expediente remítase á Deputación.

A expropiación afecta a 14.379 metros cadrados e 62 centímetros. Os plans da Corporación, verdadeira urbanización da zona a financiar coa venta de solares, preséntase na sesión ordinaria do 30 xullo do 1904, momento no que aínda non se conseguira a aceptación da duquesa de Alba e a Deputación outorga unha subvención de 35.000 pesetas, na xestión da cal intervéñen activamente o Marqués de Figueroa. Ditos plans son os seguintes:

"Regularizar en primer termino las calles que la circulan haciendo desaparecer los edificios, horno y cuadra o bodega de la calle de San Miguel y la casa número ocho de la misma que la obtruyen dando á la de San Miguel y Porto la latitud constante de ocho metros sobre la base de las alineaciones que en la actualidad presentan las manzanas de casas que la forman; arreglar la del Muelle con la latitud constante de diez metros en toda su extensión y dar á la de la Galera la anchura de seis metros que permita siquiera el tránsito por ella con cargas y tenga el desahogo conveniente; establecer a espaldas del edificio principal de la finca mencionada en la que hoy es huerta, una plaza de forma regular que presentando una línea de sesenta y dos metros y setenta centímetros por el respaldo ó fachada posterior del citado edificio y sesenta y cinco metros noventa centímetros por el lado opuesto, tenga una longitud de ochenta metros cincuenta centímetros por el lado Norte y una longitud de... por el lado Sur, lo cual hace una superficie de cinco mil seiscientos veinte metros cuadrados que permitirá la instalación de la feria de ganado de cerda que hoy obstruye la plaza del Conde y sus afluencias, y la colocación en su centro de la fuente y abrevadero que hay en esta, renunciando a las aguas que tiene, las que en la huerta surten al lavadero y fuente particular que en ella existe y con las escorrentías convenientes encañadas o simplemente encauzadas por un alcantarillado formar un lavadero publico cubierto, que podrá situarse en las inmediaciones de la Torre con tendales también cubiertos y volantes para la ropa, aprovechando para ello las parcelas inservibles para otros usos que quedan á su alrededor ó bien en la que resultará de los restos de los edificios cárcel vieja y cochera si se intentase en adelante establecer este servicio más completo con hornos y fogones para la colada, y de este modo despejada la plaza del Conde,

podrá construírse en su centro un mercado cubierto en el que además de pescado que hoy existe sin condiciones se reunirían las demás dependencias ó puestos para el pan, carne y demás comestibles que comprender deba esta clase de edificaciones, verificándose la entrada á la repetida Plaza por cuatro calles ó avenidas situadas una en cada una de sus ángulos con la latitud de diez metros las dos más próximas á la actual plaza y ocho para las dos más lejanas.

El terreno sobrante de la huerta destinárase á la edificación formando tres manzanas..., divididas en solares con dos fachadas todas ellas y tres las que han de hacer esquina a las citadas avenidas, cuyo producto se considere suficiente para subvenir a los gastos de urbanización de esta zona.

El edificio principal se conservará intacto y resultará de esta manera formando una manzana aislada por todos su frentes, y en él, aprovechado los vastos salones que lo constituyen y la forma que presente podrán habilitarse todas las dependencias, la instalación de la ayudantía de marina, juzgado municipal y estación telegráfica, cuyos alquileres de casas pesen sobre el Municipio, quedando además terrenos en los que sin gran coste, puesto que pueden aprovecharse muchas de las construcciones y materiales existentes, será fácil la edificación de un grupo escolar con las condiciones higiénicas y pedagógicas necesarias, de que carecen lo ruinosos edificios en que actualmente, a falta de otros, se hallan establecidas las escuelas"⁶⁶.

En agosto o proxecto de expropiación continuaba o seu curso, e a Corporación comisiona ó alcalde para que por si ou por outras persoas realice xestións ante a duquesa de Alba co obxecto de que acepte a expropiación, e a finais do ano, en concreto o 19 de novembro, elévase o contrato a escritura pública e comunícase a Real Orde dictada polo ministro da Gobernación, pola que se acepta a compra.

O día 4 de xaneiro do 1905 a duquesa de Alba outorga a escritura de adquisición do Palacio, horta e demais dependencias anexas a favor do municipio, o que procede a comunicar con celeridade o Sr. Marqués de Figueroa á Corporación, quen acorda que se dispoña todo o necesario para que o representante do concello en Madrid, don Vicente Sanlier Serrano, xestione o pago dos dereitos reais, gastos de papel e copia de escritura.

O proxecto de realizar unha nova estrada que comunicase a praza do Conde coa Estación do Ferrocarril está xa plantexado no 1903, cando a Corporación decide expropia-lo arco de Maldonado. Sen embargo non ten visos de realidade ata 1905. O 1 de abril a materialización do proxecto parece inminente, pois na sesión ordinaria dese día, a proposta do Sr. Paadín, a Corporación acorda "*por unanimidad conceder para las obras del Hospital-asilo Agustín Tenreiro, propiedad del Municipio, toda la piedra que sea necesario extraer de la Huerta del Conde para la parte que ha de pasar la carretera á la estación de ferro-carril y de las demás edificios que á pen-*

66. AMP, C. 400, 2º L., 1904, f. 47.

sar del Sr. Alcalde amenacen ruina y considere necesario su demolición"⁶⁷. Na seguinte sesión, do 8 de abril, a Corporación acorda:

"A fin de perpetuar el ilustre nombre del ex ministro y Diputado a Cortés por este distrito Excmo. Sr. Marqués de Figueroa por los importantísimos servicios prestados al distrito que trae dignamente representado y en especial a este pueblo á cuyas gestiones se debe la subvención obtenida de la Excm. Diputación provincial para la adquisición de la Casa-palacio, huerta y demás dependencias que en el mismo poseyó el Excmo. Sr. Duque de Alba, para destinarla á los servicios públicos que el respectivo expediente se determine, la Corporación acordó por unanimidad que la plaza central dedicada a Huerta se denomine á lo sucesivo Plaza del Marqués de Figueroa, colocándose al efecto en aquella la correspondiente placa en el día y hora que se determine"⁶⁸.

A placa foi costeada polo secretario do concello, coma así deixa constancia a sesión do 15 de abril, e na sesión do 29 de abril fíxase o 2 de maio para inaugurar e abrir ó público a praza con festexos populares, á vez que se autoriza ó alcalde a vende-los árbores froiteiros, verdes e secos, da recente bautizada Praza do Marqués de Figueroa, non incluíndose na citada venda dous ciprés, unha tuia e un cereixo grande.

Chegados ata aquí, a preocupación da municipalidade é dobre: por unha banda, a necesidade de administra-los edificios (forno, bodega e demais dependencias), para o cal noméase unha comisión composta do Alcalde e dos señores Allegue e Saavedra; e pola outra, a venda dos solares e constitución de hipotecas en garantía do seu pago. Dito proceso iníciase o 26 de agosto mandando ó perito agrimensor don José Salgado proceder ó amolloamento dos referidos solares determinados no plano levantado polo arquitecto don Gabriel Vitini Alonso, e á fixación do prezo de taxación de venda de cada un deles. O 7 de outubro José Salgado cumpriu co seu cometido, pero a Corporación, á vez que decide que salgan a puxa, móstrase en desacordo co prezo de taxación, por considerar que pola súa situación non deben ser taxados coma chan rústico. A puxa dos vinte-ún solares é un proceso que se prolonga ata 1910.

En xaneiro do 1906 acórdase retirar á parte inferior do Campo da Feria e á entrada da rúa Real, ata nivelala coa estrada, os escollos que con motivo da venda de solares e a súa edificación exista a necesidade de extraer.

O 10 de marzo do 1906 expropiáronse os terreos necesarios para a estrada puxada. Pero os propietarios das fincas afectados (entre os que se atopa o propio concello) non cobraron as indemnizacións e con tal motivo noméase unha comisión encargada de visitar ós propietarios. Non volvemos ter noticias deste proceso ata a sesión do 30 de novembro do 1908, na que se di que na rela-

67. AMP, C. 401, 1º L. 1905-8. As devanditas intencións se repiten na sesión do 24 de xunio de 1905: *"Se faculta al Sr. Presidente para sacar de los muros de la calle del Torreón y por donde ha de pasar la carretera á la Estación del ferrocarril de este pueblo, toda la sillería y mampostería que se considere para las obras del Hospital asilo Tenreiro"* (f. 47).

68. AMP, C. 401, 1º L. 1905, f. 35.

ción que aparece no Boletín Oficial do 26 que segue á Real Orde do 15 do actual non figuran as cantidades que se adebedan polo expediente de expropiación da estrada de segundo orde. En febreiro do 1910 acordábase, a proposta do señor Barro, da-las gracias encarecidamente a don José de Lombardero polas beneficiosas xestións que realizou referentes ó pago dos terreos expropiados ó municipio, ocupados pola estrada da Estación do Ferrocarril. Gracias que se reiteran o 28 de maio, facéndoas extensibles ó Sr. Marqués de Figueroa e don Ramón García: *"se enteró con satisfacción el Ayuntamiento de haberse señalado el día primero de junio próximo para el pago del importe de la expropiación de los terrenos para la carretera de la plaza del Conde á la Estación del ferrocarril y teniendo conocimiento por manifestaciones de la Presidencia de las gestiones hechas por el Excm. Sr. Marqués de Figueroa, y Diputados a Cortes y de la provincia D. José Lombardero y D. Ramón García para conseguir el pronto cobro y comienzo de las obras de la carretera, acordó por unanimidad haber visto con complacencia estas gestiones y consignar en acta un voto de gracias para dichos señores"*⁶⁹.

O 4 de xuño as expropiacións están cobradas, pero é evidente que os traballos aínda non comezaron, o que da pé a que a Corporación faga xestións para que a estrada comece na praza do Conde e non na entrada da ponte, coma estaba proxectada, xestións que non terán ningún éxito. Ante o eminente comezo, en sesión do 2 de xullo, plantéxase por vez primeira a construción dun novo lavadoiro, posto que o que existe na praza do Conde interrompe o paso da nova estrada.

Na sesión do 7 de xaneiro do 1911, a proposta do Sr. presidente, acórdase *"que para urbanizar la huerta que fue del Palacio del Conde, se fije dos líneas de solares paralelos á la carretera; que con arreglo á esta base la Comisión de Ornato proceda a la formación del oportuno proyecto, y que por la Alcaldía se invite a los propietarios de los solares uno y dos para que se manifiesten su conformidad en trasladarlos á los correlativos de la nueva parcelación"*⁷⁰. Este novo proxecto, realizado por don Cipriano Arias, atópase sobre a mesa o 21 de xaneiro e é exposto durante 15 días á consideración dos concelleiros. Foi aprobado o 4 de febreiro, decidíndose reservar para o Municipio ós da parte norte por se algún día puidese utilizarse para edificios públicos. Nesta decisión esta a orixe do que se chamará o Xardín de Lombardero.

Non coñecemos cando remataron as obras da nova estrada, pero debían estar moi avanzadas ou rematadas o 21 de xuño cando se procede a denomina-la avenida de Lombardero e a Corporación está acometendo a urbanización da entrada do pobo.

O 23 de marzo do 1912 está en marcha un plan para o arborado da nova avenida e o 27 de abril tómake unha importante medida que redunda no mesmo aspecto:

"Con el fin de embellecer la Avenida de Lombardeo en el punto de salida de la Plaza del Conde a la Estación del ferrocarril, por la carretera de nueva construcción, el Ayuntamiento por unanimidad acuerda proceder por administración al derrumbamiento de las dependencias del Palacio del Conde, propiedad del

69. AMP, C. 501, 1º L., 1910-11, f. 13v.

70. AMP, C. 501, 1º L. 1911, f. 41v.

Municipio, que colindan por dicha carretera por el lado Norte y Sur, facultando al Sr. Presidente para que enajene en pública licitación el material de pizarra que se obtenga y no tenga aplicación para obras municipales, reservando el de granito, la teja y los materiales útiles"⁷¹.

Con isto péchase o proceso de apertura da nova avenida, pero non a urbanización da praza do Conde.

Para proseguir en dita urbanización, na sesión supletoria á ordinaria do 15 de xuño do 1912, acórdase proceder á venta dos catro solares existentes ó lado sur da estrada polo tipo e condicións que fixe a Comisión de Facenda. Estes solares son os números 3, 4, 5, 6, sendo o prego de condicións aprobado na sesión seguinte. Adjudicándose provisionalmente e presentando reclamación á puxa, a Corporación reúnese o 3 de agosto do 1912, ratificándose a comisión no acordo de *"declarar inalienables todos los que figuren como solares de la parte norte en el plano de urbanización de la antigua huerta del Conde, o sea todo terreno existente a la derecha de la Avenida de Lombardero, que todos estos terrenos se destinen a lugar de esparcimiento público, convirtiéndose en Alameda o jardineo, sin edificaciones, y que para su ornamentación y arreglo se encargue á la Comisión de Ornato la formación del oportuno proyecto, facultándola par utilizar los auxilios técnicos que considere precisos, y que por la Comisión de Hacienda se consigne en los nuevo presupuestos la cantidad que considere disponible a tal fin"*⁷².

O proxecto de converter esta parte nun xardín quedou aparcado pola falta de presuposto ata 1916. Na sesión do 9 de abril dese ano, o secretario, Sr. Allegue, dá conta ós representantes municipais de *"que una persona, cuyo nombre está obligado a reservar como obligación de honor que le fue impuesta, noticiosa de que existe un acuerdo de este Ilmo. Ayuntamiento, adoptado en el año de mil novecientos once, de convertir en lugar de esparcimiento público, con la denominación de 'Parque Marqués de Figueroa' la zona Norte de la antigua huerta del Conde de Andrade, afanoso ese anónimo donante de contribuir á la realización de tal obra, hace regalo de un plano para la construcción del Parque, trazado por el maestro aparejador de la Coruña D. Jesús Losada, que ya particularmente conocen los Sres. Concejales, y ofrece contribuir con dos mil pesetas, como donativo particular"*⁷³. A Corporación agradece e aproba con carácter definitivo o plano.

O xardín foi realizado, segundo nos informa Couceiro no 1917, e ata o 1923 rexístranse partidas para o que se denomina conservación e ampliación do Parque do Marqués de Figueroa. O 25 de decembro do 1922 dábase conta da solicitude subscrita por Bernardo Sanjurjo e outros pedindo a construción dun sumidoiro na proxectada praza do Marqués de Figueroa *"a fin de poder acometer á ella los materiales fecales de las casas construidas, y que se construyen en la avenida de Lombardero, por estar depositados con riesgo de la salubridad pública"*⁷⁴. O concello acorda

71. AMP, C. 501, 1º L. 1912, f. 48.

72. AMP, C. 502, 1912-26.

73. AMP, C. 502, 1916, sesión do 9 de abril.

74. AMP, C. 502, 1922, f. 2v.

proceder á construción dosumidoiro, facultando ó mestre Bernardo Sanjurjo para dirixi-las obras. Da súa finalización dáse conta o 19 de xullo do 1923.

Cabe, por último, sinalar para este ámbito de expansión outros dous acordos importantes. Un, do 13 de agosto do 1916, que non necesita comentario: *"a propuesta del Sr. Presidente y por se necesario adecuar el paso de la parte Oeste del Palacio desde la carretera de la estación a avenida de Lombardero a la calle del Picho, que está intransitable, el Ayuntamiento por unanimidad acuerda construir una carretera que ocupe de ocho a nueve metros de ancho con paseos y cuneta, dejando"*⁷⁵.

O outro é do 23 de febreiro do 1929, e por el dáse autorización ó alcalde para solicitar do Excmo. Ministro de Facenda a cesión gratuita ó concello dunha parcela do Estado existente ó marxe da estrada da Estación do ferrocarril, *"toda vez que por hallarse la misma contigua al parque del marqués de Figueroa, puede ampliarse este, urbanizando la parcela aludida que actualmente no presta servicio alguno y ofrece deplorable aspecto al lado del mencionado parque"*⁷⁶.

1.4.4.2 A desaparición do Palacio

Xa adiantamos que o 12 de agosto do 1905 nomeárase unha comisión para a administración do palacio. O primeiro que se plantexa é a súa reparación e o segundo o seu arrendamento⁷⁷.

No 1909 barállase habilita-la parte oeste como escola, para ó que é necesario realizar unhas obras de acondicionamento que están rematadas o 27 de outubro do 1909.

No 1913 o concello xa ten en mente a construción na horta e palacio dun grupo escolar, para ó cal se acórdase solicitar ó goberno de S. M. a subvención dun 75% e solicita o apoio do deputado don Julio Wais.

En novembro do 1916 acórdase utiliza-la casa-forno da rúa do torreón coma matadoiro, para ó que se procede a realiza-las obras de iluminación e ventilación necesarias. O seu acondicionamento, vese interrompido por un incendio, prolóngase ata 1918.

No 1924 o Palacio era declarado Monumento Histórico-Artístico. Pouco sabemos deste episodio do que nos informa Couceiro⁷⁸. Non cabe atribuír o protagonismo ó concello, disposto a empregalo, pero non a realizar grandes inversións na súa conservación, ata o punto de converterse, con algunha excepción no seu seno, no principal abanderado da súa demolición cando aquelas foron necesarias, coma recoñece abertamente no 1932 don Alejandro Ferrán, arquitecto conservador, enviado por Belas Artes para ve-la conveniencia do que se tiña que facer no Palacio. Era

75. AMP, C. 502, 1916, f.15v.

76. AMP, C. 503, 1929.

77. Véxase unha detallada exposición deste proceso en MACEDO CORDAL y MOARES ARES, *op. cit.*

78. *Op. cit.*, pp. 144-45. MACEDO y MOARES advierten da perda da documentación do pazo na Real Academia de Bellas Artes.

evidente, en todo caso, que a conservación do palacio necesitaba aunar esforzos de distinta procedencia e contar co decidido apoio do concello, máis interesado, nun momento de pouca sensibilidade pola conservación do noso patrimonio artístico, en vender chan público coma unha fonte destacada de ingresos.

No 1923 péchase o ciclo no emprego do palacio que arrancara da súa adquisición. Aínda así, reiteradamente, o Sr. Montero propoñía que o salón do palacio se sacase a subasta por cinco anos, que non se celebrasen bailes nel, e que se arrendase ó mellor postor, preferindo en igualdade de condicións a quen ó dedicase a actividades culturais ou benéficas. A discusión destas propostas quedan en suspense ante o feito de que o palacio se atopaba en estado ruinoso. Na sesión de xaneiro do 1924 acórdase encargar a dous arquitectos que recoñezan o palacio e informen sobre o seu estado, procurando que o recoñecemento sea gratis. Os arquitectos en cuestión son don Pedro Mariño e don Antonio Tenreiro, quen, no informe que realizan, din que non reúne condicións e que debe de trasladarse a escola que está instalada nel a outro edificio. O concello recolle esta recomendación e pide presuposto para as obras que serían necesarias facer para trasladala á antiga casa escola da Atahona.

Nada vaise facer para deter a inminente ruína. No 1929, con motivo da caída da parede norte, o concello pide un segundo informe para remitilo a Belas Artes, informe que redunda no sentido do xa emitido: non existe forma posible de evita-lo derrube. No 1930, don Fernando Prego Punín pide que se proceda, co coidado necesario, a levanta-lo escudo incrustado na fachada⁷⁹, para que fose colocado no concello. Na sesión do 14 de marzo do 1932 acórdase solicitar do ministro de Fomento e Mariña a demolición do Palacio *"por hallarse en el último periodo de vida y cuya ruina es tan evidente como imposible su restauración"*. A isto responde Belas Artes enviando ó arquitecto Alejandro Ferrán, quen informa que *"este edificio amenazado de ser demolido desde su adquisición en 1905 por el Ayuntamiento de Puentedeume, conforme hace constar Don Francisco Javier Sánchez Catón en su informe emitido en 1928 a la academia de Bellas Artes de San Fernando, presenta actualmente tan lamentable estado por haberse a cabo el propósito de destrucción que se seguía, que puede considerarse casi totalmente desaparecido todo aquello que motivó la declaración de monumento histórico artístico"*⁸⁰. Engade un segundo informe o citado arquitecto, no que enumera ó que queda con respecto ó que se realizara no 1930, e no que incluía unha orde de paralización das obras de destrucción. Belas Artes avala dito informe e ordea o 27 de xaneiro do 1933 a súa reconstrucción. O concello, quen retomara o antigo proxecto da construción de grupo escolar, fai oídos xordos a dita orde e, en abril do mesmo ano, considera que *"en vistas del estado cada vez más ruinoso del Palacio de los Condes de Andrade y teniendo además en cuenta que el retraso en su total demolición entorpece la construcción del grupo escolar graduado, sino la urbanización de la plaza de la República, se acuerda facultar al Sr. alcalde para que eleve instancia al ministro de Instrucción Pública y haga todo gestione con carácter de urgencia a fin de que se autorice a este ayuntamiento para que pueda proceder a su total demolición"*⁸¹.

79. Foi colocado no Torreón no 1951.

80. MACEDO CORDAL y MOARES ARES, *op. cit.*, p. 179.

81. AMP, C. 504, 1933, sesión de 15 de abril.

Non fixo falta a autorización. O 2 de xuño do 1935 a Corporación aproba facer un estudio para sacar da praza da República os escollos procedentes das ruínas do palacio e en abril do 1936, cando se aproban as condicións de recheo do peirao, que ten que levar a cabo don José Pérez Cascallar, dí que deben empregarse os escollos do palacio, tarefa que se prolonga ó longo do 1937. As pedras útiles serán vendidas ó prezo de dúas pesetas.

2. INVENTARIO DE RÚAS, PRAZAS E XARDÍNS

A CORUÑA, AVENIDA DE

A hoxe avenida de A Coruña realízase, coma vimos, entre 1853 e 1856, denominándose, nun principio, estrada de Xubia a Betanzos, estrada de Ferrol a Betanzos ou simplemente Estrada Nacional ou rúa da *Carretera*⁸².

En sesión extraordinaria do 8 de xullo do 1921 a Corporación considera *"que para rendir público agradecimiento al Excmo. Sr. Diputado, á cuya gestión se debe la construcción por cuenta del Estado del muro de contención de la Alameda de Rajoy, paralela a la carretera de Betanzos á Ferrol, y por sus notorios trabajos de muy próxima manifestación, encaminados a convertir en Pabellón Escolar el edificio en que estuvo instalado el Hospital-Asilo, se ponga la denominación de Avenida de Julio Wais a la travesía comprendida desde el citado edificio hasta el comienzo de la calle de Saavedra Meneses, colocando al efecto la correspondientes placas rotuladas que se adquirirán por cuenta del erario municipal y con cargo al capítulo 11"*⁸³.

Por acordo municipal do 13 de setembro, 19 de abril do 1931 e 30 de xaneiro de 1932, a avenida de Julio Wais pasa a chamarse de Pablo Iglesias, retornando, sen acordo municipal previo, ó nome anterior co fin da República, coma aconteceu coas rúas da Libertad, praza da República, rúa Fermín Galán, rúa 14 de Abril e praza de Manuel Paadín.

A denominación de Julio Wais mantense ata 1949. En sesión supletoria á ordinaria correspondente ó 6 de xullo dese ano, o pleno municipal, a proposta do Alcalde, *"y recogiendo anhelos reiteradamente manifestados, la corporación Municipal acordó unanimemente designar con el nombre de Avenida de la Coruña a la que antiguamente se llamó avenida de Julio Wais, y al tramo de nueva carretera de Puente deume a la de Villar a Curtis desde su iniciación hasta la finca de Don Andrés García Monino"*⁸⁴.

AGUABAR

Xa dixemos que Aguabar era o nome que se daba a un amplo espazo situado ó este da vila, onde no século XX esta atopa condicións inmejorables para a súa expansión, proceso que xa des-

82. Véxase esta denominación en AMP, C. 7, sesión extraordinaria de 9 de agosto do 1986, e C. 8 sesión do 15 de febreiro do 1869.

83. AMP, C. 502, 1912-26.

84. AMP, C. 506, 1949, f. 16.

cribimos. Tamén dixemos que a finais do século XIX ó camiño de Esteiro denominábase rúa do Aguabar, denominación que non se vai manter. Nembargantes, na percepción colectiva, Aguabar segue designando un amplo espacio, o espacio anterior ó proceso de urbanización, aínda que agora de límites menos precisos ou difusos.

Constatamos coma, ata fai pouco, cando o proceso de urbanización aínda non era importante, o nome de Aguabar empregouse coma dirección de correos. Na actualidade existe con dito nome un bar situado na Avenida da Coruña, un portal da rúa Club Firrete ou incluso unha asociación de pais de alumnos: a do IES Breamo de Pontedeume.

Non é inconcibible pensar que o termo alude ás peculiaridades dun terreo onde a auga afloraba con facilidade e que na súa parte baixa era en realidade unha marisma. Máis problemático resulta dilucidala procedencia do sufixo bar; digamos só ó respecto que Isidoro Millán, na obra *Toponimia y cartas reais de Pontedeume*, considérao unha voz galesa, que significaría follaxe ou ramaxe.

ALCACER, RÚA OU PRACIÑA

A súa morfoloxía, á vez de rúa de e pequena praza irregular, determina esta dobre denominación coa que aparece nos documentos. E en realidade circunda a un pequeno rueiro, de tal maneira que presenta dúas saídas á rúa de S. Miguel. Un dos ramais, o situado máis ó este, aparece nos planos e na documentación da primeira metade do século XX coma rúa da Roda.

Tamén se menciona na documentación⁸⁵ coma paraxe do Alcacer, ó que nos pon de manifesto que ata chegar certo momento, os habitantes de Pontedeume percíbena como un espacio non suficientemente urbanizado; e, en efecto, estaba fóra da primitiva cuadrícula, confinando coa muralla⁸⁶.

Resulta tentador facer deriva-lo nome do termo alcázar, pero nin a documentación, nin os restos materiais, nin o que coñecemos da historia da vila apoian esta hipótese. Máis razoable resulta pensar que o termo signifique cebada verde en herba, e fose un espacio onde se almacenaba alcacer.

Sexa coma fora, aínda que a primeira mención coñecida data do 1620, é un termo de notable antigüidade.

O nome é oficial dende o 28 de xaneiro do 1993.

85. No 1620 é aínda un espacio aberto entre a cuadrícula e a muralla onde se almacenaba alcacer (C. AMP 1,1620). Véxase tamén Cátedra nº 4, LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, nº 56, p.83. O documento é do 1711.

86. No ano 1637, don Diego Méndez y Rubianes, contador de súa Excelencia o Conde, pon de manifesto á Concello que a muralla que confina co Alcacer, sitio e propiedade do Conde, está caída, e pide que se levante ou que se lle deixe aproveitar a pedra para facer un forno (AMP, C. 111).

ANGUSTIAS, PRAZA OU PRACIÑA DE

Aínda que esta é a denominación actual, a denominación antiga é a de praciña da Angustia. No 1869 a praciña (regularizada e con cano mestre dende 1849) atópase no interior dun espacio non urbanizado situado entre o adro da Igrexa, Atahona, porta de S. Roque e as boqueiras de S. Agustín e Real⁸⁷. A primeira noticia de edificación neste espacio, non obstante, data do 1852, ano no que José Vázquez solicita á Corporación municipal fixa- la liña que ten que seguir no "*pasillo que de la plazuela de la Angustia pasa a la Iglesia parroquial*". O proceso xa concluíra no 1882.

No 1895 a Corporación Municipal decide denominala de san Nicolás de Tolentino, nome que non chegou a ter éxito.

No 1950 o pontevedrés Daniel Pazos leva a cabo o cruceiro⁸⁸ que hoxe se atopa encravado nela.

Lugar situado no antigo camiño Real, de notable pendente, o nome deriva da existencia dunha imaxe da Virxe da Angustia enriba da porta de San Roque.

ATAHONA OU TAHONA, RÚA DE

Coñécese como tal á rúa situada entre a boqueira de Fontenova e a antiga porta de san Roque, e que discorria bordeando a muralla. A primeira referencia que temos data do 1650⁸⁹. Aínda que o nome oficial é, dende 1993, Tahona; e así aparece no plano do 1869. Na documentación antiga atopámola sempre co nome de Atahona. Ambas denominacións están recollidas no dicionario da Real Academia e veñen a significalo mesmo: muíño de cereais ou casa na que se coce pan e se vende ó público.

No 1895 rebautízase coma rúa de Alonso Pérez, escritor e médico salmantino da primeira metade do século XVI, nome que se debeu empregar durante algún tempo⁹⁰.

CABANAS, RÚA DE

Rúa situada na zona do Aguabar que bordea as vivendas de "La Paz". Bautizada polo acor- do municipal do 28 de outubro do 1993.

87. Véxase o plano do 1869.

88. Véxase FERNÁNDEZ BURGOA, J. J., *Cruceiros e cruces de Pontedeume, apuntamentos históricos, artísticos e etnográficos*, Cátedra nº 4, p. 96.

89. Véxase LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 96.

90. Así aparece citada no 1911 (Ecos do Eume, nº 76, 16 de xullo do 1911).

BETANZOS, RÚA DE

Está situada na que foi a antiga horta do Conde, despois parque do Marqués de Figueroa, unindo hoxe, paralelamente á rúa de Lombardero, a rúa de Fene coa praza do Conde. Déuselle nome na sesión ordinaria do 1 de xullo do 1944, previa lectura do seguinte escrito do Sr Alcalde:

*"A la Corporación Municipal: Debiendo proceder por el Ayuntamiento a dar nombre a la calle existente frente a las fachadas por tener de los edificios que tiene la principal a la Avenida de Lombardero en la parte en que ésta colinda con el parque del Marqués de Figueroa, y habida consideración de que las íntimas y cordiales relaciones en todo momento mantenidas entre los habitantes de la ciudad de Betanzos y los de esta villa, visiblemente acrecentados con mutua convivencia y recíproca ayuda prestada con laudable y manifiesto desinterés durante el Glorioso Movimiento Nacional; han creado vínculos de tan fraternidad y afecto, que deben ser perpetuados honrando dicha vía con el nombre de aquella importante ciudad, a la que el ponente que suscribe propone que la Ilustrísima Corporación acuerde de nombrarla Calle de Betanzos"*⁹¹.

A acta da sesión prosegue nestos termos: *"Y el Ayuntamiento, después de oír al proponente, ratifica el contenido de la ponencia transcrita, acordó por unanimidad y aclamación aceptarla en todos los puntos y que su ejecución se lleve a cabo, a ser posible, uno de los días de la próximas fiestas que se organizan a partir del día veintidós del presente mes"*. Así se fai, coma así queda reflexado nas actas do 15 e 31 de xullo.

BOA VISTA, URBANIZACIÓN

Situada entre a avenida Dr. Villanueva e a rúa de Porto de Arriba. É oficial dende o 28 de xaneiro do 1993. A urbanización foi construída nos anos 70 por unha cooperativa de donos.

CAMIÑO ESTREITO, RÚA ESTREITA OU ESTRADA ESTREITA

Nun principio era o único camiño que comunicaba a vila con Ombre e Nogueirosa, denominándose tamén Camiño de Esteiro ou, no primeiro tramo, rúa do Aguabar, que arrincaba e arrinca un pouco máis arriba, dirección Betanzos, da Igrexa das Virtudes. Condición que perde coa construción, na primeira metade do século XX, da denominada estrada de Monfero. O nome obedece a súa estreiteza, aínda que foi ampliada no 1910⁹².

Na sesión municipal do 14 de decembro do 1895, acórdase denominala rúa Tenreiro. Coma sucedeu coa maioría dos nomes modificados en dito acordo, o cambio non tivo éxito; e así como polo acordo do 13 de setembro de 1931 vólvese bautizar co nome de rúa de Agustín Tenreiro,

91. AMP, C. 506, 2º L., f.10.

92. Véase Aguabar.

nome que se mantén no INE, xunto o Camiño Estreito, ata 1989. Esta última denominación é oficial dende o 28 de xaneiro do 1993.

CANTÓN, RÚA DO

Rúa travesa do casco antigo que une a rúa Real e a da Pescadería. O termo non presenta ningunha dúbida: Cantón fai referencia a unha pequena rúa que corta dúas rúas importantes, e na que as casas que a compoñen carecen de porta ou, alomenos, de porta principal. Polo acordo do 19 de decembro do 1895 rebautizouse coma rúa de Cervantes sen ningún éxito.

CARREIROS DE ISIDRO

Xuntaba a igrexa das Virtudes con Souto da Vila. Hoxe é a rúa que vai dende a igrexa das Virtudes, por detrás dos novos edificios, ata desembocar na Estrada Nacional. No plano do 1882, S. Isidro é un pago situado ó sur das Virtudes e, aínda que non se especifique nel nin temos apoio documental, o camiño que limita este pago polo norte era o camiño de S. Isidro. A existencia nas Virtudes dunha escultura de S. Isidro, patrón dos campesiños, proba que o 15 de maio celebrábase o día do Santo.

CASTELAO, AVENIDA OU PASEO

Antiga entrada á nacional VI, bordeando Olmo. O nome foi posto na sesión da Corporación Municipal do 28 de outubro do 1993.

CLUB FIRRETE, RÚA

Rúa situada na zona do Aguabar, dende Atocha ó Camiño Estreito. Bautizada no acordo do 28 de outubro do 1993 en recoñecemento á traxectoria no deporte do piragüismo do Club Firrete⁹³.

CONDE, PRAZA DO

Descoñecemos coma se configurou o primitiva póboa polo lado que hoxe ocupa a denominada praza do Conde, en concreto, descoñecemos por ónde ía a primitiva muralla, e cal era o espacio existente entre a mesma e a cuadrícula. A exigua documentación da que dispoñemos, xa adiantada e que nos fai pensar que o nome deriva precisamente de ser propiedade dos Andrade (en algúns documentos fálase da praza da súa Excelencia), lévanos a considera-la hipótese da existencia dun primitivo recinto que non comprendía dita praza e un segundo que englobou á mesma e ó pazo que a delimitaba polo oeste, configurándose coma un espacio en pendente de norte a sur, e de límites inalterados ata os plans urbanísticos da primeira metade do século XX.

Sexa acertada ou non a hipótese que barallamos, corroborada pola imaxe cós habitantes tiñan da praza Real (principal e onde se realizaba o mercado), non hai dúbida de que dito nome pode remontarse ós tempos de Don Fernando de Andrade, primeiro conde, pero non a antes.

93. Véxase DE CASTRO ÁLVAREZ, *Nombres propios en las calles, plazas y jardines de Pontedeume*, Cátedra nº 11, 2004.

O mencionado nome cambiouse na sesión do 19 de abril do 1931:

*"El Concejal Don Eulogio Gunturiz Pastor, previa venia de la Presidencia hizo uso de la palabra para rogar a la Corporación que con el fin de conmemorar el hecho feliz de la implantación de la República se sustituyese el nombre de la calle Real de esta villa por calle la Libertad, el de la plaza del Conde por el de Plaza de la República, y el de la calle Primo de Rivera por la de Fermín Galán, y la del 13 de septiembre por la del catorce de Abril"*⁹⁴.

Coa construción do mercado, denomínaselle tamén praza do Mercado.

Debemos, por unha banda, estudia-las transformacións da praza no seu conxunto e por outra os elementos que a compoñían, é dicir, fonte, capela de S. Miguel, lavadoiro, praza do Peixe e praza do Mercado.

Transformacións da praza

Con anterioridade á apertura da Avenida de Lombardero, á marxe da instalación ou desaparición dos elementos mencionados e que logo estudiaremos, só coñecemos unha intervención: a de 1869, relativa ó embaldosado dos soportais.

Xa falamos da apertura da devandita avenida e da desaparición do Pazo, intervencións que supuxeron alteracións importantes na primitiva praza.

Non será, nembargantes, ata a década dos 30 do século XX cando a Corporación retoma o tema da urbanización no seu conxunto, tanto dela coma das rúas adxacentes. O 21 de novembro do 1930 acordouse (sen que, de momento, se levase á práctica), con vista á intervención que se vai realizar, dispoñer ó necesario para que a feira do gando de porca se trasladase do punto onde se celebra, (á marxe da estrada da Estación, na praza do Conde) á rúa de S. Miguel. Pero comeza o ano 1932 sen que se fixera nada. O primeiro proxecto e a súa posterior modificación foron realizados polo arquitecto Don Antonio Tenreiro Rodríguez, e isto con vistas a que cristalice o empra-zamento nela dun mercado de abastos. Un segundo proxecto foi mandado confeccionar ó arquitecto Esteller no 1932. En concreto, a Corporación acordara "*confiar al arquitecto D. Serafin Esteller la confección de un proyecto definitivo de urbanización de la plaza del Conde y del marqués de Figueroa, así como de las calles inmediatas a las mismas, y que complete el plano topográfico de toda la villa y particularmente en la zona comprendida entre las avenidas de Pablo Iglesias y Saavedra Meneses y las calles de Mancebo, Angustia y S. Miguel*"⁹⁵. O novo proxecto contempla a total desaparición do pazo, feito que non é unha realidade ata mediados do 1935. Por iso, non foi aprobado ata febreiro do 1936, acordándose entón que se procedese á taxación dos dez solares que resultan dispoñibles para edificios, para que no seu día se proceda a súa venta median-

94. AMP, C. 503, 1931, f. 19-19v.

95. AMP, C. 503, 1932, f. 6-6v.

te puxa pública⁹⁶. O 11 de xaneiro do 1937 vólvese acordar trasladar á rúa do Alcacer ou a Roda ó mercado de porcos que se viña celebrando na parte alta da praza do Conde ou rúa de S. Miguel, *"traslado que se lleva a cabo porque en el lugar en que se realizan las transacciones se procede a la ejecución del proyecto de urbanización de la Plaza del Conde y calles adyacentes"*⁹⁷.

Dende maio do 1937 procédese á fase de retirada de entullo, proceso que, coma xa dixemos, realiza José Pérez Cascallar, xuntándoo ó recheo do peirao. As obras prólonganse alomenos ata decembro do 1939.

En 1939 realizase un proxecto de nova aliñación do costado S.E. da praza que foi aprobada en febreiro do 1940.

En sesión do 30 de setembro do 1944 retómase o tema, esquecido dende 1941, da venta de solares. A Corporación Municipal *"después de discutir convenientemente la procedencia o improcedencia de enajenar en pública subasta los solares existentes en la zona Oeste de la plaza del Conde, cuya venta tenía acordada la Corporación en sesión de veintiuno de de noviembre del 1941 y que por falta de licitadores quedó sin tener efecto, acordó por unanimidad proceder a la venta en pública subasta, y por el procedimiento de pujas a la llamada, de los solares señalados en el plano de parcelación con los números 3, 4, 5, 6 y 8, cuya subasta habrá de celebrarse previa anunciación de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia y el los sitios de costumbre el día diez de diciembre próximo"*⁹⁸. A puxa quedou deserta por falta de licitadores e acórdase aprazala. En sesión do 13 de agosto do 1945 vólvese poñer sobre a mesa o expediente da puxa, establecéndose que primeiro por espazo de media hora saíran os solares xuntos, formando un só, e pasado ese tempo puxaríase un por un. Nas condicións establécese tamén que se o adxudicatario constrúe antes de dous anos, o edificio quedaría exento de paga-lo arbitrio municipal por licencia de obras. Celebrada a puxa, os solares foron adxudicados a Don Juan Golpe Paadín.

Por último, no 1949 fixéronse as chamadas escaleiriñas de S. Miguel.

Praza do Peixe

A súa construción expónse na sesión ordinaria do 30 de setembro de 1854:

"Considerando el Ayuntamiento que este Pueblo carece de una plaza cubierta donde poder vender el pescado fresco y salado, colocándose por lo mismo los traficantes de este artículo en distintos puestos y tránsitos, que además de impedir el paso perjudican á la salud y limpieza pública por la fetidez que dichos locales despiden; y considerando que si bien sería utilísimo construir un tinglado a efecto, la Corporación carece de fondos para intentar por ahora una obra de esta clase;

96. Na sesión do 30 de maio do 1936 acórdase instruí-lo oportuno expediente encamiñado á venda de catro solares cos números 1, 2, 3 e 10 das parcelas de terreo sobrante da vía pública, fixéndose o día 19 de xullo para a puxa.

97. AMP, C. 504, 1º L, 1937.

98. AMP, C. 506, 1944.

acordó: que la citada Comisión de hornato público forme el plano de la misma con designación del sitio donde deba colocarse y le proponga el medio ó arbitro que le parezca mas conveniente para poder llevarla a cabo á la mayor brevedad que sea posible"⁹⁹.

Nembargantes, tres anos despois non se determinara o lugar. E así na sesión do 21 de xaneiro do 1857 dise que *"el lugar más propicio para edificar dicha plaza es la parte delantera de la Bodega o Almacen llamado estanco que cierra la plaza del Conde... dejando intermedia una calle de cinco varas de ancho y las esquinas de dicha Bodega o Almacen"*¹⁰⁰. Por entón pensábase ceder a propiedade do arrendamento á empresa que o constrúa. A súa construción debeuse realizar ó longo do 1857, provocando a protesta de don Francisco da Paz, apoderado do Sr. Conde de Lemos, o cal intenta que se declare da súa propiedade a praza, que cualifica de cuberta ou tinglado.

Dende 1924 a Corporación buscará o traslado da praza a outro sitio, ben á praza de S. Roque ou á praza do Pan.

No 1936 apróbase a demolición da praza do Peixe e exponse a necesidade dunha nova, que agora pensábase podía situarse no peirao. E, mentres tanto, a Corporación acorda habilitar, para cubri-la función que realizaba, as dúas últimas adegas que existían do antigo Pazo.

Lavadoiro

No *Libro Rexistrador de Propiedades do Concello*, de mediados do século XVIII, aparece xa mencionado un lavadoiro situado máis abaixo do pilón. Pouco sabemos das características formais do mesmo, ó certo é que o que no 1867 empregábase coma lavadoiro era un foso que a Corporación acorda cubrir. Na sesión do 12 decembro do 1868 foi lido o prego de condicións das obras de cubrición, momento que aproveitou o señor Pardo para pedir que se trasladase ó sainte da horta do Conde de Lemos, onde estivo a fábrica de barro, para o que seguramente sería necesario instruír un expediente de expropiación. A petición foi aprobada, aínda que non sabemos se chegou a materializarse.

Coa construción da estrada da Estación, houbo que buscar un novo emprazamento, cuestión suscitada na sesión do 2 de xullo do 1910¹⁰¹, sendo o lugar elixido o espacio contiguo ó torreón. O 28 de xaneiro do 1924 acórdase cubri-lo e o 1 de marzo poñerlle tendais.

No 1927 véndese a Prego Punín unha parcela sobrante da vía pública na praza do Conde a condición de que sexa a súa costa os gastos que orixinen o traslado da porta de entrada ó lavadoiro.

99. AMP, C. 397, 1854.

100. AMP, C. 396, 1857.

101. A proposta foi realizada polo Sr. Urquijo *"en atención a que el hoy existente va a ser ocupado por la carretera de la estación"*.

Fonte

Non cabe dúbida de que a fonte máis antiga e a única existente ata 1671 é a de S. Agostiño. No 1671, o concello, ante a falta de caudal de dita fonte, encarga a Pedro Martínez, canteiro e fontaneiro de Betanzos, un estudio que solucione os problemas de abastecemento de auga. A solución barallada polo fontaneiro de Betanzos non é outra que a construción dunha fonte na praza do Conde, coñecida tamén coma Pilón, abastecida con mananciais situados no coto Breamo. A fonte foi realizada polo canteiro Pedro Florez.

No 1749 o canteiro Francisco Fonte constrúe a Fonte de Santiago seguindo o mesmo procedemento.

A fonte ó longo da súa historia sufriu numerosas intervencións. A dúas delas aluden as inscricións da parte alta, na que se lee 1836 e 1913. No 1943 foi desprazada cara o oeste uns cantos metros¹⁰².

Capela de S. Miguel

En sesión supletoria do 14 de xuño á ordinaria do día 12 do 1909 a Corporación "*acordó por unanimidad se proceda á derribar los restos de la capilla de San Miguel y que por cuenta de lo consignado en presupuestos se invierta la cantería de la misma en la prolongación de la acera ó calzada que existe frente á la Casa-Palacio*"¹⁰³. Nembargantes, o acordo non se debeu materializar, pois na sesión do 7 de xaneiro do 1911 dise que "*con el fin de hermosear la zona que ocupa la Capilla de san Miguel, que pertenece al Palacio del Conde y aprovechando sus materiales, la Corporación por unanimidad acordó proceder por administración a su demolición y vender en pública subasta la piedra de pizarra que se obtenga, reservando la granítica para las obras públicas el Distrito*"¹⁰⁴. Esta vez si se chegou a realizar porque o concello ese mesmo ano pagou os xornais resultantes da demolición.

Mercado

En marzo do 1926 a Corporación Municipal, ó mesmo tempo que pensa en facer desaparecer-lo antigo mercado de peixe, pon sobre a mesa a construción dun novo. Vontade que volve ser expresada en sesións posteriores.

En 1935 o proxecto de urbanización da praza do Conde, contempla a construción dun mercado municipal, que non comezará a concretarse ata despois de pasadas as primeiras dificultades da posguerra.

102. Na sesión da Corporación do 12 de febreiro do 1934 mencionase outro desprazamento.

103. AMP, C.401, 2º L., 1909.

104. AMP, C.501, 1911.

Tras varias puxas falidas para adxudica-las obras, na sesión do 15 de xullo de 1942 a Corporación decide realízalo por etapas, poñendo de manifesto os problemas de materialización dun proxecto que na práctica se demora ata 1951. Ese ano, a Corporación concibe un amplo programa de obras, no que na primeira etapa inclúese a construción dun mercado pola cantidade de 400.000, a adquisición do chan para a realización de vivendas protexidas e, nunha segunda etapa, a construción dun matadoiro e dun grupo escolar.

En sesión extraordinaria do 2 de setembro do 1951 apróbase o prego de condicións para a puxa do mercado, sendo exposto ó público durante oito días. Ata o 14 de xullo do 1952 celébranse dúas puxas sen que as obras sexan adxudicadas, polo que se decide contratalas directamente. A adxudicación recae en don Antonio de Viana, o cal se compromete a realiza-lo que se denomina o primeiro destajo das obras. As obras deberon comezar pois en 1952. En xaneiro do 1954 infórmase que o alcalde adxudicou o destajo da execución das obras da cuberta do mercado municipal, así coma as columnas de formigón fundido que teñen que sustenta-los pórticos que circundarán o edificio, *"toda vez que es el único licitador que ha concurrido y que se compromete a llevar a cabo dichas obras, por los precios y en las condiciones que aparecen en el proyecto formado por don Antonio Tenreiro"*¹⁰⁵.

Non sabemos cando remataron as obras, ó certo é que no 1960 lévase a cabo unha ordenación do mesmo, quedando conformado en 19 postos.

A ampliación da parte norte, proxectada por don Ramón Tenreiro Brochón e levada á práctica don Rodolfo Ucha, foi acordada o 26 de maio do 1965.

CONSTANTINO HORTA, RÚA DE

A proposta do BNG, na sesión da Corporación Municipal do 27 de xullo do 2000, se aproba que *"honrará as figuras dos eumeses Constatino Horta e Valeriano Villanueva, recoñecendo a súa valía e transcendencia, por medio da nominación dunha rúa, praza, paseo, etc. e a colocación dunha placa na casa natal (de coñecerse e contar con autorización), etc."*

O nome foi asignado, á ano seguinte, á rúa perpendicular á avedida Dr. Villanueva, nas novas vivendas sociais

CONVENTO, PRAZA DO

O nome obedece á presenza do convento de S. Agustín, fundado extramuros por Fernando de Andrade. A desaparición da muralla pola parte onde se atopaba o citado convento, feito que posiblemente xa se producira a finais do século XVII, fai que o que nun principio era adro fose percibido polos habitantes coma un espazo público, que o concello disputa con éxito a don Benito Gunturiz, o cal se fixera coa propiedade do convento a raíz da desamortización.

105. AMP, C.506, 1954.

Segundo acordo da Corporación do 13 de setembro do 1931, a praza pasa a chamarse de Manuel Paadín, nome que non sobrevive ó fin da República.

No 1971, co motivo da celebración do 7º centenario da fundación da vila, sofre unha importante remodelación proxectada polo arquitecto Franco Taboada, colocándose entón a estatua de Alfonso X, obra do escultor Faílde, que foi descuberta polo xefe do Estado. Na Guía Turística da Comarca Eumesa, publicada no 1981 polo Círculo Filatélico "Eume", lemos:

"Este conjunto, tildado por algunos como anacrónico y poco estético, pretende expresar el contraste entre dos épocas distintas: el siglo XII, fecha de la fundación de la Villa, y el siglo XX en que se conmemora la fundación".

O expresado polo autor da Guía denota que a remodelación non foi do gusto de todos, o que explica quizais que volvese ser remodelada, tras un concurso de ideas, na década dos noventa do século XX, sendo alcalde don Belarmino Freire.

COUCEIRO FREIJOMIL, RÚA

Rúa que une a praza Real coa do Conde e que rematou denominándose da Catedral por atoparse nela a catedral de Latinidade, fundada no 1580 por Beltrán de Anido, hoxe convertida en Biblioteca Municipal. A denominación anterior á rúa da Catedral, é de Travesa que vai dende a Real á Praza do Conde, coma aparece no Catastro do Marqués da Ensenada. Atopámo-lo nome da rúa da Catedral escrito por primeira vez no plano do 1869.

Na sesión do concello do 31 de Marzo do 1924, o concelleiro Sr. Agras propón *"que se den lo nombres de 13 de septiembre y General Primo de Rivera a las calles que hoy tienen las de Catedral y Pescadería, por ser la primera una fecha gloriosa para España y el segundo el redentor de la Nación, y que se le comuniquen este acuerdo al Directorio Militar y al mismo tiempo se confirme la adhesión de esta Corporación al nuevo régimen, la Corporación unánimemente aprobó en todas sus partes la dicha proposición"*¹⁰⁶.

Segundo acordo da Corporación do 19 de abril do 1931 a rúa 13 de setembro pasa a chamarse **14 de abril**.

Tra-lo Alzamento militar, segue a ser a rúa da Catedral.

Non atopámo-lo acordo do concello que a converte en rúa Couceiro Freijomil. A primeira mención aparece na sesión do 10 de Maio do 1960 co motivo de dar conta da subvención para as obras de pavimentación da devandita rúa.

CHAFARÍS, RÚA DE

Calello ou ruela en forma de uve que nace na fonte de S. Agostiño e limita coa praza do Convento. Chafariz, escrito de igual maneira en castelán e en galego, significa pila de fonte ou fonte con canos. Aínda que xa en documentos do 1616 se di Chafarís, noutros documentos posteriores atopamos Chafariz. Así aparece no Libro Rexistrador de Propiedades do Concello: a fonte *"que llaman de San Agustín por hallarse junto a la plaza de su Convento, la qual aunque nace en aquella situación por ser manantial profundo fue preciso, para que pudiesen aprovecharse de ella los naturales, formarle una arqueta con dos caños de bronce, y unas escaleras de cantería, para vaxar a ella, y una muralla, que la defiende, y de allí por devajo de tierra ba encañada salir fuera de la plaza de dicho Convento a un lavadero, que llaman chafariz, donde asimismo con toda decencia, y sin escándalos, que en otros lugares, que tienen fuentes ocultas, se experimentan: Pueden labar mugeres, por cuías razones, y los perjuicios, que ocasionan las Abenidas de Aguas ha sido, y es costosa su conservación; y por ella, y las más que ban notadas paga esta villa salario annual a un fontanero"*¹⁰⁷.

A fonte de S. Agostiño foi a única que tivo a vila ata 1671, ano no que se construíu a fonte da praza do Conde. A rúa apareceu coma tal coa desaparición da muralla que nun principio debía cortala.

CHAPIZO, RÚA DO

Nos planos do século XIX denomínase Chapizo a un pago situado ó oeste do camiño de Frias e a dous camiños: Camiño de Chapizo ó Empedrado e Camiño de Chapizo que conduce a Soto da Vila. Na actualidade é o camiño que vai pola Casa de Exercicios ata Olmo. O nome, que en galego se lle dá a unha planta rubiácea, é oficial dende o 28 de outubro do 1993.

DOCTOR VILLANUEVA, AVENIDA

Durante a alcaldía de don Juan Sarmiento constrúese o camiño provincial de Pontedeume a Andahío, o que supón a unión entre a Avenida de Lombardero e a Estrada do Cemiterio.

En sesión plenaria do 22 de febreiro do 1967 o Alcalde *"manifiesta que habiendo tenido lugar el fallecimiento, en Santiago de Compostela, del que fue hijo de esta Villa, D. Ulpiano Villanueva Castro, Catedrático de la Facultad de Medicina de Santiago, cuya fama y popularidad han traspasado las fronteras nacionales, considerándosele gran benefactor, principalmente a los vecinos de Puentedeume y su Comarca que a él se dirigían, donde encontraban siempre al Médico y al humano acogedor, se hace necesario que su nombre perdure en la memoria de una calle en esta villa, proponiendo... que el actual camino provincial de Puentedeume al embarcadero de Andahío pase a denominarse Avenida Dr. Villanueva. Y esta Corporación por unanimidad acuerda, aprobar en todas sus partes la propuesta de la presidencia y que pase a la comisión correspondiente para su estudio y desarrollo de esta propuesta y acuerdo, para lo que se designa a la*

107. LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p.10.

Comisión de Protocolo... que dicha Avenida debe de comenzar en el enlace con la Avenida El Ferrol del Caudillo hasta el lugar de Caldagueiro"¹⁰⁸.

Parte desta avenida é pois o que nun principio se chamaba estrada de Centroña e logo rúa do Cemiterio.

EMPEDRADO, RÚA DO

Camiño Real ata a construción da estrada de Xubia a Betanzos, e un dos primeiros ámbitos de expansión da vila. Comprende dende o que foi a porta de S. Roque ou da Vila a Soto da Villa.

A primeira mención atopámola nun censo, do 1578, dunhas casas e horta, a cal estaba situada *"xunto al empedrado de la puerta de la Villa según está circundada y testa por una parte en dicho empedrado y camino que bai a Betanzos"*¹⁰⁹.

Rúa de considerable pendente, o seu nome pode derivar dunha ceda consolidación da súa firma. Miñano, no século XIX, describea aínda coma un auténtico derrumbadero, co piso escoregadizo e grandes fochas.

Na primeira metade do século XIX, celebrábase nela a feira de porcos, legumes e todo tipo de artigos de primeira necesidade. O concello, considerando os trastornos que causaba ó tránsito de persoas, incrementados nos días de choiva, decide traslada-la feira á horta do convento, previa adquisición a don Anselmo Varela.

En sesión do 26 de maio do 1967, *"se acuerda que la calle convenida como del Empedrado lleve en adelante el nombre de calle de la Diputación, en reconocimiento y gratitud a la misma por las atenciones que tiene con este Ayuntamiento"*¹¹⁰.

A denominación mantense ata o acordo da Corporación Municipal¹¹¹ do 14 de xullo do 1989, data na que volve chamarse Rúa do Empedrado.

ESPAÑA, PRAZA DE

Situada á entrada da rúa Real vindo da ponte, a súa orixe atópase na desaparición do denominado arco de Maldonado. Un dato preciso e seguro sobre o arco é que no 1761 pertencía a don Gaspar Vicente Maldonado Pita da Veiga, veciño de Pontedeume. Don Gaspar era prior, non sabemos se do convento de S. Agostiño e, loxicamente, coma se di nunha visita pastoral do 1771¹¹², era

108. AMP, C. 507, 1967.

109. LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 110.

110. AMP, C. 507, 5º L, 1967.

111. Véxase VILARIÑO, S., *Cambios en el callejero local*, Alfoz nº 3.

112. Véxase DE CASTRO ÁLVAREZ y VÁZQUEZ ARIAS, *La iglesia de Santiago de Pontedeume*, p. 20, documento 43.

patrón da capela da Concepción, situada enriba do arco, que fundara no 1662 Alonso Pita da Veiga. Este Alonso Pita da Veiga non pode ser o que participou na batalla de Pavía no 1525; nin tampouco un dos tres fillos que tivo con María García, o chamado tamén Alonso, que fixera testamento no 1587, segundo nos informa Couceiro, vinculando os seus bens o seu irmán Juan. Atopámonos pois cun neto, posiblemente fillo do mencionado Juan Pita da Veiga, rexedor da vila, e a súa filla, Dñª. María Antonia Pita da Veiga, cácase, en primeiras nupcias, con Gaspar Maldonado Ponce de León, e, en segundas, con anterioridade a 1713, con don Gabriel Piñeiro. Atopaban así os Pita da Veiga cós Maldonado. Do primeiro matrimonio tivo a Joaquín Maldonado, pai de don Gaspar Vicente Maldonado Pita da Veiga.

O que dixemos xustifica a denominación de arco de Maldonado, apelido que seguimos atopando na documentación do século XIX, sen que poidamos, por agora, establece-la liña de sucesión dunha propiedade que rematou en mans de Don José Jáudenes.

O proceso de adquisición iníciase no 1903, presentando o Alcalde a cuestión da seguinte maneira:

"El Sr. Alcalde Presidente expone que se está en el caso de declarar como utilidad pública para esta villa, la adquisición del arco llamado de Maldonado, la bodega y solar que está en frente, la panera que se halla lindando con la carretera y la parte de jardín y casa de D. José Jáudenes que impide la salida de la calle de los Herreros a la carretera que va a Betanzos... su proposición es que con la nueva rasante de la carretera que va á construírse á la Estación, queda el arco sumamente bajo y por lo mismo la entrada principal del pueblo imposibilitada para un servicio cómodo y adecuado a las necesidades públicas... con la adquisición del solar; bodega, panera y arco referido, puede hacerse una plazoleta que hermostee tal referida entrada al pueblo y aun colocase en dicho sitio una fuente vecinal, por ser punto apropiado para ello, pues esa parte del pueblo carece en absoluto de aguas. Y en cuanto a facilitar la comunicación de la calle de los Herreros con la carretera, es caso de conveniencia tan evidente, que no precisa más argumento a su favor de la exposición de esta idea.

*Y el Ayuntamiento teniendo en cuenta lo propuesto por el Sr. Alcalde, acordó: Primero. Declarar como utilidad pública la adquisición y ocupación perpetua para vía pública de las fincas que se mencionan en la proposición presentada. Segundo, que para realizar este acuerdo se formalice el oportuno expediente siguiendo los pasos para ello y los procedimientos legales. Tercero. Y que se publique este acuerdo en el Boletín Oficial para que en ele plazo de treinta días puedan los que le convengan y si hubiese reclamación en dicho plazo; se considere como firme este acuerdo y se proceda a su inmediata ejecución"*¹¹³.

O 15 de marzo do 1903 publícase o acordo no Boletín Oficial da provincia, o 15 de agosto encárgase ó mestre de arquitectura D. Gabriel Vitini Alonso o correspondente proxecto de tasación e planos, e o 10 de outubro mándase para a súa aprobación ó Gobernador Civil.

Non poidemos segui-lo proceso nas actas do concello, pero coñecemos dúas cartas que don José Jádenes envía ó mesmo: na primeira, de agosto do 1903, móstrase conforme coa adquisición das fincas polo concello para servizo público e non para outro fin; na segunda, de finais de abril do 1906, solicita que se lle abone o segundo prazo da expropiación do arco de Maldonado e máis fincas, á que se contesta que así se fará cando houbese fondos. No 1909 aínda se lle tiñan débidas por valor de 15.000 pesetas.

O derribo do arco e a apertura da praza debeuse realizar no 1905 ou, ó sumo, no 1906, coma aparece no pé de foto da primeira edición do libro de Couceiro.

Non hai dúbida de que no 1906 estíbese traballando na entrada da rúa, pois en xaneiro dese ano acórdase botar alí os escollos procedentes da praza do Marqués de Figueroa co fin de nivelala coa altura da estrada.

No 1911 plantéxase a regularización da entrada da rúa Real, obra que, cun custo de 3.844,33 pesetas, levarase a cabo polo contratista don Manuel Bustillo, co arranxo ó disposto na instrución do 24 de xaneiro do 1905. Se acudimos ás fontes fotográficas, no lado dereito segundo se ven da ponte, organizouse un xardín e colocouse a fonte que se anunciaba na xustificación do proxecto. O xardín quitase na década dos vinte do pasado século¹¹⁴, e a fonte de ferro foi suprimida por acordo do 6 de abril do 1942.

No 1927 recibe o nome de Alfonso XIII. En sesión extraordinaria do 13 de maio do 1927 dáse lectura a un escrito do señor Gobernador *"interesando se acuerde lo procedente para solemnizar el veinticinco aniversario de la coronación de S. M. D. Alfonso XIII (q. D. g.) y el Ayuntamiento después de breve discusión acuerda facultar a la Comisión Permanente para que organice los festejos que habían de celebrarse con motivo del aludido homenaje y que para solemnizar tan fausta fecha se dé el nombre de plaza de Alfonso XIII a la entrada de esta villa por la calle Real"*¹¹⁵.

Non sabemos cando se cambia o nome por praza de España. No 1931 aínda se chamaba Alfonso XIII. No 1942, cando se quita a fonte e se pavimenta xunto coa entrada da rúa da Inmaculada, non se menciona coma praza de España. Pensamos que foi pouco despois.

EDUARDO PONDAL, RÚA

Nome que se lle dá, o 28 de outubro do 1993, á rúa que vai dende a Avenida Dr. Villanueva ó edificio Los Rosales.

114. Xa non estaba no 1924, pois nunca acta do concello dese ano pídesse *"que se adecue el hueco dejado por el jardín"*.

115. AMP, C. 503, 1927.

FENE, RÚA DE

Une a rúa de Porto coa Avenida de Lombardero. A principios do século XX, Porto comunicaba coa estrada de Centroña ou camiño do Cemiterio baixando ás Lonxas polo empinado e estreito sendeiro da Galera. No 1916, o concello decide xunta-lo Porto coa Avenida de Lombardero por unha nova estrada, *"por ser necesario adecuar el paso de la parte Oeste del Palacio, desde la carretera de la Estación a avenida de Lombardero a la calle de Picho"*¹¹⁶. A mencionada estrada debía medir de oito a nove metros de ancho con paseos e cunetas e a obra debía estar dirixida polo capataz camiñeiro municipal. O muro que a pecha remátase a principios da década dos corenta do século XX¹¹⁷. Na mesma década constrúese a cadrada que a delimita.

O nome púxose por acordo tomado en sesión da Corporación de 28 de xuño de 1973: *"Deseando dar el máximo esplendor a las tradicionales relaciones de amistad con el próximo municipio de Fene, se acuerda por unanimidad:*

1º Titular con el nombre de calle de Fene a la vía que desde la calle de Porto conduce a la Avda. de el Ferrol del Caudillo, atravesando Betanzos.

*2º Celebración del Día de Fene, cuya fecha se fija en principio para el próximo 9 de septiembre; procediendo al descubrimiento de la placa nominativa de la calle y organizando los actos que la Presidencia estime adecuados para la conmemoración de tan solemne jornada"*¹¹⁸.

FERREIROS, RÚA DOS

Rúa paralela á Real, coa que está directamente unida pola rúa Travesa e a praza do Pan. Nun principio era unha rúa sen saída á estrada de Betanzos a Xubia, circunstancia explicable porque non tiña porta e a pechaba a muralla. O aforamento ou venta desta, ou a construción de casas a ámbolos lados da mesma, fixéronse sen arbitrar unha saída na parte baixa, nun momento onde non existía a Estrada Nacional. Entre as razóns que se alegan no 1903 para xustificala adquisición do arco de Maldonado, xardíns e casas de don José Jáudenes están a de dar saída á rúa dos Herreros, feito que se produce no 1905.

A mediados do século XVIII alúdese a ela coma rúa dos Herreros ou rúa da Errería¹¹⁹, nome que hai que considerar como o máis antigo.

En sesión do 15 de setembro do 1941 acórdase, coincidindo coa súa pavimentación, chamar ó tramo que chega ata a praza do Pan, rúa José Antonio Primo de Rivera. E por acordo do 14 de xullo do 1989, cambiase a denominación de rúa José Antonio pola de rúa dos Ferreiros.

116. AMP, C. 502, sesión supletoria do 13 de agosto.

117. Sabemos que no 1938 estaba a medio facer, que en 1939 gastáronse 4000 pesetas e que en 1940 segue a ser construído.

118. AMP, C. 508 1971-1981.

119. Así, sen h, aparece no Libro Rexistrador e no Catastro do Marqués da Ensenada.

Entre as moitas intervencións que debeu sufrir, cabe sinalar, ademais da xa aludida do 1941, a do 1849, momento no que se embaldosa e faise o seu cano mestre e o 1936, ano no que se realiza un proxecto de nivelación e rasantes.

FERROL, RÚA DE

Xa estudiámo-lo proceso de expansión da vila pola súa parte oeste ata 1911, proceso que supón, entre outras cousas, a apertura da estrada da Estación. O tramo que vai dende a praza do Conde ó comezo da avenida Dr. Villanueva denominouse ese ano Avenida de Lombardero, o resto, Avenida do Ferrol do Caudillo. Non temos información de cando arranca este segundo nome, aínda que foi durante a alcaldía de Juan Sarmiento, posiblemente entre 1946 e 1948¹²⁰.

Sobre a pavimentación temos dúas noticias: a primeira do 1 de maio do 1933. Na sesión dese día dáse conta dunha carta do deputado don Ramón María Tenreiro, na que se incorpora outra do Sr. Ministro de Obras Públicas, participando que entre as "*consignas para reparación de carreteras con fines especiales figuran 67.188, 75 pesetas para sustituir el actual pavimento de los 375 metros de la carretera Estación de F.C. de Pontedeume, plaza del Conde y Muelle de esta villa*"¹²¹. A segunda noticia é do 1 de xullo do 1952.

FONTENOVA, RÚA

Antiga vereia que xuntaba a porta do Postigo con Souto da Vila. Sen dúbida a súa denominación alude a unha fonte de nova creación. Para Couceiro Freijomil a Fonte Nova debe ser moi posterior ás fontes do Conde e de Santiago. Nembargantes o topónimo aparece no *Libro Rexistrador*¹²² coa data do 1679 e no Catastro do Marqués da Ensenada coa denominación de rúa da Fonte, polo que non é moi posterior á fonte da praza do Conde, construída no 1671.

Nas actas do concello consta que a fonte, xunto coa das Virtudes, foi reparada no 1855 e que entre 1850 e 1851 votase *morrillo* á rúa.

GALERA, RÚA DA

Rúa que sinalaba o límite oeste da horta do Conde co nome, no plano do 1882, de *corredeira da Galera*. Na actualidade separa o xardín de Lombardero do colexio Couceiro Freijomil, perdendo o tortuoso camiño da avenida de Lombardero a Porto dita denominación. O nome podería derivar da existencia dun antigo hospital para mulleres do que non temos ningunha constancia documental, aínda que tales hospitais só aparecen nas cidades.

Nas actas municipais só atopamos unha noticia: na sesión supletoria do 17 de decembro do 1917, infórmase de que D. Rodrigo Pardo González, en concepto de xerente da Sociedade Pardo e

120. Carecemos das actas deste período. Atopamos citada a rúa por primeira vez na documentación do 1967.

121. AMP, C. 504, 1933.

122. LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, nº 58.

Cia, no fronte da casa que dita Sociedade posúe na rúa do Peirao, número 27, desexa face-las obras seguintes: "1) *Reformar el paso de subida a la calle de la Galera, colocándolo en la línea recta.* 2) *Reconstruir de cantería las escaleras que se hallan al frente de dicha casa y reparar la rampa de debajo de la misma*"¹²³.

A rúa foi axeitada e ensanchada o comezo da alcaldía de Celestino Sardiña.

GUMERSINDO PLACER, RÚA DE FRAY

Rúa situada entre os almacéns de Rajoy e o xardín de Lombardero, que no plano do 1882 denomínase Pelamios¹²⁴. O acordo tomouse en sesión de 30 de decembro de 1976, ano no que o pai Placer tamén é nomeado fillo predilecto da vila.

Os almacéns mandáronse construír por Rajoy por escritura do 28 de setembro do 1763¹²⁵. Ditos almacéns saen a remate público no Boletín Oficial de Bens Nacionais da Provincia, número 48, coa data do 10 de xaneiro 1867, sendo adquiridos pola sociedade mercantil R. Pardo e Compañía. Previamente o concello levara a cabo os trámites necesarios para que as rúas que os delimitan ó norte e ó sur non entrasen dentro do lote vendido.

IGREXA, RÚA DA

No plano do 1882 dáse o nome de rúa da Igrexa á que rodea a cabeceira da igrexa formando un ángulo recto, rematando nas escaleiriñas que suben ó adro e as que baixaban á rúa Real. De feito, na documentación da primeira metade do século XIX denomínase rúa do atrio de la Iglesia¹²⁶.

No 1853, cando se estaba construíndo a cadrada que conformaba a rúa, o concello proxecta e leva a cabo o amorriñado da rúa da cal se dí "*traviesa que comunica la plazuela de la Angustia con la iglesia parroquial*", e constrúe o muro que pecha o adro da igrexa pola súa parte este. Os materiais extraídos destas obras destínanse ó recheo da obra do Torreón. A obra do adro motiva a protesta por escrito do Sr. Arzobispo, quen fora avisado polo crego ecónomo de que a obra íase realizar sen previo aviso, ampliaba a rúa existente facendo varia-la forma do adro e deixaba o mesmo exposto á invasión de toda clase de animais. A protesta só consegue paralizar momentaneamente un proxecto que está rematado en maio do 1854.

No 1962 paviméntase o final da rúa, que aínda estaba de terra, denominándose "*falsa plazaleta que se conoce más por Atrio pequeño*"¹²⁷.

123. AMP, C. 502, 1917.

124. Hoxe o termo utilízase para denominar unha urbanización situada á dereita da avenida do Ferrol, dirección Estación, pasado o polideportivo.

125. Véxase DE CASTRO ÁLVAREZ, *Los almacenes de la Ilustración*, O Comarcal, nº 35, 2001.

126. Con esa denominación aparece nos censos do 1812, 1838 e 1840.

127. AMP, C. 507, sesión de xaneiro do 1962.

IRMANDIÑOS, RÚA

Rúa aberta en 1990 que comunica a avenida do Ferrol coa de Dr. Villanueva. Recibe dito nome no 1993.

INMACULADA CONCEPCIÓN, RÚA DA

Ata 1904 denomínase rúa da Ribera. En sesión ordinaria do 19 de dito ano *"el Sr. Presidente manifestó á la Corporación que celebrando la Iglesia Católica en ocho de Diciembre próximo el quincuagésimo aniversario de la definición dogmática de la Ynmaculada Concepción, proponía que en conmemoración se pusiese el nombre de la calle de la Ynmaculada Concepción á la de la Rivera de esta villa, y de esta á la del Muelle, y así se acordó por unanimidad"*¹²⁸.

Coma xa dixemos, o topónimo Ribera, nome que deriva de limita-la rúa coa ribeiramar, coa que estaba separada pola muralla, arranca dos primeiros pasos da póboa, aparecendo xa en documentos de finais do século XIV. En 1984, sendo alcalde don Celestino Sardiña, o escultor José Díaz Fuentes realiza a pavimentación actual, a cal inclúe as representacións do oso e o xabaris.

JUDEA, RÚA DA

Con este nome alúdese a unha pequena rúa que, con dirección norte-sur, desemboca en Souto da Vila. O nome transmitiuse oralmente, ata tal punto que só o atopamos escrito no programa das festas do 1973.

É posible que se trate do único vestixio que quede dun barrio xudeu.

LOMBARDERO, AVENIDA DE

Arteria fundamental da vila na súa expansión cara o oeste, vía necesaria para acceder á Estación do Ferrocarril, a súa construción só foi posible trala expropiación da Casa- Pazo da duquesa de Alba, proceso do que xa nos ocupamos.

Polo acordo tomado na sesión extraordinaria do 21 de xuño do 1911, decídese denominar á estrada da Estación Avenida de Lombardero:

"Para dar conocimiento de la real Orden de concesión de ampliación del muelle de esta villa con las obras de la carretera del Puente á la Estación del ferrocarril, a fin de que se adopten los acuerdos convenientes. Abierta la sesión pública, explicó detenida y minuciosamente el Sr. Presidente las dificultades con que á tropezado y las gestiones y esfuerzos hechas por el Diputado a Cortes por este Distrito Ylmo. Sr. José Lombardero Franco, para obviarlas y obtener dicha R. O., gestiones y esfuerzos que por redundar en beneficio de esta villa, haya necesidad de

128. AMP, C. 400, 2º L, 1904.

*reconocer y testimoniar de algún modo la gratitud del pueblo; y la Corporación, reconociendo que el Ylmo. Sr. D. José de Lombardero, ha conseguido en beneficio de utilidad suma en esta villa, á propuesta de los Srs. Concejales Urgorri, Abeledo y Varela, acordó por unanimidad testimoniar la gratitud del Municipio colocando en el salón de sesiones el retrato del Sr. Lombardero, y dando su nombre a la avenida de la Estación de esta villa: que se comuniquen al público por bando la grata nueva y se costeen festejos públicos*¹²⁹.

Non se especifica neste momento a que tramo da estrada da Estación débese aplicar dita denominación, que quedará reducida ó tramo comprendido entre a praza do Conde e o contacto entre a avenida Dr. Villanueva e Avenida do Ferrol.

O 3 de marzo do 1912, na primeira festa da árbore¹³⁰ celebrada na vila, plantáronse árbores ó longo da nova avenida e o 27 de abril do 1912, coma xa dixemos, a Corporación, co fin de embelece-la Avenida de Lombardero, aproba proceder ó derribo das dependencias do Pazo que lindaban con el. No 1914 solicítase ó Director Xeral de Obras Públicas o adoquinado das rúas Saavedra Meneses e avenida de Lombardero. Por último, no 1916 a Corporación aproba a construción da estrada da avenida de Lombardero a Picho, é dicir, do que será a rúa de Fene.

LOMBARDERO, XARDÍNS DE

A creación dos denominados Xardíns de Lombardero arranca da sesión do 4 de febreiro do 1911, na que se acorda reserva-la parte norte do parque do Marqués de Figueroa, por se algún día o municipio o necesita para edificio público. En sesión supletoria á ordinaria do 3 de agosto do 1912, a Corporación ratifica o acordado, con algunha matización, nos seguintes termos:

*"La comisión se ratifica en el acuerdo por declarar inalienables todos los que figuren como solares de la parte norte en el plano de urbanización de la antigua huerta del Conde, o sea todo terreno existente a la derecha de la avenida de Lombardero, que todos estos terrenos se destinen a lugar de esparcimiento público, convirtiéndolos en alameda, o jardineo, sin edificación, y que para la ornamentación y arreglo se encargue á la Comisión de Ornato la formación del oportuno proyecto, facultándola para utilizar los auxilios técnicos que considere precisos, y que por la Comisión de Hacienda se consigne en los nuevos presupuestos la cantidad que considere disponible para este fin*¹³¹.

O proxecto quedou aparcado pola falta de presuposto. O seu impulso íase producir catro anos despois de forma inesperada. En efecto, na sesión do 9 de abril do 1916, o secretario, Sr. Allegue, da conta á Corporación de *"que una persona, cuyo nombre está obligado a reservar como obligación de honor que le fue impuesta, noticiosa de que existe un acuerdo de este Ilmo.*

129. AMP, C. 501, 1911, P 11-11v.

130. Ecos do Eume, número 117, e COUCEIRO, op. cit., 349.

131. AMP, C. 502, 1912.

*Ayuntamiento, adoptado en el año de mil novecientos once, de convertir en lugar de esparcimiento público, con la denominación de Parque Marqués de Figueroa a la zona Norte de la antigua huerta del Conde de Andrade, afanoso ese anónimo donante de contribuir á la realización de tal obra, hace regalo de un plano para la construcción del Parque, trazado por el maestro aparejador de La Coruña D. Jesús Losada, que ya particularmente conocen los Sres. Concejales, y ofrece contribuir con dos mil pesetas, como donativo particular*¹³². A Corporación agradece e aproba con carácter definitivo o plano.

O xardín foi realizado, segundo Couceiro, ó ano seguinte.

En sesión do 22 de decembro do 1934 apróbase *"prolongar el jardín del parque del Marqués de Figueroa hasta el patio de una casa de don Ramiro Prego, urbanizando así el frente y espacio comprendido entre la torre del homenaje del que fue palacio del Duque de Alba y la carretera de la estación"*¹³³.

No 1969 instálase nos xardíns de Lombardero un parque infantil que será reformado no 1990.

Non houbo un acordo oficial para poñer ó xardín o nome de Lombardero. A razón desta denominación non é outra que o estar ó lado da avenida do mesmo nome. Quizais a denominación tiña que ser do Marqués de Figueroa. Este nome deuse a todo o terreo expropiado situado ó oeste do pazo, do que se foron subtraendo rúas, cadradas e o xardín (o xardín do parque), proceso que foi deixando sen contido unha denominación que, non obstante, mantense nas actas municipais ata a década dos corenta do século XX. E así, en sesión da Corporación do 1 de xullo do 1944, na que se dá o nome de rúa de Betanzos á paralela da avenida de Lombardero, díse que *"ésta colinda con el parque del Marqués de Figueroa"*.

Na seguinte década, o nome de Xardín de Lombardero parece estar consolidado: cando no 1952 o Concello quere reduci-la Alameda de Rajoy, un dos argumentos sinalados é que a vila xa ten outro xardín público: o denominado de Lombardero.

MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ, PRAZA DE

Praza situada na zona do Aguabar, próxima á nova piscina municipal. Foi bautizada por acordo municipal do 14 de marzo do 1983, inaugurándose o día 2 de abril.

MANCEBO, RÚA DO

A rúa pon en comunicación a rúa Real coa da Pescadería. Foi construída en 1618, pasando a denominarse rúa nova de xunto á igrexa. No Catastro do Marqués da Ensenada recibe o nome de rúa Travesa da Fontaiña e no censo do 1812 rúa Travesa ó Trepadizo, tomando o nome quizais da topografía empinada que a separa do adro da igrexa.

132. AMP, C. 502, 1916.

133. AMP, C. 504, 1934.

Por acordo municipal do 14 de decembro do 1895 cámbiaselle o nome a 21 rúas. Unha delas é a rúa do Trepadizo, que pasa a denominarse rúa de Mancebo, nome que, a diferenza dos outros, mantense. O nomeponse en recordo de Alonso Mancebo, rexedor da vila e fundador da obra pía que leva o seu nome.

MARINA, AVENIDA DA

Véxase Muelle, rúa do.

MONFERO, RÚA DE

Rúa situada na zona da Aguabar, fronte ó Colexio "Luis Vives". Foi bautizada por acordo do 28 de outubro do 1993.

MUELLE, RÚA DO

Nun principio dáse este nome ó espazo comprendido entre a porta da Ponte e o Torreón e entre a muralla e a ría. No 1904, cando a rúa da Ribera pasa a chamarse Inmaculada Concepción, a Corporación decide que á rúa do Muelle, que na documentación de principios do século XIX chámase tamén do Torreón¹³⁴, se denomine da Ribera. Dito nome ten unha curta existencia porque a Corporación en sesión extraordinaria do 21 de xuño do 1911 decide que *"á la calle del muelle se la de el nombre de Saavedra Meneses para perpetuar la memoria del Diputado a Cortes, que fue por este Distrito D. Frutos Saavedra Meneses, a quien debe la construcción del muelle"*¹³⁵.

O nome de *Muelle* empregárase dende entón para denominar ó borde da ría, especialmente acondicionado, e sucesivamente ampliado, para o embarque e desembarque.

No 1934 esta área se chamaba xa rúa da Marina¹³⁶. E durante a alcaldía de Juan Sarmiento se constrúe o monumento á Marina.

PAN, PRAZA DO

A hoxe chamada praza do Pan, situada entre a rúa Real e a dos Ferreiros, lindando co pazo de Rajoy, era a principios do século XVIII un solar propiedade de dona Antonia Pita da Veiga, viúva de don Gaspar de Maldonado Ponce de León. Dito solar foi permutado no 1713 por un alfolí, ou local destinado a depósito de sal, que o concello posuía xunto á ponte. Seguramente a viúva de Maldonado tiña moito interese na permuta, posto que o acordo incluía que debía comprometerse a levantar outro alfolí no solar permutado que pasaba a propiedade da vila. Este novo alfolí, que

134. AMP, C. 502, sesión do 24 de decembro do 1907.

135. AMP, C. 501, 1911, f. 11v.

136. O Topónimo é, seguramente, moi anterior, pois no Catastro do Marqués da Ensenada, entre as propiedades do Conde de Lemos figura unha casa preto da Marina.

a Corporación procede a arrendar, estaba separado do pazo de Rajoy por un cano e limitaba pola rúa de abaixo cunha rúa que permitía o paso entre a rúa Real e a dos Ferreiros.

No 1842 o edificio atopábase en mal estado, e porque se seguía usando e se consideraba indispensable, don Ignacio Barros, representante da empresa que o tiña adxudicado, insta a que a Corporación Municipal proceda a súa reparación, coma así apróbase na sesión ordinaria¹³⁷ do 20 de agosto do 1842. A reparación que se chegou a facer non foi moi importante, pois seis anos despois, é dicir no 1849, sae a pública puxa o derribo do alfolí¹³⁸ para construír unha denominada praza do Pan. A obra, que tarda en comezar pola resistencia do administrador a trasladala alí que continúa, a realizan conxuntamente don José Salgado e López e don Antonio de Leyra e Lamas, os cales tamén debían encargarse da obra do peirao. O que levan a cabo os sinalados adxudicatarios é unha estrutura que ocupaba o antigo solar do alfolí, formada por unha serie de columnas e piares de cachotería sobre os cales se asentaba un armazón de madeira que soportaba a cuberta de pontóns, ripios e tellas do país. Polo demais, estaba a distinta altura con respecto á rúa Real e Ferreiros, sendo necesario para acceder a ela sendas escaleiras.

A obra remátase en xuño do 1850 e inmediatamente procédese á división da praza en cuarteiróns para colocar nela os postos que tiñan que conter.

No 1939 a praza do Pan véñse abaixo. O arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez, no informe do 23 de febreiro do 1940, avoga pola súa total demolición por considerar que é un perigo público¹³⁹ e aconsella, tendo en conta que xa existe un proxecto de mercado na praza do Conde, se dedique a edificios particulares, ben de vivendas ou de espectáculos.

Por acordo municipal do 2 de marzo do 1940 considérase espacio edificable e vendible. O solar sae a pública puxa o 22 de xullo cun prezo de 20.000 pesetas, pero o proceso queda paralizado cando unha serie de veciños, encabezados por dona Purificación Vázquez, presentan unha instancia na que se comprometen a aportar 25.000 pesetas para que o espacio da praza sexa declarado vía pública. En acordo do 19 de febreiro do 1941, a Corporación deixa sen efecto a decisión anterior e aproba pola proposta dos veciños.

O 19 de maio do 1941 apróbase a urbanización da praza do Pan, que será realizada polo aparelador señor Guerra, cun presuposto de 5.000 pesetas.

Por acordo¹⁴⁰ do 20 de setembro do 1941, unha vez rematados os traballos de pavimentación dos que se chama travesa da praza do Pan, a Corporación decide que a partir de entón se chame praza dos Voluntarios, nome que se mantén ata a sesión do 14 de xullo do 1989.

137. AMP, C. 396, 1842.

138. AMP, C. 111, Remate da obra do Alfolí e construción da praza no seu fundo.

139. AMP, C. 505, 1º L, 1940, f. 36.

140. AMP, C. 505, 2º L, 1941, f. 4.

O aspecto actual desta praza, coa escultura en bronce dunha muller que parece moldear un pan, obedece ó escultor, nado en Sarria, José Díaz Fuentes. O citado escultor acometeu a remodelación no 1984, nun proxecto que incluía tamén intervencións na rúa da Inmaculada e a praza Real.

PASEO MARÍTIMO

Realizado no 1995, sendo alcalde don Belarmino Freire, e inaugurado un ano despois, bordeala-marxe da ría dende a ponte da Estrada Nacional ata a da Autoestrada.

PESCADERÍA, RÚA DA

Paralela á de Santiago, ten un nome que non soe faltar nas vilas medievais costeiras, poñendo de manifesto, coma non podía ser doutra maneira, a importancia da actividade á que alude. É seguro que a denominación xurdiu cedo, aínda que non a atopamos citada ata 1574¹⁴¹.

Hai que destacar que ata 1853 estivo unida coa rúa do Alcacer por un pasadizo, enriba do cal estaba a casa de don Manuel Reyes. O citado pasadizo foi adquirido pola viúva de don Manuel por 300 reais de vellón.

En sesión do 31 de marzo do 1924, a proposta do concelleiro Sr. Agras, cambiase polo nome de Xeral Primo de Rivera, por ser "*el redentor de la Nación*"¹⁴².

E por acordo do 19 de abril do 1931 rebautizase co nome de Fermín Galán:

*"El concejal Don Eulogio Gunturiz Pastor, previa benia de la Presidencia, hizo uso de la palabra para rogar a la Corporación que con el fin de conmemorar el hecho feliz de la implantación de la República se sustituyan los nombres de la calle Real de esta villa por el de calle de la Libertad, el de la plaza del Conde por el de plaza de la República y el de la calle Primo de Rivera por el de Fermín Galán y el de la del 13 de septiembre por la de 14 de Abril"*¹⁴³.

O acordo foi aceptado e non nos consta que fose revogado con posterioridade. O nome anterior estaba tan arraigado que non fixo falta.

PELAMIOS

Nome que fai referencia á actividade relacionada co curtido da pel. No 1602, cando se reparou o peirao, denomínase *pelambres* ó franco esquerdo segundo se sae da porta da Salga. O que nos pon de manifesto a antigüidade dunha actividade que no Catastro do Marqués da Ensenada consta que ocupa a máis de 26 persoas, contando os zapateiros. Por isto non nos debe estrañar que

141. Véase LÓPEZ CALVO, op. cit., nº 104, aparece citada tres veces máis, : números 55, 93 e 102.

142. AMP, C. 502, 1924, f. 14.

143. AMP, C. 503, 1931, f. 19-19v.

no plano do 1882 se lle dese este nome á rúa que hoxe se denomina de Gumersindo Placer. Na actualidade aplicase tal denominación ó grupo de vivendas situadas á dereita da Avenida do Ferrol, máis alá do colexio Couceiro Freijomil, dirección Estación.

PENEDOS, OS

Camiño entre Fontenova e a estrada a Breamo (antigo Escorial ou Escurial). Aparece documentado no plano do 1882. O nome deriva da presenza de rochas que emerxen á superficie.

PORTO, RÚA DE

Rúa que, comezando na porta do mesmo nome, bordeaba polo sur a Horta do Conde ata bifurcarse na rúa da Galera, que desemboca nas lonxas, Porto de Arriba, que conducía á Cruz de Pedra, e o camiño de Centroña. Quizais o nome derive de servir de acceso ó porto. A primeira mención atopámola no *Libro Rexistrador* coa data do 1571, co nome de Porto de Abaixo. Área de expansión da vila, Porto de Abaixo e Porto de Arriba constituíronse cedo coma dous arrabaldes.

No 1912 aprobouse¹⁴⁴ a construción do denominado camiño-estrada dende a rúa do Picho a Porto, a enlazar co camiño que conducía ó Cemiterio, obra que remata ó ano seguinte.

En sesión do 22 de outubro do 1934, a proposta do alcalde, con unanimidade de toda a Corporación, *"como prueba de perdurable gratitud a D. Filiberto Villalobos; actual ministro de Instrucción Publica, por haber concediendo a esta villa un grupo escolar gratuito, se sustituya la denominación de la calle de Porto, por la de Calle de Filiberto Villalobos, y por el S. Alcalde se participe y ruegue a dicho señor acepte el nombramiento"*¹⁴⁵. Non sabemos se don Filiberto aceptou, se foi así o nome non superou o escollo da Guerra Civil.

O 7 de maio 1938 construírase a metade do muro que encaixona a Rúa de Fene, polo que seguramente rematouse a principios da década dos corenta.

PORTO DE ARRIBA

Arrabalde e camiño que partía da interxección do camiño de Centroña con Porto de Abaixo e se xuntaba co camiño da obra Pía que ía á Cruz de Pedra.

PICHO, RÚA DO

Rúa que une a de Fontenova con Porto, descorrendo polo antigo camiño de rolda da desaparecida muralla. O nome obedece á chegada a ela dun pequeno regato coñecido coma Vertente do Escorial ou Escorial.

144. AMP, C. 501, sesión do 23 de marzo do 1912.

145. AMP, C. 404, 1934, f. 10v.

Dende principios do século XX, emprégase tamén o nome de Postigo¹⁴⁶, aínda que posiblemente moito antes, pois o nome procede dunha porta pequena aberta na muralla ó comezo da rúa, a cal constan que xa existía no 1625. No cambio de denominación de varias rúas do 14 de xullo do 1989 óptase, con acerto, pola denominación máis antiga da rúa do Picho.

RAJOY, ALAMEDA DE

Xa adiantamos como a horta do convento, tras pasar a mans privadas, é adquirida no 1864 polo concello de Pontedeume, alegando a necesidade dun espazo destinado á mercado de animais. Dita actividade se realizaba nunha feira celebrada o 18 de cada mes, polo que pasa a chamarse Campo da Feira, nome que alterna co de campo de Rajoy, pola presenza da rúa con dita denominación. No 1912 a feira, por ser máis conveniente ó interese xeral dos habitantes da comarca, trasládase ó 14 de cada mes. No 1867 redondéase o espazo coa adquisición de dúas casas, que se procede a derribar, contiguas á antiga horta. Na segunda metade do século acondiciónase a Alameda para que sirva á función que se lle destina. Isto supón a realización dunha serie de traballos de desmonte e nivelación, o arranxo da fonte e a plantación de árbores; circunstancia esta última que lle confire o carácter de Alameda, condición que xa ten no 1899, ano no que o concello paga a don Gregorio López, veciño de Cabanas, seis pesetas por cada "pino", incluído o seu traslado, destinados a soste-las árbores do Campo de Rajoy.

No 1921 invértense distintas partidas para a remodelación da Alameda e constrúese o muro de contención que limita coa estrada, obra realizada por conta do Estado gracias ás xestións do deputado Julio Wais.

Na sesión ordinaria do 16 de abril do 1952 acórdase declarar sobrance e vendible a parcela situada na Alameda de Rajoy *"con una extensión superficial de mil quinientos metros cuadrados y cuyos lineales son: al sur, una línea paralela a dicha Avenida y una distancia de la misma de unos quince metros al Este, una línea perpendicular a la Avenida de la Coruña que avanza junto a la escalinata al almacén de materiales de construcción que en dicha avenida posee la Sra. Viuda de Salgado, y al Oeste, otra línea también perpendicular a la Avenida de la Coruña que arranca de la escalinata que también sirve de acceso a la Alameda y que está contigua al edificio de la Escuela Hogar de San José de la Grande Obra de Átocha. Que dicho terreno sea en su día enajenado para edificios, con arreglo a las normas de edificación"*¹⁴⁷.

E en sesión extraordinaria do 29 de outubro do 1952 cédese para o Fogar do Fronte de Xuventudes unha extensión de trescentos quince metros cadrados da Alameda.

RAJOY, AVENIDA DE

Emprégase tamén os apelativos de rúa e paseo.

146. Nos planos do 1869 e 1882 aparece o nome Picho, sen embargo en actas do 1913 e nos planos do 1935 e 1970 utilízase a denominación de Postigo.

147. AMP, C. 505, 1952.

Xa estudiamos o proceso de apertura ata o momento no que foi bautizada, feito que se produce na sesión do 28 de setembro do 1867 nos seguintes termos:

*"Propuso tambien el Sr. Procurador Síndico que, habiendo de darse nombre a la mencionada calle, nada mas natural y justo se recordase el del ilustre arzobispo hijo de Puente deume, á quien este pueblo y aun Galicia era deudor de inmensos beneficios. Y el Ayuntamiento deseoso de tributar una prueba aunque pequeña de respeto á la memoria de tan digno como memorable prelado, acordó dar á dicha calle el título de Calle de Rajoy y que se coloque el rótulo correspondiente en la esquina de la casa que va a construir el Sr. Gunturiz"*¹⁴⁸.

Tamén vimos o primeiro proxecto de aliñación que se leva a cabo e a unión coa rúa Corredoira das Virtudes mediante unha escaleira, e mencionamos coma se vendera o terreo sobran-te entre as dúas rúas. Debemos facer referencia agora á intervención do 1889. Entre as rúas que á altura do sinalado ano a Corporación reconece que necesitan ser pavimentadas, está a rúa de Rajoy. A intervención ven propiciada coma unha prolongación dos traballos de nivelación que se realiza-ran na Alameda, así coma pola desaparición da capela de don Manuel Azpilicueta, o cal a doara ó novo cemiterio, realizado o ano anterior. Facíase pois necesario un ensanche da rúa e fixar defini-tivamente o trazado das vías que a cruzaban. A comisión encargada propón entón á Corporación, e esta aproba, *"que todo el centro del pavimento de la referida calle de Rajoy se afirme con capas de piedra y cuarzo respectivamente cual se ejecuta en las carreteras generales por ser lo más apro-pósito para el tránsito de carros y caballerizas; se abra y construya a sus costados los consi-guientes canales de desagüe y paseos y se nivele la única acera de piedra de sillería existente al lado Norte y termine a la entrada del campo de la Feria"*¹⁴⁹.

No 1912 apróbase que sexan substituídos por alicerces a fila de plátanos da marxe dereita da rúa.

REAL, RÚA

Rúa que unía a porta da Ponte coa porta de S. Roque ou da Vila. Cítase xa no 1284 coma rúa que ven de Andrade. A mediados do século XVIII atopámola nomeada coma rúa Maior ou Real, nome, este último, seguramente posterior ó primeiro, que se vai impoñer e que hai que supoñer deriva do feito de coincidi-la rúa co camiño Real ata a construción da nova estrada de Betanzos a Xubia.

De rúa Real pasa a chamarse da Liberdade. Aparece así citada na acta municipal do 2 de setembro do 1896, engadindo a colíña de *"antes Real"*, polo que debeu cambiarse no 1868 co comezo do Sexenio Revolucionario. Avala esta hipótese o feito de que no 1843, cando se cambia o seu cano mestre, recibe o nome de Real. No plano do 1869 aparece sen nome e no 1882 coma rúa Real, nome que posiblemente retorna no 1874.

148. AMP, C. 7, 1867, f 53v.

149. AMP, C. 400, 1889, f. 34v.

En sesión do 19 de abril do 1931 vólvese denominar rúa da Liberdade, *"con el fin de conmemorar el hecho feliz de la implantación d el República"*¹⁵⁰.

O 21 de setembro do 1941 acórdase chamala rúa do Xeneral Franco. Por último, polo acordo municipal do 14 de xullo do 1989, vólvese denominar Real.

REAL, PRAZA

Non hai dúbida de que o primitivo pobo contaba xa con esta praza, que no 1617, chamada Principal ou Maior, o concello ensancha, mercando unhas casas que estaban na parte de abaixo. A medida é xustificada polo feito de que era pequena e nela celebrábanse doce mercados e doce feiras e, ademais, feira franca tódolos meses de decembro. A mediados do século XVIII, denomínase praza do *Rollo* ou do Consistorio¹⁵¹. A primeira denominación, que alude á presenza nela dunha columna que era insignia de xurisdicción e que podía servir de picota, é anterior á segunda, que deriva de estar nela a casa consistorial ou casas do concello. Na segunda metade do século XVIII, por contaxio coa rúa Real, pasa a chamarse praza Real. No plano do 1869 aparece coma praza do Consistorio, no de 1872 coma praza da Constitución, e no de 1882 coma rúa Real. Atopámonos pois cun proceso parecido ó que sucedeu coa rúa Real, é dicir, cambia de nome co Sexenio Revolucionario e retorna á situación anterior ó rematar dita etapa. Nembargantes, constatamos que se segue empregando tamén o nome de Constitución.

No 1937 pasa a denominarse praza de Calvo Sotelo da seguinte forma:

"Acuerdo para conmemorar el 1º aniversario del vil asesinato del Excmo. S. D. José Calvo Sotelo.

*Que la plaza existente a la entrada de la villa, por la calle Real, lleve el nombre del nunca bien llorado estadista Sr. Calvo Sotelo, y que la lápida así la denomine, se solemnice descubierta el mencionado día trece, después de terminar el acto religioso de que se deja toda meción"*¹⁵².

Na sesión do 11 de agosto do 1937 acórdase *"satisfacer a D. Juan Ruiz de Luna, de Talavera de la Reina, la cantidad de veintinueve pesetas, importe a que asciende su factura del día 6 del corriente, por una lápida o placa rotulada con la denominación de Plaza de Calvo Sotelo"*¹⁵³.

En sesión celebrada o 14 de xullo do 1989 apróbase que volva a denominarse Praza Real.

150. AMP, C. 503, 1931, 19-19v.

151. AMP, C. 4, 1769. Como praza do Consistorio aparece tamén na Descripción de la Villa de Puente de Heume, año de 1789, p. 19.

152. AMP, C. 504, 1º L., 1937.

153. AMP, C. 504, 2º L., 1937, f. 8v.

RÍA DE ARES, RÚA

Travesa que xunta a avenida Dr. Villanueva coa Avenida de Ferrol. Bautizada no 1994.

RICARDO SÁNCHEZ, AVENIDA

Hoxe é a rúa principal do que foi a zona do Aguabar. Construída entre 1947 e 1951, descorre por terreos gañados ó mar e pola que se denominou nun principio a estrada de Esteiro.

En sesión da Corporación Municipal do 6 de febreiro do 1957, acórdase da-lo nome de Ricardo Sánchez á estrada de Esteiro, dende Atocha á finca de don Antonio Tenreiro, colocándose a placa o 18 de xullo do 1957.

RÍO EUME, RÚA

Rúa situada na zona do Aguabar. Vai dende a praza de Álvaro Vázquez, por detrás do colexio Luis Vives, ata a altura do hoxe Centro de Saúde. Foi bautizada polo acordo municipal do 28 de outubro do 1993.

RODA, RÚA DA

Así se denomina no plano do 1936 a unha das dúas rúas, a situada máis ó este, que comunica a praciña do Alcacer coa rúa de S. Miguel. Non aparece nin no plano do 1869 nin no do 1882, polo que, seguramente, ata comezos do século XX atopámonos cun deses nomes non oficiais ou sobrenomes. A única mención que aportan as actas municipais, e que nos confirma a hipótese antes aludida, é do 1937: en sesión do 11 de xaneiro acórdase *"trasladar para la calle o plaza del Alcacer o la Roda el mercado de cerdos"*, que se celebraba na praza do Conde, na cal estíbbase levando a cabo o proxecto de urbanización.

ROSALIA DE CASTRO, PRAZA

Praza situada no terreo gañado ó mar, delimitada pola Estrada Nacional, Paseo Marítimo e o hotel Eumesa. No seu centro colocouse a fonte, imitación da de Monfero, que foi realizada para substituí-la do Pilón. En 1985 a vila rende homenaxe a Rosalía e a final da década dáse o nome a praza.

SAAVEDRA MENESES, AVENIDA

Recibe este nome a primitiva rúa do peirao, que no 1904 pasa a chamarse da Ribera. Esta última denominación apenas se chegará a aplicar porque en sesión extraordinaria do 21 de xuño do 1911, ó mesmo tempo que se lle dá o nome de Lombardeo á avenida da Estación, a Corporación decide *"que á la calle del muelle se le da el nombre de Saavedra Meneses para perpetuar la memoria del Diputado á Cortes que fue por este distrito D. Frutos Saavedra Meneses, á quien debe la"*

construcción de dicho muelle; y que los gastos que se ocasionen con los festejos u adquisición de retratos y rótulos se satisfagan por cuenta del capítulo de imprevistos"¹⁵⁴.

SALGADO TORRES

Urbanización situada ó sur da rúa de Picho, coa que ten comunicación directa.

A denominación é do 1969. En sesión do 10 de decembro dese ano, aceptando unha proposta do Alcalde acórdase *"solicitar del delegado Provincial de Sindicatos, que gestione de quien corresponda se de nombre de Enrique Salgado Torres al grupo de 48 viviendas que la obra sindical del Hogar construye en esta Villa de Puente deume, todo ello en reconocimiento y gratitud a la ayuda que ha venido prestando a cuantos problemas se le han planteado por este municipio"*¹⁵⁵.

S. AGUSTÍN, RÚA DE

O nome da rúa, que une a Estrada Nacional coa praciña da Angustia, perpendicular á avenida de Rajoy, deriva da presenza nela do convento de S. Agostiño, de aí que tamén, aínda que menos frecuentemente, se a denomine na documentación rúa do Convento. O mencionado convento foi fundado no 1538 fóra do recinto amurallado, polo que ata entón a rúa recibiu o nome de rúa da Carnicería ou da Cortaduría, coma indistintamente se a denomina no Catastro do Marqués da Ensenada ou no Libro Rexistrador de Propiedades do Concello; e rúa do Azogue, nomes que se manteñen ata a segunda metade do século XVIII. A primeira denominación débese ó feito, coma xa explicamos, da presenza ó final da rúa da Carnicería, cunha porta no extremo da mesma, nun principio chamada da Trabanca e logo da Carnicería; a segunda, á presenza do azogue, espacio onde se realizaba o comercio público. En efecto, a vila posuía en propiedade, por doazón que lle fixera don Fernando de Andrade, o mesón, o cal estaba situado en fronte do convento de S. Agostiño e no que tiña o dereito de azogue¹⁵⁶. A denominación de rúa do Azogue debeu prevalecer sobre a de rúa da Carnicería. E aínda en documentos de mediados do século XVIII a rúa se intitulaba do Azogue e de S. Agustín.

No 1847, é dicir antes da construción da nova Estrada Nacional, convertérase nun camiño alternativo ó camiño Real ou rúa do mesmo nome, o que determinou que se acometera, a petición do inspector de camiños do distrito, o afianzamento do seu firme con pedra e se realizase o seu cano mestre. Coa construción da estrada, máis elevada que a rúa, se interrompe o tránsito dunha a outra. O problema non se expón ata 1862. Na sesión extraordinaria da Corporación Municipal do 20 de marzo dese ano, plantéxase a *"necesidad de componer la parte baja de la calle de S. Agustín, especialmente conocida como ya es la altura del malecón de la carretera real que pasa por el extremo de dicha calle y la rampa que de este a aquella viene a esta que se va a construir por el Estado y que debieran hacerse desaparecer los soportales que hay a la entrada de la calle, ... previa indemnización, que es lo que parece más natural para la hermosura y comodidad*

154. AMP, C. 501, 1911, f. 11v.

155. AMP, C. 507, 5ºL, 1969.

156. Véxase, LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 80.

de aquellos"¹⁵⁷. Obtida a información do arquitecto da provincia, o 15 de setembro informa que, segundo o seu parecer, *"deben de desaparecer por completo los soportales que allí existen, fijando una línea desde el ángulo de la plazuela del convento hasta la carretera, cortando un metro y cuarenta centímetros aproximadamente la casa que en dicha acera está próxima a la carretera, visto que para poner dicha calle en fácil comunicación con la citada carretera, opina dicho facultativo no debe de ser una sola la rasante desde aquella hasta el empedrado últimamente construido delante del convento y si tres, uno desde el nivel de la carretera hasta un punto situado a cuarenta centímetros de ella..., y otros dos iguales entre si en longitud dividiendo por la mitad la distancia comprendida entre el extremo de la primera al nuevo empedrado frente al convento"*¹⁵⁸.

O concello móstrase conforme co dictame do arquitecto provincial e acorda proceder segundo el mesmo. Nembargantes, ata o ano seguinte non hai un presuposto e puxa para acometer a obra que supuña a construción e rectificación do fronte de sete casas e a indemnización doutras dúas, ascendendo todo isto a 16.871 reais.

SARMIENTO, PARQUE ALCALDE

Situado no ángulo que forma a estrada de A Coruña coa avenida Ricardo Sánchez, coñecido polo nome das Gabarras, serviu de escollera ata que, sendo alcalde don Juan Sarmiento Patiño construíuse o denominado Parque Municipal da vila. As súas obras, coma vimos, remataron no 1959. Cando aínda non remataran, plantéxase qué nome se lle vai dar. Barállanse entón dúas propostas: chamarlle Fernando de Andrade ou Juan Sarmiento, proposta á que se opón don Juan, deixando a cuestión sen resolver.

Sendo alcalde don Celestino Sardiña, en sesión extraordinaria celebrada o 30 de setembro do 1971, noméase a don Juan Sarmiento Patiño fillo adoptivo e acórdase denominalo Parque Alcalde Sarmiento.

S. ROQUE, PRAZA DE

A denominación provén dunha ermida fundada no século XVI e desaparecida no 1840, que ademais deu nome a unha porta: a porta de S. Roque, tamén chamada da Vila ou de Betanzos. No catastro do Marques da Ensenada e no *Libro Rexistrador de Propiedades*, é dicir, antes da desaparición da capela, xa se fala do barrio de S. Roque, circunstancia que queda moi clara no último libro citado: a confraría de S. Roque fixo unha capela; *"que por ser tan antigua no tiene su situación, barrio y casas de su cercanías otro nombre, sino el de san Roque"*¹⁵⁹.

No 1910 o crego de Pontedeume cede 50 lousas de granito e un número menor de lousas que, pertencentes á igrexa, estaban no adro, para que se destinen a ben público. O concello decide dedicalas á reparación da praza de S. Roque, a cal estaba moi deteriorada. É seguramente do aspecto da praza, con semellante pavimento, de onde procede o sobrenome da praza da Calzada.

157. AMP, C. 7, 1862.

158. Ídem.

159. LÓPEZ CALVO, *op. cit.*, p. 59.

Nembargantes, cabe a posibilidade de que o sobrenome sexa anterior: nun foro dun anaco de terreo, con data do 1679, dise que delimita pola parte de abaixo co camiño que baixa á porta e Calzada de dita vila; a denominación procedería pois de pasar por alí o camiño Real. As obras, que incluíron o peche da escaleira que baixaban á corredeira das Virtudes, estaban rematadas en xullo do 1910.

S. MIGUEL, RÚA DE

Une a rúa Pescadería coa de Porto. De feito, a denominación máis antiga é da rúa Travesa de S. Miguel¹⁶⁰. O nome deriva dunha capela unida ó palacio, da fundación da cal pouco sabemos.

No 1904, posto en marcha o proceso de expropiación da Casa-Pazo, entre os plans de urbanización, contéplase a necesidade de facer desaparece-lo forno, estabulo ou adegá da rúa de S. Miguel, e a casa número 8 da mesma que a obstrúen. Nembargantes, os plans non se van quedar aí, senón que a Corporación rematará aprobando a súa total demolición, ou que se consuma no 1911, como xa adiantamos.

SANTIAGO, RÚA DE

Non podía faltar en Pontedeume unha rúa co nome do Santo titular da igrexa parroquial; rúa lonxitudinal do casco antigo que, paralela á Real e Pescadería, desemboca, a metade de camiño, na praza Real. No seu extremo sur, nunha ruela logo desaparecida, situouse a fonte do mesmo nome. Difícil resultaba que ninguén disputase ó Santo a titularidade da rúa, por iso, a diferenza das outras rúas lonxitudinais, o nome mantívose sen ningunha mudanza.

Consta nas actas do consello que no 1843 fíxose o cano mestre e que foi pavimentado na década dos sesenta do século XX.

SOUTO DA VILA

Arrabalde situado ó sur da rúa do Empedrado. O topónimo soto aplicouse tamén á igrexa das Virtudes, chamada tamén do Soto, termo que alude a un terreo poboado de castiñeiros e que procede do latín, saltu, terreo de paso.

Por acordo do 14 de xullo do 1989 foi galeguizado, pasando a denominarse Souto da Vila.

TORREÓN, RÚA DO

Hoxe é a rúa situada entre a de Saavedra Meneses e a avenida de Lombardero. Nun principio se denominaba tamén do *Muelle*¹⁶¹, agora ben, é posible que dito nome se aplicase á rúa que comunicaba o peirao coa praza do Conde a través da porta da Salga.

160. Ídem, documento 54.

161. Así, na sesión do 24 de decembro do 1916 dise "*teniendo conocimiento los S. Concejales del incendio ocurrido en la mañana del día de ayer en la casa-horno de la calle del Torreon o Muelle de esta villa, propiedad del Municipio y de su inmediata extinción debido á la concurrencia y buena voluntad de los vecinos de la localidad, que han puesto de su parte todo su esfuerzo posible, el Ayuntamiento por unanimidad acuerda conceder un voto de gracias*" (AMP, C. 502).

Nos libros de actas do concello rexístrase nela dúas intervencións importantes. A primeira é de abril do 1853¹⁶², ano no que Barro e Ruiz se encargan do recheo nesta rúa, sacando materiais da rúa travesa que da praza da Angustia vai á igrexa parroquial. A segunda intervención se realiza no 1911¹⁶³, a raíz da denominada construción da estrada da estación, ano no que o contratista de dita estrada, don Manuel López, realiza o sumidoiro da rúa do Torreón.

TORRENTE BALLESTER, RÚA

Nome posto en 1983 á rúa que procedente da urbanización Villanueva desemboca en a avenida Doutor Villanueva.

TRAVESA DOS FERREIROS, RÚA

Rúa que comunica a de S. Agustín coa dos Ferreiros. No Catastro do Marqués da Ensenada dise travesa dende a Carnicería a Herreros.

TRAVESA REAL

No Catastro do Marqués da Ensenada cítase coma rúa Travesa. Aparece tamén coma rúa Travesa Real para a de S. Agustín, Travesa de S. Agustín, do Convento ou Travesa que dende a dos Herreros pasa á Real; en este caso só se fai referencia a un dos tramos.

Ó denominarse a rúa Real Xeneral Franco, pasa a chamarse Travesa Xeneral Franco, volviendo a súa denominación anterior polo acordo do 14 de xullo do 1989.

No 1849 *amorrillase* a rúa travesa do Convento e se realiza o cano mestre, e no 1851 *amorrillase* o tramo que vai da rúa dos Herreros á Real. No 1853 mídese o cano maestro e se empedra a Travesa de S. Agustín. No 1915 por atoparse en mal estado as rúas travesas de S. Agustín, Ferreiros e Real o concello acorda procede-lo seu arranxo, para o cal debían ser adquiridas catro ou máis lanchas de pedra de granito. No 1933 realízase un proxecto de rasantes das rúas travesas de S. Agustín e Herreros.

VALERIANO VILLANUEVA, RÚA DE

A proposta do BNG, na sesión da Corporación do 27 de xullo do 2000, se aproba que o Concello de Pontedeume *"honrará as figuras dos eumeses Constatino Horta e Valeriano Villanueva, recoñecendo a súa valía e transcendencia, por medio da nominación dunha rúa, praza, paseo, etc. e a colocación dunha placa na casa natal (de coñecerse e contar con autorización), etc."*

A rúa elixida é a perpendicular á de Eduardo Pondal, preto o cemiterio.

162. AMP, C.397, sesión extraordinaria do 8 de abril do 1853.

163. AMP, C.501, sesión do 30 de decembro do 1911.

VILARMAIOR, RÚA DE

Rúa da zona do Aguabar que desemboca na parte baixa de Atocha. Bautizada polo acordo do 28 de outubro do 1993.

VIRTUDES, RÚA DAS

Rúa que une o adro da igrexa das Virtudes coa praza de S. Roque. Aínda que debeu ser o acceso natural para ir ó santuario dende os primeiros momentos da súa edificación, dito camiño non aparece mencionado nin no *Libro Rexistrador* nin no Catastro do Marqués da Ensenada. Atopámola mencionada por primeira vez no censo do 1812. Coma a maioría das rúas, foi remodelada na segunda metade do século XIX.

VIRTUDES, CORREDOIRA DAS

Rúa que une a da Atahona coa avenida de Rajoy. Ata 1859, facendo bo o seu apelativo, debía ser un camiño estreito e en malas condicións, que na segunda metade do século XIX convértese nunha auténtica rúa. Ese ano a Corporación Municipal plantéxase a *"necesidad de hacer la Corredera de la Virtudes, encauzando las aguas de inmundicias y enlazando el caño maestro con el que ya está empezado en dicha calle o Corredera"*¹⁶⁴. No 1867, a proposta do Sr. Pardo, a Corporación *"acordó que la calle de Rajoy y Corredera de la Virtudes se unieran por medio de una escalinata corrida en toda su extensión, ya que en otro caso debería construirse muro de sostenimiento y otra escalera arrimada al salido de la casa de los herederos de don Pedro López, frente a la fuente de la Virtudes que baje asimismo a la nueva calle"*¹⁶⁵. A proposta sae adiante por acordo do 28 de novembro do 1868, sendo aprobado o remate pola Deputación en setembro do 1869. Pero o que realmente se fai é unha única escaleira, posto que no 1893 lévase a cabo o proxecto de construción do muro *"por la parte que enfrente con el campo de Rajoy"*¹⁶⁶.

A pesar de todo, o problema de conexión entre as dúas rúas e o da unión da Corredoira coa estrada de Betanzos a Xubia, non quedaron totalmente resoltos. No 1889, cando se está ampliando a rúa de Rajoy e mellorando a súa pavimentación, a Corporación plantéxase estas cuestións. Establécese entón que a Corredoira ten que conectar directamente coa estrada e que *"la escalera de piedra que por el lado sur de la calle de Rajoy da subida a la denominada Corredera de la Virtudes, debe de trasladarse hasta quedar adherida al costado de esta calle y nivelado con la misma el primer escalón de bajada y todos los escalones de que se componen quedarán centrados a la extremidad de la nueva calle de Saavedra Meneses, para lo que la Comisión ya determinó hacer extensivo el desmonte y nivelación"*¹⁶⁷.

164. AMP, C. 396, sesión do 31 de outubro.

165. AMP, C. C. 7, sesión do 28 de decembro.

166. AMP, C.111.

167. AMP, C. 400, 1889, f. 35.

A nova rúa, á que se lle deu conveniente apertura á Estrada Nacional, bautizarase, en efecto, co nome de Saavedra Meneses: *"Siendo necesario la apertura de esta nueva calle, la Comisión propone al Ayuntamiento se le de el nombre de Saavedra Meneses para perpetuar la memoria del finado D. Frutos Saavedra Meneses, que en repetidas legislaturas representó a este distrito y por los inolvidables servicios que dispensó al mismo su retrato ya está en la de sesiones de esta Casa Consistorial"*¹⁶⁸.

Por acordo do 14 de decembro do 1895, con absoluto esquecemento do acordo anterior, determinábase que pase a chamarse Pita da Veiga, acordo que non materializa. E por acordo de 15 de marzo de 1974 a Corporación decide:

"PRIMERO : Rehabilitar el acuerdo de este Ilustrísimo Ayuntamiento por el que se denomina "ALONSO PITA DA VEIGA a la calle conocida por "Corredera de las Virtudes"

*SEGUNDO : Facultar a la Presidencia para la ejecución de este acuerdo en forma que proceda, de acuerdo con lo dispuesto en el Reglamento de Honores y Distinciones del Ayuntamiento".*¹⁶⁹

O nome se mantén ata a sesión celebrada o 14 de xullo do 1989, na que se decide que se volva chamar Corredoira das Virtudes.

No 1949 o concelleiro señor Ameneiro roga á Presidencia que se constrúan novamente as escaleiras que antigamente poñían en contacto a rúa das Virtudes coa Corredoira.

FUENTES

Impresas

COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Pontedeume*, p. 276 y 395, edición de 1981.

DAVIÑA SÁIZ, S., *Pontedeume a través del Catastro del Marqués de la Ensenada*, Cátedra nº 8, p. 154.

DAVIÑA SÁIZ, S., *Una descripción anónima de Pontedeume hecha en el siglo XIX*, Cátedra nº 5, 1998.

DEL HOYOS, J., *Memoria del Arzobispado de Santiago*, Santiago, p. 307.

ECOS DEL EUME, nº 4, 1910.

ECOS DEL EUME, nº 73, 1911.

FERNÁNDEZ DE VIANA, Y GONZÁLEZ BALASCH, *Pergaminos soltos do Mosteiro de Caaveiro*, Cátedra nº 9 y nº 52, 2002.

LÓPEZ CALVO, J.A., *O libro registrador de propiedades do Concello no fondo de patrimonio do Arquivo municipal*, Cátedra, nº 4 1987.

LÓPEZ SANGIL, J. L., *Relación de la documentación del monasterio de Sta. María de Monfero*, "Estudios Mindonienses", n.ºs. 18, 500 y 635.

168. Ídem.

169. AMP, C. 508, 1971-1981.

MARTÍNEZ SALAZAR, A., Documentos Gallegos de los siglos XIII al XVI, La Coruña, 1911, nº V, XXXI, XLVII, LVIII, LXVI.

SORALUCE BLOND, R., Descripción de la villa de Puente de Heume, Pontedeume, 1984.

VAAMONDE LORES, F., El cementerio de nuestra señora de Gracia, Ecos del Eume, nº 291, 191.

Manuscritas

Arquivo Municipal de Pontedeume

-Libros de actas capitulares ou do Pleno:

C. 2, 1637-1680
 C. 3, 1700-1745
 C. 4, 1746-1770
 C. 6, 1800-1828
 C. 7, 1832-1867
 C. 396, 1853-1852
 C. 397, 1853-1859
 C. 8, 1868-1887
 C. 400, 1889-1904
 C. 401, 1905-1908
 C. 501, 1908-1911
 C. 502, 1917-1926
 C. 503, 1926-1933
 C. 504, 1933-1937
 C. 505, 1938-1942
 C. 506, 1943, 1954
 C. 507, 1954-1971
 C.508, 1971-1981

-Padróns, censos e estadísticas de poboación

C. 83, 1712-1844

-Obras públicas: expediente de rúas, prazas e defensas

C. 111, 1617-1939

ABREVIATURAS

ARG= Arquivo Reino de Galicia

AMP= Arquivo Municipal de Pontedeume

C= Caja

L= Libro

l= página

BIBLIOGRAFÍA

- ALLEGUE, F., *Club Birrete-Autopistas del Atlántico*, Alfoz, nº 21, 1992.
- ANÓNIMO, *Remodelación y restauración de la Alameda de Raxoi-Horta de San Agustín*, Alfoz, nº 6.
- ANÓNIMO, *Los parques infantiles de Pontedeume*, Alfoz nº 4, 1990.
- BARRAL RIVADULLA, *La Coruña en los siglos XIII al XIV*, A Coruña, 1998.
- BURGO FERNÁNDEZ, J. J., *Cruceiros e cruces de Pontedeume. Apuntamientos históricos, artísticos e etnográficos*, Cátedra nº 5, 1998.
- CAÍNZOS CORBEIRA, A., *A creación dos cementerios de Pontedeume, catro exemplos de arquitectura funeraria*, Cátedra nº 1.
- CAÍNZOS CORBEIRA, A., *O Cárcere do Partido Judicial de Pontedeume (1853-1856): Obra do arquitecto provincial Faustino Domínguez*, Cátedra nº 2, 1995.
- CÍRCULO FILATELICO "EUME", *Guía turística de la Comarca Eumesa*, Pontedeume, 1981.
- COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Pontedeume*, edición de 1981.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores*, Vol. II, Santiago, 1952.
- CORREA ARIAS, F. J., *Torre e Arco de Maldonado*, Festas As Peras, 1995.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *A Póboa de Pontedeume a través dos privilegios reais e da documentación monástica*, Cátedra, nº 4, 1997.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia*, Cátedra nº 8, 2001.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *Los almacenes de la Ilustración*, O Comarcal, nº 35, 2001.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *Sobre el nombre de las calles*, O Comarcal, febrero del 2003.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *El olvido de un nombre: parque del Marqués de Figueroa*, abril del 2003.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *La muralla de Pontedeume*, O Comarcal, marzo del 2003.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *Plazas con historia: la plaza del Pan de Pontedeume*, O Comarcal, 15 de junio del 2003.
- DE CASTRO ÁLVAREZ y VÁZQUEZ ARIAS, *La iglesia de Santiago de Pontedeume*, A Coruña, 2003.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, *Nombres propios en las calles, plazas y jardines de Pontedeume*, Cátedra, nº 11, 2004.
- CARDESÍN, J. M^a., *Historia urbana de la villa de Pontedeume (1840-1998): presentación de un proyecto de investigación*, Cátedra nº 6, 1999.
- ERIAS MARTÍNEZ, A., *As rúas de Betanzos: introducción ó seu coñecemento*, Anuario Brigantino, 1985.
- ERIAS MARTÍNEZ, A., *Evolución das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos*, Anuario Brigantino nº 18, 1995.
- FERNÁNDEZ BURGOA, J. J., *Cruceiros e cruces de Pontedeume, apuntamentos históricos, artísticos e etnográficos*, Cátedra nº 5, 1998.
- FILGUEIRAS, J., *Reverendo don Ricardo Sánchez*, O Comarcal, nº 57.
- FRAY DIEGO, *Recordando al padre Placer*, Alfoz nº 25, 1993.

- GARCÍA, P. y BAQUERO MÉNDEZ, *Villanueva de Castro, Ulpiano*, GEG, T. 30.
- GÓMEZ BLANCO, OCAMPO VIGO y PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, *Ilustres nas rúas de Ferrol*, 1995.
- MACEDO, C. y MOARES, G., *Cronología dunha desaparición: o Pazo dos condes de Andrade*, Cátedra nº 4, 1997.
- MILLAN GONZÁLEZ-PARDO, I., *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfóz*, La Coruña, 1987.
- PÉREZ COSTANTI, *Notas viejas galicianas*, Tomo III, Vigo 1927.
- PLACER GUMERSINDO, *Las fuentes de Pontedeume*, Fiestas 1972.
- VEIGA FERREIRA, X Mª, *Aspectos da defensa de Pontedeume na primeira Guerra Carlista*, Anuario Brigantino, nº 12, 1980.
- URGORRI CASADO, F., *Notas históricas de una visita a Pontedeume*, Fiestas de 1985.
- URGORRI CASADO, F., *La fundación de la villa y su jurisdicción*, Fiestas de 1986.
- VILARIÑO, S., *Villanueva Rodríguez, Valeriano*, GEG, nº 30.
- VILARIÑO, S., *Cambios en el callejero local*, Alfóz, nº 3, 1990.
- VILARIÑO, S., *Nova denominación de rúas eumesas*, Alfóz, nº 27, 1993.
- VILARIÑO, S., *En el centenario de la fundación del hospital-asilo Agustín Tenreiro*, Festas as Peras, 2002.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

1.EXPANSIÓN URBANA E PROCESO DE DENOMINACIÓN

- 1.1 OS PRIMEIROS NOMES DOCUMENTADOS
- 1.2 AS RÚAS E PRAZAS DO CASCO ANTIGO
- 1.3 OS NOMES DO PRIMEIRO DESENVOLVEMENTO MORFOLÓXICO
- 1.4 AS RÚAS DO PROCESO DE EXPANSIÓN
 - 1.4.1 A EXPANSIÓN ANTERIOR Á DESAMORTIZACIÓN
 - 1.4.2 A EXPANSIÓN CARA O LESTE
 - 1.4.2.1 ESTRADA DE XUBIA A BETANZOS
 - 1.4.2.2 RÚA E ALAMEDA DE RAXOY
 - 1.4.3 A EXPANSIÓN CARA Á RÍA
 - 1.4.3.1 O PEIRAO
 - 1.4.3.2 O AGUABAR
 - 1.4.4 A EXPANSIÓN CARA Ó OESTE
 - 1.4.4.1 A URBANIZACIÓN DA HORTA DO CONDE E A APERTURA DA AVENIDA DE LOMBARDEIRO
 - 1.4.4.2 A DESAPARIÓN DO PAZO

2.INVENTARIO DE RÚAS PRAZAS E XARDÍNS

A CORUÑA, AVENIDA DE

AGUABAR
ALCACER, RÚA OU PRACIÑA
ANGUSTIAS, PRAZA OU PRACIÑA ATAHONA OU TAHONA, RÚA DE
CABANAS, RÚA DE
BETANZOS, RÚA DE
BOA VISTA, URBANIZACIÓN
CAMIÑO ESTREITO, RÚA ESTREITA OU ESTRADA ESTREITA
CANTÓN, RÚA DO
CARREIROS DE ISIDRO
CASTELAO, AVENIDA OU PASEO
CLUB FIRRETE, RÚA
CONDE, PRAZA DO
CONSTANTINO HORTA, RÚA DE
CONVENTO, PRAZA DO
COUCEIRO FREIJOMIL, RÚA
CHAFARÍS, RÚA DE
CHAPIZO, RÚA DO
DOCTOR VILLANUEVA, AVENIDA
EMPEDRADO, RÚA DO
ESPAÑA, PRAZA DE
EDUARDO PONDAL, RÚA
FENE, RÚA DE
FERREIROS, RÚA DOS
FERROL, RÚA DE
FONTENOVA, RÚA
GALERA, RÚA DA
GUMERSINDO PLACER, RÚA DE FRAY
IGREXA, RÚA DA
IRMANDIÑOS, RÚA
INMACULADA CONCEPCIÓN, RÚA
JUDEA, RÚA DA
LOMBARDERO, AVENIDA DE
LOMBARDERO, XARDÍNS DE
MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ, PRAZA
MANCEBO, RÚA DO
MARINA, AVENIDA DA
MONFERO, RÚA DE
MUELLE, RÚA DO
PAN, PRAZA DO
PASEO MARÍTIMO
PESCADERÍA, RÚA DA
PELAMIOS
PENEDOS, OS

PORTO, RÚA DE
PORTO DE ARRIBA
PICHO, RÚA DO
RAJOY, ALAMEDA DE
RAJOY, AVENIDA DE
REAL, PRAZA
RÍA DE ARES, RÚA
RICARDO SÁNCHEZ, AVENIDA
RÍO EUME, RÚA
RODA, RÚA DA
ROSALIA DE CASTRO, PRAZA
SAAVEDRA MENESES, AVENIDA
SALGADO TORRES, URBANIZACIÓN
S. AGUSTÍN, RÚA DE
SARMIENTO, PARQUE ALCALDE
S. ROQUE, PRAZA DE
S. MIGUEL, RÚA DE
SANTIAGO, RÚA DE
SOUTO DA VILA
TORREÓN, RÚA DO
TORRENTE BALLESTER, RÚA
TRAVESA DOS FERREIROS, RÚA
TRAVESA REAL
VALERIANO VILLANUEVA, RÚA DE
VILARMAIOR, RÚA DE
VIRTUDES, RÚA DAS
VIRTUDES, CORREDOIRA DAS

NOVOS DATOS SOBRE CAAVEIRO: UN LEVANTAMENTO DO ENXEÑEIRO DEZAOITESCO FRANCISCO SOLINIS E UNHA DESCRICIÓN DA COLEXIATA

Alberto Fernández González

"...la obra natural y la obra artística, al operar en mutua colaboración, están unidas por ambos lados y se enlazan entre sí en mutua contemplación..."

R. de San Víctor, *Beniamin Maior*, século XII

As escavacións arqueolóxicas levadas ao cabo na real colexiata de San Xoán de Caaveiro durante os meses de xuño e xullo de 1989 sacaron á luz importantes achados¹. Anque se descubriron unha serie de enterramentos e parte dos primitivos muros e se trazou a planta xeral do mosteiro medieval (Fig. 1), a situación e configuración dalgúns edificios, entre eles a igrexa colexial, non puido ser determinada con precisión. Con posterioridade, a partir dos datos obtidos na campaña de escavación e análise detallada dalgúns documentos significativos, como dous debuxos do pintor Xenaro Pérez Villaamil e catro fotografías anteriores ao ano 1896, púidose efectuar unha reconstrución hipotética do antigo mosteiro de cóengos regulares de santo Agostiño² (Figs. 2 e 3). Con todo, e malia as importantes achegas destes últimos anos³, o estudo histórico-artístico de Caaveiro seguía presentando o obstáculo insalvável da restauración patrocinada por Pío García Espinosa a finais do século XIX, unha remodelación que, como é coñecido, contou co asesoramento de Antonio López Ferreiro e deu lugar á alteración definitiva da configuración orixinal do complexo monástico, pois foron demolidas as casas canonicais, a peza destinada ás reunións do cabido, o arquivo e o templo principal, e ademais, aplicando o criterio historicista propio da época, reedificouse a igrexa de santa Isabel, a única que se conserva na actualidade⁴. Como ata a data non se coñecía ningunha planimetría antiga do mosteiro⁵, calquera intento reconstructivo entraba no terreo

1. Sobre estas escavacións patrocinadas pola Deputación Provincial de A Coruña e os seus resultados, véxase R. VALDÉS BLANCO-RAXOY, "1ª campaña de excavación arqueolóxica en san Juan de Caaveiro", *Cátedra*, nº 3, 1996, 213-242.

2. C. de CASTRO ÁLVAREZ, "El monasterio de Caaveiro: dependencias y aspectos artísticos", *Cátedra*, nº 3, 1996, 243-266.

3. Debe ser destacado, en xustiza, o espléndido monográfico que a revista *Cátedra* adicou ao mosteiro no ano 1996.

4. Ao respecto, véxase C. LUGILDE ARIAS e X.F. CORREA ARIAS, "Don Pío García Espinosa e o breve renacer de Caaveiro", *Cátedra*, nº 3, 1996, 201-212. Tamén A. LÓPEZ e CARBALLEIRA, *Místicos Gallegos. San Rosendo*, Santiago, 1909.

5. A complexidade das fontes, a súa valoración, e unha aproximación aos problemas que suscita a documentación en C. de CASTRO ÁLVAREZ, "S. Juan de Caaveiro: estado de la cuestión, fuentes, historia y problemas", *Cátedra*, nº 3, 1996, 21-62.




Fig. 1. Plano xeral de San Xoán de Caaveiro.

do conxectural, pero agora, grazas a un valioso plano que custodia o Arquivo Histórico Nacional⁶ (Figs. 4 e 5), delineado en outubro de 1769 polo enxeñeiro Francisco Solinis, podemos coñecer pormenorizadamente como era a primitiva configuración edilicia da colexiata e dar resposta a algúns dos interrogantes que viña suscitando o inmoble, como a localización, morfoloxía e compartimentación interior dalgúns estancias. A miña achega, por tanto, cinguirase ao estudo do levantamento arquitectónico e a dar a coñecer unha significativa descrición do cenobio, anterior en case cen anos á de Montero Aróstegui⁷, a única detallada que posuíamos ata o momento. Pero antes de analizar estes documentos, un breve apunte sobre o autor do plano.

FRANCISCO SOLINIS, MAESTRO DELINIADOR DO CORPO DE ENXEÑEIRO MILITARES

O arquitecto e enxeñeiro Xulián Sánchez Bort, como director do Arsenal de Ferrol⁸, solicita en 1764 que lle envíen dous "*jovenes instruidos na Delineacion para servir baxo sus ordenes en*

6. Arquivo Historico Nacional (en adiante A.H.N.). Sección Consellos. Planos, mapas e debuxos, nº 640.

7. X. MONTERO ARÓSTEGUI, *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*, Madrid, 1859, 654-657.

8. Foi nomeado director en 1762, en substitución do enxeñeiro Francisco Llobet. Sobre a actividade despregada por Sánchez Bort na súa etapa ferrolá, véxase A. VIGO TRASANCOS, "El arquitecto-ingeniero Xulián Sánchez Bort: perfil biográfico y obra en Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. XXXV, nº 100, 1984-85, 501-525; *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*, Vigo, 1985, 64-71, 74-83, 179-184, 210-224.

Novos datos sobre Caaveiro: un levantamento do enxeñeiro dezaoitesco
Francisco Solínis e unha descrición da colexiata





Fig. 2. Plano do mosteiro. Fernando Sarmiento.

Fig. 3. Reconstrucción hipotética dos edificios desaparecidos. Fernando Sarmiento.






Fig. 4. Plano xeral da colexiata de San Xoán de Caaveiro cos montes e ríos que a circundan. 1769. Francisco Solinis.

*aquellas Reales obras de Marina*⁹. Por pedimento da Academia de Belas Artes, asígnaselle dous axudantes -ambos discípulos avantaxados de arquitectura- que foron destinados ás obras do Departamento co grao de *delineador*¹⁰: un destes técnicos chamábase Antonio Bada e Navaxas, o outro Francisco Solinis¹¹.

Anque a biografía de Francisco Solinis se ignora en gran medida, grazas ás investigacións de Pérez Rodríguez¹² coñecemos importantes datos relativos á súa formación¹³, méritos¹⁴ e produc-

9. C. BÉDAT, *La Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1744-1808)*, Madrid, 1989 [1ª ed., Toulouse, 1977], 213. Tamén A. QUINTANA MARTÍNEZ, *La Arquitectura y los arquitectos en la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1744-1774)*, Madrid, 1983, 90-91, 144.

10. En xaneiro de 1740 creárase a clase de *delineadores*, grao co que se ingresaba no corpo de enxeñeiros militares. Na época en que Solinis trazou o plano de Caaveiro, a coroa contaba con 110 enxeñeiros (10 directores, 10 en xefe, 20 en segundo, 30 ordinarios e 40 extraordinarios) e 40 delineadores, alcanzando o corpo un total de 150 membros (H. CAPEL, X.E. SÁNCHEZ e O. MONCADA, *De Palas a Minerva. La formación científica y la estructura institucional de los ingenieros militares en el siglo XVIII*, Barcelona, 1988, 55, 70).

11. C. BÉDAT, *La Real Academia...*, 213; A. VIGO TRASANCOS, *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol...*, 12-15, 180, 198.

12. F. PÉREZ RODRÍGUEZ, "El arquitecto e ingeniero Francisco Solinis a través de su curriculum", *Abrente*, nº 29, 1997, 117-125.

13. Ademais de coñecer a lingua francesa, estudou gramática latina, matemáticas e física experimental cos xesuítas, e tres anos de filosofía cos dominicos. Solinis asistiu moi cedo ás "*clases de diseño de figura*" que se impartían na Real Academia de San Fernando. Con posterioridade, en 1758, tras un abandono temporal dos estudos, retomaría a súa formación na "*academia privada*" do escultor Felipe de Castro. Por estas datas volve a frecuentar a Academia de Belas Artes, pero agora interesado na arquitectura civil (F. PÉREZ RODRÍGUEZ, "El arquitecto e ingeniero Francisco Solinis...", 118).

14. A Real Academia concedeu un pensionado na corte durante catro anos, obtendo así mesmo dous premios en concursos

ción artística¹⁵. Solinis era natural da vila de Madrid e o seu nacemento débese datar en torno ao ano 1743. Por tanto, cando o enxeñeiro levou ao cabo o levantamento da colexiata de San Xoán de Caaveiro, tería uns 26 anos e seguía desempeñando en Ferrol, ás ordes de Sánchez Bort, as funcións inherentes ao seu cargo cun resultado plenamente satisfactorio, pois, o 5 de maio de 1768, obtivera a habilitación como arquitecto *"para exercer las funciones correspondientes de mediciones particulares y generales, a la conclusion de cada uno de los edificios, y el mecanismo a tan vastas obras"*¹⁶.

A REAL COLEXIATA EN OUTUBRO DE 1769

O plano de Francisco Solinis sitúase nun contexto histórico moi concreto: o primeiro intento de traslado da real colexiata a Pontedeume ou Ferrol. En xullo de 1769 Antonio Arias Somoza, dignidade da catedral de Mondoñedo, visita San Xoán de Caaveiro¹⁷. A Real Cámara encargálle *"la visita de la Colegial de Caveyro y la formacion de estatutos"*, co mandado expreso de recoñecer o mosteiro e dar conta detallada do seu estado. O escribán Francisco Pérez Velderrain, que acompañaba ao mencionado arcediago da basílica mindoniense na súa inspección, tomou boa nota de todas as dilixencias efectuadas no cenobio, entre as que se incluía *"deliniar y formar un diseño, o mapa del terreno, positura, y situacion deste monasterio, a efecto de hauer constar de ello a Su Majestad según ordena por su real zedula"*¹⁸. Os dous comisionados chegan á colexiata o 27 de xullo, e pouco despois, segundo recolle o notario, *"el señor visitador escribio carta politica al cauallero yntendente de Marina del Departamento del Ferrol, distante de aquí tres leguas, noticiandole la Real Orden de S. M. para que le remitiese uno de los maestros delinidores a fin de executarlo, y con efecto ymbio un que dijo llamarse Don Francisco Solinis, quien estuvo aquí algunos dias, y andubo con mi asistencia, y la del señor Visitador reconociendo uno y otro y tomando sus medidas para executarlo"*¹⁹. Non podo datar con exactitude a chegada do enxeñeiro

oficiais. En 1764 iniciou a súa carreira profesional como delineante no corpo de enxeñeiros militares. Catro anos máis tarde é habilitado como arquitecto e, con posterioridade, en 1771, cando Sánchez Bort abandonou Ferrol, é nomeado arquitecto. A principios de 1781, antes de iniciar a súa etapa cántabra nas Reais Fábricas de Artillería de ferro colado da Cavada, é designado enxeñeiro e logo fiscal-facultativo. Tamén obtén o grao de alférez de fragata, o de alférez de navio e outros cargos honoríficos. En 1801 solicita a súa admisión como *"uno de los Académicos de Mérito de la Real Academia de San Fernando en la clase de Arquitecto Civil, o Hidráulico"* (F. PÉREZ RODRÍGUEZ, "El arquitecto e ingeniero Francisco Solinis...", 117-123).

15. Anque por falta de datos non se pode establecer con precisión a súa intervención, sabemos que participou activamente en numerosas obras e proxectos, tanto na súa etapa ferrolá como na cántabra, e a teor da relación documental que transcribe F. PÉREZ RODRÍGUEZ ("El arquitecto e ingeniero Francisco Solinis...", 120-121), non cabe dúbida de que o deseño e levantamento de planos foi unha actividade fundamental na súa carreira profesional. De feito, Pérez Rodríguez menciona algúns esbozos do enxeñeiro -na relación non figura o plano de San Xoán de Caaveiro- que foron catalogados no seu momento por C. SAMBRICIO, *Territorio y ciudad en la España de la Ilustración. Relación de mapas, documentos y manuscritos*, Madrid, 1991, 130.

16. F. PÉREZ RODRÍGUEZ, "El arquitecto e ingeniero Francisco Solinis...", 120.

17. O Arquivo Histórico Nacional (Sección Consellos, leg. 16189) custodia o expediente que o arcediago de Mondoñedo enviou á Cámara Real. O plano de Solinis formaba parte deste documento. Tamén se conserva algunha documentación sobre esta visita a Caaveiro no Arquivo do Reino de Galicia (leg. 20942/20), segundo sinalou X.F. CORREA ARIAS, "Caaveiro e a crise do Antigo Réxime", *Cátedra*, n° 3, 1996, 194-195, e no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (Fondo Xeral. Colexiatas, carp. 366), como indicou C. de CASTRO ÁLVAREZ, "S. Juan de Caaveiro: estado de la cuestión...", 56.

18. A.H.N. Sección Consellos, leg. 16189, fols. 53-54.

19. *Ídem*, fol. 54.

a Caaveiro, mais, en todo caso, o 29 de agosto abandonou o mosteiro para reincorporarse ás súas ocupacións habituais no Departamento marítimo, levando, iso si, "*las medidas, y quedando de por ellas formar alla el diseño y remitirlo*"²⁰.

O recoñecemento e descrición de montañas, ríos, pontes e camiños era unha práctica habitual dos enxeñeiros militares que estaba regulada polo título segundo do regulamento cuarto das ordenanzas, que establece o "*método que debe observarse en el levantamiento y formación de mapas y planos*"²¹.

Solinis orienta o seu esbozo de norte a sur, quizais para facilitar a descrición xeográfica do enclave, reproducindo detalladamente o contorno natural que rodeaba a colexiata (Fig. 4), definido, que dúbida cabe, polo promontorio rochoso onde se asentaba o vello edificio medieval, os montes próximos e o río Eume e o seu afluente, o Sesín. No sector inferior do debuxo distínguese claramente a sinuosa verea antiga²² que atravesaba os bosques e cotarelos da comarca²³ e que desde As Neves permitía o acceso ao mosteiro por Pousadoiro²⁴. Á esquerda, en medio das montañas, podemos apreciar o "*camino, que baxa á pasar el Puente del Rio Heume*"²⁵, unha senda que, ao menos no seu percorrido final, coincide co acceso moderno²⁶. Tamén se localizan no plano "*Varios*




Fig. 5. Planta da real colexiata.
1769. Francisco Solinis.

20. "[Solinis] expuso de restituirse a las Reales Obras, se partio oy a ellas [29 de agosto de 1769], llebando las medidas, y quedando de por ellas formar alla el diseño y remitirlo" (*ibidem*).

21. O regulamento establece, en liñas xerais, que os levantamentos de "*Iglesias y demas edificios deben tener una escala en que sean perceptibles hasta los menores detalles; cuya regla ha de observarse particularmente en los perfiles de unos y otros: En todos estos planos se colocará la brújula, á fin de que se forme justa idea de los parages del edificio mas expuestos á los nortes, ú otros vientos ó aguas reynantes en el pais*" (*Ordenanza que S. M. manda observar en el servicio del Real Cuerpo de ingenieros*, Madrid, 1803, 199-210, esp. 203-204).

22. "*A. Camino que va de Ferrol al Santuario*" (cfr. ap. doc.).

23. Concretamente, os montes de Vinizón, Pena Mala e Pardineira ("*&. Monte de Vininzon/ W. Ydem de Penamala/ . Ydem de Pardineyra*", cfr. ap. doc.). Os dous primeiros, segundo sinala C. de CASTRO ÁLVAREZ, "Historia", en *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, 1999, 15), aparecen mencionados nos documentos altomedievais, que tamén identifican o afluente do Eume co nome de "*Sisin*", como fai o enxeñeiro no seu esbozo. No terceiro monte -o denominado "*Pardineyra*"-, se temos en conta os símbolos codificados que figuran no regulamento de enxeñeiros militares, localizaríase unha mina de ferro (*Ordenanza que S. M. manda...*, 210).

24. C. de CASTRO ÁLVAREZ, "Historia", no *mosteiro...*, 15-17.

25. No abecedario aparece sinalado coa letra Z (cfr. ap. doc.).

26. Porén, curiosamente, a descrición de 1859 de X. MONTERO ARÓSTEGUI (*Historia y descripción...*, 654), só menciona o camiño antigo que atravesa a ponte sobre o afluente do Eume: "*Un puente de buena sillería, levantado sobre el Sesín, da entrada al peñón, por el pequeño istmo, y este es el único paso que tiene la colegiata*".

Sitios de Viñas, y tierras de labor"²⁷, e a vella ponte de pedra sobre o Sesín, aínda en bo uso na actualidade²⁸, pero, non obstante, non figura o muíño da marxe esquerda do río, construído con posterioridade, polo tanto²⁹. Unha vez cruzada a ponte, o camiño debuxa unha curva cara ao oeste, en dirección ao mosteiro, e chégase, despois de superar un pronunciado ascenso, a unha pequena plataforma que, a modo de terraza, organiza o espazo situado entre o forno³⁰ e a corte³¹, e onde, segundo indica Solinis, *"á mucha costa se puede edificar"*³².

A pormenorizada planta da real colexiata de San Xoán de Caaveiro ocupa o extremo occidental do promontorio³³ (Fig. 5). Grazas ao esmerado traballo do enxeñeiro podemos coñecer a compartimentación e localización exacta das tres primeiras casas canonicais³⁴, situadas, como se sospeitaba, entre a portaría de abaixo³⁵ e a igrexa de santa Isabel³⁶, e constatar a súa directa comunicación co corredor de chanzos³⁷ que servía de paso cara á portaría alta³⁸. Ocupando o mesmo lugar que a reconstruída a finais do oitocentos, completamente arimada aos muros setentrionais de contención e co seu semicírculo absidal cegado pola proximidade da casa máis occidental dos cóngos, dispúñase a denominada igrexa antiga ou de santa Isabel³⁹. Anque as súas dimensións eran menores que as da igrexa colexial, tiña, non obstante, como demostra a escala, unha maior anchura. Agora ben, este vello edificio románico fora modificado no ano 1738, cando o prior do mosteiro, *"atendiendo a que el cuerpo de la iglesia de Sta. Isabel no sirve para ministerio alguno por aver*

27. Sinálanse coa letra Y (cfr. ap. doc.).

28. "B. Puente" (cfr. ap. doc.).

29. Non cabe dúbida de que no ano 1769 o muíño non estaba edificado porque o regulamento obrigaba a facer *"mencion de los molinos de cualquiera especie"* (Ordenanza que S. M. manda..., 206).

30. "T. [Horno]" (cfr. ap. doc.). Segundo unha referencia documental do ano 1739, *"en el circuito de dicha yglesia y convento no ay mas vecinos que vno, que sirve a los canonicos de panadero, y labandero, y tambien de sacristan"*. cfr. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (en adiante A.H.D.S.). Fondo Xeral. Colexiatas, carp. 366, s. f. A algúns metros de distancia, cara ao leste, aparece localizada no plano unha fonte ("X. Fuente". cfr. ap. doc.).

31. "S. Cavall[erizas]" (cfr. ap. doc.).

32. "C. Sitio que sirve de entrada, donde á mucha costa se puede edificar" (cfr. ap. doc.).

33. O técnico sinala nunha nota a diferenza de altura existente entre o extremo oriental da plataforma, onde localiza o forno, e o occidental, onde sitúa o mosteiro: *"El piso do Collegio se halla cincuenta pies mas alto, que el del Horno T"* (cfr. ap. doc.).

34. "[F. Havi]taciones para los seis Prebenda[dos]" (cfr. ap. doc.). Segundo consta nun documento de 1739, *"en la yglesia de san Xuan de Cabeiro ai seis canonicos, que residian cada uon en su habitacion inmediatas a dicha yglesia con un criado para su asistencia, y todos los dias tienen misa cantada, que se reparte entre ellos por semanas [...]"* a que comunmente asisten solos, por no tener capellan ni ministro alguno diputado en dicha yglesia para su asistencia" (A.H.D.S. Fondo Xeral. Colexiatas, carp. 366, s. f.).

35. "D. Unica entrada para el Collegio" (cfr. ap. doc.).

36. "M. Yglesia que no tiene uso" (cfr. ap. doc.).

37. "E. [Comu]nicacion para entrar a las havi[tac]iones, y paso preciso para la Yglesia" (cfr. ap. doc.).

38. "R. Coro [...] subida para la Torre" (cfr. ap. doc.). Enriba desta portaría levantábase a torre barroca, construída posiblemente, como sinalou no seu momento M^a.C. FOLGAR de la CALLE (*Arquitectura gallega do século XVIII. Los Sarela*, Santiago, 1985, 84-86), a partir dun deseño do arquitecto Clemente Sarela. Este campanario substituíu outro anterior que, a partir dun inventario de 1704, conseguiu documentar C. de CASTRO ÁLVAREZ, "El monasterio de Caaveiro: dependencias...", 254.

39. Os restos que perduran do primitivo santuario románico foron estudados por R. YZQUIERDO PERRÍN, *Arte Medieval I*, Galicia. Arte, vol. X, A Coruña, 1993, 288-291; e tamén, con máis detalle, por C. de CASTRO ÁLVAREZ, "El monasterio de Caaveiro: dependencias...", 261-266.

zerrado al fin", decidiu que era imprescindible construír "un cuarto y morada con cocina y camareras y servicio posible que sirba de Hospedería para los devotos huéspedes y Priors, o si en algún tiempo se aumentara el numero de los Canonigos, y que se ponga en toda perfección y alajas porque desde luego se pueda habitar en el"⁴⁰. Do primitivo santuario, na data en que se levantou o plano, só quedaba en pé a parte correspondente á súa metade oriental⁴¹, pois a occidental fora remodelada completamente para albergar a sala do capítulo⁴² e as novas dependencias do arquivo⁴³. E xusto enriba destas dúas pezas renovadas dispúñase "un segundo piso que sirve de estrecha Havitacion, cuando concurre el Prior, y tiene la entrada por el Coro"⁴⁴.

A representación gráfica da igrexa colexial⁴⁵ é verdadeiramente relevante porque, ata o momento, se ignoraba a súa estrutura e exacta localización. O levantamento de Francisco Solinis permite constatar que a planta do templo, lonxitudinal, de nave única e ábsida semicircular, estaba orientada liturxicamente cara ao leste. Máis longa e menos ancha que a igrexa de Santa Isabel, contaba con catro altares, o maior, como non podía ser doutra maneira, instalado na cabeceira⁴⁶, outro no lado da Epístola, onde case con toda seguridade se situaba o órgano⁴⁷, e dous máis no lado do Evanxeo⁴⁸. Tamén comprobamos que, á parte da entrada principal, situada na fachada occidental do santuario e en directa comunicación co adro que se dispoñía aos seus pés⁴⁹, existía outro acceso secundario na fronte sur. Neste flanco da igrexa situábase así mesmo a sancristía⁵⁰, cuadrangular e

40. C. de CASTRO ÁLVAREZ, "El monasterio de Caaveiro: dependencias...", 258.

41. Solinis sinala así mesmo o altar maior do templo, que aínda perduraba no oitocentos, cando X. MONTERO ARÓSTEGUI (*Historia y descripción...*, 655) visitou o mosteiro: a súa construción, segundo unha inscrición que figuraba no moble barroco, data do ano 1623.

42. "N. Sala de Capitulo" (cfr. ap. doc.).

43. "O. Archivo" (cfr. ap. doc.).

44. "Encima del Archivo O. y Sala de Juntas, N. hay un segundo piso que sirve de estrecha Havitacion, cuando concurre el Prior, y tiene la entrada por el Coro R" (cfr. ap. doc.).

45. "X. Yglesia" (cfr. ap. doc.).

46. O retablo maior da colexial foi encargado en 1705 e a súa construción iniciouse ao ano seguinte (C. de CASTRO ÁLVAREZ, "El monasterio de Caaveiro: Dependencias...", 257). Grazas aos datos que recompilou X. MONTERO ARÓSTEGUI (*Historia y descripción...*, 654-655), podemos coñecer a súa iconografía: "El retablo del altar mayor esta dorado y en buen estado de conservación. En él existen las efigies de Santa Isabel, reina de Ungria, con otras mas pequeñas de San Pedro y San Pablo: al lado derecho se ve la imagen de San Juan Bautista, patrón de dicha iglesia, y al izquierdo la de San Agustín, obispo, a cuyo orden de canónigos seglares pertenecen los de esta colegiata. Sobre el ático del altar descuello un escudo de las Armas Reales".

47. "En el coro hay unha sillería con nueve asientos, en cuyo centro aun existe un antiguo facistol. Sobre el costado derecho sigue una balconada, continuación de la del coro, donde acaso estaría el órgano" (X. MONTERO ARÓSTEGUI, *Historia y descripción...*, 654-655). Os cóngenos solicitan no verán de 1739 a dotación dunha praza de organista, contemplándose "mil ducados de renta, los 600 aplicados para la referida prebenda de oposicion, y los 400 restantes para manutencion del organista, fabrica, y reparos do organo" (A.H.D.S. Fondo Xeral. Colexiatas, carp. 366, s. f.).

48. No século XIX xa non se conservaban estes retablos colaterais, segundo constatou X. MONTERO ARÓSTEGUI, *Historia y descripción...*, 655.

49. "I. Atrio descubierto delante de la Yglesia" (cfr. ap. doc.).

50. "K. Sacristia" (cfr. ap. doc.). Á luz da documentación que menciona C. de CASTRO ÁLVAREZ ("El monasterio de Caaveiro: Dependencias...", 256), cabe a posibilidade de que esta peza se recolocase e, antigamente, estivese situada noutro lugar; pero, en todo caso, a sancristía que reproduce Solinis no seu plano foi construída en 1705. Debaixo da vigairía, segundo explicou no seu momento X. MONTERO ARÓSTEGUI (*Historia y descripción...*, 655), "hay varios subterráneos oscuros que parecen calabozos y lo mismo en el gran patio que existe a la entrada del edificio, pero estos de mayores dimensiones y con luz y rejas al exterior".

bastante espaciosa para as pequenas dimensións do edificio. Débese sinalar, por último, que o templo principal de Caaveiro non estaba arrimado á muralla nin a ningunha outra construción e podía ser percorrido na súa totalidade grazas a un *"corredor que serve de paso"*⁵¹.

Anexos á muralla de contención, no sector meridional do complexo monástico, localizábanse en 1769 dúas pezas en calamitoso estado de conservación: un salón, que servía *"de Yglesia en los concursos de Romerías"*⁵², practicamente esborallado nesa data debido ao *"pie y medio de desplome"* que tiña o muro perimetral⁵³, e unha *"casa arruinada"* e sen tabicación interior, situada a continuación⁵⁴. A planimetría complétase con outros dous inmobles situados no extremo occidental do promontorio, un habilitado como aloxamento de prebendados⁵⁵, e o outro aínda en fase de construción⁵⁶.

A DESCRICIÓN DO MOSTEIRO E OUTROS DOCUMENTOS

No expediente que o arcediago de Mondoñedo enviou a Madrid figuran todas as dilixencias efectuadas con motivo da visita á colexiata. Débese transcribir na súa totalidade unha interesante descrición do enclave, malia que reitera algúns aspectos arquitectónicos xa sinalados, porque completa e corrobora a información gráfica estudada, e dar a coñecer así mesmo algúns documentos significativos recollidos nos autos oficiais, como a asistencia regular de fieis, o presuposto do mestre carpinteiro Manuel Fandiño e unha curiosa exploración dos arredores de Caaveiro.

A data escollida para levar ao cabo a inspección ocular do cenobio agostiño foi o 29 de agosto. Segundo certifica o notario que acompañaba a Antonio Arias na súa visita, recoñeceron, *"con todo cuidado, la positura, situacion, y terreno de este monasterio, y es en esta manera: Situacion. Es una montaña aspera, y desierta, que componen diferentes montes altos en circunferencia, teniendo todos su declivio rapido y elevado al fondo de un rio crecido, que por medio de ellos vaja a la villa de Puente deume, su ria, y puertos que auajo de ella ay formando un oyo profundo cubierto de las mismas sierras, y montes, sin tener la vista otro objecto; en medio se halla edificado el monasterio sobre peña viua circundado del rio por el mediodia, y de otro que de la sierra vaja a el por el norte, y poniente, am[b]los mui proximos, y el convento elevado sobre ellos, por las mas de las partes quasi perpendicularmente en mas de ducientas varas de altura poblado de espesura de arboles y otras malezas, y de yedras que ya suben a los tejados, siendo madriguera de culebras, y otras savandixas, desde cuio plano del convento sus corredores, y ventanas desvaneze la vista al mirar para auajo al ondo de los rios al que no esta acostumbrado y se asoma a sus orillas por ser un precipicio tal que es inreparable la vida de alguno si cae: Solo tiene la entra-*

51. *"L. Corredor que sirve de paso"* (cfr. ap. doc.).

52. *"P. Salon arruinado que sirve de Yglesia en los concursos de Romerías"* (cfr. ap. doc.).

53. *"Q. Pared con pie y medio de desplome azia adentro que causa la ruyna de dicho Salon"* (cfr. ap. doc.).

54. *"G. Casa arruinada"* (cfr. ap. doc.).

55. *"[F. Havi]taciones para los seis Prebenda[dos]"* (cfr. ap. doc.).

56. *"H. Casa por concluir"* (cfr. ap. doc.).

da por la vaxada de una de las sierras a la parte do oriente por donde se entra subiendo en cuesta, y por tres tiros de escaleras para entrar en el primitivo, ademas de otras que aun ay dentro: Esta entrada al principio fuera es mui angosta por la qual cave poco mas que un carro, teniendo de un lado, y de otro el mismo despenadero anque a la parte del mediodia en algunos ferradillos que ay entre las penas, y por encima de ellas tienen los canonigos algunas plantas frutiferas, y ortaliza, teniendo de hambas partes a los lados petriles de pared porque no se cayga la gente, y el de la parte del norte al presente arruinado: Desde esta garganta o entrada de afuera se va ensanchando la peña y sitio del convento a modo de calavaza, o pala de un barquín de errero en la que estan fundadas dos yglesias primero a la entrada una con la adbocacion de Visitazion de Nuestra Señora y santa Ysabel, y adelante de esta mediando un corto transito la del glorioso San Xuan Baptista en donde celebran los oficios divinos, y por remate adelante de ella las casas, y avitaziones de tres canonigos la una havitable, y las dos reedificandose actualmente: Antes de la puerta y entrada al primitivo monasteiro e yglesias, ay primero otra puerta que es la principal entrada, y que cierra todo, desde la qual a la otra ay otras tres havitaciones de canonigos que por arriba en los pisos ocupan todo el ancho de una a otra pared, por deuaxo de los quales ay una callexa libre de puerta a puerta por donde se sube y vaja. Y esta es la positura de la situacion y terreno, y para hacerla demostrable por diseño y planta según arte"⁵⁷.

Á parte da ineludíbel referencia ao entorno montañoso e a constatación dalgunhas características do edificio xa coñecidas, como a disposición do mosteiro nun espazo reducido e en pendente, que fai necesario a disposición de terrazas graduais, a anterior pasaxe aporta algúns datos arquitectónicos complementarios: o estado ruinoso do sector setentrional dos muros de contención e a remodelación de dúas das tres casas canonicais situadas no extremo occidental do recinto. Noutro apartado do informe menciónanse concisamente os dous templos románicos: "*las dos yglesias son construidas de cantera, y sus capillas maiores de bobeda y ambas con poca diferencia de un tamaño, y de una misma fabrica y orden, indicando su antigüedad que tenia*", e a pequena torre barroca situada, como sabemos, enriba da portaría alta, que contaba nese momento da súa historia con tres campás, "*y una de ellas rompida de las quales la una sirbia para las oras del reloj que tambien ay; pero sin uso por estar descompuesto, y según dizen de algunos años a esta parte*"⁵⁸. Máis pormenorizadamente descríbese a estancia arrimada á muralla meridional, situada xusto enfronte da sancristía da igrexa colexial, e xa arruinada nesa época -quizais, como se apunta, porque foi utilizada como canteira para outras edificacións-, que tanto na documentación como no plano de Francisco Solinis⁵⁹ é identificada co nome de salón: "*El salon que se halla en par de ellas parece según dizen serbia de cavildo o de lo mismo que los porticos, o atrios de las yglesias, el qual se halla con piso de tabla ya viexo, y lo mas de el hueco por auajo en mas de treinta quartas de profundidad, socavada en la misma peña, lo que demuestra haver sido a mano, y acaso para con la piedra que arrancaron del sitio hazer otras obras, cuia pared maestra del costado que dize al mediodia tiene cinco bentanas muy capaces, y se halla arruinada, desplomando adentro desde las vigas del fayado al piso media vara con algunas silbas por las quales se introduzen las yedras,*

57. A.H.N. Sección Consellos, leg. 16189, fols. 53-54.

58. *Ídem*, fols. 54-54 v.

59. A estancia é sinalada coa letra P: "*P. Salon arruinado que sirve de yglesia en los concursos de romerías*" (cfr. ap. doc.).

hallandose al mismo tiempo falsas y arruinadas las vigas de arriba tabla, y pontones, de manera que es mui temible su ruina, y caida cada momento, y por lo mismo necesita su reparacion de nuevo haviendo de subsistir"⁶⁰.

En canto á asistencia regular de fieis aos oficios relixiosos que se celebraban na colexiata, segundo refire o escribán, nin el nin Ares viran "*concurso de personas algunas a misa, ni a los oficios divinos mas que los domesticos, y familiares del señor Visitador, y sólo aier [28 de agosto] hubo con el motibo de ser la festividad de San Agustín concurrir algunas personas de las aldeas circunvezinas, formando una romeria de las que con abuso suele hauer por este, y otros paises, ocasionando mas escandalo que edificazion, siendo su fin e intento de concurrir el juntarse para meriendas, bayles, y otras cosas, que motivo de verdadera devoción al santuario; y solo estando ya en la misa maior; y al sermon que se predico del santo a ella, la que se dijo, y celebro en el citado salon*"⁶¹, y un altar indezente que esta en la cabezera de el"⁶², lleo el parroco de esta parroquia revestido con pelliz, y capa plubial, su cruz, y estandarte, y sus feligreses en procesion cantando las letanias mayores, que fue lo que hizo maior el concurso, y preguntando el señor Visitador la causa de esta procesion, se le respondio executar lo en cumplimiento de una horden circular del señor Arzobispo de Santiago a toda su diocesis a efecto de inplorar la Divina misericordia en tantas enfermedades epidemicas, como se padecieron, y padezen por estos paises: Y haviendo el señor visitador tomado razon de varias personas, si a excepcion de la precision referida en semejantes dias los años anteriores era yqual o mayor el concurso y otro el fin de el, conformemente respondieron ser el mismo"⁶³.

Antonio Arias e Francisco Pérez, o escribán, aínda permaneceron varias semanas en Caaveiro, esperando a que o enxeñeiro enviase o levantamento e o arcebispado de Santiago remitiese unha serie de documentos, dos que falei máis adiante, relativos a estatutos e privilexios fundacionais. Como o tempo pasaba e o esbozo de Solinis non chegaba, o 2 de outubro determinaron "*avisarle por el correo para que con la maior prontitud despache*"⁶⁴. No interím, aproveitando que o mestre carpinteiro Manuel Antonio Fandiño Vaamonde estaba traballando "*en los reparos y redificaciones de las casas, y mas edificios, y al parezer conozersele capacidad en el arte*"⁶⁵, se lle pide a este artífice que "*reconozca con cuidado todas las quiebras, y faltas que ay pormenor, y de ellas forme un plan discreptibo con expresion de su coste prudencial y echo y venido que sea el plan, y sentir del expresado Solinis se junte uno y otro al auto antezedente*"⁶⁶. Sabemos, pola data que figura no plano, que o enxeñeiro concluíu o seu deseño o 10 de outubro; seis días máis tarde xa estaba en poder do notario, pois, xusto nese momento, Fandiño presentou o seu presuposto e ambos

60. A.H.N. Sección Consellos, leg. 16189, fols. 54-54 v.

61. Como apuntei anteriormente, en planta indicase coa letra P.

62. Francisco Solinis sitúa o altar no muro occidental do salón.

63. A.H.N. Sección Consellos, leg. 16189, fols. 54 v.-55.

64. *Ídem*, fol. 55. O día 8 de outubro anotaba o notario que Francisco Solinis non "*ha traído ni remetido el diseño, plan, o mapa deste monasterio y su situacion sin perxuicio de tenerle su Señoría escrito diferentes cartas al asunto*" (*ídem*, fol. 58 v.).

65. *Ídem*, fol. 55 v.

66. *Ibidem*.

documentos incluíronse no expediente oficial. Anque a relación de materiais e reparacións calculada polo mestre carpinteiro é demasiado extensa para transcribila integramente, pódese mencionar o importe dalgunhas partidas: a renovación das cubertas das dúas igrexas, entre vigas, pontóns, táboas e gornicións, importaría un total de 6512 reais, e a armazón outros 7141⁶⁷; cambiar o piso da sala destinada ás xuntas dos cóngos uns 2225 reais, e a rehabilitación da "pared del cavildo asta los cimientos"⁶⁸, y materiales para ella", a nada desprezábel cifra de 46603 reais⁶⁹.

Como o visitador real tiña máximo interese en esclarecer documentalmente a orixe do cenobio e súa natureza primitiva -interrogantes que aínda se seguen intentando aclarar na actualidade-, solicitou ao arcebispo Raxoi unha serie de escrituras ao respecto que se custodiaban no arquivo episcopal⁷⁰. Pero ademais, "atendiendo a habersele dado noticia de acordanza de grutas, cuebas, o hermitas en donde de antiguo se recojian y hauitan los anacoretas, y hermitaños"⁷¹, y de una capilla dedicada a santa Chrisptina y un hospital para los pobres y peregrinos de que apenas aunque ay la tradicion, no se hallan los bestigios"⁷², decide levar ao cabo unha inspección nos arredores de Caaveiro, "por si puede ynbestigarlos para mejor conocimiento del origen, y naturaleza de este santuario, monasterio yglesia"⁷³. Agora ben, antes de realizar a exploración prevista, e para evitar erros e perdas de tempo innecesarias, Ares ordenou ao escribán que iniciase as pertinentes dilixencias informativas e convocase algúns anciáns da comarca para "examinarlos cerca de este punto, y hallando alguna certidumbre al caso pasar con ellos a los sitios"⁷⁴. O día 12 de setembro, en cumprimento do auto sinalado, "concurrieron Diego de Villarino, Francisco Seco, Ramon Rodriguez y Pasqual Martinez vezinos de esta feligresia de Santiago de la Capela, y Domingo de

67. As cubertas das dúas igrexas, segundo indica Fandiño, estaban arruinadas: "...echo el computo del faiado, la armacion toda con la de la capilla de Santa Ysabel que esta arruinada lo mismo que la otra" (idem, fol. 57).

68. Interesan especialmente as medidas desta dependencia, que, supoño, corresponde á sinalada na planta de Solinis coa letra N: "Tiene trescientas y nobenta varas asta los cimientos de ocho quartas en quadro necisita cada braza de pared diez carros de piedra que ynportan tres mil setecientos y cinquenta reales... echo el computo de las trescientas y nobenta brazas de pared con su grueso correspondiente según arquitectura correspondiendole a braza, y media de alto, seis quartas y media de grueso desde allí al medio seis, desde el medio al piso cinco, y desde el piso al tejado quatro, para peones, erramientas para la manposteria, y vatideras de cal, maderas, y echura de estadas, clabos para ellas, desmolimiento de la obra ynportan doze mil quatrocientos reales" (idem, fols. 55 v, 57).

69. Ibidem.

70. Eis, en extracto, a carta que dirixe Ares ao arcebispo Raxoi o 18 de setembro: "...Señor, voi procediendo en el ejercicio de visita de esto y vistos ya todos los documentos y memoriales de este archivo, nada se halla mas frecuentemente en ellos, que razon de constituciones y Bullas Apostolicas: Pero ni vna Bulla, ni una de las tales constituciones paran aquí. Por testimonios, que hazen fe, consta, que en el año 1643 y siguientes se litigo pleito entre el Prior y canonicos o convento de aquí con el Fiscal eclesiastico de la Dignidad Arzobispal... que en dicho pleito se presentaron originales las Bullas y Privilegios Reales, como asi mismo los estatutos, o constituciones, tambien originales, sobre el gobierno de este monasterio. Como S. M. quiere ser informado de todo, no puedo escusarme de no molestar a V. S. Ylustrisima suplicandole rendidamente se sirva mandar a su archivero... que de registrado el archivo me de aviso, y puntual razon de lo que hallare..." (A.H.D.S. Fondo Xeral. Colexiatas. Caaveiro, carp. 366, s. f.).

71. Esta noticia documental axústase bastante ben á proposta, defendida por López Ferreiro e outros investigadores, de que ben puido ser Caaveiro o resultado dun agrupamento de eremitas ou anacoretas que deu lugar a un cenobio beneditino, logo transformado en mosteiro de cóngos regulares agostiños. Sobre este polémico asunto, véxase C. de CASTRO ÁLVAREZ, "S. Juan de Caaveiro: estado de la cuestión...", 32-39.

72. A.H.N. Sección Consellos, leg. 16189, fol. 57 v.

73. Ibidem.

74. Ibidem.

*Galdo de la de santa Maria de Cavalar de esta jurisdicion, quienes vaxo de juramento en forma examinados separadamente del caso dixeron ser ciertas las noticias de los santuarios que expresa el auto y con especialidad quanto a la hermita de santa Chrisptina y casa de hospital para peregrinos romeros que venian en tiempo antiguo en romeria al glorioso san Juan, y que esta noticia, y tradicion era comun y bulgar en este pais, y la hauian oido a sus maiores, que decian haberlo oido a los suios, y que ademas de la hermita referida de santa Chrisptina hauia hauido otras hermitas, o grutas por el expacio de estos montes en que hauitauan los hermitaños de las que ya no se hallan vestigios, ni apenas de la referida de santa Chrisptina si que esta aun la acordaban y habian visto sus antepasados, y decian estar situada mas adelante del monasterio rio arriba cerca de la orilla del Eume al pie y falda de la sierra y monte que aun se conserba con el nombre de santa Chrisptina, y aunque fuimos a el no hallamos mas señal que un sitio cubierto de zarzas, y malezas, que dixeron los sobredichos ser el mismo de la capilla. Y quanto al hospital nos dixeron ser su sitio mas arriba en lo alto del monte en donde llaman Cincopernas adonde nos guiaron, y caminamos, y llegados no hallamos descubierta alguna pared mas que unos yndicios cubiertos ya de la maleza del monte, las que de mandato de su Señoria descubrieron y rexistraron con hazadones y reconocimos los cimientos de una pared y edificio quadrado de treinta y seis quartas de ancho, y quarenta y seis de largo; pero con el yndicio manifiesto de faltar su existencia mas ha de ducientos años por estar en la misma pared comprendido a la parte de arriba un castaño que yndica esta antigüedad y haberse ya criado en el sitio despues de estenguido el edificio, porque estando existente no podia hauerse plantado, nacido ni criado dentro ni en el grueso de la pared, todo lo qual asi hemos reconocido"*⁷⁵.

O arcediago da catedral de Mondoñedo remite finalmente o expediente a Madrid e informa á Real Cámara da súa decisión de suspender temporalmente a elaboración dos estatutos por "*el deplorable y lastimoso estado en lo material y en lo formal de la referida Colegial de Cabeiro*", pois, segundo manifesta Antonio Ares, a auténtica vida regular se abandonara, "*habiendo quedado solo como unha sombra, y reduciendose todo el logro de los intereses y rentas, y en sustancia, a una pura cerimonia o formulario lastimoso*"⁷⁶, e, por todas estas circunstancias desfavorábeis, propón ao fiscal da Cámara "*la traslacion de esta Colegial a la Parroquial de Puente de Eume, como se lo ha insinuado el Arzobispo de Santiago, o a la Castrense de Esteyro, como desea el Yntendente del Departamento del Ferrol*"⁷⁷.

75. *Ídem*, fols. 58-58 v.

76. A.H.D.S. Fondo Xeral. Colexiatas. Caaveiro, carp. 366, s. f.

77. A Real Cámara acolleu favorabelmente "*el que haya suspendido Vuestra merced por ahora la formacion de estatutos que se le encargo por los justos motivos que ha expuesto*", e tamén aprobou o traslado da colexiata, pero, iso si, o proxecto final tiña que ser estudado en detalle e todos os implicados poñerse de acordo (*ibidem*). Con todo, o plan foi abandonado. Tempo despois, no ano 1788, intentouse un novo traslado -esta vez ao convento dos franciscanos de Ferrol-, que tampouco se levou ao cabo finalmente (X.F. CORREA ARIAS, "Caaveiro e a crise...", 195).

APÉNDICE DOCUMENTAL

Plano xeral da Real Colexiata de San Xoán de Caaveiro coa demostración dos montes e ríos que a circundan. Francisco Solinis. Ferrol, 10 de outubro de 1769. Tinta negra e augadas de cores sobre papel. Ten escala gráfica de 200 pés casteláns. Firma e rúbrica de Francisco Solinis (A.H.N. Sección Consellos. Mapas, planos e debuxos, nº 640).

Anotacións manuscritas: *Explicacion. A. Camino que va de Ferrol al Santuario/ B. Puente/ C. Sitio que sirve de entrada, donde á mucha costa se puede edificar/ D. Unica entrada para el Collegio/ E. [Comu]nicacion para entrar a las havi[tac]iones, y paso preciso para la Yglesia/ [F. Havi]taciones para los seis Prebenda[dos]/ G. Casa arruynada/ H. Casa por concluir/ I. Atrio descubiert delante de la Yglesia/ J. Yglesia/ K. Sacristia/ L. Corredor que sirve de paso/ M. Yglesia que no tiene uso/ N. Sala de Capitulo/ O. Archivo/ P. Salon arruynado que sirve de Yglesia en los concursos de Romerias/ Q. Pared con pie y medio de desplome azia adentro que causa la ruyna de dicho Salon/ R. Coro [...] subida para la Torre/ S. Cavall[erizas]/ T. [Horno]/ X. Fuente/ Y. Varios Sitios de Viñas, y tierras de labor/ Z. Camino, que baxa á passar el Puente del Rio Heume/ &. Monte de Vinizon/ W. Ydem de Penamala/ . Ydem de Pardineyra/ Nota: El piso del Collegio se halla cincuenta pies mas alto, que el del Horno T. Encima del Archivo O. y Sala de juntas, N, hay un segundo piso que sirve de estrecha Havitacion, quando concurre el Prior; y tiene la entrada por el Coro R./ Escala de 200 Pies Castellanos/ Ferrol 10 de Octubre de 1769/ Francisco Solinis.*

UN EXEMPLO DA MOVILIDADE FAMILIAR NOS SÉCULOS XV E XVI. SEIXAS, LAGO, TIMIRAOS, MONTOSOS PIÑEIRO E ALFEIRÁNS... Á SOMBRA DO PODER DA CASA DE ANDRADE

Rafael Usero González e X. Carlos Breixo Rodríguez

Ca publicación do libro "Torres do Allo", editado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no ano 2001, do que é autor D. Jesús Angel Sánchez García, os amantes da historia e da xenealoxía tivemos a oportunidade de satisfacer a nosa curiosidade ó abrirose novas liñas de investigación sobre algunhas das familias que aparecen citadas nesa excelente monografía. Por esta causa, sentímonos obrigados a corresponder na mesma medida, e dicir, aportando novos datos sobre algunhos aspectos da historia de Pontedeume, neste caso de certas familias que se formaron no entorno desa fermosa vila chea de historia. Como non podía ser menos, facémolo con moito agrado e cos mellores desexos para os que, de xeito altruista, traballan en sacar adiante a prestixiosa revista Cátedra, publicación esta que na súa curta vida, ocupa un lugar destacadísimo, gañando a pulso con indiscutible e notable mérito.

A contribución que imos a facer versa sobre da familia dos Gómez das Seixas, da Casa de Cabanas, en particular dos apelidos: Timiraos das Seixas, Montosos, e Alfeiráns; familias fidalgas, que procedentes das terras de Cedeira e de Ortigueira, fixeron a súa aparición na vida da vila de Pontedeume dos séculos XV e XVI, misturándose ca dos Gómez das Seixas e dando lugar a unha interesante e abondosa descendencia, entre os que se contan algún alcalde de Pontedeume, bachareles, varios bispos, algún Licenciado en Leis, Cabaleiros de R.O., militares destacados, e moitos outros que non é mester citar aquí.

Para motivar os fundamentos da presente colaboración, nada mellor que acudir ás causas que puxeron de moda a vila de Pontedeume nos séculos XV e XVI, e que se viron condicionadas pola ascensión dalgunhos membros da casa de Andrade, como sería o caso de D. Fernando de Andrade.

Este fenómeno mediático trouxo familias alleas a Pontedeume; algúns, movidos polas ansias de riqueza e fama, outros na procura dunha estabilidade social que lle daba un bo matrimonio, e os mais deles movidos pola necesidade.

Pontedeume situábase nun ramal do Camiño de Santiago, era vila de paso obrigado para os que, en dirección a San Andrés de Teixido, viñan de visita-lo Apóstolo en Compostela. Tiña con-

ventos, igrexas, e un Hospital situado no medio da ponte que unía as dúas ribeiras do Eume; contaba cun porto de certa sona que servía de entrada ás diversas mercadorías que viñan de Francia ou dos Países Baixos; ó mesmo tempo, a flota e a armada real tamén se surtía de viño, limóns e laranxas que producín os vales e as veigas do río Eume. En definitiva estaba ben comunicada e medianamente defendida, pois a casa de Andrade non ía permitir que ninguén lle roubase as súas riquezas, as deles e as da propia Vila. Proba de todo isto témola no excelente traballo que D. José García Oro realizou sobre da figura do Conde D. Fernando de Andrade; moi poucas vilas galegas do século XVI se ven mellor relacionadas que a de Pontedeume. A documentación é moi explícita e abundosa.

OS DOMINIOS DA CASA DE ANDRADE A FINAIS DO SÉCULO XV

Non pasa desapercibida a importancia que tiña a casa de Andrade na Terra das Mariñas dos Condes e nas Mariñas dos Freires, onde ergueron as súas fortalezas, que ademáis de dar resguardo servían para manter a raia a moitas familias nobres ou fidalgas que mantiñan un tremendo respecto por este clan e somentes se achegaban a eles cando eran chamados, ben sexa por mor dalgún conflito entre os señores da guerra, ou ben fora por unha campaña militar, unha revolta ou a mesma guerra que sostiveron os Reis Católicos co *Rei Chico* de Granada, rematando ca toma da cidade no ano 1492, que marcaría un fito importante na historia de España.

Para introducirmos historicamente na época na que se moven as familias motivo da presente aproximación xenealóxica, así como da súa aparición na vila de Pontedeume, faremos unha síntese narrativa a modo de introducción, que servirá para facer un pouco máis ameno, o que de entrada pode resultar empalagoso e aburrido.

A vida na Galicia do século XV viuse condicionada por unha serie de acontecementos, de todos coñecidos, que propiciaron as denominadas Revoltas Irmandiñas; onde os nobres tiveron que afrontar as iras do pobo, provocadas basicamente polos excesivos abusos ós que era sometido. A presión exercida sería condicionante esencial da agresiva e triste resposta; moitas familias nobres perderon os seus coutos e señoríos e con eles as fortalezas e, en definitiva o poder que pasou a mans de outras de parecido rango social, grupos ou clans que correron mellor sorte á hora de posicionarse ou de buscar os seu apoios.

De resultas destas revoltas, algunhas casas, como a de Lemos, a de Monterrey, Ulloa, Moscoso, ou a de Andrade, veríanse melloradas, absorvendo nunha espiral de poder a outras que correron distinta sorte; como serían as casas de Figueroa, Mesía, Lago, Lanzós, ou a de Pardo de Cela¹.

A casa de Andrade acadaría de novo un momento cenital a finais do século XV, da man de Diego de Andrade, ocupando varios coutos dos vencidos que lle proporcionaron importantes rendas e notables beneficios, o que serviu para increenta-lo seu poder e mellora-la súa posición. A todo isto temos que engadirle a política matrimonial exercida polos nobres galegos que non dubidaron en realizar avinzas cos que poucos anos antes eran os seus inimigos máis acérrimos².

1. *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia*. VASCO DE APONTE.

2. *Ibidem*.

Así é como poden erguer os pazos urbáns en Betanzos ou Pontedeume, como se reedifican as fortalezas e como se controlan os territorios de nova ocupación; como sería o caso de Vilalba, por poñer un exemplo de proximidade xeográfica, onde Diego de Andrade, pai do Conde D. Fernando de Andrade, exercía un señorío de novo cuño, que sería fundamental no desenvolvemento desta casa cara á ascensión nobiliaria tan desexada polos seus petrucios desde uns cen anos atrás, en tempos de Fernán Pérez de Andrade O Boo³.

Os dominios da casa de Andrade exténdese polo mar desde as Mariñas coruñesas ata Cedeira e Moeche; que, desde o século XIV era terra de señorío da casa de Lemos. O couto de Moeche⁴ fora vendido por D^a. Ines Fernández de Tamar, viuva de García Rodríguez de Valcarcel, no ano 1412 á súa filla Constanza García de Valcarcel, muller que era de Pedro Alvarez Osorio, Señor de Ribera e de Cabrera, de quen saíran os Condes de Lemos que ó longo de todo o século XV detentan a propiedade do castelo de Moeche.

Polo interior tiñan os de Andrade o seu feudo máis valioso na terra de Vilalba. Ó mesmo tempo tamen exercía algún dos seus familiares máis achegados o señorío dos coutos de Meroi, Fronzal, Lousada e Amexido, ou o de Cerdido, como era o caso de Fernando de Andrade, fundador, no ano 1515, do Vínculo da casa de San Sadornio, que recibira a maior parte destes coutos, de man do seu sogro Alonso de Lanzós, como dote do seu primeiro matrimonio con D^a. Inés de Castro e de Lanzós⁵.

Por outra banda, cara ó Norte, nas terras do Condado de Santa Marta de Ortigueira exercía o señorío (con título condal desde o 1442) os Sarmiento, quen es foran Adiantados Maiores do Reino de Galicia, e tiñan de vello un poder incuestionable pola súa ascendencia real e o apoio reiterado á Coroa.

Se ben nun principio foron os Sarmiento, pouco despois pasaría ós Zúñiga, para chegado o momento no século XVI, ir a parar ás máns dos Álvarez Osorio, que, ademais eran Condes de Trastámara e Marqueses de Astorga.

Se nun primeiro momento da contenda, Diego de Andrade, aliado con Pedro Pardo de Cela, tentou no ano 1467 facerse coa fortaleza de Santa Marta de Ortigueira, que era da Condesa D^a. Teresa de Zúñiga, terían que desistir e cumprir o mandato do Rei Enrique IV, e devolverlla á súa dona, vendo así truncada a idea ambiciosa de controlar toda a costa Cantábrica desde a Coruña ata as Mariñas Luguesas, onde Pedro Pardo tiña a súa fortaleza máis valiosa: a da Frouseira no alfoz de Castro Douro.

Seguramente, de efectuarse o control total da fortaleza de Ortigueira, Diego de Andrade vería incrementado o seu poder de xeito espectacular, e nada tería que temer dos condes de Lemos,

3. *Don Fernando de Andrade Conde de Villalba*. JOSÉ GARCÍA ORO.

4. *Nuevos datos sobre el primitivo Concejo de As Pontes y sobre el Señorío de García Rodríguez*. FERNANDO URGORRI CASADO UNTÍA, Boletín dos Seminarios Mariñáns. Betanzos 1988, páx 54, nota 6.

5. Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Presentación do beneficio de Santiago Seré das Somozas. Pleito do ano 1609.

cos cales pretendía compartir o litoral, desde o Cabo Ortegal ata a Coruña, e en consecuencia os portos que tanto ansiaba.

Como vemos, no medio do territorio controlado pola casa de Andrade quedaba unha franxa de terra que poseía a casa de Lemos, onde se incluían o porto de Cedeira e o de Porto do Cabo, por onde entraban e saían mercadorías de certa importancia, entre as que se encontraba o aceiro das ferreirías, tan necesitado naquela época. Poucos anos terían que pasar para que os descendentes das dúas casas, a de Lemos e a de Andrade, matrimoniaran, recaendo todo-os seus dominios baixo unha mesma cabeza.

Para manter en bo estado as fortalezas que eran o símbolo máis visible de dominio, o Conde de Lemos, despois de rematada a revolta Irmandiña, traería a Galicia a unha serie de familias vizcaínas ás que encargaría da dirección na reconstrución das fortalezas que resultaron afectadas. Canteiros e ferreiros destas familias traballaron en Moeche, primeiro os Arteaga e os Vergara, os que seguiron os Sánchez de Oriona e os Basoa⁶, que aproveitaron a ocasión para asentarse nas terras de Cedeira, ocupando e señoreando as ferreirías de Montoxo e de Porto do Cabo; extendéndose máis tarde ata as de Ponte Noval e as de Mera en Ortigueira, continuando hacia o interior seguindo o curso do río Mera e dos seus afluentes. Foi unha primeira aportación foránea que se misturou coa fidalguía local, e que deixou abondosa descendencia nas terras de Moeche, Cedeira, ou na de Ortigueira.

O mesmo fixeron os Andrade xa que precisaban canteiros capaces para reedificalas súas fortalezas, levanta-los seus pazos, ou arraxa-las igrexas que estaban baixo o seu protectorado. Nesta época viñeron de Vizcaia máis de sesenta familias, a maior parte misturouse na sociedade local.

AS MERCEDES OBTIDAS NA GUERRA DE GRANADA. CABALEIROS E ESCUDEIROS NA PERCURA DA FAMA MILITAR. PARENTES MENORES E AMIGOS DOS ANDRADE


Retomando a cuestión que nos ocupa, diremos que Diego de Andrade imaxinou un futuro para o seu fillo Fernando de Andrade que co paso do tempo fixose realidade tanxible. Diego, en palabras de Vasco de Aponte, dixo que non quixo ser mal conde, conformouse con ser un bo caba-leiro, "*y todos les decían a Diego de Andrade que se hiciese conde; él respondioles que no quería ser conde de lo suyo, y que mas quería ser buen cavallero que mal conde*"⁷ pero, a pesar de toda a modestia que parecían transmitir as súas verbas, tiña unhas aspiracións máis elevadas para a súa descendencia e non escatimaría esforzos para conqueralas.

Para que o proxecto iniciado por Diego de Andrade se comprira foi necesario apostar forte, e así o fixo. Iniciou a idade temperá do seu fillo no manexo das armas facendo que se acompañase

6. Carta de Vizcaína de Martín de Basoa e outros documentos. Arquivo da Casa do Souto de Santiago de Mera.

7. *Requinto de las Casas Antiguas del Reino de Galicia*, introd. y edición crítica. Varios autores: M.C. DÍAZ, J. GARCÍA ORO, D. VILARIÑO PINTOS, M.V. PARDO GÓMEZ, A. GARCÍA PIÑEIRO, M^a. PILAR DEL ORO TRIGO. Xunta de Galicia 1986. Páx. 146.

dos máis curtidos e expertos no manexo das armas, tal é como o fixera con el o seu pai Pedro Fernández de Andrade. Entre os experimentados atopábanse algúns cabaleiros e fidalgos que xa se curtiran nas revoltas irmandiñas e que inda tiñan folgos para participar nas campañas de Granada, de Italia, ou de Francia, chegando ata os nosos días os seus nomes.



Algúns, como Gonzalo Díaz de Santa Marta⁸ ou Juan de Serantes foran armados cabaleiros xunto con Fernando de Andrade, despois de rematada a contenda granadina, polo mesmo rei Fernando quen lles calzou a espada dourada, tal e como declara o testigo Pedro Martí na carta executoria de fidalguía de Galván Díaz de Robles, fillo que foi de Gonzalo Díaz de Santa Marta "*que el dch. Gonzalo Díaz de Santa Marta avia ido a servir a los Reyes catolicos a la guerra de granada y que ellos avian ido con el y que el avia servido en la dha. guerra con armas y caballo y que avian hecho señaladas cosas en la guerra de baça y granada y que avia prendido a un capitán moro que tenia mucha parte en granada con el Rey chico y que le avia llevado preso a los Reyes catolicos yendo el mismo descablado y herido de la escaramuza y que el rey don fernando le avia calzado espuela dorada y que encima de las armas que tenia en la sepultura donde estava enterrado el dho. gonzalo diaz padre del dho. litigante avia visto este testigo en sus armas al dho. moro preso y en el tiempo que el dho. gonzalo diaz vivio fuera avido y tenido en aquella tierra por un hombre baleroso y de mucha suerte y calidad y por hidalgo notorio y por caballero y por descendiente de la casa de Andrade (continua)...Otro si dixo este testigo que al principio que dicho tenia que comenzo de conocer al dicho gonzalo diaz de santa marta padre del litigante el suso dicho estava casado con maria de andrada hija de pedro fernandez de andrada hermano que fue del conde Don hernando de andrada (continua)...*", quen, como vemos emparentara co D. Fernando de Andrade; se ben un testigo di que era cuñado do conde, outro trata a María de Andrade

8. Archivo da Real Chancellería de Valladolid, Hidalguías, Leg. 143, expediente 1.

de prima do conde. O caso é que Gonzalo Díaz de Santa Marta, de moi novo xa loitara como peón ó lado de Diego de Andrade *"Y se falaron siete por siete de cada parte, siete de a cavallo e siete de a pie: de la una parte el señor Diego de Andrade contra el conde Don Sancho; fernando de Andrade contra Alvaro González; Rui Fernández Nogueyrol contra Fernan Díaz de Ribadeneyra; García Díaz de mesia contra Parragues; García Martiz de Barbeyra contra Juan de Noboa; Rodrigo Alonso de Saavedra contra Luis de Villamarin; García López de Prevés contra Pedro Oxea de Albán. Los peones eran Gonzalo Díaz de Santa Marta contra Fernando Calvacho."*⁹ E tamén o fixo ó lado de Fernando de Andrade a quen dín os testigos que lle salvou a vida.

Todas estas intervencións, e outras coñecidas levadas a cabo uns anos mais tarde por algúns capitáns galegos como Juan de Serantes en Italia, ou a de Alonso Pita da Veiga en Pavia, foron as que acrecentaron a importancia das respectivas casas¹¹, creando un mito que duraría varios séculos, chegando incluso ata os nosos días.



Escudo de armas de Gonzalo Díaz de Santa Marta¹⁰

D. Fernando de Andrade destacaba con méritos propios na súa ascensión ó título de Conde que lle chegaría no seu momento; e non un, senon dous: de Caserta, e de Andrade. A guerra era e foi un trampolín excelente para a ascensión dalgúns; para outros significou a desgracia máis triste e cruel.

Entre os mellorados aparecen toda unha serie de cargos militares, entre os que destacaremos os capitáns entre os que se atopaba o de Andrade, e os xa citados anteriormente. Dos nomes dos que participaron, primeiro na revoltas irmandiñas, e despois na guerra de Granada, sabemos que pertencían a familias fidalgas máis ou menos asentadas: Os Lago, os Pardo, os Tenreiro, os Pita, os Serantes, Lanzós,...etc. Algúns, estaban curtidos na revolta e foron os máis apreciados, outros, os máis novos recibiron o bautismo de sangue en Granada e tiveron a ocasión de demostrala súa valía no manexo das armas, así como a fe cega que amosaban ós ideais do novo orde político proposto e imposto polos Reis Católicos.

así por ejemplo en los modillones capiteles de la capilla de Santa Margarita, O Val (Narón) y restos arquitectónicos en las demás iglesias estudiadas anteriormente. Por otra, como era preceptivo, los monjes tenían la obligación de salir del cenobio y atender, con propósitos evangelizadores, a las gentes de la vecindad, una población autóctona refractaria a la romanización y a la cristianización como era la de los ártabros (del antiguo céltico galo-britónico artawyr, de arta, osa y awyr, termino superlativo de poder o majestad, daría los de la poderosa diosa osa, culto con restos testimoniados entre los ártabros, citas en las fuentes históricas como en los historiadores romanos Strabon y Mela-III-13, los artauri, derivado probablemente del colectivo plural britonico -i-, artawyr-i), la población autóctona no fue prácticamente romanizada aunque si latinizada por la iglesia alto-medieval, pues, que se sepa hasta hoy, no se encontró epigrafía romana de gentilicios nativos en nuestra zona, desde la cuenca del río Eume hacia el norte, aunque si villas romano-tardías y alto-medievales que se denominaban con un derivado de un toponimo o hidrónimo, es decir, una referencia geografica. Como ya comentaba en el hidrónimo Eume el carácter sagrado de este río está también presente en que ríos como este son considerados como puertas al Otro Mundo subterráneo de la mitología celta, relativo a esta consideración hay otra leyenda, un culto y un topónimo. La leyenda se refiere a que un buen día, a finales del siglo IXX ocurrió una expedición de un cura de la parroquia de San Estebo de Eirines con un grupo de hombres del lugar en busca de un tesoro del otro mundo subterráneo, para entrar en él se fueron a la entrada del río Eume, que era una entrada al Otro Mundo subterráneo, allí se colocaron dentro de un círculo trazado con un tizon incandescente, el cura recitaba unas palabras mientras llegaba un navio oscuro con tripulantes oscuros que les habia de transportar al otro mundo, al tesoro y El culto se refiere a que hay un lugar en la ribera del río Eume, en Eirines, hay una poza de río a la que los del lugar llaman Pozo de O Cabrón, en donde hasta hace poco las mujeres realizaban ritos de fertilidad, es decir, O Cabrón podria ser la reminiscencia del primitivo culto al Cernunos celta, dios de los animales y la fertilidad o vitalidad de la naturaleza, El topónimo Ombre se registraba en el tumbo de San Juan de Caaveiro, aun en el siglo XII en varias citas. como Anoure < Ano-ure < Anwn-bero que significaria salida del Anwn o mundo subterráneo. Enlazando con todo lo anteriormente expuesto el hecho de la advocación a Santa Comba en la ermita de Cobas y también la triple advocación en la capilla de Santa Margarita, en donde la de santa Comba, perdida con la ruina de su cenobio, pero revelada por sus atributos grabados en uno de los modillones del arco triunfal, entre los cuales la osa allí representada es un referente de Santa Comba, por otra la fuente de la Luz de Santa Lucia y el dragón de Santa Margarita, son símbolos propiciatorios para acercamiento y conversión al cristianismo de los ártabros. Todas estas referencias denotan la suplantación de la antigua divinidad de triple función, Brigith o Brigantia, (del Brigantium de los ártabros), simbólicamente por las tres Santas: Columba, Margarita y Lucía, por efecto de la colonización y evangelización llevada a cabo por los britones en nuestra tierra en una temprana época alto-medieval. Brigantia o Brigith, su diosa de la triple función indoeuropea, poder y fuerza del rey y el guerrero, OSO, JABALÍ, TORO, RAYO, sabiduría e inspiración del sacerdote, SALMON, CUERVO, ROBLE, LUZ y la habilidad y destreza del artesano, CIERVO, SERPIENTE, DRAGON, FUEGO. El rayo y el fuego también tienen luz, a su vez el rayo puede originar fuego y este asciende serpenteante como el rayo, el fuego puede representar las tres funciones de Brigantia y por esto en sus santuarios druidicos, unas druidesas alimentaban un fuego perpetuo, por esto era también la diosa patrona de la metalurgia, la dedicación de los ártabros a este oficio justifica la denominación Brigantium al complejo de cas-

tros metalúrgicos y no a una ciudad en concreto, los romanos decían "los de Brigantium", un emporio metalúrgico.

Como se ha visto he tratado de revelar el posible significado de unos indicios para encontrar las claves de la ya mas que probable colonización britónica alto-medieval de nuestra comarca y su influencia en la historia, en el patrimonio lingüístico y monumental. Quedan sin embargo, más aspectos singulares relacionados con el tema del asentamiento de Santa Comba que esperan ser desvelados con prospecciones de todo tipo, que a buen seguro completarán la caracterización en la época alto-medieval y que serán motivo de otra u otras publicaciones que ampliaran nuestro patrimonio cultural.

FUENTES DOCUMENTALES Y BIBLIOGRAFICAS RECOMENDADAS

Colección Diplomática del Tumbo del monasterio de San Martín de Jubia, Archivo Histórico Nacional, año 977 a 1119, Santiago Montero Díaz, edición Tip. Del Eco Franciscano, Santiago 1935.

Colección diplomática del Tumbo I y II del monasterio de Sobrado dos Monxes, Pilar Loscertalde G. De Valdeavellano, Direcc. General Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional, Madrid 1976.

El Monasterio de San Juan de Caaveiro, Historia y Arte por Castro Alvarez C., Tumbo por Fernández de Viana y Vieites J. I. y por González Balasch M^a. T., Diputación Provincial de A Coruña 1999.

Diccionario dos Nomes Galegos, Edit. Ir Indo, Vigo 1998.

ROVERSI MONACO A.: *Los secretos de las Catedrales*, Edit. De Vecchi

MARTÍN GONZÁLEZ J. J.: *Historia del Arte*, Editorial Gredos, Madrid 1982.

Historia del Arte, Edit. Alianza Editorial, Madrid 2002.

Summa Artis - *Historia General del Arte*, vol. VIII-II Arte Prerrománico Hispano, Edit. Espasa Calpe, Madrid 2001.

COUCEIRO FREIJOMIL A.: *Historia de Puente deume y Comarca*, Puente deume 1971.

HENRRY LEWIS - HOLGER PEDERSEN.: *Celtic Grammar*, Göttingen (Germany) 1961.

NIERMEYER J. F.: *Mediae Latinitatis Lexicon Minus*, Ed. E. J. Brill, Leiden, The Netherlands, 1993.

ROGER WRIGHT.: *Late Latin and early Romance in Spain and Carolingian France*, Liverpool U.K. 1982

INFORMACIÓN OBTIDA DOS EXPEDIENTES DE ALISTAMENTO MILITAR. PONTEDEUME 1836/1924

Manuel López Pazos

EXPEDIENTES DE ALISTAMENTO MILITAR

Con anterioridade á instauración da dinastía borbónica en España, os recrutamentos realizábanse a través de enganches pagados e levas de lacazáns, mendigos e maleantes.

Pero a chegada dos Borbóns ao poder significou un xiro á organización que o exército tivera ata aqueles días: Copiarase o modelo de exército francés, que se baseaba nunha leva que recoillía por unha banda a lacazáns, mendigos e maleantes; e por outra reclutábase unha quinta parte dos mozos, útiles para o servizo, de cada distrito.

A pauta marcada polo exército francés será copiada polo goberno español a partir de 1837.

OS SOLDADOS

As condicións de vida do soldado eran demasiado duras -paga escasa, mala alimentación, falta de equipo, ademais de man dura á hora de manter a disciplina das tropas- para que o ingreso en quintas fose considerado polos interesados como unha saída razoábel á súa situación de precariedade.

A duración do período castrense, que vai oscilar entre dous e oito anos durante o período estudado, non ten unha duración estábel, depende da existencia dalgunha guerra ou revolta, algo, por outra banda, bastante habitual no século XIX.

Ademais das condicións de vida e a duración do servizo militar está o problema da guerra e con ela as grandes probabilidades que teñen os quintos de perder as súas vidas; haberá que lembrar neste momento que tan só na campaña de África finaron máis de setenta mil homes.

Vistos os condicionantes previos á entrada é lícito pensar que os recrutas farán uso das artes máis dispares para non formar parte do exército español.

A GALICIA DO SÉCULO XIX

A mediados do século dezanove, máis concretamente entre 1852 e 1855, Galicia vai sufrir a última das crises denominadas de antigo réxime. A falta de subministracións leva a unha situación de miseria tan aguda que vai ter o seu colofón nun longo período de pestes e enfermidades. Con esta crise dáse o pistoletazo de saída á emigración galega cara a América en época contemporánea.

A poboación campesiña áchase sometida a unhas estruturas agrarias que a penas lle deixan marxe para a subsistencia, unha vez pagadas rendas e contribucións. O novo sistema liberal non contribúe en nada á mellora da calidade de vida dos campesiños, máis ben todo o contrario. Durante o século XIX a presión impositiva farase máis e máis gravosa para o campesiñado. Será a eles a quen máis afecten as levas militares, pois os outros grupos sociais como: propietarios de foros, fidalguía, burgueses, comerciantes etc., non sentirán como propio o problema. Bástanles con pagaren a cantidade estipulada por lei, o pagamento dun substituto, ou compraren a autoridade dalgún que outro político para evitar iren ao servizo militar. É por isto que os grupos sociais anteriormente sinalados non van aparecer nas listas de prófugos.

A sociedade campesiña galega dividiase polo tanto en dúas. Evidentemente a clasificación non atende á realidade galega, máis plural, pero si que nos é válida á hora de analizar o tema que nos ocupa.

Dunha parte temos a sociedade campesiña, na súa maior parte foreira, suxeita a unha fiscalidade cada vez máis premente, cultivan pequenos labradíos con base nunhas técnicas agrícolas xa esgotadas había anos.

Ademais de todo isto, o crecente número de individuos exerce unha presión sobre o medio que imposibilita en moitos casos a obtención dos recursos necesarios para a súa propia subsistencia, empuxando aos campesiños cara á emigración.

Ao tempo que isto ocorría, un servizo militar de elevada duración "secuestraba" aos fillos dos campesiños, auténtica forza motriz do campo galego. Non é estraño, por tanto, que os mozos galegos en idade militar eviten por todos os medios ao seu alcance, a incorporación a filas.

A "outra" sociedade campesiña estaría composta por propietarios, fidalgos, etc. En definitiva, xente con máis recursos -no só de carácter económico- que os colocan nunha situación moito máis favorábel á hora de evitar o ingreso en quintas, non esquezamos que o entramado político galego susténtano esta serie de individuos.

O RECRUTAMENTO

No procedemento de composición de quintas interviñan dous actores, un vai formar parte da quinta como membro activo e o outro é o que vai conseguir que aquel forme parte da partida.

O proceso comeza cando por lei se designa que características deben reunir os rapaces que van formar parte da leva dese ano e cal será o seu número.

Una vez coñecido o número de recrutas, estes distribúense entre o total de provincias españolas, sendo a Deputación provincial o órgano encargado de repartir a cota asignada a cada provincia entre os respectivos concellos.

A provincia da Coruña é unha das que máis mozos aportan ao exército español, a modo de exemplo abonda lembrar que no ano 1863 A Coruña foi a terceira provincia por número de quintos: 1.340, fronte aos 1.501 de Oviedo e os 1.438 de Barcelona. Tres anos antes, con 1.450 mozos, fora a primeira.

Una vez que o municipio ten asignado o número de reclutas que lle corresponden, reclama de cada cura párroco unha lista dos nados no ano correspondente á quinta. Ademais da información parroquial levaranse a cabo un padrón municipal de habitantes e de quenes se consideran aptos para o recrutamento.

Tras a selección dos mozos vaise producir un sorteo no que a cada recruta se lle asigna un número. Por rigorosa orde de numeración, íranse presentando á tallaxe ata completar a cota de soldados e suplentes asignados a dito concello. É neste preciso instante cando os interesados van presentar todas as alegacións que consideren oportunas, intentando que estas se axusten á lei e deste xeito poder librar dunha obriga que implica unha serie de penalidades, ás que non están dispostos a facer fronte a maioría dos mozos galegos da época.

Na leva van intervir, ademais dos recrutas, outros elementos, que son tamén protagonistas de pleno dereito: curas párrocos, médicos, peritos medidores. Xunto coas autoridades municipais e os funcionarios correspondentes son os suxeitos máis destacados do recrutamento.

Neste intre é cando poden intervir aqueles particulares que se vexan agraviados por determinadas actitudes, podendo, por exemplo, denunciar calquera tipo de irregularidade que eles percibisen durante o discurrir da leva.

Unha vez seleccionados, de modo definitivo, os soldados e os seus suplentes, entregase o listado á Deputación, quen á súa vez cederá á caixa de quintos para que todos os mecanismos pertinentes se poñan definitivamente en marcha.

Pero; ¿Cales son as normas que regulan todo este proceso? ¿Quen e por que podería librar do servizo militar?

O primeiro paso que se levaba a cabo era a formalización dun padrón municipal, no cal se pretendía a través de institucións supramunicipais a non ocultación de poboación, xa que deste xeito os recrutas que lle correspondían aos municipios que ocultaban poboación eran distribuídos entre aqueles concellos que non realizaban esta artimaña.

ANO	ALISTAMENTO	SORTEO	INGRESOS DE CAIXA	CLASIFICACION	IDADE
1878	nov/dec	1º fest. de febreiro	12 de marzo	2º fest. de febreiro	20
1885	xaneiro	2º sábado de decembro	1º sábado de decembro	2º domingo de febreiro	19
1896	xaneiro	2º domingo de febreiro	agosto	1º domingo de marzo	19
1912	xaneiro	3º domingo de febreiro	agosto	1º domingo de marzo	19
1925	xaneiro	Outubro	agosto	1º domingo de marzo	19

Proceso de reclutamiento segundo diversas leis e regulamentos.

Una vez asignado o número de quintos pola circunscrición, haberá que configurar a lista de "candidatos" a soldados. Esta práctica varía en función das leis que estén en vigor. A Lei de 1837 incluía como posíbeis quintos *"a todos os españois solteiros e viúvos sen fillos, que o día 30 de abril inclusive do ano en que se fai o alistamento teñan a idade de 18 anos cumpridos, ata 25 tamén cumpridos"* do mesmo xeito, tamén se incluía como posíbeis membros do reemprazo: *"aos casados e ordenados in sacris que non cumpriran a idade de 22 anos no expresado día 30 de abril"*.

A lei de 1856 pechaba o círculo sobre unha idade en concreto: *"Os mozos que teñan vinte anos de idade e que non cumpriran vinte e un o día 30 de abril inclusive o ano en que se verifica o alistamento"* ampliárase a idade para determinados casos: *"Os mozos que tendo vinte e un anos no referido 30 de abril non foron comprendidos por calquera motivo en ningún alistamento nin sorteo dos anos anteriores."*

Os candidatos alistados teríanse que presentar no seu respectivo concello o primeiro domingo de abril para ser sorteados, a cada candidato íalle corresponder un número ao chou. A sorte viña determinada por dous recipientes: nun íase depositar o nome dos quintos e noutro os números correspondentes. A partir deste instante farase a tallaxe dos mozos por rigorosa orde numérica partindo do un e seguindo coa orde ascendente ata completar o número de soldados asignado á circunscrición.

O seguinte día festivo posterior ao sorteo celebrárase o chamamento e a declaración de soldados, neste proceso íanse avaliar aos individuos, á vez que poderían presentar as alegacións que considerasen pertinentes, coa finalidade de evitar o servizo.

Para o Estado había un condicionante previo de partida: a tallaxe. Os "candidatos", antes que nada, serán medidos. Superada a proba seguirase adiante co resto de trámites ou alegacións. De non ser así, declararíasele excluído por curto.

No caso de alcanzar os centímetros regulamentarios o quinto podería alegar unha serie de causas polas que podía quedar exento ou exceptuado. Os motivos irán variando co devir dos anos pero podemos apuntar algúns. Para o grupo dos exentos poderíase alegar estar matriculado na lista especial de homes de mar, carpinteiro de ribeira adscrito a un arsenal, relixiosos con misión en Filipinas, etc.

Como exceptuados entenderíanse aqueles individuos que foran licenciados do exército, situacións nas cales o mozo é o único sostén económico das familia, ordenados *in sacris*, etc.

O interesado expoñía os seus motivos e, con base nestes, os presentes que estivesen interesados poderían contradicilo, o síndico dar a súa opinión, e por último o Concello declaralo soldado ou ben excluílo.

Una vez completo o cupo de soldados, pasarase a elixir aos suplentes de modo análogo, no caso de non poder completarse a cota cos mozos correspondentes ao reemprazo, procederíase a chamar aos sorteados en anos anteriores e que libran de contraer servizo militar.

O último trámite antes do ingreso a filas consistía nunha nova tallaxe e recoñecemento, esta vez na capital de provincia. Onde tamén comparecían, ademais dos soldados e suplentes, todos aqueles que malia ser declarados excluídos polo seu Concello tivesen algún tipo de reclamación interposta por un ou varios interesados.

O dictame establecido pola Deputación podería ser recorrido perante o Consello Provincial e como última instancia o Ministerio da Gobernación cuxa resolución sería definitiva.

Una vez visto como era o proceso de recrutamento paráramonos agora en observar cales eran os métodos utilizados polos mozos para non ter que vestir o uniforme militar; de entre toda esta picaresca centráramonos en maior profundidade naqueles que decidiron abandonar a comunidade e irse en dirección a América, sen importarlles que se lles abrisen expediente por prófugos.

MÉTODOS PARA EVITAR A INCORPORACIÓN A FILAS

Os métodos utilizados para evitar o servizo militar son múltiples e variados, diríamos que para cada persoa existe un modo de "librarse", dependía do que un estivese disposto a facer con tal de non ingresar a filas.

Trataremos agora de facer un exercicio de síntese e dividir en grupos as distintas artes evasivas:

A) Lesións; o aspirante a soldado producíase lesións coa finalidade de que o declarasen inútil para o servizo. Deste modo non é de estrañar que no momento da tallaxe aparecesen mozos aos que lles faltaban os dentes ou os dedos das mans. As lesións, voluntarias ou non, eran postas en tela de xuízo por particulares que se vían ameazados coa posibilidade de ter que servir en substitución dun lesionado.

As penas aplicadas aos quintos que utilizaban este método para non cumprir co servizo militar eran bastante severas, e foron aumentando a medida que os respectivos gobernos comprobaron que se trataba de prácticas bastante xeneralizadas.

As condenas soen levar a ampliación do servizo militar para os lesionados que aínda puidesen ser útiles ao exército, ou de longos anos de prisión para aqueles cuxas lesións fixesen do todo imposíbel a súa incorporación a filas.

A modo de exemplo comentar a Lei de 1851 onde os castigos son os máis severos de todo o período. Aos soldados cuxas lesiones non os deixaran completamente inútiles, castigábaselles con dez anos de servizo en África; no caso de ser “non aptos” para o servizo serían castigados ao mesmo período de tempo, pero en presidios das colonias africanas.

Ademais de condenar aos lesionados, tamén se vai lexislar en contra dos colaboradores e encubridores, converténdoo en branco da aplicación da xustiza.

B) Fraudes; neste titular inclúense todo tipo de ocultacións e estrataxemas, como encubrir a idade real, non dar o talle de modo correcto, subornar ao tribunal, etc.

O delito derivado dos distintos enganar era sometido á instrución dunha causa criminal, da cal resultaría unha condena -en caso de ser culpábel- que o mozo tería que cumprir obrigatoriamente. Unha vez cumprida pasaría a formar parte da cota correspondente ao seu concello, coa finalidade de levar ao cabo o servizo militar que pretendía burlar.

Os cómplices das artimañas serán castigados con multas interpostas por concellos e gobernos civís. No caso de que algún mozo ao que non lle correspondía, servira grazas ás trampas das que formou parte, instruíráselle causa criminal, ao mesmo tempo que se lle obriga a se facer cargo das indemnizacións ao afectado.

C) Fugas; trátase do delicto máis estendido. As leis de 1837, 1851 e 1857 non varían no substancial en canto á cualificación do prófugo e ás penas impostas ao mesmo, unha vez detido ou ben faga acto de presenza por propia vontade.

Diferenciaranse dúas modalidades de prófugos; aqueles que non se presentan no seu respectivo concello para medirse nin dan explicación da súa ausencia, e os que, unha vez declarados soldados ou suplentes, deciden non acudir á hora de ser conducidos á capital.

O expediente inicial tramitaríao o Concello respectivo, nel daríase conta da ausencia do individuo e fariáanse constar posibles alegacións: ausente no estranxeiro, en paradiro descoñecido, etc.

Unha vez detido ou ben se presentase no concello de motu propio, levantaríasele nota de prófugo e aplicaríasele as penas en función da condición militar do individuo. De todos modos a última palabra teríaa a Deputación, quen en última instancia revogaríaa ou confirmaría a decisión adoptada pola corporación municipal.

As penas para os prófugos -como temos comentado anteriormente- diferían en función da súa situación militar. Si se trata dun individuo ao que non lle tocara ser soldado, multaríasele e pouco máis. O mozo que fora designado como soldado, tería que facer fronte ás custas que orixinara a súa fuga e posterior captura -en caso de non presentarse de forma voluntaria- ademais da compensación económica ao suplente que fose no seu lugar; pasando inmediatamente a exercer o servizo militar nos destinos máis duros, cunha recarga extra de dous ou máis anos.

Para evitar a ausencia de mozos que optan pola emigración cara ás terras americanas, a Lei de 1856 non permite a concesión do pasaporte aos rapaces que se encontren entre os dezasete e os vinte e tres anos. A dita lei será burlada adiantando as idades migratorias.

INFORMACIÓN OBTIDA DE EXPEDIENTES DE ALISTAMENTO MILITAR EN PONTEDEUME

CAUSAS DE EXCEPTUADOS O EXENTOS								
CONCEPTO	ano 1836	%	ano 1862	%	ano 1892	%	ano 1922	%
Curto	61,00	24,59	8,00	17,77	5,00	16,12	1,00	2,70
Fillo viúva	28,00	11,19	6,00	13,33	3,00	9,67	4,00	10,80
Pai pobre	16,00	6,45	3,00	6,65	1,00	3,22	2,00	5,45
Ulceras	14,00	5,64	1,00	2,22				
Dentadura	5,00	2,01	0,00					
Coxos	5,00	2,01						
Tortos	2,00	0,80	1,00	2,22				
Tiñosos	3,00	1,20						
Presos por causa de morte	3,00	1,20						
En ultramar	3,00	1,20	5,00	11,11	4,00	12,90	6,00	16,21
Non se presentan	1,00	0,40	2,00	4,44			9,00	24,32
Paradoiro descoñecido					3,00	9,67		
Quebrados	5,00	2,01						
Extremidades	6,00	2,41	1,00	2,22			1,00	2,70
Curto de vista	4,00	1,61	1,00	2,22				
Redime	2,00	0,80						

Cadro de elaboración propia. AMP expedientes de alistamento militar ano 1836-1845, 1862, 1892 e 1922.

A relación anterior amósanos unha comparativa entre alistamentos separados entre si 30 anos. Temos analizado quintas tan separadas no tempo debido a que o que pretendiamos era mostrar unha evolución de todo o proceso de recrutamento desde o talle dos quintos ata as artimañas utilizadas polos mozos para evitar servir como soldado. É evidente que os usos e costumes non cambian dun ano para outro, e moito menos se a lexislación española apenas varía no que respecta ao caso do servizo militar e ás súas normas para exclusión, exención, ou declaración de prófugos.

No cadro anterior preténdese facer ver cales son as causas principais de exención e exclusión que se dan ao longo dos anos, e cal foi a súa evolución co devir do tempo.

Analizaremos en primeiro termo a Quinta de 1936. Trátase de recrutar cincuenta mil homes, por Real Decreto de 26-08-1836, no cal se incluírán mozos de idades comprendidas entre os 18 e 40 anos, incluíndo a solteiros e viúvos, a redención para este servizo establécese en 2.200 reais.

A leva de 1836 é de características especiais posto que está inscrita dentro do marco da 1ª Guerra Carlista ou Guerra do Norte, nome co que se fai referencia a este acontecemento nos expedientes de alistamento.

Trátase de recrutar 41 soldados, para isto será necesario medir a 249 individuos. Esta proporción dános idea do número de individuos que pretenden evitar as milicias, canto máis se a declaración de soldado é sinónimo de participar de forma activa no fronte de guerra.

Os argumentos a alegar polos mozos circunscribíranse ao seguinte listado do decreto do 3 de febreiro de 1823, que segue a continuación:

"No serán excluidos del servicio militar otros individuos que los siguientes:

1º. Los inútiles para el mismo servicio.

2º. Los que se hallen inscritos en la lista especial de hombres de mar...

3º. Los licenciados, por haber cumplido el tiempo de su empeño.

4º. Los que hayan puesto sustitutos en los términos y por el tiempo que lo hayan permitido las leyes, ordenanzas y reales decretos.

5º. Los que hayan redimido el servicio militar por el pecuniario...

6º. Los que, quintados para reemplazar la milicia provincial, cuenten dos años en este servicio.

7º. Los milicianos provinciales que estén sobre las armas fuera de su provincia al tiempo de hacerse el llamamiento.

8º. El hijo único que mantenga a su padre pobre, siendo impedido o sexagenario.

9º. El hijo único de viuda pobre que la mantenga.

10º. El hijo único que mantenga a su madre pobre, si el marido de ésta se halla sufriendo pena de trabajos públicos o presidio..."¹.

O Decreto de 1823 contempla unha serie de situacións perfectamente tipificadas en nove dos dez presupostos enunciados. Todos agás o primeiro, que simplemente declara excluído a aquel que sexa inútil para el servicio. A partir desta vaguedade amorearanse alegacións co fin último de evitar o servizo militar mediante esta vía. Moitos dos mozos, para a súa desgraza, padecerán enfermidades ou deficiencias físicas insalvábeis; outros, facendo uso da picaresca, intentarán burlar o tribunal coas argucias máis inverosímiles.

Fronte a eles atoparanse con profesionais que aplicarán o seu cometido co máximo rigor, como podemos observar no estrato do prontuario médico que a continuación reproducimos:

"El reconocimiento debe realizarse con el máximo rigor, con desahogo y a buena luz, de sol a sol. Se mira un instante de frente al mozo y seguidamente se le examina la cabeza, los ojos, la boca y su cámara posterior y los oídos con el estilete, hablando al mismo tiempo en voz baja. Se hace desnudar al quinto hasta la cami-

1. Decreto de 3 de febrero de 1823 para el reemplazo del ejército.

sa. Se ve la conformación exterior del tórax, y se ausculta y percute en varios puntos, notablemente debajo de las clavículas y en el precordio, haciendo hablar y suspirar de vez en cuando al mozo. Se hará que con los brazos ejecute movimientos de flexión, extensión, pronación y supinación en todas direcciones...Después se analizarán las regiones del vientre y se hace toser al examinado fijándose mucho en las ingles. Se verá el estado del prepucio, si hay o no hipospadios, etc.; el del escroto, testei, cordón y anillos inguinales. Hecho así, se manda volver de espaldas al quinto, reconociéndole esta parte; se le hace inclinar para ver la región anal, en la que se debe introducir un dedo, caso de estar flaco y descolorido el mozo, para comprobar si hay o no fistula interna incompleta. Y se termina observando los muslos (en cuya parte posterior es muy común encontrar varices) y los pies: se hace que cuadre y que marche..."².

O motivo máis estendido de exención de filas é o derivado da escasa estatura: contamos con 61 individuos que non dan o talle, case o 25% dos sorteados non alcanza os cinco pés, menos unha polgada, arredor do 25% dos mozos entre os 18 e 40 anos estaría por debaixo do metro cincuenta de estatura. Anque máis tarde confeccionaremos un cadro de alturas e a súa evolución no tempo, podemos apuntar neste momento que dos 68 quintos dos que coñecemos a súa estatura, a media é de 1,55 centímetros.

En segundo lugar aparecen os casos nos que o interesado está ao cargo da unidade familiar, ben por estar casado ou ben debido á viuvez da súa nai ou á avanzada idade do pai.

En canto aos casados, que supoñen un 10,8% do total dos sorteados, non os puxemos no cadro anterior por tratarse dun reemprazo extraordinario no que entrarían mozos de ata 40 anos. Non é habitual que as porcentaxes de excluídos en quintas normais cheguen a porcentaxes similares nin moito menos. É bastante infrecuente ver que os recrutas queden exentos do servizo militar por estar casados, nisto inflúe o atraso das nupcias ata idades máis avanzadas. Nunha cata aleatoria realizada no Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela atopámonos, para os anos entre 1870/75 e 1890/92, que de 115 matrimonios tan só en catro casos o contraínte é menor de 21 anos (idade militar que instaura a lei de 1856). Se esta cata fose válida, suporía que á chegada das idades de ingreso en filas tan só o 3,4% dos eumeses estaría casado.

Os seguintes elementos de exclusión fan referencia á manutención dos proxenitores, diferenciando claramente cando se trata da nai por ser viúva pobre ou cando se trata do pai por ser home de idade avanzada, impedido ou falto de recursos.

Os casos de exención debido a estas circunstancias vanse manter no tempo, posto que apenas varían as porcentaxes desde 1836 ata 1922, roldando o 12% para os fillos de viúvas pobres e un 6% para fillos de pai de idade avanzada.

2. PASCUAL PASTOR: *Prontuario médico de quintas para el uso de profesores de medicina y de cirugía castrenses y militares*, 1861.

A maior mortalidade masculina xunto co proceso migratorio que se comeza a forxar a partir dos anos corenta do século XIX, vai aumentar a porcentaxe de exentos que alegan ser o único sustento que teñen as súas nais, unha vez morto ou en paradiro descoñecido o seu proxenitor.

A partir deste momento ímonos introducir nun mundo onde os quintos van alegar unha serie de causas de exclusión que darán lugar a un retrato da sociedade do século XIX e principios do XX, cando menos, dantesco.

Un dato importante que debemos coñecer antes de seguir adiante, é que un número moi importante de mozos non alega ningún tipo de enfermidade ou de deficiencia física. Os que xa foran sido declarados exentos por curtos, os casados ou os que os seus proxenitores necesitan da súa axuda para saír adiante, non van presentar alegacións a maiores. Tampouco argumentarán nada aqueles que están dispostos a incorporarse a filas.

Sumados todos os recrutas que non alegan nada, obtemos que descoñecemos os defectos físicos ou enfermidades crónicas do 61% dos mozos.

Do 39% restante si que sabemos cales foron as súas exposicións, de todas elas imos obter unha paisaxe realmente desoladora:

O argumento máis estendido está relacionado co padecemento de úlceras que en moitos casos xa alcanzou o óso e que pola falta de medicamentos, imprescindíbeis hoxe en día, como a penicilina, convértese en enfermidades incurábeis.

A procedencia destas úlceras virá determinada por rozaduras e feridas mal curadas, que finalmente se infectan producindo chagas que pouco a pouco irán profundando a través de pel e músculos ata alcanzaren o óso.

En ningún caso, como indicabamos con anterioridade, debemos perder de vista a picaresca, posto que por aqueles anos está moi estendida a práctica de poñer en contacto coa pel substancias cáusticas que producen úlceras escrofulosas, ademais de refregar os labios e o nariz con zume de euforbia, producíndose unha inchazón en ditos membros similar ao cadro presentado por enfermos escrofulosos.

Asegur aparecen aqueles que teñen lesións nas extremidades, derivadas na súa maior parte de roturas mal curadas. Este tipo de lesións é esgrimido en gran cantidade de casos para evitar o alistamento. Adóitase alegar impedimentos en brazos, pernas e dedos co fin de evitar o servizo das armas, moitos de eles son incorporados ao exército polo médico presente no sorteo.

No acaban aquí as desgrazas dos mozos, xa que imos ver alegacións de todo tipo, unhas non serán atendidas, fronte as outras que si o serán. Polo acto da tallaxe pasarán chepudos, tiñosos, tortos, coxos, curtos de vista, presos que arrastran penas de morte, mozos sen dentadura, herniados, etc.

Deste rosario de desgrazas obtemos o retrato dunha sociedade en crise, cuxa alimentación é máis que deficiente, como se pode extraer das preguntas 21 e 22 do Interrogatorio das crisis agrícola e pecuaria:

"La alimentación de la clase proletariado de esta región y hasta de los propietarios cultivadores que componen las cinco sextas partes, por lo menos, del número de habitantes de este distrito, es de lo más frugal que imaginarse puede: pan de maíz, y un mal caldo de patatas y col gallega es la base de su alimentación, cuyo precio por habitante ni aún puede calcularse a un real diario en la mayoría de los casos."

*"Por las condiciones especiales de pobreza ya indicadas, el consumo medio por habitante de estas comarcas, de ningún modo puede calcularse superior al siguiente: pan de trigo 15 kilogramos, de centeno y maíz 75, carne de vaca 3; de cerda, 2; vino 15 litros; aceite, 2 kilogramos."*³.

Trátase dunha alimentación falta de elementos tan básicos como poden ser vitaminas e proteínas, ademais de pouco variada; o que converterá ós veciños en presa fácil de enfermidades, problemas óseos, etc.

Unha nutrición deficiente será a causante doutro elemento a destacar dentro de este traballo, onde se trata de estudar como evoluciona a estatura dos quintos desde 1836 ata 1922.

Dos datos da quinta de 1836 obtemos como resultante que a estatura media dos recrutados non pasaría do metro cincuenta e cinco centímetros e, o que é peor, á hora de excluír aos quintos considerados curtos fano sen máis, o que nos impide saber cal é a altura do mozo en cuestión. Sabemos que o seu talle é inferior a 1,498 metros, xa que este é o talle máis baixo dos soldados declarados como aptos. A maiores existe o concepto de curtísimo, que como vimos con anterioridade, aplícaselle ao 40% dos mozos que non alcanzan a estatura mínima esixida. Sen dúbida, se aplicásemos este elemento corrector a estatura media baixaría algún centímetro. Valga como exemplo que tan só un dos mozos computados chega a 1,70 metros e o resto non pasa do 1,625.

Vinte e catro anos máis tarde a cousa adquire outro ton. A estatura media sube ata alcanzar o metro sesenta e dous centímetros. En 24 anos a estatura media creceu como mínimo sete centímetros. (Quizais as medidas, en pés e polgadas en 1836 inclúan algún elemento corrector que descoñecemos⁴ xa que a diferenza de estatura entre uns e outros sería aínda máis elevada se temos en conta a talla dos soldados considerados curtos).


O certo é que a estatura media no período 1860-1862 ascende ata chegar a 1,62 metros. Dos 63 quintos medidos cinco chegan e sobrepasan 1,70 metros, mentres que trinta e dous pasan de 1,60 metros.

3. Crisis agrícola y pecuaria: Actas y dictámenes de la comisión creada por R. D. del 07/07/1887.

4. Consideramos como unha pulgada 2,54 centímetros, mentres que o pé estaría formado por doce pulgadas.

Mentres que en 24 anos se produciu un salto tan incríbel, os seguintes sesenta anos vannos deparar un ascenso dos talles dos recrutas, pero dentro dunha lóxica facilmente comprensíbel.

Se en 1862 a estatura media dos mozos era de 1,62 metros, en 1922 vai ascender ata chegar a 1,652 metros. Consideramos que este incremento do talle medio é máis probábel que o anterior, moito máis se temos en conta o paso intermedio de 1892, onde xa se acadara a media de 1,64 metros.



Elaboración propia. AMP expedientes de alistamento militar correspondentes aos anos indicados.

No gráfico adxunto podemos observar a evolución real das distintas quintas analizadas. Como vemos trátase dunha gráfica que malia ter altos e baixos ten un marcado carácter ascendente, o único elemento discordante sería o salto que se produce desde 1836 ata a década dos sesenta do século XVIII, onde a diferenza de talle é moito maior que vai ser nos posteriores 70 anos.

OS PRÓFUGOS

O último caso a tratar será o dos prófugos. Desde 1836 ata 1924, van eludir o servizo militar -en primeira instancia- máis de 500 mozos, a gran maioría optará por unha emigración anticipada cara a destinos como Cuba, Arxentina ou Uruguai, ademais doutros países de menor relevancia en canto ao número de eumeses que recibiron.

Coa finalidade de evitar o servizo militar e ante a perspectiva dun futuro incerto, moi posibelmente marcado de todos modos pola emigración, os mozos deciden adiantar aos 14 ou 15 anos a idade do embarque cara a América.

Naquelas terras, en moitos casos, estaraos esperando algún familiar ou veciño emigrante que os acolle mentres buscan traballo. No resto de casos, os mozos terán que enfrontarse desde idades moi temperás coas penalidades da emigración, traballos infrahumanos de sol a sol, en moitos

casos en condicións de semiescravidade, que irán minando a súa fortaleza física e psíquica, impedíndolles voltar de novo ós seus fogares.

Ademais dos evadidos dos cales coñecemos o seu destino. Existen outra serie de prófugos dos que descoñecemos o seu paradiro, posto que á hora do alistamento non se presentan nin eles nin ninguén que os represente. No caso de aparecer alguén no seu nome, descoñece o destino do mozo en cuestión, alegando unha partida repentina sen solicitar o permiso previo dos seus proxenitores.

Ata mediados do século XIX o número de non presentados, xunto con ausentes en paradiro descoñecido ou en América, non supera o 10% dos sorteados. En anos como 1839 ou 1840 preséntanse ao acto de alistamento o 100% dos quintos. Nun ano tan significativo como 1836, onde son sorteados 249 mozos, tan só tres se achan ausentes.

É a partir das segunda metade da década de 1850 cando o número de prófugos comeza a alcanzar cotas bastante significativas. A Real Orde de 16 de setembro de 1853 que regulaba de novo a emigración, terá bastante que ver co incremento do número de mozos que optan por fuxir antes de facer fronte as “obrigas” militares.

É a partir de 1857 cando o número de ausentes e non presentados vai superar o 10% do total, esta marxen manterase inalterábel no tempo con baixóns e subidas considerábeis, como ocorre na leva de 1874 onde dos 113 mozos sorteados o 20% non concorre ao acto de alistamento.

O ascenso imparábel do número de prófugos vai comezar na década dos noventa. A partir deste instante se xeneraliza o proceso migratorio cara a América alcanzando durante o período que vai desde 1890 a 1930 as maiores porcentaxes de emigrantes xamais vistas en Galicia.

Este elemento vaise ver reflectido directa e indirectamente nos expedientes de alistamento militar, no primeiro caso os prófugos aparecen como ausentes nun destino coñecido, ao que nalgúns casos se lle engade ano de partida, lugar de residencia, oficio, etc.. No segundo dos casos, no suposto de presentarse algún familiar, utilizaríase a seguinte fórmula:

"Hai anos ausentouse do domicilio paterno sen manifestar onde se dirixía, e a pesar das investigacións feitas para saber do seu paradiro non se puido conseguir".


A fórmula utilizada polos familiares enténdese dentro do marco dunha lexislación cada vez máis estrita no que se refire ao trato aos prófugos, estendéndose as penas ás súas familias. Lembremos que mentres que existiu a posibilidade de redención de quintas, os pais dos prófugos foron obrigados a aboar o importe da mesma. En caso de insolvencia levaríase ao cabo a detención subsidiaria durante un ano.

Outro elemento a ter en conta á hora de analizar o incremento de prófugos é o derivado das veleidades imperialistas do exército español, que busca resarcirse do desastre do 98 coa súa

expansión africana a conta do territorio marroquí. A guerra de Marrocos acabará larvándose e os mozos evitarán por todos os medios ao seu alcance formar parte do exército de África.

A modo de exemplo, abonda con botar un ollo á gráfica adxunta para comprobar que a porcentaxe de prófugos en Pontedeume chega a alcanzar en 1912 o 75% dos sorteados, sendo a media moi superior ao 40% a partir de 1900. Ben é certo que mentres en Pontedeume sempre se cubriron os reemprazos, non ocorría o mesmo en concellos do mesmo partido xudicial como é o caso de Ares do que coñecemos anos nos que non se presenta ningún quinto ao acto de alistamento.

Do mesmo modo que a comparativa con concellos veciños é positiva, non resulta o mesmo se o facemos co resto do territorio nacional onde a porcentaxe descende a un 17,25; ou se comparamos os resultados de Pontedeume cos de rexións industrializadas como é o caso de Cataluña onde o número de prófugos é dun exíguo 6,14%.



Elaboración propia. AMP expedientes de alistamento militar correspondentes aos anos indicados.

BIBLIOGRAFÍA

- FEIJOO GÓMEZ, Albino: "Quintas y protesta social no século XIX".
- GONZALEZ ASENJO, A.J. : "La resistencia al servicio militar en Galicia 1837-1874" Estudios de Historia Social. Nº 34 e 35. PP197/318.
- SALES DE BOHIGAS, Nuria: "Sobre esclavos, reclutas y mercaderes de quintas" século XIX. Ed Ariel. 1974.
- SECO SERRANO, Carlos: "Militarismo y civilismo en la España contemporanea" Madrid. Instituto de Estudios Económicos. 1984.
- VAN GENNEP: "Rituales de paso". Barcelona. Ed. Taurus. 1986.

UNA NUEVA INTERPRETACIÓN DEL PRIVILEGIO DE PEDRO I, DE 1364, CONCEDIDO A FERNÁN PÉREZ III, MÁS CONOCIDO COMO “O BO”

Carlos de Castro Álvarez

PRIMERAS REFLEXIONES

Es extremadamente exigua la documentación que nos habla del comportamiento de Fernán Pérez de Andrade III en la guerra civil que enfrenta a Pedro I con su hermano Enrique de Trastámara. Parquedad que a nadie sorprende, e incluso podemos considerar que no es tal si tenemos en cuenta que de muchos de su misma condición¹, que vivieron aquellos aciagos años, apenas conocemos el nombre. Con anterioridad a la muerte de Pedro I, nada se dice de él en la obra de López de Ayala, sin cuya existencia muchos documentos llegados hasta nosotros tendrían un difícil ensamblaje; de lo cual ya podemos empezar a deducir algo: nuestro protagonista no fue entonces un primer espada. Del naufragio de su recuerdo se salvaron cuatro pequeñas islas entre las cuales la navegación es complicada y grande la tentación a ver galeones entre los bancos de niebla. En efecto, cuatro documentos y una mención bastan para ver a Fernán Pérez de Andrade, Maquiavelo *avant la lettre*, pasando de bando a bando según unos intereses perfectamente calculados y unos ideales caballerescos que se salta a la torera cuando le place, prestando barcos al Bastardo y saliendo al destierro, participando en asedios o sufriendolos, y nada menos que, como traca final, disputando con Duguesclin la autoría del asesinato de Pedro I².

El primer documento³ es la donación, del 12 de abril de 1356, que le hace don Enrique de Trastámara, de la feligresía de Santa María de Recemel y la heredad de "O Rego". El segundo, el privilegio de Pedro I, de 1 de mayo de 1364, por el que se le concede las feligresías de Pontedeume, Villalba y Santa María de Naraío, y el tercero, confundido muchas veces con el anterior, la donación, del mismo rey en la misma fecha, de la feligresía de Naraío. Y por último, el privilegio de don Enrique, ahora II, de 19 de diciembre de 1371, concediéndole las villas de

1. En efecto, de los 34 personajes gallegos vivos que se cita en el llamamiento que hace el arzobispo de Santiago, Rodrigo de Moscoso, instando a defender el legitimismo, apenas cuatro aparecen citados en la *Colección Documental de Pedro I*, y uno de ellos es Fernán Pérez de Andrade III, los demás son Alvar Pérez de Castro, Andrés Sánchez de Gres (merino Mayor de Galicia) y Gutiérrez Martínez de Valladares, a quien se dona, en 1360, la tierra de Sabáriz.

2. Véase CORREA ARIAS, F. J., *Fernán Pérez de Andrade, O Bóo, Mentalidade e realidade social*, Noia, 2004.

3. Véase su transcripción en GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba*, 1994, Colección Documental, nº 1, p. 203.

Pontedeume y Ferrol. Hay otros documentos⁴ del mismo monarca que nada aportan desde el punto de vista cualitativo.

En el manejo que los historiadores han hecho de estos documentos, apreciamos lo siguiente:

1. El protagonismo absoluto del documento de 1371, lo cual es lógico si tenemos en cuenta que representa la legalidad sobre la que los Andrade cimientan su ascenso. Pero ello ha contaminado, junto con el primer documento, el análisis del comportamiento de nuestro protagonista en la guerra civil: un enriquecimiento prematuro, con un inexplicable giro al petrismo de ida y vuelta.

2. El documento del 1371 ha sido publicado en repetidas ocasiones tomándolo de Vicetto sin advertir debidamente que no conocemos el documento original, sino una confirmación de los Reyes Católicos, copiada por Salazar, que inserta los privilegios de la concesión de Villalba, Pontedeume y Ferrol. No cabe, sin embargo, dudar de la autenticidad de estos privilegios.

3. Por el contrario, el documento del 1364, siempre mencionado de pasada, a veces con errores en su contenido, nunca ha sido publicado en Galicia y, a pesar de ser un precioso documento original, se considera una copia e incluso se llega a dudar de su autenticidad; y ello sin ser visto y sin un estudio paleográfico. Es sorprendente como han conservado los Andrade y sus descendientes este documento, sin valor legal, prueba de los bandazos de nuestro protagonista. ¿Sin valor legal? ¿No era un privilegio de un rey legítimo como premio en la lucha contra el enemigo? ¿Qué hubiera pasado si don Enrique II hubiese muerto en 1370? No nos quepa la menor duda: con este documento ni los de Pontedeume ni los de Villalba se hubiesen librado de los Andrade, y eso si Fernán Pérez de Andrade hubiese conservado la vida, harto difícil dada la arbitrariedad con que actuaba don Pedro. Pero, es más, nadie ha advertido que en realidad de 1364 tenemos dos documentos: en uno se dona sólo la feligresía de Naraío, y en otro, las feligresías de Pontedeume, Villalba y Santa María de Naraío.

4. Se ha interpretado el documento de 1356 con excesiva frivolidad, tomándolo como una prueba irrefutable de la adhesión de Fernán Pérez de Andrade al bando trastamarista.

UN DOCUMENTO Y UNA COLECCIÓN DOCUMENTAL

En julio de 1996, asistimos al curso, organizado en Ferrol por la Universidad Menéndez Pelayo, titulado *Arte e Sociedade durante a Baixa Idade Media en Galicia*, en el que participé como ponente Luis Vicente Díaz Martín, a quien había tenido el placer de tener como profesor de Historia Medieval en la Universidad de Valladolid. Recordé entonces que era especialista en Pedro I. Hablando con él supimos que acababa de publicar un libro sobre Pedro I dentro de la *Colección Reyes de Castilla y León*⁵, y tenía muy avanzada la preparación de la colección docu-

4. Nos referimos al de 1371, concediéndole las feligresías de Naraío, Recemel, Ferreira, Mugardos, Ambroa o Vilachá, y al de 1373, concesión del señorío de Villalba.

5. Dentro de esta Colección es interesante también para el tema que nos ocupa VALDEÓN BARUQUE, *Enrique II* (1369-1379), Palencia, 1996.

mental del citado monarca. Por aquel tiempo yo estaba enfrascado con el tema del monasterio de S. Juan de Caaveiro y fui posponiendo una visita que nunca se produciría por la temprana muerte del querido profesor, que en paz descanse.

et despues de vros dias que la aya et herede por mayoradgo qualquier vro fijo o fija legitima que vos ordenaredes en vro testamento et postrimera voluntad, e q dende en adelante que aya et here- de la dha feligresia el su fijo o nieto o visnieto varores que del vro fijo o fija nieto o nieta a quien vos mandaredes el dho maioradgo nacieren, uno en pos del finamiento del otro, e a fallecimiento de los varones que la hereden las fijas que nacieren de vro linaje, non lo hauiendo pariente de la liña del traues, e si el fijo o fija que primeramente ouiere el dho maioradgo finare sin fijo o nieto o dende aiso varores o mugeres legitimas que aya et herede la dha feligresia con todo lo que dho es el vro fijo siguiente legitimo et despues el segundo et dende el tercero y el quarto y el quinto et dende aiso o sus fijos o nietos legitimos o dende aiso que de vos descendieren legitimos, e si no ouiere y fijos legitimos o nietos de vro linaje que sean legitimos de liña derecha que descien- da de vos de la vra liña dra del leg^{mo} matrimonio, quier sea varon o muger que sea tornada la dha feligresia con todos sus terminos et pechos et dros et Justicia et Señorío a la Corona de los mios Regnos. Et retengo para mi et los Reyes que regnaren despues de mi en Castiella et en Leon el Señorío R^l de la dha feligresia et de su termino et seruicios et monedas et tercias et alcavalas segunt que las he en los otros logares de los Señoríos de mios Regnos et mineras de oro y de plata et de otro qualquier metal que y aya et dovos a vros fijos o nietos que ovieren el dho maioradgo men guarden la justicia que yo que la mande facer et complir. Et por este mi priuilegio o por el trasla- do del signado de escriuano publico sacado con actoridat de Juez o de Alcalde mando a todos los conceios et alcaldes et Merinos et oficiales y homes buenos dela dha feligresia et de sus terminos et a cada uno dellos et a todos los vecinos et moradores que agora y moran y moraren de aquí ade- lante que este mi priuilegio vieren, o el traslado del signado como dho es, que vos reciuan y ayan por Señor a vos el dho Ferrant Perez o qualquier de vros fijos o fijas o nietos o nietos o visnietos o dende aiso que ouieren de hauer el dho maioradgo et que cumplan et obedezcan vras cartas et vro mandado así como de su s^{ra}. Et otrosí mando por este mi priuilegio a Rodrigo Alfonso de Mansiella, mio Merino maior en Gallicia, o al Merino o Merinos que por mi o por el anduvieren agora et de aquí adelante en las meridades de Galicia o en qualquier dellas, et a los Alcaldes et Merinos et Jurados et oficiales de las Comarcas o a qualquier dellos queste mi priuilegio vieren o el traslado del signado como dho es, que entreguen et fagan luego entregar a vos el dho Ferrant Perez, o al q. lo ouiere de recabdar por vos la dha feligresia de S^{ta} Maria con todos sus terminos como dho es, et que vos amparen et defiendan con esta mrd q. vos yo fago, et que vos recudan et fagan recodir con todos los pechos et dros foreros de la dha feligresia et con todas las otras cosas que pertenecen al Señorío de la dha feligresia saluo las cosas que debiessen. Et definiendo firme mente por este mi prouilegio que ninguno nin algos non sean osados de vos yr nin pasar contra esta mrd que vos yo fago a vos nin a vros herderos nin contra pte della en ningunt tiempo por alg^a manera, sinon que qualquier o quales^r q. contra ello vos fuesen o pasasen pecharme yan en pena 10 doblas de oro Castellanas de las q yo agora manado labrar de 35 mrs cada una, et a vos el dho Ferrant Perez et a los que vra boz touiesen todo daño et menoscabo q. por ende reciuiessen dobla- do, e esto vos mande dar este priuilegio rodado et sellado con mio scello de plomo colgado en q, escriui mi nombre. Fecho el priuilegio en la mi V^a de Murviedro 1 dia de Maio Era de 1402.

PRIMERA COLUMNA

D Gomez Manrique, Arzobispo de Toledo, Primado de las Españas, Notario Mayor de Castiella, conf.
 D Gutierre, obispo de Palencia, conf.
 D Fernando, Mro Theología, obispo de Burgos, conf.
 D Roberto, obispo de Calahorra, conf.
 D Giraldo, obispo de Cuenca, conf.
 D Johan, obispo de Sigüenza, conf.
 La iglesia de Segovia, vaga / conf.
 D Lorenzo, obispo de Osmá, conf.
 D Alfonso, obispo de Auila, conf.
 La Iglesia de Plasencia, vaga.
 D Nicolas, obispo de Cartagena, conf.
 D Andres, obispo de Cordoua, conf.
 D Alfonso, obispo de Jahen, conf.
 La Iglesia de Cadiz y de Algecira, vaga
 D Pedro Manrique, Adelantado Maior de Castiella, conf.

SEGUNDA COLUMNA

D Sancho, Señor de Villena, fijo del muy noble Rey d Pedro, conf.
 D Garçia Aluares, Maestre de la Orden de la Caueria de Santiago, conf
 D Gutier Gomes, Mre de Alcantara, Adelantado Mor del Regno de Murcia, conf.
 D Johan, Conde de Armeñique, conf.
 D Aluar Dias de Haro, conf.
 D Johan Alfonso de Haro, conf.
 D Johan Alfonso Giron, conf.
 D Aluar Rorrº de Aza, conf.
 D Beltrán de Gueuara, conf.
 D Pero Rorrº de Aza, conf.
 D Diego Gomez de Catañeda, conf.
 D Garcia Manrique, conf.
 D Ramir Nuñez de Guzman, conf.
 D Pero Nuñez de Guzman, conf.
 D Po Nuñez de Guzman, conf.
 D Johan Alfonso Exerica, conf.

SOBRE EL SIGNO RODADO SIN ILUMINAR

D Frei Alfonso, Mro en Theologia, arzobispo de Seuilla, conf.

BAJO EL SIGNO RODADO

Johan Alfondo de Benauides, justiça Mayor del Rey, su Notario Mayor de Andalicía, conf.
 D Egidio Bocanegra, Almirante mior de la Mar, conf.
 Ferrant Aluares de Toledo, Nortario mor del Regno de Leon, conf.
 Diego Gomez de Toledo, Notario maior del Regno de Toledo, conf.
 Yo el Rey don Pedro

TERCERA COLUMNA

D Suer Gomez, Arzobispo de Santiago, Capellan maior del Rey, conf.
 D Frei Alfonso, obispo de Leon, conf.
 D Sancho, obispo de Ouiedo, conf.
 La Iglesia de Zamora, vaga
 D Alfonso, obispo de Salamanca, conf.
 D Alfonso, obispo de Çibdat, conf.
 D Johan, obispo de Badajoz, conf.
 D Johan, obispo de Orense, conf.
 D Alfonso, obispo de Mondoñedo
 D Johan, obispo de Tuy, conf.
 D Frei Alfonso, obispo de Lugo, conf.
 D Ferrand, obispo de Astorga, conf.
 D Johan, electo de Coria, conf. conf.

CUARTA COLUMNA

D Mahomad, Rey de Granada, vasallo del Rey, conf.
 D Martín Gil, So de Alborquerque y Medellín, conf.
 D Frei Gomez Perez, Prior de la Orden de S Johan, conf.
 D Enrique Enriquez, Adelantado maior de la Frontera, conf.
 D Alfonso Perez de Guzman, conf.
 D Po Ponce de Leon, conf.
 D Johan Alfonso de Guzmán, conf.
 D Lope Rodriguez de Villalobos, conf.
 D Ferran Roiz de Villalobos, conf.
 D Garci Ferrandes de Villamaior, conf.
 D Rui Gonzalez de Cisneros, conf.
 D Lopo Diaz de Baeza, conf.
 D Johan Alfonso de Baeza, conf.
 Dodrigo Alfonso de Mansiella, Merino Maior de Galicia e de Asturias y de tierra de Leon, conf.

EPÍLOGO

Para aclarar las dudas que teníamos planteadas, escribimos al Archivo de la Casa de Alba:

ARCHIVO DE LA CASA DE ALBA
PALACIO DE LIRIA
Princesa, 20
28008-Madrid

Pontedeume, 2 de diciembre, 2004-12-02

Estimado Sr.

Con el fin de enriquecer el Fondo Local de la Biblioteca Municipal de Pontedeume, nos permitieron realizar una reproducción del documento de donación de Pedro I a Fernán Pérez de Andrade, de 1364, por el que se le donaban las feligresías de Villalba, Pontedeume y Santa María de Naraío (Sección Lemos, C.343-8). En 1999, el profesor de la Universidad de Valladolid Luis Vicente Díaz Martín publicó la Colección Documental de Pedro I de Castilla. El documento arriba citado es el nº 1247 (Tomo 4, p. 153) de la Colección; el cual presenta grandes diferencias con el documento que nosotros tenemos, entre ellas, el contenido del signo rodado: en el nuestro aparece vacío y en el que transcribió Díaz Martín aparece la inscripción (ver fotocopia):

Anillo interior: SIGNO DEL REY DON PEDRO

Anillo exterior: DON FERNANDO DE CASTRO, ALFEREZ
MAYOR DEL REY, CONFIRMA+ DON DIEGO GARCIA, MAESTRE DE
CALATRAVA, MAYORDOMO MAYOR DEL REY, CONFIRMA.

Le quedaríamos muy agradecido si nos pudiera aclarar las siguientes cuestiones:

- 1.- Si existe más de una copia del documento de donación de Pedro I a Fernán Pérez de Andrade, 1364, feligresías de Villalba, Pontedeume y Narahío, o se trata de una confusión del profesor Díaz Martín.
- 2.-Si existe el documento, que el profesor Díaz confunde con el anterior, de donación de Pedro I, 1364, de la feligresía de Naraío que aparece en la COLECCIÓN SALAZAR (M. 47, 102-103).
- 3.-En la COLECCIÓN SALAZAR se transcribe también la confirmación de los Reyes Católicos de los documentos de donación de Enrique II, 1371, 1373, (dona-

ciones de Ferrol y Pontedeume y Villalba ,M. 48, 77-80) y el privilegio del mismo don Enrique, 1371, de las feligresías de Narahío, Recemel, Ferreira, Mugar dos, Ambroa y Vilachaa (M. 48, 104-105).

¿Se conservan los documentos originales de donación de Enrique II, de 1371 y 1373, o sólo tenemos la confirmación de los Reyes Católicos?

¿Se conserva el documento original de la donación de Narahío, Recemel, Ferreira, Mugar dos, Ambroa y Vilachaa?

Si realmente se conservan es lamentable que siempre se cite como fuente la COLECCIÓN SALAZAR y no el ARCHIVO DUCAL DE LA CASA DE ALBA.

Agradeciéndoles su amabilidad y la eficacia que siempre demuestran, reciban un cordial saludo.

La respuesta recibida, después de haber entregado el artículo para su publicación, fue la siguiente:

Madrid, 18 de enero de 2005

Muy Sr. Mío

Como contestación a su carta de fecha 2 de diciembre de 2004, intentaré responder a las cuestiones que plantea. En primer lugar el C. 343 nº 8, cuya signatura actual es Carpeta nº 7, es el documento original y único de dicha donación y, efectivamente, la rueda está en blanco. Por ello, no cabe duda de que el profesor Díaz se limitó a rellenarla tomando como modelo cualquier privilegio de esas fechas.

A las otras cuestiones, la respuesta es no, pues en el supuesto de existir, lo habría reseñado el profesor Díaz y también Vdes. habrían dispuesto de una copia.

Lamentando que mis respuestas no puedan ser de otro tenor, queda a su disposición y le saluda atte.

Fdo. José Manuel Calderón

CÁTEDRA

Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2004

ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do VII Premio de Investigación Concello de Pontedeume en temas etnográficos, composto por D. Clodio González Pérez, etnógrafo, historiador e membro da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego; D. Juan Carlos Fernández Naveiro, profesor de Filosofía de Ensino Medio no Instituto de Bacharelato de Mugardos; Don Guillermo Llorca Freire, profesor de Historia no Instituto Sofía Casanova de Ferrol; e actuando como presidente, D. Belarmino Freire Bujía, Alcalde e Concelleiro de Cultura, e como secretario do Xurado D. Alexandre Cainzos, Bibliotecario Municipal, decidiu por unanimidade conceder o premio ó traballo titulado “*Cultura e cambio material: O significado das cousas a través do tempo*” do que é autora Doña Silvia Fernández Vázquez.

En Pontedeume, a 23 de setembro de 2004

CULTURA E CAMBIO MATERIAL. O SIGNIFICADO DAS COUSAS A TRAVÉS DO TEMPO

Silvia Fernández Vázquez

"I propose that we regard luxury goods not so much in contrast to necessities, but as goods whose principal use is rhetorical and social, goods that are simply incarnated signs"¹.

A. Appadurai. 1986, p. 38

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Aproximación teórica: Das cousas na cultura

Unha casa restaurada é a síntese perfecta do paso do tempo: nela contéñense os significados do pasado renovados cos ideais do presente que se proxectan cara ao futuro. Entrambos os dous extremos, nesa fusión de tradición e modernidade, translocen unha serie de procesos de grande relevancia para comprender a evolución mesma da cultura.

A cultura é un intanxible de difícil definición: resulta cando menos complicado contar mediante límites un elemento que pode chegar a abranguer tantos e tan amplos fenómenos. Mesmo poderíamos dicir, non sen certa ousadía, que a cultura o é todo, porque todo o modela e o transforma; non hai nada que poida permanecer á súa marxe, porque media todos os quefaceres humanos. Porén, entendida como abstracción tampouco é nada en si mesma, a expensas dos actores, das xentes que a crean, a modulan e a dotan de contido, que lle confiren cos seus xestos significado. A cultura enténdese, dende o punto de vista que se presenta, como un conxunto de elementos que significan: isto supón un posicionamento claro dentro da Antropoloxía simbólica, que se vén desenvolvendo dende os anos sesenta do pasado século.

Atopámonos ante a chave que nos abre as portas para comprendérmos as ideas vertidas neste estudo: as cousas non significan nada en si mesmas, son simples obxectos baleiros que adquiren toda a súa forza a través da cultura, do significado que de forma convencional a sociedade lles concede. As cousas convértese, así, en algo máis que iso, a materia tórnase vida, fálanos, expre-

1. *"Propoño que non observemos máis os bens preciosos como opostos ás necesidades, senón como bens, o uso principal dos caís é retórico e social, bens que son simplemente símbolos personificados".*



Conxunto de casas formando un lugar, rehabilitado na súa totalidade

sa un xeito de pensar, de sentir, de actuar, unha concepción do mundo e da vida. As cousas son o concreto que nos leva ao abstracto, a materia baixo a cal transloce o espírito, a alma dunhas xentes, a esencia dunha experiencia vital.

As cousas, cos seus significados, enténdese como concrecións dunha organización esencial do contorno e da interacción cos outros; son reflexo da conformación mesma do vivir grupal do ser humano en cada momento e lugar, son a mostra máis palpable dunha cultura. Por iso as cousas son importantes, son obxectos de valor mais alá do económico, son entidades fundamentais dende un punto de vista ontolóxico, como reflexo do ser social dunhas xentes e como forma de comunicación entre elas, xentes que coa súa vida en común van tecendo unha rede imperceptible que acaba, mesmo sen querer, por envolverlas.

O material, as cousas, son daquela pequenos e grandes obxectos que dan conta de todo un universo simbólico, ao que queremos acceder. Por iso son elas, as cousas, a nosa mellor guía para percorrer o camiño da cultura, para nos empapar paulatinamente dos seus sentidos compartidos, antes de chegar, á fin, ao noso destino: unha fonda comprensión das xentes e da súa cultura agárdanos como premio á final do noso traxecto.

1.2 Aproximación xeográfica: a Comarca do Eume como obxecto de estudio


O traballo que aquí se presenta responde na súa orixe a unha investigación propia realizada como parte do itinerario curricular da Licenciatura de Humanidades, titulación que obtiven recentemente. Non obstante, o perfil deste estudo tivo que ser modificado para que as súas características respondesen á realidade peculiar dalgúns puntos da comarca do Eume². Deste xeito, aínda

2. A investigación foi completada ao amparo dunha bolsa do Programa Nacional de Formación do Profesorado Universitario, concedida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o ano 2004.

que a temática predominante, o mundo da casa rural e a súa transformación material e semántica, permanece como eixo do proxecto, tanto a súa estrutura como os diversos materiais que se achegan (fotografías, plantas, mapas...) tiveron que ser realizados de novo. Con isto, os contidos que se recollen neste artigo refírense na súa globalidade ás zonas rurais da comarca estudada, aínda que cómpre confesar que os concellos de A Capela e As Pontes non aparecen especificamente representados, se ben pode ser posible a extensión de moitas das afirmacións aportadas á realidade das súas parroquias.

O ámbito de estudo, por tanto, é o principal condicionante deste traballo de investigación, que se desenvolve máis especificamente nos concellos do sur e sudoeste da comarca, como é o de Monfero, o de Pontedeume e mesmo o de Cabanas. Pero ademais, aínda que escapa estritamente ás divisións oficiais do que se considera propiamente como comarca do Eume, téñense incluído tamén algunhas parroquias do termo municipal de Vilarmaior, que en canto tanto á súa localización natural como polo que se refire ás súas relacións están máis inclinadas cara ao Eume que á comarca das Mariñas á que pertencen. Así, as parroquias de Doroña e Grandal, estreitamente vinculadas a Pontedeume, como a de Torres, que se dirixe cara a Monfero, son tamén tidas en conta neste traballo.

No mapa aparecen marcados os concellos que constitúen a Comarca do Eume: A Capela, As Pontes, Cabanas, Monfero, e como capital comarcal Pontedeume



De todos os xeitos, moitos dos contidos vertidos nas páxinas que aparecen a continuación pódense facer extensibles a rexións máis amplas do rural galego. Os ámbitos vilegos ou aqueles máis semellantes ao mundo urbano, como pode ser o caso da capital comarcal, substráense dos comentarios que aquí se presentan, porque as súas características, tanto polo que se refire aos costumes, á organización social como á disposición do hábitat, son eminentemente diferentes.

2. A UNIDADE SOCIAL BÁSICA: A CASA E A SÚA EVOLUCIÓN NO ÚLTIMO SÉCULO

A unidade social básica no ámbito rural tradicional de Galicia é a casa. Esta non se entende só en termos materiais, senón que é concibida nun sentido moito máis amplo. A casa no contexto do que imos falar é, por unha parte, a construción material que serve como vivenda, pero tamén as construcións anexas que a complementan e que serven a diversos usos, os animais, os

terreos dos que dispón, etc. Do mesmo xeito, a casa designa tamén ás xentes que viven nela, a toda unha tradición familiar que se identifica cun espazo habitacional determinado. De calquera xeito, o sentido do termo que aquí imos empregar, dado que este traballo está baseado nos elementos materiais para explicar a cultura, restrinxese á acepción máis corrente presentada en primeiro lugar. Non por iso, hai que ignorar a dimensión real da que está dotado este concepto no ámbito tradicional da ruralía galega.

No seu sentido máis amplo, a casa está formada xeralmente por membros de tres xeracións que conviven dentro do ámbito doméstico, así como por unha serie de parentes colaterais solteiros que permanecen na casa natal como "segundóns". O centro da familia está constituído, pois, por

un, dous ou tres matrimonios de diferentes xeracións, unidos por diversos tipos de filiación, que representan os sistemas de herdanza propios de cada rexión.



A casa está representada por tres xeracións, que en termos temporais representan (segundo algúns sistemas de cómputo) o período trascorrido ao longo de todo un século. Na foto enriba presentada, o patricio e a súa dona centran a imaxe. A un dos lados a súa filla; ao outro o neto, fillo de solteira.

As tres xeracións convivían nesa mesma casa que aparece representada ao fondo.

A pervivencia da casa como entidade social foi sempre un motivo de preocupación central no mundo tradicional galego. Hoxe, non obstante, as expectativas dalgunhas delas tenden a ser pouco alentadoras: a diminución da natalidade e o éxodo ás cidades son os principais elementos que amosan esa tendencia negativa, que reflicte un proceso de abandono progresivo do campo. Porén, considero que a ruralía galega presenta posibilidades máis que suficientes para que a decadencia que se augura non sexa tal. O principal factor de renovación, que fala de novos modelos de vivenda e maneiras diferentes de entender a casa, provén dos chamados "venideros", xentes de fin de semana ou retornados urbanos que establecen a súa residencia no ámbito rural.

3. A DISPOSICIÓN DO HÁBITAT: DA MONTAÑA Á MARIÑA

Os concellos que forman a comarca do Eume amósannos paisaxes moi distintas. Dende as terras altas dos municipios de Monfero ou As Pontes, ata as poboacións máis próximas á costa, como Cabanas ou Pontedeume, hai unha gradación substancial polo que se refire á habitación humana. Como exemplo desta afirmación podemos sinalar o contraste entre o tipo de poboamento predominante na parroquia de Xestoso e a disposición e o tipo de vivendas máis característicos da mesma vila de Pontedeume. As notas a salientar entrambos os dous extremos son numerosas.

Así, se descendemos polos vieiros que comunican ambas poboacións, dende a estrada de Vilalba pasando polo Xestal e continuando por Monfero ata a Ponte da Pedra, e de alí baixando pola vía que vai por Nogueirosa ata Pontedeume, podemos ir apreciando a ambos lados o incremento da densidade de vivendas, así como os cambios na súa disposición e tipoloxía.

A liña remarcada sinala o descenso da montaña á mariña, e ata chegar á vila, no tramo exemplificado. O percorrido pretende mostrar o cambio tipolóxico progresivo na disposición e no tipo de vivendas características. Tomado de www.viamichelin.com



En primeiro lugar, as rexións altas de montaña son predominantemente rurais, tanto máis canto máis interior é o espazo do que falamos. Evidentemente no caso de As Pontes, as circunstancias son diferentes, por se tratar dun centro industrial de certa relevancia, en torno ao cal a concentración de poboación é moito maior. En calquera caso, polo que se refire ao territorio que pertence ao concello de Monfero, hai que salientar o seu carácter rural maioritario, con algúns peque-

Imaxe dun grupo de vivendas de Xestoso.

Tomado de *"Los protagonistas de la economía básica"*, de J.A. Fernández de Rota e M. Pilar Irimia.



nos grupos de tipo diferente á beira da estrada, como é o caso do Rebordelo ou mesmo do Xestal. Porén, malia iso, non é posible afirmar a homoxeneidade das súas construcións e a similitude da ocupación habitacional.

Conforme nos adentramos cara ao interior da provincia, ao tempo que nos diriximos ás terras máis altas, a disposición do hábitat pódese caracterizar como dispersa. Ao contrario que a proliferación das construcións diseminadas que caracterizan as rexións de mariña, neste caso atopamos diversos grupos de casas cerradas en torno a si mesmas, formando pequenas aldeas características das zonas montañosas desta comarca. As vivendas, de tamaño superior ao habitual en terras máis baixas, caracterízanse pola homoxeneidade que lles confire o ton da lousa dos seus tellados e muros sen recubrir, así como polas escasas modificacións disonantes que incorporan externamente (salvo no caso das cortes secas e outro tipo de anexos para os labores agrícolas e gandeiros).



Imaxe dun grupo de vivendas de nova construción en Monfero, situadas de forma espallada. A diseminación do hábitat é habitualmente moito máis aguda en gran número de casos, polo que se torna máis difícil captalo nunha fotografía.

Os lugares intermedios entre as parroquias de mariña e as de montaña acusan unha maior diseminación que no caso antes comentado. As vivendas, en ocasións, diminúen en tamaño e as modificacións e alteracións recentes son a nota habitual. A mesma parroquia de Monfero podería servir de exemplo para este caso.

O penúltimo escalafón atopámolo nas terras máis próximas á vila, onde as construcións de muros pétreos son máis esporádicas. A maior parte das antigas vivendas hoxe reformadas conviven con numerosas casas de nova planta que responden a modelos urbanos, a novos estilos que pouco teñen que ver coas tipoloxías tradicionais do rural galego. O hábitat, xeralmente diseminado, responde a unha individualización da vida na aldea, a unha ruptura coas pautas tradicionais de convivencia veciñal. Os retornados urbanos e os ansiosos dunha segunda vivenda vacacional transportan as súas concepcións da vida aos marcos rurais.

As tipoloxías urbanas predominan tamén nos lugares paralelos ás vías de comunicación máis salientables, tanto máis canto máis nos aproximamos á capital comarcal, os modelos da cal tenden a imitar. Entón as construcións apéganse unhas ás outras á beira do camiño, aproveitando o espazo na procura do que aquel pode ofrecer (mellores comunicacións, negocios de diferentes dimensións...).

Cultura e cambio material. O significado das cousas a través do tempo



Imaxe de Vilarmaior, onde a porcentaxe de casas de pedra á vista é reducida (salvo rehabilitacións) a prol das reformas e das construcións máis recentes e modernas, e a diseminación das vivendas no espazo é notable.



Concentración de vivendas en Nogueirosa, preto xa de Pontedeume, en torno á vía de comunicación que leva á vila. O tipo de vivenda máis habitual son os chalés de recente construción.



Vista dun conxunto de casas ao longo da estrada que atravesa Monfero. As novas construcións predominan fronte ás tradicionais.



O predominio de novas vivendas, sobretudo chalés, e a culminación da concentración teñen lugar ao outro lado do Eume, nas terras de Cabanas, unha poboación que ten medrado moitísimo grazas ao turismo.

Finalmente, o percorrido remata na vila de Pontedeume, onde a concentración da poboación responde xa a modelos propiamente urbanos. A tipoloxía do centro da vila, característica dun espazo tradicionalmente mariñeiro, combínase con novas áreas residenciais moito máis recentes nos arredores.



Imaxes do centro da vila de Pontedeume, no que se pode destacar o predominio das galerías de cor branca, moi característica de asentamentos tradicionalmente mariñeiros.



Este esquema, sinxelamente presentado, dá conta da variedade de formas que adopta a poboación para organizar os seus asentamentos. Todas elas responden a unhas formulacións específicas, e teñen moito que ver coas características climáticas, coa dispoñibilidade de espazo, coas posibilidades económicas, etc.

De calquera xeito, neste traballo só se atenderá ás tipoloxías rurais máis tradicionais e ao seu desenvolvemento a través do tempo, anotando algunhas particularidades propias das diferentes zonas, e con referencias só en contadas ocasións a outras formas máis modernas. Por tanto, este capítulo que aquí se pecha serve para obter unha imaxe das diferentes posibilidades do hábitat, para que sirvan como contraste do que será presentado nos apartados seguintes.

4. A DICOTOMÍA SEMÁNTICA DO ESPAZO DOMÉSTICO

4.1 O significado social da cociña fronte ao ámbito reservado do sobrado

Noutro tempo a cociña foi o espazo esencial de actividade na casa galega. Hoxe, ese papel aínda pervive en moitos dos casos. O espazo da cociña segue así a ser o centro doméstico, o lugar onde se desenvolven non só as tarefas cotiás, senón tamén outro tipo de ocupacións de índole variada, dende diferentes labores ata unha serie de actividades de ton lúdico e festivo.



A cociña na casa rural tradicional aínda hoxe aparece como centro de reunión e de convivencia social.

Aínda na actualidade a cociña na casa rural galega tradicional é, por definición propia, o espazo onde se transforma o alimento, pero tamén o lugar onde se pasa a maior parte do tempo de lecer, onde se recibe ás visitas, onde se ve a televisión ou se xoga ás cartas; en definitiva, a cociña era, é, e en moitos casos continuará sendo, o eixo do espazo doméstico, en torno ao cal xira a maior parte da actividade. Isto contrapón esta estancia a outros aposentos, lugares de calma case sagrada aos que soamente se acode para descansar.

Pero tamén é certo que dende hai anos a cociña está a perder, noutras ocasións, o seu papel protagonista dentro da vivenda, relegada a un segundo plano por novos espazos, como os comedores, salóns ou "salas de estar", importados de modelos urbanos. Trátase de exemplos minoritarios de modernización ou en todo caso de vivendas de recente construción que se crean seguindo xa este tipo de parámetros.

Nunha comarca como a do Eume, na que especificamente se centra este estudo, obsérvase perfectamente esta dicotomía de espazos, que diferencian a casa como centro rural tradicional dos novos modelos de residencia tipo chalé que se constrúen de nova planta, moitas veces por parte de xentes "venideras", que teñen pasado cando menos certas etapas da súa vida en espazos urbanos.

Cando alguén é recibido nun e noutro tipo de casa, o ritual de entrada á vivenda é diferente. As xentes do rural acompañan os seus convidados ata a cociña da casa (aínda que esta en moitos casos teña un comedor á marxe moito mellor preparado), onde se toma asento á calor do lar. Só en casos excepcionais de visitas ás que se lles recoñece un determinado prestixio ou certa excep-



Comedor dunha vivenda antiga reformada segundo patróns urbanos. O espazo permanece cerrado habitualmente.

cionalidade, estas son conducidas ao comedor da vivenda, conferíndolle deste xeito significados diferenciados a ambos espazos.

Segundo o que se ten dito, fronte ao carácter mundano e ordinario da cociña, onde se produce o transcurso do día a día, da convivencia familiar e veciñal, aparece a sacralidade do salón, da sala de estar e do comedor, que se envolveren deste xeito nun halo de impenetrabilidade. Así o confirma o feito de que esta estancia permaneza en moitas ocasións cerrada a diario, preservada da luz do sol e do fluír cotiá das xentes. Ese carácter de espazo inviolable e pulcro ben puidera ser herdanza do antigo sobrado, que, dito sexa tamén de paso, dividiase en "salas", os usos das cales viñan marcados, da mesma maneira, polo seu carácter de excepcionalidade.

Por outra parte, as persoas de procedencia urbana empregan esas novas salas, con asentos acolchados moito máis cómodos que funcionais, para recibir os seus visitantes. A cociña nestas novas construcións carece daquel significado máis amplo, do que a través da convivencia e das pautas de comportamento tradicionais se fora dotando ao longo dos tempos noutros moitos casos.

Son, polo tanto, dúas concepcións do espazo totalmente diferenciadas, que responden a dous modelos de vida tamén distintos, e, en calquera caso, adaptacións a unhas circunstancias sociais diversas.

4.2 Patróns de evolución da cociña: os seus aspectos materiais e sociais

Da mesma maneira que o fai o resto da casa tradicional, a cociña foi evoluíndo de forma notable co trascorrer das décadas. Neste traballo propoño tres formas sucesivas de transformación,

tres tipos esquemáticos que se exemplifican nos seus respectivos modelos de vivenda, entendida esta sempre como espazo tradicional. Debido a isto, a diversificación dos modelos actuais por influxos urbanos ocupará só un pequeno espazo neste comentario.

4.2.1 A casa como espazo de convivencia home-gando

O primeiro modelo de casa, construída probablemente nun período comprendido entre finais do século XIX e principios do XX, e que pervive nalgúns casos ata os anos 60 da centuria pasada, caracterízase, en xeral, por unha estreita convivencia entre o ser humano e os seus animais, que, como máis adiante veremos, teñen habitualmente o seu espazo dentro da mesma vivenda.

Se nos referimos á cociña, lugar central dentro da planta baixa da vivenda rural, hai que sinalar que se trata dun espazo reducido no que sobresaí a lareira, que garante a temperatura ideal para as frías xornadas invernaís. A lareira é fundamentalmente un bloque de pedra cuadrangular e achatado onde se prende o lume do lar. Aínda que na súa orixe esta era a súa forma dominante, en tempos máis recentes tense incorporado á estrutura un "caixón do fume"³ ou cambota que canaliza o fume á cheminea. As vivendas doutro tempo carecían de cheminea e a cambota, polo tanto, era un elemento innecesario. A cociña neses casos era un espazo cheo de fume desprendido dende a lareira, que buscaba entre as fendas do tellado a maneira de saír pouco a pouco ata o exterior.

A lareira coa súa cambota preside o espazo da cociña, como centro vital de suma importancia, onde non só se transforman e consumen os alimentos, senón que ademais é o lugar onde se producen as relacións sociais máis íntimas dos campesiños á calor do lume. É o núcleo da vida, o lume do lar, que permite o sustento diario e a calor necesaria nas noites de inverno.

Ao papel calefactor da lareira na planta baixa das casas campesiñas, engadíase o que exercía o propio gando, fun-



Lareira nunha vivenda habitada ata hai un par de anos. A súa forma é sinxela: unha pedra de gran sobre o chan, a escasa altura, onde se prende o lume, e unha cambota de madeira para que saia o fume. A súa estrutura é característica de comezos do século XX.

3. Como exemplo hai que dicir que así se denomina á cambota que cubre a lareira na parroquia de Val de Xestoso (Monfero).



Baixo a escadeira aparece unha porta de madeira que dá acceso ao "cortello da pucha", onde durmían os tenzeiros. É un exemplo de máximo aproveitamento do espazo. Practicamente non aparece nada exento na cociña.

damentalmente de tipo vacún. As vacas, aínda que separadas do ámbito da cociña por unha parede de madeira que forma a corte, estaban presentes, a través das ventanais dos "baños"⁴ ou "comedeiras"⁵, no contexto do fluír diario da cociña, ante a carencia dun corredor que separase de forma clara dous ámbitos hoxe xa perfectamente diferenciados.

O humano e o animal convivían na cociña, ata o punto de que galos e galiñas paseaban libremente durante o día por este espazo, onde estaba situado o poleiro, e no que se acubillaban durante a noite. Os cuxos e as vacas, cando non estaban tamén os porcos, percorrían a cociña, co seu "piso" de terra, para acceder tamén ás cortes.

Dende a concepción actual da vida doméstica, a miúdo esta práctica resulta un tanto sorprendente, e quizais é atilado como un costume eminentemente antihixiénico, aínda que isto é visto dende unha mentalidade máis ben urbanita. Porén, cómpre ter en conta que non son válidos os patróns de valoración actual para entender as formas de vida e a concepción do mundo das xentes doutro tempo. Así, dende unha óptica relativista, temos que pensar na Galicia rural de comezos de século, un momento no que non existía a idea de hixiene que predomina actualmente. A cociña na casa campesiña tradicional é un espazo ante todo funcional, no que o concepto de limpeza e pulcritude queda nun segundo plano. A cociña é a prolongación cara ao interior da atarefada vida diaria do labrego e, como tal, un ámbito máis de traballo, no que non se valora como primordial a hixiene, senón a comodidade para a realización das tarefas cotiás.

4. Termo empregado nas zonas da mariña, máis próximas á capital comarcal.

5. Termo usado no concello de Monfero para designar, do mesmo xeito que o termo "baños", o lugar onde se lle botaba o alimento ao gando.



Na imaxe vense, de esquerda a dereita, os estantes no muro onde se colocaba a mesa de alzar, hoxe desaparecida; a ventá dos "baños", oculta tras un saco de plástico e a porta coa corte. Na parte inferior aparece o "poleiro", un pequeno espacio cuadrangular.



Mesa e banco de alzar aínda conservados. Os bancos deste tipo aparecen con máis frecuencia nas terras altas do concello de Monfero, malia que, paradoxalmente, é unha zona onde o tamaño das vivendas é bastante superior ao das parroquias da mariña.


O reducido espazo da cociña, onde se dan acomodo, como vimos, non só as persoas senón tamén os animais, é aínda suficiente para albergar froitos da colleita e mesmo algúns paxes de herba para alimentar o gando, todo, en ocasións, nuns 10 m² de superficie. Nesa área incluíanse tamén, non só a lareira, que aínda que situada nunha esquina da estancia abrangue grande parte do espazo, senon tamén o vertedoiro, a mesa ou o chineiro.



Vertedoiro na ventá e á súa dereita o "baño de salar". Sobre este un pequeno chineiro onde se coloca a louza.

O chineiro, ao lado do vertedoiro na ventá, presenta un tamaño moi superior ao habitual nas casas mais pequenas da mariña.

Compréndese, tendo en conta todo isto, que o mobiliario da cociña deste tipo de casa non sexa abundante nin moito menos amplo, pero si ante todo funcional. Desta forma, o vertedoiro aproveita o espesor do muro baixo a única ventá (de pequeno tamaño) que se abre neste espazo; a mesa, que só se coloca en forma horizontal á hora das comidas, permanece o resto do tempo nun furado acondicionado para iso na parede⁶, que é aproveitado como alacena para gardar determinados elementos de alimentación ou menaxe fundamentais; paralelo á mesa o



6. Nos modelos de vivenda anteriores, prescindíase mesmo da mesa para as comidas, e os membros da casa comían cos seus pratos sobre o colo sentados en torno á lareira.




O tamaño dos baños na montaña é moi superior ao que viamos na mariña

banco, tamén de alzar, está preparado para cumprir as súas funcións naquelas vivendas onde non era substituído por tallos. Un chineiro serve para colocar as escasas pezas que forman a louza. Pero para aproveitar ao máximo o espazo, cubrindo en calquera caso as necesidades do fogar, baixo o propio chineiro, aparece en moitos casos o "baño de salar", un receptáculo rectangular onde se conserva a carne da matanza. Noutras ocasións é simplemente un "saleiro" o que atopamos na cociña, un elemento de tamaño menor que aproveita un furado no muro. A tendencia neste aspecto é a presentar meirandes baños nas rexións de montaña, pode que pola súa maior dificultade para acceder a produtos de mercado.


En definitiva, se queremos resaltar algunha característica da cociña da casa tradicional do mundo rural galego, poderíamos apuntar como clave a funcionalidade deste espazo, onde o primordial é o carácter práctico, un aspecto moi destacado nunha cultura na que as xentes adican a maior parte do seu esforzo cotiá á supervivencia material.

4.2.2 O corredor como elemento de división

O modelo de funcionalidade exposto no apartado anterior repítese en sucesivas evolucións da casa rural galega. A cociña mantén a través do tempo unha serie de trazos semellantes aos comentados. Pero aínda tendo en conta esa continuidade, débese resaltar unha modificación importante dentro do espazo da cociña: a propia ampliación da superficie útil permite unha comodidade relativamente superior e unha meirande amplitude do mobiliario, algo que se apreza sobretudo no aumento do tamaño do chineiro, da lareira, do baño, ou da propia mesa de alzar. Estamos ante un modelo que comeza a proliferar a principios do século XX e que aínda permanece, en casos contados, na actualidade.



Modelo número 1. Planta baixa dunha vivenda do século XIX, habitada ata os anos 60, e que na actualidade se conserva como anexo da vivenda principal, mais recente.



Modelo número 2: Planta baixa dunha vivenda da montana dos primeiros anos do século XX, que estivo habitada ata hai poucos anos e que conserva invariables os seus elementos esenciais.

Arriba a lareira con "cambota" reformada nunha vivenda aínda habitada na actualidade. Abaixo, vertedeiro de pedra, con escaso fondo, na ventá. Trátase dunha casa máis recente que a anterior (modelo número 2), pero que presenta a súa estrutura practicamente sen cambios (exceptuando a transformación derivada do uso, que se prolonga ata a actualidade).

A estrutura esencial deste tipo de vivenda (modelo número 2) en canto aos elementos que conforman o espazo da cociña permanece inmutable: a lareira coa súa cambota ocupa grande parte do espazo; por outra parte, o vertedeiro na ventá, a mesa de alzar ou o saladoiro manteñen a súa importancia dentro do contexto funcional da cociña. Este tipo de elementos permanecen sen cambio moito máis tempo cara ao interior da comarca, onde outros modelos de carácter novido- so tardan máis tempo en chegar.

A maior modificación que os novos modos de evolución do espazo da casa rural galega neste século deixan ver é a separación entre a corte e a cociña a través dun corredor relativamente amplo. No modelo precedente tiñamos observado como o gando, mediante as ventás dos "baños" que se abren cara a cociña, facíase presente no ámbito dos humanos. Esa cercanía é a que vai ir diminuindo na transformación progresiva da casa, conforme se avanza de cara a un novo concepto de hixiene. O corredor é o primeiro paso para esa separación, se ben as ventás das "comedeiras" aínda seguen presentes.

A introducción desta pasaxe permite separar o espazo da cociña das portas de acceso á vivenda, lugar de paso para o propio gando, e por onde entran tamén á casa os feixes de herba para ali-





O corredor ou "pasillo" separa a corte, que aparece tras o muro, da cociña. Aínda baixo a repisa de madeira (semicultas tras novos elementos como o conxelador) aparecen as ventás dos "baños", e debaixo delas, aínda que na fotografía non pode verse, aparece tamén o poleiro. Á esquerda, a porta da corte permite que o gando non teña xa que pasar pola cociña.

mental e o estrume sae para abonar os campos. Estas claves dannos unha idea dunha nova dimensión que se introduce na concepción da limpeza das xentes rurais, que pasan por esa separación do ámbito humano cotián da cociña daqueloutro que ocupan os animais, algo que pese a todo non se dá aínda de maneira tallante.

Malia todo isto, o gando, fundamentalmente de tipo vacún, segue presente no interior da casa, moi próximo ao centro de actividades da familia, e sempre baixo o control e a vista atenta desta. É unha mostra perfecta da importancia esencial que a vaca, sobre todo, ten dentro da vida do campesiño galego deste século, como base da súa economía e sustento de vida e traballo. Este é un dos factores que explican a cercanía entre o home e o seu gando dentro do espazo doméstico.

4.2.3 A fragmentación de espazos: cociña-comedor-corte

Esta idea da importancia do gando fica invariable nunha seguinte evolución da casa. Así, o terceiro modelo que expoño conserva a corte no interior da vivenda, da mesma maneira que os anteriores. Pero aínda que separada da cociña, como acontecía no modelo precedente, mediante un "pasillo", nesta ocasión a corte perde a súa comunicación co espazo humano a través do "bastardo" coas súas aperturas ao interior da vivenda. A supresión deste elemento obriga a unha modificación nos costumes, que de novo acontece paralela á proliferación de ideais hixiénicos notablemente diferentes.

A eliminación do punto de contacto entre os humanos e o gando a través do interior da vivenda, conduce a unha progresiva modificación nos hábitos de coidado do animal. Paseniño,

pois, tómasse o costume de alimentar o gando directamente dende o exterior, mediante unha porta de acceso pola que se introducen os feixes de herba. Isto implica en moitos casos un cambio na disposición do gando e dos "baños", que se orientan agora cara a esa entrada externa. Unha porta interior permite aínda o acceso dende a vivenda propiamente dita cara a corte, ben para muxir as vacas, ben para cumprir con certas necesidades orgánicas ante a falta doutro tipo de retrete, ou ben para controlar o propio gando durante a noite.

Malia todo, o cambio do que falo supón un proceso moi longo de concienciación do habitante rural. Aínda moitas casas tradicionais conservaban na década de 1990 a corte no interior da vivenda, e algunhas delas seguían a facer uso nese momento do corredor como forma de tránsito do gando do interior ao exterior e viceversa; tamén daquela o alimento para o sustento dos animais se servía dese paso para ser introducido ao interior da vivenda.



A construción de bloques pegada á vivenda tradicional de pedra constitúe o espazo ocupado polo gando vacún. Este modelo é frecuente no medio rural galego.

A "cociña de ferro" centra a atención na estancia. Nese momento aínda era o medio fundamental para a cocción do alimento.



Na actualidade, moi poucas son xa as casas que manteñen esa estrutura cociña-corte na planta baixa. En efecto, todas aquelas familias que teñen contado con certos medios económicos desprazaron xa o gando fóra do ámbito da vivenda familiar, introducíndoo en cortes secas, xeralmente de bloques industriais, anexas ao propio núcleo da casa.

En calquera caso, a vivenda que aquí se propón como modelo número 3 presenta importantes cambios respecto a precedentes anteriores. Se nos fixamos agora na súa cociña, a primeira variación notable é a substitución da lareira por unha nova forma de cociña propiamente dita. Nos anos 60 comeza a apreciarse unha tendencia significativa á proliferación de cociñas de tipo bilbaíno, "cociñas de ferro" en termos propios dos veciños. Este novo artefacto permitía a eliminación da lareira e prometía o cumprimento de semellantes funcións.: cociña, calefacción,... aínda que coa vantaxe

Na imaxe aparece a mesma cociña da fotografía anterior completamente renovada. Nela vemos como se mantén a cociña bilbaína aínda que aparece tamén a encimera de gas, ou máis recentemente eléctrica, coma neste caso. O concepto de forno modificouse tamén, e os fornos recentes son aparellos eléctricos que serven para outras funcións.

dunha maior comodidade: substituíase o pote pola ola de cerámica na que se cocía o alimento.

A "cociña de ferro" centra a atención na estancia. Nese momento aínda era o medio fundamental para a cocción do alimento.

Tampouco coa falta da lareira desapareceu a función social da cociña, que seguía a se manter como centro de reunións familiares e veciñais en torno á calor do lar. Aínda hoxe as cociñas das casas tradicionais no rural, se ben aparecen notablemente modernizadas (como máis adiante veremos), conservan a cociña bilbaína como forma de calefacción, malia que esta perdeu en grande parte a función culinaria. A cociña, encendida a maior parte do ano, segue a ser, como ao comezo se anunciaba, o centro doméstico por excelencia.

Isto obsérvase moito máis, se cadra, nas parroquias máis montañosas, onde o costume propio é situar a "cociña de ferro" no centro mesmo do espazo, cunha "meseta" ao seu redor que serve para comer, para xogar ou simplemente para falar ao seu carón. Esta práctica, habitual por exemplo en Xestoso, aparece tamén na área da Terra Chá lucense, e sen embargo non se atopa nas zonas máis baixas da mariña.

Non obstante, o cambio leva consigo unha profunda transformación nas formas de vida tradicionais no fogar. Coa lareira desaparece en moitas ocasións o forno, e con este a posibilidade de autoproducir o pan para o sustento diario, tendo que recorrer a instancias externas ao propio núcleo da vivenda para paliar a carencia. Rómpe-se deste xeito cunha forma de economía tradicional autosuficiente, que pouco a pouco vai dando pasos que a aproximan a novas maneiras de entender a subsistencia. É o inicio dun cambio fundamental nos hábitos de consumo, que leva ás xentes do rural a introducirse, pouco a pouco, nunca economía de mercado. Trátase dun tránsito importante para a modernización das estruturas rurais, que se aprecia en numerosos apartados da vida



campesiña, como teremos ocasión de analizar con maior profundidade. Estas transformacións que se producen a raíz da substitución da lareira, van supor unha fonda cesura na concepción do vivir ordinario das xentes do rural galego.

Porén, noutras ocasións o forno non estaba pegado á lareira, senón que era unha dependencia moito maior anexa á vivenda e que se conserva, ás veces, na actualidade. Nas zonas de montaña aínda en ocasións segue a cocerse o pan no forno de forma esporádica, alternando esta práctica coa compra do produto na panadería máis cercana.


Por outra parte, se continuamos co percorrido pola planta baixa deste modelo de vivenda da segunda metade do século, en moitos casos aparece tamén un novo cambio: a división cociña-comedor como dúas estancias que se comunican internamente mediante un vano aberto no muro que as separa. Trátase simplemente dunha división entre o ámbito da cociña, onde se prepara e transforma o alimento, do comedor, onde este é inxerido. Esta distinción prodúcese xa avanzados os anos 60, e ten moito que ver coas novas concepcións da casa como centro de vida e non só de traballo. Desta forma, o comedor é ocupado a maior parte do día por nenos e ancianos que pasan nel o seu tempo libre, mentres os membros adultos da casa en idade de traballo realizan as diferentes tarefas cotiás. Nenos e ancianos, pois, conviven nese espazo de forma estreita. Os maiores, moitas veces incapacitados fisicamente para outro tipo de tarefas, fanse entón cargo dos máis pequenos da casa. No comedor, sobre todo durante o inver-



Cociña bilbaina no centro da estancia nunha vivenda en Xestoso. Ao fondo o antigo baño de salar aproveitábase agora como chineiro.

Forno nunha casa da parroquia de Torres (Vilarmaior).





Modelo número 2: Planta baixa dunha vivenda dos primeiros anos do século XX, que segue a estar habitada na actualidade e que permanece practicamente invariable nos seus elementos esenciais.

no, pasan xuntos as tardes xogando, falando ou contando contos, ata que en épocas posteriores comeza a aparecer a televisión.

A cercanía da cociña, o centro dende o que emana a calor do lar, permite manter unha temperatura agradable na estancia, tan só separada da anterior por un muro (de ladrillo e cemento e non xa da madeira), cunha porta (ben corrente, ben "vidreira", ben co vano libre) sempre aberta que comunica, en lugar de separar por completo, cociña e comedor. A miúdo esa porta supón unha conexión do que o muro pretende diferenciar. É aínda un tímido paso na evolución da vivenda que continuará en modelos posteriores, onde cociña e comedor poden aparecer como elementos plenamente desconectados, aínda que a cociña nunca perde a súa función como centro habitual de comensalidade. Trátase dun último paso máis recente e moito máis diversificado.

Se ben en cada casa vanse tomando opcións diferentes, na maioría delas apréciase a influencia dos modelos de vivenda urbana, que chegan cargados do prestixio que a idea de progreso lles ten conferido, a un mundo rural entendido (en sentido *emic*) como un entorno atrasado. Nesa liña, un modelo que ten tido gran aceptación é a separación, mediante un pasillo e sendas portas para cada estancia, de cociña e comedor, dentro das casas rurais, que ben por seren de nova planta, ben tras os oportunos cambios e modificacións, téñense adaptado a un novo paradigma do que falabamos xa ao inicio do capítulo: por unha parte, a cociña mantense como espazo funcional, non só no estrictamente culinario, senon tamén como eixo de comensalidade cotiá, e máis aínda como núcleo das relacións humanas máis próximas.

Na imaxe vese ao fondo a cociña, co vertedoiro na ventá, e nun primeiro plano a mesa onde se come a diario, malia que a miúdo existe, como é o caso, outro salón-comedor á marxe moito máis coidado en canto a mobiliario e decoración.




Cultura e cambio material. O significado das cousas a través do tempo




Cociña- comedor dunha casa rural completamente modernizada, que adopta, tanto na súa disposición como no mobiliario e complementos dos que dispón, os modelos característicos da vida na cidade, aínda que conserva a idea tradicional da cociña como centro da vida doméstica.

Á esquerda chineiro de madeira de mediados do século XX, hoxe empregado para outros fins nunha "palleira" próxima á vivenda principal. Á dereita chineiro máis recente, de materiais industriais, aínda en uso. En ambos casos apréciase como o tamaño ten aumentado notablemente dende os que viamos no primeiro modelo de vivenda.





Modelo número 3: Planta baixa dunha casa da marina reformada en torno a 1930 e habitada na actualidade



Modelo número 3. A planta corresponde a unha vivenda da montana tal e como se presenta na actualidade, coa cociña de ferro como centro, e coa corte, que é agora un anello externo, substituída por un comedor. Nela aparecen elementos recentes como a cociña de butano, os electrodomésticos, os sofás ou o aseo.

Pola súa parte, o comedor (no que non obstante e malia o nome non se come habitualmente) aparece a partir dese momento co aire reservado do que nun principio faciamos mención, como espazo cerrado ao vivir común, e que soamente abre as súas portas (e ata as súas ventás e contra-ventás) ante a excepcionalidade daquilo que considera case sagrado: a comida familiar o día do patrón, o convite na pedida de man dunha filla, a visita dalgún familiar co que non existe unha relación cercana, son algúns dos motivos que levan ao uso deste espazo reservado.

En calquera caso, polo que se refire ós elementos funcionais da cociña deste modelo que estamos a comentar, que aparece pouco despois da metade do século XX, hai que reseñar, ademais da substitución da lareira, a aparición de "mesetas", de chineiros mais amplos onde gardar alimentos, de mesas e bancos exentos así como cadeiras, de vitrinas para gardar a louza. O espazo é moito mais amplo que en casos anteriores, e os elementos aumentan o seu tamaño para ir dando cabida a unha maior cantidade de obxectos, así coma a un conxunto superior de alimentos que se adquiren xa nas tendas rurais mais próximas.

En calquera caso, o predominio da cociña como espazo central da casa continúa a se manter malia as máis diversas modificacións e a modernización de moitas casas. O cambio social, neste caso, parece ir máis amodo que o propio cambio material, se ben este implica sempre unha transformación substancial na maneira de comprender a vida cotiá conforme a novos patróns de gusto e comodidade.

4.3 O sobrado como espazo íntimo e excepcional

Por contraposición á cociña, na casa rural galega deste século, o "piso" ou "sobrado" representa un espazo reservado arredado do vivir cotiá, e ao que só se accede diariamente durante a noite, e en ocasións contadas, con motivo dalgún acontecemento excepcional: a festa do patrón, o velorio dos mortos, a primeira comunión dos nenos... só ocasións que ben merezan, pola súa especial significación relixiosa, ocupar o espazo sacro do sobrado.

Primeira comunión no sobrado. 1968.



Estamos, pois, ante un lugar restrinxido, oposto á cociña e á planta baixa da vivenda en xeral. O tráfico diario fronte ao descanso nocturno, o fluír das xentes fronte á intimidade familiar, o vivir profano fronte á sacralización, o funcional fronte ao pulcro: todo iso marca unha concepción espacial característica da casa tradicional. O sobrado aparece nela, ademais, como o alfa e a omega, o principio e o fin, a vida e a morte, o tránsito das persoas marcado polos solemnes acontecementos en contacto con Deus. Na esfera superior e sublime da existencia, elevada sobre o vivir mundano como o propio piso o está sobre o espazo cotián da cociña.



Celebración da festividade do patrón no sobrado dunha casa tradicional a principios da década de 1970.

Cadros colgados nos muros do sobrado. O primeiro é a imaxe do patrucio ou patrón da casa coa súa muller e filla. Este tipo de cadros onde se enmarca a fotografía do matrimonio da xeración máis vella aparece en diversas casas. O segundo cadro é unha imaxe pía que representa á virxe. Ambas constitúen as posibilidades de decoración máis frecuentes nos sobrados das casas galegas rurais tradicionais, xunto coas fotos dos ausentes (defuntos ou emigrados).



Estamos ante un contraste entre dous planos, o humano e o divino, o material e o espiritual. Non en van o sobrado é o único espazo da casa onde se admiten certas licencias decorativas que, ademais de fotografías dos ausentes, consisten sobre todo en imaxes de santos que presiden e custodian o tempo diario que é a casa.

Na evolución da vivenda rural deste século o sobrado aparece maioritariamente como espazo propio en todas as construcións. Só aquelas casas con menos posibilidades económicas carecen del: trátase de casetos de pequeno tamaño e planta única, que ao sumo contan cunha pequena "barrela" superior, xeralmente a modo de almacén para produtos do agro. Neles as actividades todas, nocturnas e diúrnas, están restrinxidas a unha reducida superficie, común aos humanos e aos animais. Nestas construcións a cociña ocupa o espazo na súa totalidade, o cal é unha mostra máis da importancia que aquela ten no rural galego tradicional. É un prototipo, o dos casetos, que procede dun par de séculos atrás, cando aínda non se tiña ampliado o espazo coa incorporación do "piso", derivado da prolongación da "barrela".



Modelo de caseto de planta baixa, na actualidade semirrestaurado. O tamaño do forno semicircular que sobresaen nun dos seus muros laterais, dá-nos unha idea da dimensión que pode ter no interior a lareira, como centro do fogar campesiño.

A porta de acceso ao sobrado, sempre pechada, é un elemento cunha carga simbólica moi importante, en tanto que é a base divisoria de dous mundos contrapostos.



En todo caso, durante o século XX, época que na súa maioría nos ocupa, o sobrado ten sido un dos eixos fundamentais da casa campesiña. Ao longo das décadas, malia que ese elemento foi perdendo moitos dos trazos que durante longo tempo o definiran, o seu significado continúa, en certo sentido, presente.

O sobrado ten sido sempre o ámbito da intimidade doméstica. Fronte á cociña, espazo da convivencia veciñal, o acceso ao sobrado estaba restrinxido aos membros da casa, e ao sumo da familia (no sentido máis amplo) nas celebracións correspondentes. No traballo de campo o antropólogo tópase moitas veces con restricións para penetrar neste espazo, o acceso ao cal lle é negado por parte dos propietarios con diverso tipo de escusas que evitan explicar o porqué desa prohibición implícita. Simplemente sinalan que alí, naquelas salas, “non hai nada que ver”.

Ese ideal de intimidade, sen embargo, non debe ser explicado dende a óptica actual. Unha proba clara diso é que o concepto que se formula debe ser definido polos propios actores sociais e non dende a óptica do investigador, dado que como foi posible observar, a idea de intimidade que aqueles sosteñen non se adecúa ao que podemos, moitos de nós, concibir como tal: así, todos os membros da casa compartían un mesmo cuarto durante a noite, nenos e anciáns, solteiros e casados, homes e mulleres. Non existía, por tanto, unha noción de privacidade, nin sequera no referido aos contactos de parella. Por tanto, cando falamos de intimidade no mundo tradicional galego referímonos á reserva dun espazo da casa ás miradas alleas e ao contacto co mundo.

Segundo o dito respecto a esa convivencia nocturna entre todos os membros da casa nun ou en dous cuartos, enténdese que non existan divisións no sobrado formando habitacións separadas. É posible que unha cousa fora causa ou consecuencia da outra, sen que se poida determinar neste momento en que orde se produciu a cadea, aínda que probablemente sexa a concepción duns determinados valores culturais o que determine unha estrutura material específica, co que se dá unha mostra máis de que as “cousas” nunca sociedade son moito máis que simples obxectos.

4.4 O sobrado e a súa evolución ao longo do século XX

Durante a primeira e grande parte da segunda metade do século XX, en moitos casos, o sobrado estaba formado por dúas "salas", separadas por un tabique de madeira. En cada unha delas pasaba a noite parte da familia, que compartía un número variable de camas: estas, iso si, nunca ou case nunca eran empregadas individualmente. Unha destas salas, a máis próxima á escaleira de acceso ao piso, contaba ademais cunha mesa que se utilizaba como centro das celebracións máis



Cama dunha antiga casa de principios de século, abandonada na actualidade.



Modelo de "roupeiro" que corresponde a unha casa do tipo número 1, abandonada na actualidade.


importantes: anualmente na festa do patrón e excepcionalmente nalgún outro acontecemento relixoso-festivo. Esta sala, á que accedían determinados "parentes" e veciños de forma ocasional, opoñíase á segunda das salas, un espazo completamente pechado ás persoas alleas ao círculo doméstico. Só a visita a un enfermo "encamado" permitía, nalgúns casos, romper con esas reservas.

Aínda esa excepción é hoxe, en liñas xerais, a única que da acceso ao piso das casas tradicionais, malia todas as súas transformacións. Fundamentalmente, a variación que o sobrado ten experimentado nas últimas décadas foi a división nunha serie de cuartos: "Ter o piso dividido" era un sinal claro do progreso xa na segunda metade do século. Pese a isto nun principio perviven as salas aínda no sobrado, ocupadas por nenos e anciáns, mentres diversos cuartos ábreanse nelas, destinados, especialmente, aos matrimonios de cada xeración da casa. Esta incorporación de habitacións separadas faise posible grazas a unha meirande dispoñibilidade de espazo, algo que diferencia as sucesivas evolucións do sobrado fronte a precedentes máis antigos. Isto apréciase xa no modelo de vivenda número 3 que presento⁷, onde, xunto ás chamadas "sala de arriba" e "sala de


7. Os modelos número 1 e 2 apenas presentan diferenzas, salvo lixeiras distincións de superficie, tanto maior canto máis avanzamos no tempo, como se verá a continuación no número 3.



Modelo número 1. Planta superior dunha vivenda do século XIX, habitada ata os anos 60, e que na actualidade se conserva como anexo da vivenda principal, mais recente.



Modelo número 2. Planta superior dunha vivenda dos primeiros anos do século XX, que segue a estar habitada na actualidade e permances practicamente invariable nos seus elementos esenciais.



Modelo número 3. Planta superior dunha casa reformada en torno a 1930 e habitada na actualidade

abaixo", aparecen tres cuartos, ocupados respectivamente por cada un dos tres matrimonios das tres xeracións que conviven na casa. Nas salas, entre tanto, durmían outros parentes colaterais: a troncalidade da familia e a primacia da liña hereditaria directa de parentesco ven marcada tamén por esa separación de cuartos.

Polo que respecta ao mobiliario, no sobrado, coma no resto da casa, ese tipo de elementos son escasos. Aparte das camas e en ocasións algunhas "mesillas", pode aparecer na casa tradicio-



Baúl ou "hucha" que aparece no faiado dunha vivenda do tipo 3. Ao longo de décadas ten servido para gardar a roupa nun dos cuartos da casa. Nel acubillábanse tamén as escrituras dos terreos e outros documentos importantes, preservados da humidade por un saco de esparto.

nal algún armario ou un baúl, onde se gardaban a roupa das camas e o único traxe que cada membro tiña reservado para os domingos e ocasións. Un "roupeiro" ou unha "hucha", situados na sala común, era suficiente, porque "p'a roupa que había cheghaba de sobra."

Ademais disto, a mesa que aparece nunca das salas, cun tamaño bastante superior á empregada diariamente, usábase para determinados festexos. Non obstante, en moitos casos, ante a falta doutro tipo de moble que permitise gardar as "mudas", a propia mesa era o espazo onde estas se amoreaban. Esta práctica non é algo que quede tan lonxe no tempo do momento presente, senón que aínda hai unha década algunhas casas tiñan o piso sen dividir e non dispoñían de armario ningún.

Na actualidade, ese piso superior da vivenda, eminentemente transformado, sobre unha placa de formigón, co chan azulexado e muros que dividen diversas habitacións, presenta un mobiliario máis diversificado, amplo e numeroso, de acordo coas novas necesidades sociais que se refiren a maneiras de vivir distintas das doutros tempos. Estas diferenzas obsérvanse sobre todo naquelas casas onde as novas xeracións, formadas nun momento de consumo máis dinámico, marcan pautas diferentes daquelas outras vivendas, onde é a xeración dos máis maiores a única que permanece na casa, máis adaptada desa forma á maneira de organización doméstica descrita.

4.5 Conclusión: a casa rural no último século

En definitiva, tres son os modelos, con un epígono final máis recente, que podemos diferenciar, a grandes trazos, na evolución xeral da casa no rural deste século polo que se refire á comarca estudada. Probablemente estes paradigmas sexan extensibles a outras zonas próximas, onde as condicións de ocupación e habitabilidade son semellantes.

En todo caso, trátase simplemente de paradigmas, que pola súa propia definición son só modelos representativos dunha determinada forma de concibir o espazo, a funcionalidade e a disposición da casa. As descrições e as plantas propostas non son senón presentacións dunha vivenda concreta que tomo como modelo dun prototipo de distribución de espazos e elementos, a través dos que se fai unha xeneralización que debe ser matizada, en tanto que a variabilidade pode ser notable.

Tendo isto en conta, enténdese que as excepcións poden ser moi numerosas. Non todas as casas da mesma época e no mesmo lugar se asemellan, aínda que si é certo que a maioría dos modelos materiais e sociais vanse xeneralizando en iguais circunstancias. É o peso da convivencia social o que marca a pauta que é seguida por cada un dos individuos dun grupo.

Por outra parte, unha diferenza importante dentro da casa e no seu ritmo evolutivo ven marcada polas posibilidades económicas de cada familia. Aínda hoxe os modelos que perviven ancorados nas formas doutro tempo son un indicador de ausencia de medios para "mellorar", porque "mellorar" nese sentido non é algo que interese soamente de forma individual, como procura dunha maior comodidade e unhas determinadas condicións de vida, senón que "mellorar" é fundamentalmente adaptarse ás novas circunstancias materiais e ás esixencias xerais que a sociedade vai impondo. E isto ten grande peso nun ámbito rural onde "todo se sabe" e onde todos aspiran cando menos a "ser coma os mais". É unha mostra clara de que o consumo e os hábitos materiais dunha sociedade non son estritamente aspectos económicos, senón sobre todo culturais e sociais: a modernización da casa é un exemplo de como van proliferando uns determinados cambios que responden a uns valores sociais concretos.

5. A TRANSFORMACIÓN HIXIÉNICA: OS CUARTOS DE BAÑO E OS CUARTOS DE ASEO

A mesma noción de hixiene da que carecía a distribución espacial da planta baixa na casa rural, falta tamén noutros moitos aspectos. Un elemento importante, por iso, na evolución da casa tradicional, é a introducción de retretes primeiro, e máis tarde de cuartos de aseo e de baño.

Aínda na actualidade, os maiores no medio rural seguen sendo, en ocasións, remisos ao uso do cuarto de baño, tanto para o que se refire ás necesidades fisiolóxicas propiamente ditas, coma para o propio aseo. E isto ocorre a pesar de que hoxe na rexión estudada, todas as vivendas

dispoñen, cando menos, dun cuarto para este tipo de usos, salvo algunha excepción onde as posibilidades económicas non permitiron realizar tales modificacións na vivenda. Pero, en xeral, a introducción do cuarto de baño completouse xa hai anos.

No mundo rural o costume máis estendido polo que se refire a este tipo de necesidades orgánicas consistía en facer uso da corte, onde os excrementos humanos se mesturaban cos dos animais. Mesmo se prevían, nalgúns casos, formas de excretar máis cómodas, sen necesidade de acudir á corte, fundamentalmente polas noites. Usado tamén polas persoas enfermas, o método ao que me refiro consiste na apertura dunha "trampilla" no piso de madeira do sobrado que cubría a corte, de forma que os excrementos fosen parar, do mesmo xeito, a este lugar.

Un primeiro paso nese tránsito cara ao cuarto de baño moderno, ten moito de anhelos de introducción dun pouco de privacidade máis que de hixiene propiamente dita. Un exemplo diso serían os chamados "cuartos de tablas", que algunhas casas constrúen como anexo da vivenda principal. Así, pegado a un dos seus laterais, álzase un receptáculo o suficientemente alto como para que puidese pórse en pé unha persoa sobre dúas táboas, enriba das que coloca os seus pés en torno a un furado, onde o excremento se mestura cunha cuberta vexetal para facer o "estrume", da mesma maneira que se procede na propia corte.

Ademais, nalgún caso, a entrada cara a ese cubículo estaba "estrada" de feitos e outros elementos vexetais, sobre os que se baleiraban cada mañá as "bacinillas de porcelana"⁸ que durante a noite evitaban que houbese que saír ao exterior da vivenda para cumprir coas esixencias do organismo. Desta maneira, a limpeza do "cuarto" consistía en retirar o estrume formado para "estrar" novamente o lugar cunha cobertura vexetal seca, igual de novo que na corte. As casas deste tipo, que contaban con cuartos de madeira a modo de retrete, importan posiblemente ese modelo de países tipicamente coloniais, onde quizais algún membro estivera emigrado, e fose incorporado este esquema a través desta vía.

En calquera caso, apréciase que o proceso a seguir é o mesmo para animais e humanos. É que a valoración do gando, como se ten apuntado xa nalgunha ocasión, o coloca a un nivel semellante ao do home nunha escala de importancia. Esta xerarquización de prioridades é característica dun mundo rural, como o galego, onde, fundamentalmente noutro tempo, o animal é esencial para garantir a propia vida do humano, e de aí o seu carácter especial. O tratamento que en moitos casos se lle dá ao gando non ten nada que envexar ao coidado que se presta aos humanos. Por iso é tan relevante a proximidade do gando no ámbito da vivenda.

Por iso tamén en moitos casos o gando era o mellor agasallo que se podía realizar. Así, por exemplo, veciños da parroquia lembran como feito significativo o esforzo que unha das súas veciñas tiña feito respecto ao mozo da súa filla (hai xa uns trinta anos) ao que "ata lle regalou un porco". As palabras mostran a importancia que naquel momento tivera o agasallo, algo que se

8. O material que así se denomina era usado tamén para a fabricación de potas, pratos, xerras... Aínda que descoñezo de que material exacto se trata a súa aparencia o fai semellante a un tipo de metal.

deduce da propia expresión, que confire un carácter superlativo a tal presente, como se fose o mellor dos regalos que lle podía ter feito. En calquera caso, a anécdota permítenos ilustrar ese carácter fundamental do gando na economía, e por extensión, na vida do campesiño galego.

Continuando co proceso do que ata agora falabamos, chegamos ao fin á aparición do cuarto de baño como tal. Hai que sinalar, porén, o diferente ritmo de incorporación dese elemento segundo o potencial económico da casa. Así, as casas fortes dispoñen de cuarto de baño cunha antelación notable respecto ao resto das casas, e mesmo algunhas delas contaban xa dende os anos trinta dun pozo para dotar de auga á vivenda, e ata dun sistema de sumidoiro de pedra. Aínda que sen poder especificar a diferenza temporal concreta que se refire a esa entrada do cuarto de baño no mundo rural, é evidente que as posibilidades de modernización das casas economicamente máis afianzadas é superior á da media das outras.

Deste xeito, é dende mediados dos anos sesenta, aproximadamente, cando as primeiras casas comezan a incorporar os aseos a súa vivenda: xeralmente consistían nun lavabo e un retrete, aínda que en ocasións tamén se incorporaba un prato de ducha. Xa as casas mais fortes dispoñían del desde había tempo.



As fontes son elementos moi abundantes na paisaxe galega, rica en mananciais.

Aínda que en moitas ocasións aparecen como simples correntes de auga que se conteñen cunhas pedras, noutros moitos casos faise unha estrutura que permita maior comodidade.

A aparición do lavadoiro, xeralmente comunitario, ao lado da fonte, é algo común.

Unha transformación esencial para poder introducir as pezas de aseo, ben sexa na vivenda ou nunha construción anexa de pequeno tamaño que se habilita para a ocasión, é a chegada da auga corrente ao ámbito da casa. Con ela, modernízanse tamén os sistemas de desaugue, que canalizan todos os desfeitos que discorren a través das novas tubaxes. Ata ese momento, a auga recollíase en "caldeiros de zinc", "palanganas", ou xerras, segundo as necesidades, directamente dende a fonte mais próxima. As fontes provían así de auga á casa para "fregar os cacharros", para beber ou para realizar un mínimo de aseo diario.

Nesta casa de muros graníticos, parcialmente reconstruída, podemos ver baixo a ventá que corresponde ao "vertedeiro" o "picho" polo que a auga discorre ao exterior.

Trátase dun elemento que neste caso se presenta notablemente elaborado, grazas en parte á calidade mesma da pedra.



No vertedeiro unha tina con auga servía para aclarar os pratos e demais útiles de "menaxe" doméstica. Dende o vertedeiro de pedra, que suplía o seu escaso fondo con tal recipiente, o líquido desaugaba a través dun furado que se prolongaba mediante un "picho" ao exterior, para desembocar en ocasións nunca "bacía" na que a auga se acumulaba, ou simplemente para discurrir con liberdade. A importancia que a introducción da auga corrente ten nese sentido, primeiro a través dun bidón cunha manguera á que se bombeaba o líquido nalgúns casos, ou ben directamente a través de pozos e máis tarde de traídas, provoca o cambio na propia estrutura do vertedeiro, que deste xeito vai aumentando en profundidade ata acadar unha capacidade suficiente. Así, do vertedeiro de pedra pásase aos novos vertedoiros azulexados, para chegar finalmente a aqueloutros de tipo industrial, metálicos, notablemente diferentes.



O vertedeiro continúa en moitos casos na actualidade situado diante da ventá da cociña.

Neste caso, malia se tratar dunha imaxe dos anos 60, o vertedeiro está azulexado e dispón de billa de auga corrente, pero a tina aparece aínda como necesaria ante o escaso fondo da propia estrutura. É probable que tamén o "picho" ao exterior teña sido naquel momento a vía de saída da auga.

Continuando co que se refire á introducción da auga, nalgúns casos existían tamén antigos lavabos onde era posible asear as mans e a cara, a través do "aguamanil": unha palangana de porcelana que cunha xerra de igual material, servía para verter a auga necesaria para o aseo. É un sistema

que permitiu suplir a carencia de auga corrente. Non obstante, hai que dicir que xeralmente estes lavabos non se empregaban de forma cotiá, senón que eran máis ben elementos reservados, sobre todo aos familiares emigrados nos seus retornos temporais á casa natal. Tratábase de dar un toque de distinción á vivenda que só se podían permitir as casas con certas posibilidades económicas, sen que necesariamente, en calquera caso, tivesen que ser fortes. Interesaba con iso dar un certo toque de dignidade e realizar un ofrecemento ao regreso dos ausentes, moitas veces cunha situación eminentemente mellorada respecto ao seu punto de partida.

O que en calquera caso mostra este feito é que os campesiños do medio tradicional galego tardan en se adaptaren ás novas circunstancias no ámbito da hixiene persoal. E aínda que en xeral eses precedentes primeiros dos que estabamos a falar son aínda minoritarios, hai que sinalar que cando os aseos son un feito máis xeneralizado no rural, aínda moitos maiores son reticentes ao seu uso. Non é algo excepcional que moitas casas que dispoñen de cuarto de baño non o teñan usado ata tempos recentes máis que para servir aos seus invitados. Mostra isto que moitas das transformacións materiais non teñen un referente de mellora individual, senón que se entenden mellor socialmente.

As condicións de aseo persoal non eran, e probablemente en moitos casos non son aínda, equiparables ás pautas hixiénicas procedentes maioritariamente de ámbitos urbanos. Nas xeracións de maior idade sobre todo aínda o uso tanto do retrete como do lavabo, e moito máis da ducha e da bañeira, resulta algo excepcional. Os costumes hixiénicos aínda permanecen moi próximos ao que eran noutro tempo. E dese xeito, aínda que os casos en que o cuarto de baño ten sido totalmente aceptado como unha parte esencial máis dentro da casa, os rituais hixiénicos propiamente urbanos aínda non están moi estendidos.

En definitiva, o cuarto de baño foise abrindo paso no ámbito doméstico da casa rural dende a súa introducción hai xa uns trinta ou trinta e cinco anos, dunha forma variable segundo os casos. A incorporación da auga corrente foi naquel momento un impulso esencial.

Os primeiros cuartos de baño han de buscar un espazo nun tipo de vivenda onde tradicionalmente non existían. Por iso, aínda que nalgúns casos habílitase un lugar interior na casa, noutros moitos fanse "arrimos" á construción principal para dar cabida a unha nova estancia antes inexistente, pero en todo caso progresivamente o cuarto de baño irase incorporando ao interior da propia vivenda por razóns evidentes de comodidade, a un ritmo máis ou menos lento segundo as posibilidades de reforma.

Xunta á proliferación destes lugares de aseo, vaise producindo unha progresiva modernización mediante a introduc-



Dous tipos de depósito que permiten que a auga, a través dunha bomba eléctrica, chegue con forza ás billas.

Por iso se sitúan nos puntos máis altos da vivenda.



Pozo de auga co que contan hoxe moitas casas. É o medio do que dispoñen para ter auga corrente. Moitas casas contan ademais cun sistema de traída.



Lavabo antigo dunha casa con certas posibilidades económicas no seu momento.

Na súa parte superior colocábase o augamanil para asearse. Polas condicións en que se conservaba, perdeu xa o espello e os colgadoiros laterais para as toallas.



Na visión oblicua desta casa pódese ver perfectamente como sobre a placa dun "arrimo" no piso superior o cuarto de baño sobresae da estrutura prismática central da casas. Este novo espazo busca o seu sitio na vivenda.

ción de novos materiais de alicatado do chan e das paredes do cuarto de baño. Mobles e elementos auxiliares son o último elo nese ámbito.

Moito mais importante é nesta evolución o aumento do número de cuartos de baño en moitas das casas, que nalgúns casos aparecen en cada un dos pisos da vivenda, incluso repartidos un ao interior e o outro ao exterior. É evidente, pois, que a transformación ten chamado en xeral no ámbito rural, fundamentalmente entre as novas xeracións.



Pese a todo, aínda lembro eu mesma como sendo pequena empregabamos pola noite os ouriñais para non ter que saír ao único aseo exterior que tiñamos na casa, cun wáter e un lavabo, co chan e as paredes sen azulexar, nun arrimo da casa feito en bloques, cuberto con uralita pechado cunha porta de madeira. Aínda me lembro, tamén, de cando miña nai me bañaba nunha tina con auga que fervía en potas, porque non tiñamos calentador. Pero non só eu, que daquela era unha nena duns cinco anos (hai só algo máis de quince), senón que tamén os adultos da casa empregaban o mesmo sistema, e

Cuarto de baño moderno nunha casa rural. A pesar de que se trata dun cuarto exterior complementario (posto que existe outro baño dentro da vivenda), o azulexado das paredes e chan tense convertido nun capítulo importante dentro deste tipo de construcións, pode que por razóns estéticas máis que hixiénicas.

os máis vellos, con menos posibilidades de se meteren na tina, limitábanse a lavarse, como eles din, "por parroquias". E non é que na miña casa fomos bechos raros, senón que como nós a maior parte dos veciños non dispoñían de ducha ou bañeira.

6. A CASA VISTA DENDE O EXTERIOR

6.1 O aspecto pétreo como criterio definidor da casa rural tradicional

A pesar de que a casa é concibida fundamentalmente como un espazo funcional, o aspecto externo da vivenda é moi importante no ámbito rural. A aparencia da casa, institución esencial dentro da sociedade campesiña galega, é de gran relevancia para a propia consideración social das súas xentes. A casa é coma o espello das persoas que viven nela.

O aspecto máis común e que chega en moitos casos ata a actualidade, é o das súas fachadas pétreas. As casas con certa antigüidade, mais aló duns cincuenta anos, eran construídas co material propio da zona na que se localizaban, por simples razóns de dispoñibilidade e facilidade de acceso ao elemento básico, a pedra, para a construción. Dese xeito, na rexión occidental galega, onde se localiza a comarca, o substrato rochoso predominante varía entre dous tipos de materiais: por unha parte, o rochedo que forma a maior parte do solo da comarca é de tipo metamórfico. A lousa é, por iso, o elemento que caracteriza grande parte da estrutura das casas do lugar; por outra parte, as zonas máis concretas onde as rochas plutónicas son abundantes, mostran unha tendencia significativa ao emprego do granito na construción das vivendas, sen dúbida moito mellor considerado polos veciños en canto á súa calidade e beleza.

En calquera caso, os muros da casa erguíanse sobre a base de profundas cimentacións, con "cachotería" de pedra asentada en terra. A estrutura coroábase con lousas, sobre todo cara á montaña, ou cun tellado de "tellas do país" (tamén coñecida como tella plana), moito máis común na zona da mariña, suxeito en calquera caso por un entramado de vigas de madeira. Cara ao exterior destaca sobre todo a aparencia de masividade do muro, tanto polo seu grosor como pola escaseza e o pequeno tamaño dos seus vans. Ao interior, isto último reflíctese a miúdo en estancias escuras e mal iluminadas.

Esa aparencia externa tense proxectado na actualidade como algo típico da sociedade desa época. E é por iso que hoxe, dende unha perspectiva moderna que mira con saudade ao histórico, aos tempos pasados, ponse tanto énfase na recuperación das fachadas pétreas das vivendas rurais, como aquilo que se considera "tradicional". Porén, esas visións son nalgúns casos estereotipadas. Ao respecto disto hai que facer algunha apreciación.

Evidentemente as casas de pedra eran moi comúns no rural galego. Non obstante, a valoración que delas se facía no seu momento era totalmente diferente da actual. Para os campesiños da segunda metade do século XX, e esencialmente nas últimas décadas, cubrir a pedra dos muros



Xa nos anos 60 moitas casas se tiñan incorporado á tendencia de cubrir os muros con cemento. Esta é un exemplo diso.

con novos materiais como o cemento, que se empezan a impor nas construcións recentes, era unha forma máis de demostrar o progreso da casa. Todas as casas que tiñan posibilidades revocaban (xeralmente só salpicaban con cemento, sen chegar a cubrir o muro totalmente) os muros pétreos da vivenda para daren unha aparencia máis evolucionada. Manter á vista as antigas paredes de lousa (moito menos no caso do granito) era un sinal de pobreza. Así o expresaba un dos meus informantes:

"Algún día tapaban as pedras dunha casa co cemento, porque era de pedra, había que tapala. E depois mais tarde houbo que picar o cemento e deixar a pedra ao aire. Eso eran modas. Si era de ladrillo xa tiñan que recebala, pero se era de pedra tamén. E o que a podía pintar pintábaa de blanco".

O comentario mostra a tendencia a seguir na evolución do exterior da vivenda, da pedra vista á cubrición de cemento, e novamente a pedra ao aire. E aínda que esta persoa refírese a isto como modas pasaxeiras, evidentemente non sen razón, detrás de todas estas tendencias hai sempre un significado máis fondo, un intento de conferir á casa unha aparencia determinada de acordo cos valores do contexto social de cada momento.

Ó contrario que daquela, dende a perspectiva actual valórase positivamente ese tipo de fachadas de pedra vista: unha mostra clara son as casas de turismo rural, que xeralmente téñense como representacións case idílicas dunha época pasada e dunha forma de vivir tradicional. En xeral, ese tipo de casas "rehabilitadas" ou "restauradas" son moi apreciadas dende a óptica urbana, que leva a moitos a adquirir ese tipo de vivendas recuperadas para usos de "fin de semana".

Esta diferente interpretación dun mesmo elemento dános unha mostra exemplar da necesidade de relativizar as categorías de interpretación das culturas, intentando captar os significados das pautas de comportamento cultural dende o interior do propio contexto no que se inscriben, tentando non incorrer nunha valoración sesgada derivada do punto de vista propio do investigador.

En calquera caso, o contraste de interpretacións queda posto de manifesto co dito. O que aquí interesa sobre todo é esa consideración negativa da pedra, elemento tradicional na construción da vivenda, ante a aparición de materiais recentes nas novas construcións do momento, a partir da segunda metade do século, que comezan a considerarse como signo de modernidade e emblema da adaptación aos novos tempos.

Esta tendencia, predominante en xeral na mariña, novamente e con toda probabilidade por influxo dos criterios urbanos, vaise reducindo co internamento na montaña, ata chegar ás rexións máis altas, onde a casa de pedra á vista é o tipo predominante. Así, na parroquia de Xestoso, por exemplo, negan toda connotación ao muro pétreo, posto que aquí, do mesmo xeito que acontecía nos casos antes comentados, a tónica xeral consiste precisamente en manter ese aspecto pétreo.

A dualidade de plantexamentos non é expresiva de dous puntos de vista opostos, senón reflexo final de toda unha serie de transicións que se producen ao longo da xeografía por determinadas circunstancias, que xeran formas de organizar a realidade tamén distintas.



Modelo de casa da mariña modificada na segunda metade do século XX, cos seus muros salpicados con cemento que cubre as súas fachadas pétreas.



Casa de principios de século nunha zona intermedia entre mariña e montaña caracterizada pola presenza abundosa de pedra de gran. Nestes casos os muros acostuman quedar descubertos pola propia beleza do material fronte á lousa.



Casa de pedra á vista nun lugar do concello de Monfero.



Casa de pedra restaurada en Monfero. Mostra á fronte un balcón cuberto propio das construcións de áreas interiores xeralmente montañosas. Esa solaina, que recibe o seu nome por orientarse cara ao sol, é moito máis frecuente nas parroquias altas.

6.2 A casa e os seus engadidos funcionais

En canto ao aspecto externo da casa, ten moito que ver tamén o conxunto de dependencias anexas que forman parte dela. A diversidade é nese sentido posible, sempre tendo presentes elementos esenciais. Ademais do forno, do que xa temos falado, o hórreo foi durante todo o século unha dependencia fundamental para almacenar o cereal. Na actualidade, aínda que perviven moitas destas construcións, a maioría delas desempeñan funcións secundarias e van caendo paulatinamente en desuso, ante a ausencia de cultivos de cereais.



Casa recentemente rehabilitada para turismo rural. Torres (Vilarmaior). O granito á vista dálle o seu aspecto característico.



Casa de pedra abandonada en Xestoso. Aínda se aprecia a estrutura que sostíña a solaina, hoxe desaparecida.



Casa habitada en Xestoso. Aínda que nela aparece xa algún elemento novidoso, na súa aparencia destaca fundamentalmente o aspecto pétreo, así como o seu tamaño, habitualmente superior ao das casas da mariña.



Casa en proceso de rehabilitación en Xestoso, con vistas a ser empregada como aloxamento rural. A recuperación da pedra nesta rexión é máis doada que na mariña, dado que o aspecto do muro soe conservarse intacto ata a actualidade.

Outra dependencia moi común son as "palleiras" ou os "albós", xeralmente estruturas con uso múltiple, que serven na actualidade tamén para o almacenamento de obxectos diversos. Fronte ás antigas construcións de pedra na actualidade á aparición de naves, moitas veces de grande tamaño, construídas en bloques de formigón, pola rapidez e o escaso custe co que este material permite suplir as necesidades de espazo.

O mesmo acontece, deste xeito, coa corte, unha vez que é levada fóra da casa. Almacéns de bloque forman as novas cortes secas, co cambio nas condicións do gando que iso supón. É unha transformación que vai ligada a un marco máis xeral dentro do proceso de evolución da casa.

Outras son os posibles anexos que rodeaban a casa tradicional, da mesma forma que na actualidade son diversas tamén as posibilidades. En torno a moitas casas álzase así garaxes, que proliferan coa extensión do número de automóviles, cuartos diversos que serven como almacén, etc.


Esta complexa estrutura de engadidos, que se van incorporando pouco a pouco á casa, a diferentes ritmos segundo as necesidades, é característica da casa rural. O seu aspecto externo móstrase, desta maneira, como un todo desordenado froito, en definitiva, da evolución da casa e do paso do tempo.

Forno dunha casa abandonada hai xa tempo. Dende o interior obsérvase aínda a súa estrutura.



Cabazo en Torres (Vilarmaior).

Hórreo na mariña. A súa construción data da segunda metade do século XX, e está realizada en materiais de carácter industrial. Sen embargo, a forma e a función continúan a ser as mesmas.



Hórreo en Xestoso. Aínda que a estrutura é semellante á anterior, pero coa base cerrada, o seu tamaño máis grande caracteriza os hórreos destas zonas máis altas do interior.

Palleira nunha zona intermedia entre mariña e montaña





As cortes secas destacan na paisaxe rural, tanto polo seu gran tamaño como polos materiais disonantes respecto ó resto das construcións.



As novas tendencias cara á modernización, e a introducción crecente do número de vehículos demandan a creación de garaxes, xeralmente construídos en bloques de cemento económicos e doados de colocar.

7. CONCLUSIÓN

A pregunta clave que dirixiu a orientación deste traballo podemos atopala no preámbulo da obra de M. Douglas e B. Isherwood, *The world of goods. Towards an anthropology of consumption*. Nela, estes autores pregúntanse por que as persoas elixen unhas cousas ou outras, por que adquiren determinados obxectos e rexeitan outros, en definitiva, e expresado nos seus propios termos, "why people want things" (p. i). A resposta é sinxela e podémola atopar tamén no escrito destes autores: "it is part of a way of life" (Íbid.).

Esa foi a interpretación fundamental que se pretendeu desenvolver neste traballo, polo que se refire especificamente ao consumo rural e ás súas transformacións no último século, e particularmente nas décadas máis recentes. Neste sentido, temos podido comprobar, ao longo deste proxecto, como os habitantes do campo vanse adaptando a novas formas de vida que levan implícito un proceso de transformación máis fondo, unha modificación de valores e significados que subxacen ao cambio material na cultura.

A idea esencial que desexo deixar clara é, volvendo novamente á obra de Douglas e Isherwood, que "goods are neutral, their uses are social" (p. xv), é dicir, as cousas non son en certo sentido máis que obxectos materiais específicos. Porén, cada un deses obxectos, ao se envolver no entramado da cultura, dótanse de contido e adquiren os valores intersubxectivos que lles outorgan as persoas a través das súas eleccións e discriminacións, e en definitiva, das súas decisións.

Entender unha cultura é chegar a captar eses procesos internos de atribución colectiva de significados e valores. Ata aquí, pois, temos realizado un primeiro intento nesa dirección, pretendendo sentar as bases que poidan ser útiles, no sucesivo, para realizar novas aproximacións sobre estes e outros aspectos simbólicos da cultura material.

8. BIBLIOGRAFÍA

- APPADURAI, A. (ed.) (1986): *The social life of things: commodities in cultural perspective*. Cambridge: Cambridge University Press.
- DOUGLAS, M. y ISHERWOOD, B. (1996): *The world of goods: Towards an anthropology of consumption*. Londres: Routledge.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. (1984): *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. e IRIMIA FERNÁNDEZ, M.P (1998): *Los protagonistas de la economía básica: La vanguardia ganadera y la casa en el este de la provincia de La Coruña*, Diputación de A Coruña.
- LISÓN TOLOSANA, C. (1990): *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal.

CÁTEDRA

Escolma da Nosa Historia

UN LUSTRO COA PUBLICACIÓN DE "ALFOZ" SUMA E SIGUE PARA A HISTORIA DA PRENSA LOCAL

Nesta sección da Escolma da Nosa Historia queremos deixar constancia da publicación da revista ALFOZ, que con carácter mensual unhas veces e bimensual as máis, foi editada pola Asociación Empresarial Eumesa.

O primeiro número saiu en xaneiro do 1990 e o derradeiro en febreiro de 1995.

O director da publicación e verdadeiro dinamizador e entusiasta da mesma, foi José Luis Cortizas Freijomil, Presidente neses anos da Asociación Empresarial Eumesa, e director-xerente da empresa Talleres Bremao S.L., adicada dende os anos cincuenta do século pasado, á fabricación, reparación e montaxe de maquinaria agrícola, con domicilio social en Campolongo (Pontedeume), e que se pechará uns anos despois da desaparición desta publicación.

O deseño da revista correrá a cargo do deseñador gráfico eumés, instalado na Coruña, Pepe Barro, e a impresión da mesma faráse na Imprenta López Torre da nosa vila.

Estas páxinas que reproducimos foron redactadas pouco tempo antes do seu pasamento, polo citado director da mesma, e nelas recóllese o Editorial que tiña preparado para o que pensaba ía ser o número do adeus e despedida da revista, e ademais unha pequena historia na que da conta de xeito descriptivo do nacemento, dos cinco anos de vida e dos avatares desta publicación que, cunha tirada de 3.000 exemplares, foi durante ese tempo un voceiro singular de Pontedeume e do seu alfoz.

Consello de Redacción.

EDITORIAL

(No pudo escribirse para su publicación en "ALFOZ" no. 33)

Siempre resulta enormemente emotiva una despedida. Los sentimientos se cruzan en el camino con lo indefinible: dolor, rabia, impotencia ... e, incluso, satisfacción por haber cumplido un lustro con la publicación de "ALFOZ". Toda obra que se inicia tiene un horizonte, más o menos lejano, esperando su conclusión. Pero, en este caso, se trata de un concepto material que podría tener continuidad (?); si lo hubiésemos planteado como una tradición que nos obligase a entregar el "testigo" generacional.

